



Informe Xeral de Actividades

Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

Edición 2024



XUNTA
DE GALICIA



Os textos desta obra distribúense baixo unha licenza Creative Commons Recoñecemento - Compartir Igual, CC-by-sa 4.0

Vostede pode ler a licenza completa en

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

As imaxes e ilustracións incluídas nesta obra son propiedade dos seus respectivos autores e inclúense só a título ilustrativo.

As marcas, logotipos e signos distintivos de calquera clase, relacionados coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia que figuran na obra, son propiedade da Xunta de Galicia e distribúense de forma particular segundo as especificacións propias establecidas pola normativa existente ao efecto:

<http://www.xunta.es/identidade-corporativa/introduccion>

Autor:

Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)

Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia

Monte Gaiás s/n

15781 Santiago de Compostela

Edita: Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)

Data: 2024

Deseño e maquetación: NTT DATA



PALABRAS DO DIRECTOR

5

01. SOMOS AMTEGA

6

1.1. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.....	7
1.2. Misión, visión e obxectivos.....	8

1.3. Esquema de Goberno.....	9
1.3. Estrutura funcional.....	10

02. PLAN DE ACCIÓN 2024

11

2.1. Obxectivos estratéxicos.....	13
-----------------------------------	----

2.2. Galicia Dixital - Avances.....	14
-------------------------------------	----

03. PRINCIPAIS LOGROS

16

OBXECTIVO 1. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE.....	17
OBXECTIVO 2. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS.....	21
OBXECTIVO 3. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS.....	26

OBXECTIVO 4. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS.....	29
OBXECTIVO 5. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE.....	31
OBXECTIVO 6. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL.....	33
CANLES DIXITAIS.....	36

04. ACTUACIÓNS 2024

44

OBXECTIVO I. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE.....	45
--	----

4.1.1. Plan de administración e goberno dixitais.....	45
4.1.2. Plan de administración e Goberno Dixitais. Sistemas para o emprego público.....	56
4.1.3. Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia.....	59
4.1.4. Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable.....	60
4.1.5. Plan Senda 2025: Xustiza Dixital.....	61

GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DIXITAL EN CIFRAS.....	68
4.1.6. Programa de Robotización e Automatización.....	72
4.1.7. Xestión intelixente do dato.....	74
4.1.8. Plan de Posto Dixital Avanzado do persoal empregado público.....	77
4.1.9. Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias.....	79

OBXECTIVO II. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS.....	84
---	----

4.2.1. Programa Dixital da Política Social.....	84
4.2.2. Plan para a xestión dixital das políticas de emprego.....	93

4.2.3. Medidas para a xestión dixital da vivenda.....	94
4.2.4. Medidas para a xestión dixital da educación.....	95



SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS.....	100	4.2.6. Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente e do Territorio.....	109
4.2.5. Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias.....	108	4.2.7. Medidas para a xestión dixital do sector primario.....	112
OBXECTIVO III. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS.....		133	
4.3.1. Medidas de continuidade de servizo de infraestruturas de sistemas.....	133	4.3.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia.....	143
4.3.2. Medidas de calidade e Arquitecturas de aplicacións.....	135	4.3.4. Medidas de soporte e evolución das redes corporativas.....	144
A SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS.....	138	4.3.5. Plan Director de Ciberseguridade.....	145
OBXECTIVO IV. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS.....		157	
4.4.1. Plan de impulso á educación dixital.....	157	O FOMENTO DAS COMPETENCIAS DIXITAIS EN CIFRAS.....	165
4.4.2. Plan Galego de Competencias Dixitais.....	160	4.4.4. Plan para o impulso da inclusión, capacitación e talento dixital.....	168
4.4.3. Bibliotecas en rede de Galicia.....	163	OBXECTIVO V. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE.....	
172		172	
4.5.1. Programa Galicia Territorio Intelixente.....	172	TERRITORIO INTELIXENTE: A ECONOMÍA DIXITAL EN CIFRAS.....	177
4.5.2. Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility.....	173	4.5.4. Plan para a transformación dixital do sector primario.....	179
4.5.3. Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio.....	176	4.5.5. Bibliotecas en rede de Galicia.....	179
OBXECTIVO VI. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL.....		4.5.6. Turismo intelixente.....	182
185		4.5.7. Impulso á empresa dixital.....	184
4.6.1. Estratexia Galicia Dixital 2030.....	185	O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL EN CIFRAS.....	
4.6.2. Estratexia galega de intelixencia artificial.....	186	189	
4.6.3. Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos.....	187	4.6.5. Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica.....	194
4.6.4. Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas.....	188	4.6.6. Plan de Conectividade e cohesión dixital.....	195
		4.6.7. Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia.....	198



Palabras do Director



Julián Cerviño Iglesia
**Director da Axencia
para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia**

A dixitalización continúa a consolidarse como un factor clave para a transformación social, económica e institucional. Nun mundo cada vez máis dixital, hiperconectado e marcado polo avance constante de tecnoloxías como a intelixencia artificial, a ciberseguridade ou a computación en nube, a modernización tecnolóxica das administracións públicas supón unha oportunidade estratéxica para mellorar a calidade de vida da cidadanía e a competitividade do territorio. A Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), leva máis dunha década impulsando esta transformación cara a unha Administración dixital, próxima, eficiente e inclusiva, que permita unha participación cidadá máis activa e unha toma de decisións máis informada, áxil e eficaz.

Durante o ano 2024, a Axencia consolidou os avances acadados nos últimos anos e afrontou novos retos, ampliando as liñas de traballo que permiten dotar Galicia dunha infraestrutura tecnolóxica moderna, garantir a seguridade dixital e promover o uso responsable e ético das novas tecnoloxías. Neste Informe Xeral de Actividades recóllense as actuacións, programas e proxectos que, desde a Axencia, se puxeron en marcha para continuar modernizando a Administración galega e impulsar a transformación dixital da nosa sociedade.


Así, traballouse na consolidación dunha Administración dixital plenamente accesible e conectada, no reforzo das competencias dixitais da cidadanía, no impulso da innovación tecnolóxica no tecido produtivo galego e

na implantación de infraestruturas que garantan unha conectividade dixital efectiva en todo o territorio, reducindo a fenda dixital e favorecendo unha Galicia máis cohesionada e inclusiva. O ano 2024 tamén estivo marcado polo impulso de novas iniciativas no ámbito da intelixencia artificial, o aproveitamento de datos e a promoción da sustentabilidade tecnolóxica, promovendo un modelo de desenvolvemento dixital responsable e centrado nas persoas.

Todo isto non sería posible sen o compromiso e a colaboración activa do conxunto das consellerías da Xunta de Galicia, do sector privado, das entidades locais e da sociedade civil, cos que continuamos traballando para que a transformación dixital se realice de forma inclusiva, sostible e ao servizo de toda a cidadanía galega.

Neste Informe Xeral de Actividades móstranse os avances e logros acadados a través de cada un dos proxectos e iniciativas que se impulsaron neste ano dende a Axencia, sempre enfocados na dixitalización de servizos públicos e da administración; na dotación de competencias dixitais para toda a poboación; no fomento da nosa cultura e turismo rexional a través da tecnoloxía; no impulso da nosa economía e sector TIC; e na implantación dunha conectividade real e dun desenvolvemento intelixente e resiliente do noso territorio.

Anímovos a descubrir neste documento os principais fitos e logros acadados pola Axencia ao longo de 2024, así como os proxectos estratéxicos que continuarán marcando o noso futuro dixital nos vindeiros anos.



01

SOMOS
AMTEGA



01. SOMOS AMTEGA

1.1. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia



Axencia pública autonómica de xestión das TIC e o desenvolvemento tecnolóxico.

Ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos e actuacións da política da Xunta de Galicia en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.



Definición dunha estratexia dixital única para Galicia.

Encárgase do desenvolvemento e execución da Estratexia Galicia Dixital 2030, prestando os servizos da súa competencia coa maior eficacia, transparencia e calidade.



Rol estratéxico.

A creación da Axencia permitiu afondar nunha maior eficiencia e redución do gasto público, ao mesmo tempo que impulsa a modernización da Administración e o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.



Modelo de xestión equilibrado.

A Amtega segue un modelo de xestión que equilibra os principios de autonomía e control, á vez que responde ao principio de responsabilidade, apoiándose no cumprimento de obxectivos claros, medíbles e orientados cara á mellora dos servizos para as persoas usuarias e a sociedade.



1.2. Misión, visión e obxectivos


MISIÓN

Impulsar a política tecnolóxica da Xunta como resposta aos retos económicos, sociais e ambientais de Galicia mediante o desenvolvemento e execución de instrumentos nas áreas de tecnoloxías da información e comunicación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

VISIÓN

Ser un instrumento esencial para avanzar na transformación dixital, priorizando o desenvolvemento dunha sociedade máis dixital, ecolóxica e inclusiva, co obxectivo de revitalizar a economía e asegurar un crecemento sostible en Galicia.

OBXECTIVOS





1.3. Esquema de Goberno

A estrutura funcional da Amtega componse dunha xerencia e seis áreas encargadas da planificación, dirección e execución das competencias tecnolóxicas na Xunta de Galicia baixo un esquema de goberno composto pola Presidencia, o Consello Reitor e a Dirección da Axencia (órgano de goberno e executivo). Estes órganos están compostos polas seguintes personalidades:





1.4. Estrutura funcional



En 2024, contamos cun persoal formado por:
350 traballadores/as



02

PLAN DE ACCIÓN 2024



02. PLAN DE ACCIÓN 2024

Cada ano, a Amtega elabora e aproba o seu Plan de Acción, que establece a actividade da Axencia durante cada exercicio. Deste xeito, o Plan de Acción presenta as actividades a desenvolver, os fitos a acadar e os responsables da súa execución baixo a vixencia e no marco dos obxectivos estratéxicos definidos no Contrato Plurianual de Xestión.

Así, **o 30 de xuño de 2024 o Consello Reitor aprobou o Plan de Acción correspondente á anualidade 2024 a proposta da Dirección da Axencia**, centrando os seus esforzos na consecución de 7 obxectivos estratéxicos que perseguen modernizar a administración, a prestación de servizos públicos e o modelo de interacción coa cidadanía. Ademais, enfócase na promoción e a capacitación no uso de novas tecnoloxías tanto para a sociedade como para o tecido produtivo, no impulso da dixitalización da economía para acadar un territorio máis intelixente e no fortalecemento do ecosistema TIC de Galicia.

Para lograr estes avances, a Amtega comprometeuse un ano máis a reforzar infraestruturas tecnolóxicas e a impulsar a adopción de capacidades dixitais avanzadas baixo un modelo de cooperación entre axentes públicos e privados como apoio fundamental para alcanzar os devanditos obxectivos.

Nesta liña, o **Plan de Acción 2024** parte dos aspectos máis estratéxicos cara aos máis operativos e particulares. Baixo os piares que representan ditos obxectivos estratéxicos polos que se rexe a Axencia, desenvólvense e concrétanse os Plans e Programas operativos a levar a cabo durante o pasado ano, desagregados nun último nivel en cada unha das actividades que os integran.

Seguindo esa mesma estrutura, a presente memoria ven dar conta da posta en marcha de cada unha das iniciativas e actuacións planificadas para este 2024.

Baseándose nas competencias e funcións da Axencia, en liña co establecido no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e na **Estratexia Galicia Dixital 2030**; así como conforme ao disposto no **Contrato Plurianual de Xestión 2022-2025** da Amtega, o Plan de Acción estrutúrase en torno aos 7 obxectivos estratéxicos detallados na seguinte páxina.



2.1. Obxectivos estratéxicos





2.2. Galicia Dixital - Avances

A continuación, preséntanse os principais avances e fitos relevantes nos que a Axencia traballou durante este ano no marco dos tres piares clave para o desenvolvemento dunha Galicia dixital.

2.2.1. Conectividade e cohesión dixital de Galicia

Este pilar enfócase en fomentar e apoiar ás iniciativas do Goberno de España, organismo competente en

materia de telecomunicacións, para dotar de acceso a infraestruturas dixitais de calidade e a unha conexión a internet rápida e fiable. Isto implica apoiar no despregue de redes de banda ancha e na mellora de cobertura para reducir a fenda dixital, sobre todo entre zonas urbanas e rurais.

ACCESO A INTERNET NOS FOGARES

Indicador	2009	2024
% de fogares galegos ten contratada conexión a internet	41,8%	95,1%
% de fogares dos núcleos de 50.000 a 100.000 que teñen contratado internet	57,4%	98,8%
% fogares dos núcleos de menos de 10.000 habitantes que teñen contratado internet	28,1%	93,3%

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2024



O **95,1%** dos fogares galegos contan con **conexión de banda larga**.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2024

ACCESO A INTERNET NAS EMPRESAS

Indicador	2009	2024
% de empresas galegas de 10 e máis empregados que dispoñen de conexión a Internet/teñen internet contratado	92,9%	98%
% de microempresas que dispoñen de conexión a Internet/teñen internet contratado	46,7%	80,9%

Fonte: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)



22 novas torres construídas de soporte para a cobertura móbil no rural, que sumadas ás xa executadas acadan un **total de 59**, e que permitirán dar cobertura a máis de 4.000 habitantes de 166 poboacións rurais carentes de servizo.

- **29 novos núcleos rurais dotados de cobertura móbil** dos 59 emprazamentos executados en total.
- **1.514 bonos dixitais para a conectividade concedidos** a colectivos vulnerables, fronte aos 296 concedidos no 2023.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de execución da Amtega.



2.2.2. Universalización dos servizos públicos dixitais

A Amtega traballa na dixitalización dos servizos públicos para facelos máis accesibles e eficientes para os cidadáns e as empresas. Isto inclúe dende o desenvolvemento de plataformas en liña para realizar trámites administrativos e ata o impulso de servizos intelixentes máis proactivos e personalizados.



O **82,2%** das persoas empregan páxinas web ou apps da Administración Pública para consultar ou informarse en Galicia.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2024

XUSTIZA

- ♦ **100%** dos órganos xudiciais contan coa conformación de expedientes xudiciais electrónicos (EXE) activados. No 2024 a totalidade de procedementos xudiciais teñen xerado o índice electrónico. Ao fin de 2024, **108.009** expedientes teñen o índice electrónico consolidado, fronte aos **13.166** ao fin de 2023.
- ♦ Mais de **100.600** gravacións de actos procesuais textualizados mediante tecnoloxías de tratamento da linguaxe natural, quedando tanto o vídeo como a súa textualización dispoñibles no visorEXE; fronte ás **28.010** textualizacións de gravación de vistas acadadas ao fin de 2022.
- ♦ En 2024, **209** salas de vistas dispoñen de equipamento dixital, e 20 salas de declaracións e **1** sala Amable están adecuadas aos novos estándares. Isto supón que na actualidade, o **100%** das salas están dixitalizadas, fronte ao 8% das salas de vistas que contaban có sistema de gravación eFidelius en 2013.
- ♦ **23.582** documentos asinados electronicamente cada día, un 14% mais respecto aos valores acadados no 2023; e que supoñen un importante aumento fronte aos **27.366** documentos asinados durante todo o 2016, só un ano despois da implantación da sinatura electrónica no eido xudicial.

EDUCACIÓN

- ♦ No ano 2024 dotouse aos centros educativos de **4.600** novos paneis dixitais interactivos de 86 polgadas, que complementan ás **5.450** unidades de 75 polgadas con ordenador integrado dotados no ano 2023, no que se iniciou e completou a dixitalización de preto do **100%** das aulas de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato en Galicia.
- ♦ **490.000** usuarios activos en AbalarMóbil no 2024, cun incremento do **250%** dende 2018.

BENESTAR

- ♦ **25.160** informes sociais de dependencia xestionados dixitalmente desde o Sistema da Historia Social Única Electrónica (HSUE), fronte aos 6.275 no 2020.

EMPREGO

- ♦ **84,27%** das renovacións de demanda de emprego realizadas telematicamente respecto ó total de accións, fronte ó 35,4% no 2019.

MOBILIDADE

- ♦ **479.000** usuarios no Portal de transporte público BUS.GAL fronte aos 280.626 no 2022, cun incremento do **20%** no último ano.

SECTOR PRIMARIO

- ♦ No eido da xestión dixital da gandaría, máis de **213.000** actuacións e **2,7** millóns de mostras xestionadas no último ano no Sistema de Xestión das actuacións en campo das campañas de saneamento gandeiro (FICADI), fronte as **157.300** actuacións e **1,3** millóns de mostras recollidas e xestionadas durante o 2020.
- ♦ No eido da xestión dixital do mar, máis de **8.000** usuarios rexistrados na Plataforma Tecnolóxica da Pesca (PTP) que xestiona anualmente preto de **4** millóns de notas de primeira venda de produtos do mar, fronte aos **5.000** usuarios en 2019, experimentando un incremento do **62,5%** nos últimos 5 anos.



USO DE INTERNET POLA CIDADANÍA

Indicador	2009	2024
% Poboación galega que emprega Internet	49,3%	92,5%
% Poboación galega que mercou por internet nos últimos 3 meses	13,7%	53,6%

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2023

2.2.3. Capacitación dixital da cidadanía e os profesionais

Este pilar enfócase en promover a formación dixital entre a poboación e en capacitar aos profesionais para que podan aproveitar ao máximo as ferramentas e tecnoloxías dixitais nos seus ámbitos de traballo. Isto inclúe dende programas de capacitación para a adquisición de competencias dixitais básicas ata cursos especializados en áreas como a ciberseguridade, a intelixencia artificial ou o desenvolvemento de software.



O **40,4%** das persoas maiores de 75 anos empregaron Internet nos últimos 3 meses en Galicia.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2024


Fomento da Inclusión, capacitación e talento dixital da cidadanía

- ♦ **48.733 horas de formación** dixital gratuíta e uso de equipamento tecnolóxico ofrecidos á cidadanía a través da Rede de Aulas CeMIT. As **horas planificadas de formación acumuladas** na Rede crecen un **8%** e acadan as **593.949 horas**, fronte ás 40.158 horas de formación en 2012.
- ♦ Máis de **119.869 usuarios rexistrados** nas aulas CeMIT fronte aos 20.948 rexistrados en 2012. O incremento de usuarios é do **5,4%** respecto ao 2023.

Capacitación dixital dos profesionais galegos

- ♦ Máis de **40 cursos de software libre** no CNTG, que supuxeron máis de **2.700 horas** de formación para case **1.000 persoas**.





03

PRINCIPAIS LOGROS



03. PRINCIPAIS LOGROS

OBXECTIVO 1. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

Administración e goberno dixital



- Inicio do proceso de deseño e construción dunha nova sede electrónica cara a simplificación e mellora de usabilidade. En 2024, recolléronse **1.495.954 presentacións na sede electrónica**.
- **Novas funcionalidades na app XuntaEu**, entre outros a ampliación das modalidades de identificación; acceso a documentación presentada no rexistro ou incorporación dos avisos do sistema de citacións electrónicas. Acadáronse máis de 55.000 descargas.
- **Implantouse o Escritorio360°**, unha interface de acceso unificada para o persoal das oficinas de atención a cidadanía e de rexistro. Dixitalizáronse máis de 951.000 documentos nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
- A posta en marcha dos sistemas de información para a **Autoridade Galega de Protección ás Persoas Informantes**.
- Inicio do proceso de deseño e construción de un **novo sistema para a elaboración e publicación do Diario Oficial de Galicia**.
- Extensión do uso dos sistemas transversais de administración electrónica avanzando na dixitalización integral dos procedementos administrativos. Neste sentido, en 2024 emitíronse **537 informes tecnolóxico-funcionais** de habilitación de procedementos administrativos.
- Continuouse coa implantación da sinatura electrónica desde dispositivos móbiles ofrecendo esta posibilidade a todo o persoal empregado público. Realizáronse máis de **390.307 sinaturas no sistema utilizando certificados electrónicos "na nube"**.
- Desenvolveuse a interconexión do **sistema transversal TRAMIT@** con outros sistemas de información para intercambiar datos e documentos cunhas regras predefinidas e sen necesidade de intervención e presenza humana. Mellorouse a autonomía dos propios usuarios (cambios nas plantillas dos documentos a xerar, importación masiva de datos...) sen ter que pedir axuda informática.

Sistemas para o emprego público

- No 2024 a evolución da canle dixital do emprego público, FIDES, enfocouse no acompañamento á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de persoal (DXEPAP) na execución das distintas fases dos procesos que estivo a tramitar. Así:
 - Como canle de entrada para os profesionais e aspirantes xestionou 144.999 presentacións dos distintos trámites e procesos.
 - Completouse a configuración e execución da fase de baremo de 218 procesos selectivos.
- Púxose en marcha o novo sistema de **xestión das relacións de postos de traballo**, realizando un plan de implantación que incluíu formación a todas as unidades de persoal.
- A finais de 2024, **26.670 persoas empregadas públicas contan con acreditación dixital**, e moitas delas con máis dun certificado electrónico debido as súas necesidades específicas (certificado de pseudónimo, certificado de representante, certificado en dispositivos centralizados...), así o número total de certificados xestionados é de 29.430.



Xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia



- Implantación do módulo de auditoría de accesos na **plataforma Delfos**.
- Implantación da solución de analítica avanzada na detección do fraude nun **entorno con acceso para usuarios da Atriga**.

Xestión dixital económico-financeira e contable

- Posta en produción a nova funcionalidade de **xeración automática de cadros do CIMCA**.
- Incorporación de **novos importes de ingresos á área de contabilidade**.
- Novo modelo de xestión dos **bens histórico-artísticos**.





Xustiza dixital



- **En canto a consolidación do expediente xudicial electrónico (EXE):** Extendeuse a consolidación do índice electrónico e a compartición do EXE cos profesionais a través da sede electrónica.
- Posta en marcha do envío de notificacións electrónicas a persoas físicas e xurídicas a través de **Notific@, DEHú e comparecencia en sede xudicial electrónica**.
- O **novo modelo de rexistro civil** está implantado en 31 rexistros civís cabeceira de partido xudicial e 189 oficinas colaboradoras (xulgados de paz), que inclúen aos partidos xudiciais de maior poboación en Galicia.
- Posta en marcha do sistema de información para o funcionamento das Oficinas de Atención ás Vítimas do Delito, activo nas oficinas das 7 cidades, no que se rexistraron en 2024, **1.187 expedientes**.
- En canto ao Imelga, destaca a posta en marcha do **Libro de Autopsias Dixital**.
- Dotación de **conexión WIFI** nas sedes xudiciais.
- Leváronse a cabo actuacións sobre a estrutura dos sistemas de xestión procesais, centradas na unificación dos repositorios de xestión procesal e cambio da **infraestrutura de backup**.
- No ano 2024 celebráronse **964 actividades de acompañamento ou capacitación**, que supuxeron 3.306 horas de actividades, e con 7.584 asistencia individuais.
- O CSU de Xustiza atendeu **116.741 contactos** (chamadas, correos, ...), que se converteron un total de 65.024 casos de atención.

Robotización e Automatización

- **Consolidación da plataforma de Automatización Intelixente de procesos coa incorporación de capacidades relevantes:** posta en marcha do compoñente VALIA para interactuar e revisar os datos obtidos mediante IA; cadros de mando de seguimento e valoración de resultados de automatización. Máis de 23 procesos de automatización operativos.
- **Automatización dos primeiros procesos con IDP** (Procesamento Intelixente de documentos, baseado en tecnoloxía IA), incorporando a análise de riscos e a avaliación de impacto na metodoloxía de traballo para garantir a seguridade de todos os procesos.



Xestión intelixente do dato



- **Abordáronse as licitación de dous grandes proxectos neste ámbito:** Licitación do desenvolvemento da estratexia do dato da administración pública galega. E Licitación do desenvolvemento do nodo de información cidadá.
- **Evolución da plataforma de xestión analítica corporativa** seguiu evolucionando coa renovación da infraestrutura base. Deseño da evolución da plataforma cara unha infraestrutura BigData.

Plan do posto dixital avanzado do persoal empregado público e atención ás persoas usuarias

- Ao fin de 2024 , xestionanse baixo criterios corporativos **19.032 postos de traballo e 3.117 equipos de impresión.**
- En liña coa evolución continuada de posto de traballo consolidouse a extensión da utilización de VDI (escritorios virtuais), consolidado en **máis de 2.400 persoas.**
- Iniciouse o proxecto de migración do S.O W22, de forma que a finais de 2024 un total de **4.329 postos foron xa migrados a Windows 11** (23% do parque xestionado).
- No ámbito da atención atendéronse un total de **242.593 contactos**, cun valor anual de chamadas atendidas superior ao 95%, mellorando a porcentaxe de tickets resoltos satisfactoriamente en menos de 1 hora, chegando ao 53%.
- Incorporación no ámbito de atención de posto de traballo do **Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)**, e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, nos termos acordados con cada unha das institucións.



Compoñentes transversais



- Desenvolvemento e dispoñibilidade inicial dun novo arquetipo **ARCHAM2** para ferramentas web, que mellora notablemente o actual ARCHAM1 que está sendo usado por 193 aplicacións.
- Publicación do servizo **CONFIG_WS** para a configuración centralizada das novas aplicacións que se desenvolvan co ARCHAM2.
- Cambios no sistema de colas de espera no xerador de documentos **P_INFORMES** para impedir que peticións masivas, dalgún usuario ou sistema, bloqueen ou retrasen de xeito inasumible as peticións illadas ou pequenas doutros usuarios ou sistemas.



OBXECTIVO 2. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

Política social



- Avanzouse coa execución do proxecto de modernización tecnolóxica dos Servizos Sociais recollido no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, adxudicando e executando a licitación para a **adquisición e despregamento de dispositivos de firma biométrica** e completándose o desenvolvemento do **novo sistema denominado Mapa social interactivo**.
- Iniciouse a quinta fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**.
- Púxose en marcha o novo **Título de familia numerosa**, habilitándose ademais na aplicación XuntaEU o novo carné en formato virtual.
- Púxose en marcha o novo **Registro de Familias Monoparentais**, substituíndo á aplicación obsoleta en Access previa, con ningún tipo de interoperabilidade, e graves problemas funcionais
- Rematouse a implantación nas **residencias de maiores e discapacidade** de xestión directa da Consellería de Política Social e nalgúns centros residenciais do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar **do novo sistema de comunicación paciente-enfermeira e de monitorización da actividade do residente**.
- Iniciouse a execución da licitación de **equipamento tecnolóxico** para o servizo de teleasistencia domiciliaria da Xunta de Galicia.

Xestión dixital das políticas de emprego

- **Implementáronse novas funcionalidades nas aplicacións de intermediación laboral** (desenvolvementos definidos en SISPE así como nas políticas de emprego do SPEG, enquisas de satisfacción a empresas e demandantes, procedemento sancionador, integración con EMI con retorno de datos de perfilado, uso de QR para renovar demanda).
- **Avanzouse na modernización tecnolóxica do Sistema de Intermediación das CCCAA (SICAS)**, tanto dende o punto de vista de ferramentas de base como as primeiras funcionalidades da aplicación.



Xestión dixital da vivenda



- Na **aplicación IGVMVA** o desenvolvemento do módulo de Subvención para a adquisición de vivenda en Galicia e integración cos compoñentes transversais ARPAD e Portasinaturas.
- Adaptouse o **portal de Premios de Arquitectura á convocatoria 2025** e realizouse migración tecnolóxica.
- Incorporouse no **registro de demandantes** a xestión dos sorteos de vivendas.
- Implantouse a tramitación dixital dos programas e liñas de axuda vinculados ao **Plan Estatal de Vivenda 2022-2025**.
- **Incorporouse o programa de mellora da accesibilidade para vivendas** (procedemento VI435B) na aplicación de axudas á rehabilitación REDEP.
- Púxose en marcha a tramitación dixital das liñas de axuda do IGVS.
- Migrouse a aplicación **PROFIA e IGVSAL** á plataforma corporativa AMTEGA.

Xestión dixital da educación



- Integrouse a nova normativa da **Formación Profesional nos distintos sistemas de información educativos**.
- **Implantación da LOMLOE**: implementación dos novos cálculos de medias, adaptación dos procedementos de avaliación, e creación/adaptación de documentos académicos como boletíns, actas, certificados e informes.
- Evolucionouse o **concurso de traslados** ao novo RD que regula os concursos de traslados de persoal docente e que incorpora importantes cambios no baremo, así como a incorporación de apartados totalmente novos. Incorporouse en Sede o concurso de Adultos de Primaria e Secundaria e o Concurso de Orientación.

Xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias



- Aplicación dende o 1 de xaneiro de 2024 da tarifa específica **+65** pola que as persoas maiores de 65 anos dispoñen de 60 viaxes de balde ao mes.
- **Formalización o 5 de xuño do contrato** para o desenvolvemento dun sistema integral para a dixitalización das labores de inspección en materia de transporte financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- **Subministración de 60 tabletas** destinadas á recollida de datos en campo para a realización das labores de inspección en materia de transporte financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio

- Completada a segunda fase de **renovación do portal de Meteogalicia**, cos novos proxectos de Observación e Modelos Numéricos.
- **Migración** do 20% das aplicacións de **Meteogalicia** á infraestrutura corporativa da AMTEGA.
- Posta en produción do **novo tramitador de expedientes da APLU**.
- Publicado o **novo portal web de Territorio e Urbanismo**.
- En produción un **novo sistema para a xestión integral dos cotos de pesca fluvial** en Galicia (XESCOPE).
- Funcionando o procedemento de proactividade de servizos administrativos na **renovación automática das licencias de caza e pesca** para maiores de 65 anos.



Xestión dixital do sector primario

Eido incendios:

- Posta en marcha no sistema XeoCode dun **novo mecanismo de actualización da información** (XeoCode Online) con melloras relevantes nos tempos de refresco dos datos, de especial utilidade nos centros de mando.
- **Mellora do sistema de información Quendas** para a incorporación das funcionalidades asociadas ao cálculo dos complementos nos tempos necesarios para a xestión do persoal no 2024.
- **Reforzo da capacidade do CAU de Incendios** nun 20%, acadando os 5 técnicos.
- Desenvolvemento do modelo inicial, con capacidade para a **detección dos lumes**, cun porcentaxe de **precisión de ao redor do 90%** sobre o conxunto de adestramento.



Eido agro-gandeiro:

- Posta en marcha do novo **sistema para a xestión e obtención de información do sistema de produción vexetal** (sistema PROVEX).
- Posta en marcha da nova **aplicación para o control oficial do rendemento leiteiro** (sistema CEGCOL).
- Complétase o **módulo de xestión de movementos gandeiros** (MOGAN) como elemento clave na solución global de xestión da gandería (XESGAN).
- Construción dun **sistema de xestión do Banco de Explotacións de Galicia**.
- Aliñamento das solucións de xestión de explotación (**REAGA/XEAGA**) cos interfaces e plataformas a nivel nacional (proxecto SIEX).



Eido calidade alimentaria:

- Publicación da **Plataforma** web e móbil **de información fitosanitaria do viñado** (FITOVIT).





Eido desenvolvemento rural:

- Incorporación de novos instrumentos de xestión de mobilidade de terras definidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia: **Mapa de usos agroforestais de Galicia** e concorrencia competitiva para a selección de propostas de actuación nos polígonos agroforestais de iniciativa pública.
- Desenvolvemento das **funcionalidades de xestión das axudas** correspondente á submedida 19.4.B baixo a metodoloxía LEADER.
- Mellora e **automatización** dos procesos de **concentración parcelaria** mediante a implementación de algoritmos básicos de reparcelación e con cálculo de viario.



Eido forestal:

- Incorporación no **Inventario Forestal Continuo** de funcionalidades para a mellora da precisión e eficiencia na xestión forestal e de ferramentas avanzadas, no visor SIX, de edición, automatización e análise de datos.
- Integración do **Inventario de Actividade Forestal co sistema de xestión de ordenación forestal**, a partir do rexistro de Montes, para o seguimento dos proxectos de ordenación.
- **Desenvolvemento do Rexistro de Indicadores** para a xestión e seguimento, no marco do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, dos plans estratéxicos, indicadores, obxectivos e valores.
- Desenvolvemento do novo **sistema para a Xestión Económica dos Montes** para a integración dos procesos xestionados actualmente con diferentes aplicacións e o mantemento da trazabilidade histórica.
- Desenvolvemento dun novo **asistente de tramitación de procedementos no ámbito da xestión das cortas públicas**, que guíe ao usuario no proceso de redacción e xestión de poxas públicas.
- Incorporación dun **novo visor SIX nos sistemas de Cortas** para a mellora do rexistro e validación da información de cara ao cumprimento dos requirimentos do Regulamento EUDR.
- **Trazabilidade madeireira** de novos produtos complexos como a madeira empregada no proxecto FROUMA, ¡Que faenar!, que aborda de maneira paralela arquitecturas e artificios, tradición e mediación:
<https://fortra.xunta.gal/fortra/traza/FROUMA-TAC-2024>



Eido Mar:

- Nova aplicación para a xestión da **Plataforma Tecnolóxica da Pesca** e integración con novas fontes.
- Consolidación e extensión da **plataforma integral de xestión de axudas financiadas con fondos europeos da pesca e a acuicultura** (FEMP/FEMPA) en tódolos eidos de xestión da Consellería do Mar; inclusión de novos procedementos (PE209G, PE130A, PE610A,...).
- Plataforma actualizada de **xestión de permisos de marisqueo a pe**.
- Deseño e construción dun **portal do alumno** no marco do sistema de **xestión da formación pesqueira**.
- Impulso e mellora da **aplicación móbil MOVVIC** (integración da pesada nos documentos de transporte, novos documentos).
- Arranque da creación dun **portal para o proxecto europeo SeaLab**.
- XECONF como ferramenta de apoio na **xestión das confrarías galegas**: xestión censo membros e cargos, xestión actas procesos electorais.
- Bases para a construción dun **sistema de información** para o rexistro e explotación da información recollida pola **Unidade Técnica de Pesca de Baixura** (UTPB).
- Consolidación e mellora do proxecto **Lonxas Galegas 4.0**; planificación e inicio da extensión cuantitativa e cualitativa do proxecto no 2024/25.
- **Análise de funcionalidades** para usuarios profesionais para favorecer a experiencia de compra remota (valorización produtos).



Transversais Agroforestal:

- Posta en marcha do **módulo de comunicacións** da Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia.
- Comezo dos traballos para o desenvolvemento dunha **nova plataforma para a centralización dos controis e inspeccións de campo**.
- **Desenvolvemento e dispoñibilidade do compoñente transversal EDISIX**, visor SIX que permitirá incorporar, a curto e medio prazo, melloras significativas na visualización e edición xeográfica da información.



OBXECTIVO 3. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

Servizo de infraestruturas de sistemas



- Presentación do novo **Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital**.
- Publicación do **Acordo Marco de ampliación** de elementos de backup e medios de almacenamento externo de backup.
- Publicación do novo Acordo Marco para a **adquisición de servidores hiperconverxentes** e instalables en bastidor para os Centros de Procesamento de Datos da Xunta de Galicia, cun valor estimado de 27,7 millóns de euros.
- Licitación dun **novo contrato de administración de sistemas** destinado ao ámbito de Facenda e de novas arquitecturas tecnolóxicas.
- Realización da revisión para a **renovación da plataforma ELK** de correo para dimensionala adecuadamente: maior tempo de retención, incluír información de todas as plataformas xestionadas. Realizouse a ampliación do espazo asignado para contar con maior retención.
- Tramitación **dos novos Acordos Marco de licenzas software base e BackOffice**, licenzas de software libre e dos novos contratos de soporte Unified de Microsoft, software de monitorización e analítica de datos e do servizo de soporte para as BBDD Oracle.

Calidade e arquitecturas de aplicacións

- **Incorporación de GITLAB** á plataforma de integración continua. Migración de proxectos ao novo sistema.
- **Incorporación de proxectos á nova versión de Jenkins**. Actualización de Jenkins e Nexus nas contornas produtivas. Incorporación de proxectos NodeJS e Docker á plataforma de integración continua.
- **Actualización da plataforma de xestión eventos (AMQ)** á arquitectura clúster activo-activo.
- **Actualización de Sonar** á nova versión na contorna de ciclo de vida.
- Implantación do **CAS** para o ámbito de Educación.
- Continúase coa migración dos proxectos ás **novas versións de Api Manager e ESB** da plataforma SOA.
- Soporte á implantación da **plataforma de contedores**.
- Actualización da **plataforma SSO**.
- Actualización e soporte da **plataforma CAS**.
- **Soporte á implantación** da plataforma de caché **REDIS**.
- **Auditoría anual** da CMDB.






Estratexia Cloud da Xunta de Galicia



- Publicación dun estándar de cloud privado.
- Posta en marcha do acordo marco que facilitará a **contratación de servizos de provedores** de cloud pública na Amtega e o resto de entes do sector público autonómico galego.

Soporte e evolución das Redes corporativas

- Incremento do **ancho de banda dos centros conectados á rede corporativa** da Xunta de Galicia.
- Avance na implantación da ferramenta de **comunicacións unificadas**.
- Avance na execución de contratos para o reforzo das redes de área local de centros públicos de referencia e para dotar e **mellorar a cobertura wifi** nos edificios xudiciais e administrativos.
- Execución do contrato para a **renovación das climatizadoras do CPDR** e inicio da execución do contrato para a renovación de infraestrutura de rede para o CPD da Xunta de Galicia.
- Realización de **importantes melloras na electrónica de comunicacións** e no cableado de diferentes edificios administrativos, xulgados, centros de servizos sociais, oficinas de emprego, centros educativos e outros.



Plan Director de Ciberseguridade



- Avance significativo nas certificacións do Esquema Nacional de Seguridade.
- Finalización do **primeiro proxecto de adecuación Regulamento Xeral de Protección de Datos** (RXPD), iniciado no 2018.
- Avance de forma significativa na mellora da protección da infraestrutura, aumentando o despregamento de plataformas de ciberseguridade e na calidade da protección que aportan.
- Compleouse de forma significativa o cadro de mando, ferramenta xa moi completa e fundamental para supervisar a xestión da ciberseguridade na organización.
- Mellora significativamente o proceso de xestión de vulnerabilidades.
- Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal consolidou a súa actividade coa celebración do **IV Encontro** e contando con máis de **50 entidades adheridas**.
- A **totalidade das deputacións e concellos de máis de 20.000 habitantes** están cubertos pola oferta dos **servizos de ciberseguridade á administración local** da Amtega.
- Consolidación dos **cursos superiores de ciberseguridade e protección de datos persoais**, que acadan no 2024 varias edicións con moi boa valoración do alumnado.
- Realización de **charlas de concienciación e boas prácticas de ciberseguridade** en varias **consellerías**.
- **Importante avance en diferentes iniciativas do proxecto RETECH** en ciberseguridade para a posta en marcha dun Centro de competencias en ciberseguridade nos ámbitos de saúde, transporte intelixente, industria e excelencia operativa. En particular avanzaouse especialmente no convenio con centros tecnolóxicos para a posta en marcha dunha rede de laboratorios en ciberseguridade e o convenio coa consellería de Educación para a posta en marcha de cursos de especialización en ciberseguridade no ámbito da Formación Profesional.
- **Inicio das obras do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia** (CECIGA) e preparación da licitación do mobiliario para o centro.
- **Preparación da licitación** dun acordo marco para a elaboración e execución do plan de medios das campañas de promoción dos ámbitos competenciais atribuídos á Amtega, que se empregará para facer, entre outras, campañas de concienciación sobre ciberseguridade para a cidadanía e empresas.



OBXECTIVO 4. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS

Impulso á educación dixital



- **63.583 alumnos e alumnas** participantes no proxecto de educación dixital **E-Dixgal**, o que representa ao 46% do alumnado de centros públicos e concertados.
- **24,6 millóns de euros** en **material TIC dotado** en centros educativos.

Plan galego de competencias dixitais

a) No ámbito do Marco Galego de Competencias Dixitais

- No ámbito do persoal empregado público:
 - **3.362 alumnos participantes** en cursos de competencias dixitais.
 - **800 horas totais de capacitación** do itinerario formativo "ComDix Iniciación".
- No ámbito da cidadanía:
 - **6.115 alumnos matriculados** nalgún dos itinerarios formativos "**ComDix Iniciación**" ou "**ComDix Intermedio**".
 - **1.713 persoas inscritas en probas** para a certificación.
 - **766 certificacións "ComDix Iniciación"** emitidas.
- No ámbito educativo
 - Máis de **14.000 alumnos participantes** en probas de certificación das competencias dixitais
 - Máis de **21.000 certificacións emitidas**, obtidas mediante probas superadas, validacións ou equivalencias.



b) Capacitación Dixital do Persoal Empregado Público

- 119 accións formativas en materia de administración dixital, seguridade, competencias dixitais transversais e ofimática. Supuxeron un total de **3.858 horas de formación**.

c) Desenvolvemento de sistemas de apoio para a capacitación en rede

- **19 espazos de capacitación en liña** do proxecto PLAFOR tiveron actividade en 2024. Un total de **27.425 alumnos** e 942.254 accesos, cun aumento dun 15,5% respecto dos 23.746 alumnos do ano 2023.





Bibliotecas en rede de Galicia



- **911 bibliotecas usuarias do Sistema de Xestión bibliotecario** baseado en KOHAILS.
- **208.071** persoas fixeron uso dalgún dos servizos dixitais da rede de bibliotecas.
- Posta en marcha do **servizo GaliciaLe+**, que permite a persoas de fóra de Galicia facer uso da Plataforma de préstamo dixital en galego obtendo un carné de usuario.

Inclusión, capacitación e talento dixital

- Actividades para a inclusión dixital da cidadanía
 - Celebración do **II Encontro de Dinamizadores da Rede CeMIT**. Un acto que ten como obxectivo facer un chamamento á compartición de experiencias, boas prácticas e abrir un espazo aberto de diálogo entre os dinamizadores/as da Rede CeMIT, así como a realización de formacións específicas para poñer en práctica no seu día a día.
 - Acto de entrega dos **I Premios Axentes TIC** poñendo en valor o compromiso e a labor do persoal formador das aulas, así como as iniciativas levadas a cabo.
 - Realización da **primeira colaboración co Banco de España** a través da posta en marcha da **iniciativa Finanzas para todos**, unha formación de carácter gratuíto e aberta ao público en xeral.
- Iniciativas para combater a fenda dixital das persoas maiores
 - Posta en marcha de **cinco iniciativas formativas** dirixidas ao colectivo de persoas maiores para facilitar a súa participación activa no novo contexto dixital en temáticas clave como a **ciberseguridade**, **banca dixital** ou a **xestión dixital das finanzas**.
 - Posta en marcha da **II Edición das xornadas formativas a "Intelixencia Artificial no teu día a día"** co obxectivo de sensibilizar á xente maior sobre o uso deste tipo de tecnoloxía.
- Fomento do talento dixital
 - **Premio AUTELSI 2024** ao **Programa Tecnólog@ por un día** na categoría 'Labor de divulgación e difusión das TIC'
 - Organizadas **dúas novas convocatorias de Tecnólog@ por un día** para o curso 2024/2025 e celebración 10ª edición do Programa Tecnólog@ por un día
 - Renovación do **Programa Mentoring FP para o curso 2023/2024**, coa posta en marcha da segunda edición.
- Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT 2022-2025
 - Posta en marcha dun **plan de capacitación do persoal formador das aulas CeMIT**.





OBXECTIVO 5. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE

Plataforma Territorio Intelixente (PTI)



- **Consolidación da Plataforma Territorio Intelixente**, para garantir dispoñibilidade e monitorización: actualización infraestrutura; ampliación servizos de monitorización; posta en marcha de protocolos de soporte 24x7 para servizos críticos; publicación do modelo de gobernanza incluíndo estándar de desenvolvemento, e de consumo de servizos da PTI.
- **Coordinación da integración de sistemas de información** para o consumo de servizos de información xeoespacial, con máis de 1.128 servizos publicados.
- Posta en marcha do proxecto RETECH "**Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemellos Dixitais**", coa licitación do servizo de Evolución da Plataforma Territorio Intelixente para a habilitación de xemellos dixitais", e a licitación do servizo para a identificación de necesidades e fontes de datos para a posta en marcha de diversos xemellos dixitais sectoriais.
- Continuación da execución do proxecto de obtención das bases topográficas de 80 **concellos da provincia de Ourense**, en coordinación co IET.
- Cooperación e soporte tecnolóxico no despregamento do proxecto de **Dixitalización dos Camiños de Santiago**, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia.
- Piloto de **integración coa plataforma de sensorización iCousas** para a integración de servizos de captura masiva de datos recollidos dende a plataforma de sensorización.

Transporte e mobilidade dixital: e-mobility

- Extensión da pilotaxe do proxecto QR Xente Nova a **13 novos contratos** de transporte público de Galicia.
- Licitación do contrato para o desenvolvemento dunha plataforma para a xestión integral de estudos e proxectos sobre a rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA), cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER **2021-2027**.
- Desenvolvemento dun novo cadro de mando para o seguimento da **tarifa +65**.
- Adxudicación do contrato de desenvolvemento de novas funcionalidades no Sistema de Axuda á Explotación, SAEGAL, Financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Posta en marcha dun piloto de pago con móbil na **plataforma galega de mobilidade 4.0, MoBT**.



Xestión e conservación do medio ambiente e do territorio



- Actualización tecnolóxica da **plataforma Gaia**.
- Primeiros pasos da construción da **Plataforma Urbanística de Galicia**, coa publicación do novo portal público de acceso á cidadanía e a publicación das licitacións para o inicio dos desenvolvementos da primeira fase da plataforma e a Oficina de Proxectos no eido de urbanismo.
- Publicación das **licitacións** para a posta en marcha da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, pendentes de adxudicar.
- Publicación do novo **portal público de Territorio e Urbanismo**.

Dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego – Memoria dixital de Galicia



- Adxudicación e inicio da execución do proxecto **GalicianaSemántica** para a posta en marcha do grafo de coñecemento do Patrimonio Dixital de Galicia.
- Publicación dos **novos espazos web** da Biblioteca de Galicia, do Museo Massó, e do Sistema de Arquivos de Galicia.
- Abordouse unha **versión do tradutor GAIO**, como piloto, baseado en redes neuronais artificiais **que se alimenta dos modelos do Proxecto Nós**.

Turismo Intelixente

- Na plataforma de **información e colaboración para as oficinas de turismo** (TURINFO). Desenvolveuse o rexistro e cadro de mando das persoas atendidas e o seu perfil.
- Evolución dos **portais promocionais de turismo** fundamentalmente no ámbito da accesibilidade e indexación de contidos.
- Consolidación do **Sistema de Intelixencia Turística**, nos ámbitos de caracterización da demanda turística e o de análise da rendibilidade económica do sector. E comézo do desenvolvemento no ámbito da oferta turística
- Posta en marcha de **servizos de interoperabilidade de datos** con plataformas externas a Turismo.



Impulso á empresa dixital

Definición do **Programa para a activación tecnolóxica avanzada e mentalidade innovadora**

- **179 empresas e autónomos** beneficiarios das axudas de transformación dixital empresarial.
- Formación de máis de **500 persoas** no ámbito da transformación dixital efectuada nas súas empresas.



OBXECTIVO 6. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL

Impulso ao software libre e aos estándares abertos



- Edición dunha **guía de accesibilidade** no software dirixida á cidadanía.
- Publicación como software libre do código fonte do portal do GaiásTech e o Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia.
- Máis de **14.000 reproducións** nos **17 programas** do podcast Mancomún
- Máis de **17.500 horas** de formación en software libre impartidas a **11.000 persoas** no eido da cidadanía o tecido empresarial e o persoal público distribuídas nun total de **780 cursos** a través da EGAP CNTG e da Rede Cemit.
- Colaboración coa fundación internacional **InnerSource Commons** para a realización de cursos e seminarios de formación para as empresas galegas.
- Publicación en formato vídeo dunha **Guía de Boas Prácticas** para adoptar a IA nas empresas..

GaiásTech e nodos de especialización tecnolóxica

- **Nova aula no GaiásTech:** referencia central para formación e capacitación dixital e aula centralizadora para as Aulas Cemit.
- **353 empresas** TIC rexistradas no Mapa de capacidades Dixitais de Galicia, **1432 produtos/servizos** e **78 tecnolxías** rexistradas no Mapa.
- GaiásTech lanza a súa **nova app** para un acceso máis rápido e sinxelo aos seus servizos.



Ecosistema Gobtec



- Análise previa para unha **Estratexia do Espazo Gobtec**.
- Participación no consorcio europeo **Govtech4all**.
- Traballo para o fomento da adopción de tecnoloxías disruptivas en **4 retos na administración**.
- Identificación de **4 retos tecnolóxicos**.

Conectividade e cohesión dixital

- Execución con éxito da encomenda para a construción de torres por parte de **Retegal**.
- Colaboración coa **FEAMP** a través dun convenio para a identificación e consecución de parcelas.
- Sinerxía entre Retegal como operador público e Vodafone como beneficiario de subvención para a consecución dos obxectivos.
- Publicación en **xuño de 2024** da terceira convocatoria de Bonos Dixitais para colectivos vulnerables.
- Reunións semestrais para o seguimento da explotación das redes de fibra óptica despregadas polos operadores, tanto en zonas rurais como en polígonos industriais e áreas empresariais, financiadas polo **Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)**, con achegas da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado, así como no marco da actuación de reforzo da conectividade de polígonos industriais incluída na inversión C15.I2 do compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Firma do convenio Conectivi.gal en **outubro de 2024**.
- No **ano 2024** continuouse traballando no mecanismo de colaboración co Goberno do Estado para a axilización de permisos autonómicos para o despregamento das redes de fibra óptica do UNICO Banda Ancha.
- No **ano 2024** púxose en marcha unha primeira actuación de desenvolvemento de infraestruturas públicas como soporte á dixitalización.



Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia



- **Galicia Dixital:** Sistema de indicadores, actualización anual (1).
- **Galicia Dixital:** O sector TIC de Galicia: 1 enquisa e 1 informe xeral.
- Estatística sobre a **Administración dixital** na Xunta de Galicia: 1 informe xeral.
- Estatística da Administración dixital nos **concellos galegos**: traballo campo da enquisa.
- Galicia dixital: A modernización tecnolóxica no rural: **1 informe xeral** e **1 informe executivo**.
- Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia: **1 actualización anual** da táboa de indicadores das empresas.



Estratexia Galicia Dixital 2030

- Publicación do **Boletín de novidades semanal EGD2030**.
- Publicación do Informe sobre a **Actualización da Estratexia Galicia Dixital** aos novos escenarios.
- Publicación do **Informe sobre as capacidades de Galicia no eido tecnolóxico**.



Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030

- Aprobación do **proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia**.
- Presentación dunha **guía práctica para o fomento do uso da intelixencia artificial no marco da administración pública galega**.
- Celebración da reunión constitutiva e **1ª reunión** de traballo da **Comisión de Expertos para o asesoramento no desenvolvemento e uso ético da intelixencia artificial en Galicia**.
- Publicación do informe de balance da **EGIA2030 (2021-2024)**.



CANLES DIXITAIS

No que respecta aos portais, recóllense de seguido, as novidades máis relevantes que se produciron na sección de portais do Catálogo da Rede integrada da presenza en internet en 2024. Inclúense tanto os portais de novas iniciativas como aqueles que corresponden a actualizacións de certa relevancia en iniciativas web que existían con anterioridade:

Eleccións Galicia 2024

Data de publicación: xaneiro de 2024.

Portal web oficial das Eleccións 2024 ao Parlamento de Galicia. Información para electores, integrantes das mesas, candidaturas, calendario de resultados electorais, lexislación...

<https://elecciones2024.xunta.gal>

Novo!



Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Data de publicación: maio de 2024.

Sitio web institucional de referencia da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas creado trala modificación, en abril de 2024, da estrutura orgánica das consellerías de Xunta de Galicia.

<https://infraestructurasemobilidadexunta.gal>

Novo!



Consellería de Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Data de publicación: maio de 2024.

Sitio web institucional de referencia da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración creado trala modificación, en abril de 2024, da estrutura orgánica das consellerías de Xunta de Galicia

<https://conselleriaaemprego.xunta.gal>

Novo!





Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Data de publicación: maio de 2024.

Sitio web institucional de referencia da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude creado trala modificación, en abril de 2024, da estrutura orgánica das consellerías de Xunta de Galicia...

<https://culturaelingua.xunta.gal>

Novo!

Portal de territorio e urbanismo

Data de publicación: xuño de 2024.

Portal temático de referencia sobre o territorio e o urbanismo. Contén ademais da lexislación urbanística consolidada de Galicia, a planimetría urbanística asociada ao Siotuga e o Rexistro de Planeamento galego, o Plan Básico Autonómico, o Plan do Litoral e a Lei de ordenación integrada do litoral cos seus visores.

<https://territorioeurbanismo.xunta.gal/>



Novo!



Redemar

Data de publicación: xullo de 2024.

Portal da Rede coa que se crea un marco/espazo de colaboración entre o sector pesqueiro e os organismos científicos/investigadores para que poidan poñer en común as experiencias, coñecementos... na procura de solucións ás problemáticas do sector.

<https://redemar.xunta.gal>

Novo!

Museo Masó

Data de publicación: xullo de 2024.

Portal de referencia do museo instalado nos edificios máis antigos do complexo conserveiro Massó Hermanos SA, hoxe máximo expoñente museístico do importante vínculo de Galicia co mar, con coleccións que son únicas en todo o territorio español.

<https://museomasso.xunta.gal>





Pescreativa - Pesca Marítima de Recreo

Data de publicación: : agosto de 2024.

Portal de referencia para a pesca marítima recreativa en Galicia. Inclúe a normativa de referencia, información sobre licenzas (requisitos, modalidades, taxas...) e trámites en liña (solicitude/renovación de licenza, autorización concurso/inmersión, declaración pesca recreativa en portos...).

Novo!

<https://pescreativa.xunta.gal>

Observatorio de Saúde Pública de Galicia

Data de publicación: setembro de 2024.

Portal do Observatorio de Saúde Pública de Galicia, un instrumento que permite xerar, organizar e comunicar información relevante e de calidade no ámbito da saúde pública de Galicia, co obxectivo de proporcionar información baseada na evidencia científica e poñela á disposición de profesionais da saúde, do persoal investigador, así como da sociedade en xeral.

Novo!



<https://observatoriosaudepública.sergas.gal>



Pesca fluvial en Galicia

Data de publicación: outubro de 2024.

Portal temático de referencia a pesca fluvial en Galicia. Ofrece información sobre os períodos hábiles de pesca, as especies sobre as que se pode exercer, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións que afectan a actividade piscícola. Inclúe tamén axuda sobre a xestión de permisos, licenzas, dispoñibilidade de coutos, sorteos...

Novo!

<https://pescafluvial.xunta.gal>

Resultados de eleccións Galicia 2024

Data de publicación: outubro de 2024.

Portal dos resultados de Eleccións 2024 ao Parlamento de Galicia. Información sobre a constitución de mesas, os avances de participación, resultados definitivos, descargas de datos...

<https://resultados2024.xunta.gal>



Novo!



Centro de Innovación Educativa e Dixital

Data de publicación: novembro de 2024.

Portal de referencia do Centro de Innovación Educativa e Dixital. Depende da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e xorde co obxectivo de facer fronte aos retos de futuro e á modernización da ensinanza

Novo!

<https://ciedix.edu.xunta.gal>

Centro de Innovación Educativa e Dixital

Data de publicación: decembro de 2024.

Espazo dixital onde se almacenan e ordenan recursos didácticos de tipoloxías variadas (actividades interactivas, audios, fotos, mapas, vídeos, actividades interactivas, unidades, aulas virtuais...) que poden ser consultados por profesorado e alumnado.

<https://recursos.edu.xunta.gal>



Novo!



Proxecto Xenoma Galicia

Data de publicación: decembro de 2024.

Portal de referencia dun proxecto pioneiro en España que busca avanzar no coñecemento das enfermidades mediante a recollida de datos clínicos, datos xenéticos e mostras biolóxicas que serán a clave para o avance da medicina personalizada e para establecer estratexias de saúde en Galicia.

Novo!

<https://xenomagalicia.sergas.gal>



Xunto aos portais anteriores ao longo de 2024 abordáronse tamén renovacións técnicas e de estilo gráfico dos seguintes portais.

Arquivos de Galicia



<https://arquivosdegalicia.xunta.gal>

Renovado en 2024!

Biblioteca de Galicia



Renovado en 2024!

<https://bibliotecadegalicia.xunta.gal>

Rede de bibliotecas de Galicia



<https://rbgalicia.xunta.gal>

Renovado en 2024!

No que respecta ás apps para dispositivos móbiles, a Xunta de Galicia responde á demanda de contidos adaptados aos dispositivos móbiles co desenvolvemento de aplicacións que identifica baixo a súa autoría para aumentar a confianza e fiabilidade dos usuarios. A Xunta dispón de espazos nos principais marketplaces de mobilidade e publicouse o catálogo de aplicacións móbiles <http://www.xunta.es/aplicacions-mobiles> onde, na actualidade, están dispoñibles **39 aplicacións móbiles**, **que en 2024 acadaron un total de 676.561 descargas nos markets**.

Ás aplicacións que se encontraban xa no catálogo en 2023 <http://www.xunta.es/aplicacions-mobiles> hai que sumar como novidade estas 6 novas apps en 2024:

Axencia Tributaria de Galicia

Data de publicación: marzo de 2024.

A aplicación móbil da Axencia Tributaria de Galicia ofrece a posibilidade de acceder a diversos servizos, algúns con acceso libre e outros mediante identificación da persoa usuaria.

Novo!



Unha vida viquinga

Data de publicación: setembro de 2024.

Para facilitar a visita á exposición "Unha vida viquinga" esta app aproveita as posibilidades da xeolocalización dos dispositivos móbiles determinando en que punto está a persoa visitante dentro da sala.

Novo!



Rede de bibliotecas de Galicia

Data de publicación: outubro de 2024.

A aplicación móbil da Rede de Bibliotecas de Galicia inclúe todo o catálogo galego da biblioteca dixital de préstamo, GaliciaLe.

Para usala só se precisa ter o carné de calquera biblioteca da Rede e entrar co usuario e o contrasinal.

Novo!



Pesca fluvial en Galicia

Data de publicación: novembro de 2024.

Esta aplicación permite consultar toda a información relacionada coa tempada de pesca: normativa, datas de sorteos e venda libre, grupos, explorar os coutos, dispoñibilidade de permisos na tempada etc.

Novo!



GaiasTech

Data de publicación: novembro de 2024 .

A aplicación do Centro GaiasTech permite aos usuarios rexistrados consultar e inscribirse nas actividades que se desenvolven no centro: demostracións tecnolóxicas, formación, divulgación e sensibilización, aceleración, sesións temáticas, xornadas, sesións sectoriais e sesións locais.

Novo!



Museo de Belas Artes da Coruña

Data de publicación: decembro de 2024.

A app do museo facilita a visita polas súas salas expositivas. A xeolocalización de interiores determina en que punto está o/a visitante dentro da sala e durante o seu percorrido amósalle información das obras expostas, dos puntos de interese máis próximos e das mostras temporais que está acollendo o museo.

Novo!





DESCARGAS ACUMULADAS DAS 20 APLICACIÓNS CON MÁIS DESCARGAS

CANLE MÓBIL	EN 2024	DESCARGAS ACUMULADAS
Abalar	207.401	1.429.824
Mobem	134.269	722.253
MeteoGalicia	63.729	692.410
Transporte público de Galicia	59.851	169.679
XuntaEu	54.372	56.774
Camiño de Santiago	37.499	180.805
Eleccións 2024	27.852	27.852
Rede de Bibliotecas de Galicia	26.520	53.040
AbalarPRO	12.706	49.095
Xove	7.730	21.003
GAIO	6.697	57.711
Sendegal	6.890	83.394
Turismo de Galicia	4.806	33.262
Axenda Cultura	4.062	25.788
DOG	3.493	50.713
Parques de Galicia	1.895	29.564
Axencia Tributaria de Galicia - Atriga	1.673	1.676
EVAAbalar	1.610	16.880
Galicia Nomeada	1.350	8.307
Cegacol	1.303	4.927
Total	676.561	3.844.942

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Amtega. Decembro de 2024



04

ACTUACIONES 2024

04. ACTUACIÓNS 2024

OBXECTIVO I. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

4.1.1. Plan de administración e goberno dixitais

4.1.1.1. Relación dixital coa cidadanía

O “III Plan de administración e goberno Dixital. 2025” (PAGD2025), aprobado en xullo de 2022, ten por obxectivo consolidar a capacidade da administración pública de desenvolver a súa actividade e os **servizos cara a cidadanía nunha contorna plenamente dixital**, máis eficaz e eficiente para a resolución dos novos desafíos, ofrecendo máis e mellores servizos e abordando o seu funcionamento baixo un **enfoque centrado na cidadanía**.

4.1.1.1.a. Sede electrónica da Xunta de Galicia

A **sede electrónica da Xunta de Galicia** é o punto común de referencia para a oferta de servizos electrónicos a cidadáns e empresas. Durante o 2024 continuouse a traballar na **evolución funcional da Sede**, incorporáronse como novidades máis salientables as seguintes:

- ♦ **Redeseño da Sede Electrónica**, cara a Simplificación e mellora da usabilidade. En canto ao redeseño do espazo público, púxose o foco en dúas necesidades da cidadanía de Identificar nun único punto todas as axudas, trámites e servizos e de facilitar toda a información necesaria para poder realizar un trámite. En canto ao redeseño do espazo privado, o centro estivo na simplificación da tramitación electrónica, o coñecemento de toda a información que se precisa sobre o estado dos trámites e a personalización do espazo segundo o perfil.
- ♦ **Evolución da Carpeta cidadá**. Incorporouse información adicional aos expedientes para ofrecer á cidadanía e ás empresas información relevante e específica dos seus trámites, que lles permita coñecer con máis detalle o estado de tramitación. A maiores, modeláronse os procesos de actualización

Indicadores de uso durante o 2024:

- **1.495.954 presentacións** no Rexistro electrónico a través da sede.
- **Máis de 474.000 persoas interesadas** distintas utilizaron a **sede electrónica** para a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións.
- Creáronse na carpeta cidadá **máis de 819.000 expedientes** correspondentes a **530 procedementos** distintos xestionados en **64 sistemas de tramitación**.
- A través da sede electrónica realizáronse **máis de 85.000 pagos electrónicos de taxas** asociados á presentación de trámites.
- No **2024** o **86,23%** das entradas no sistema de rexistro foron electrónicas.

de datos persoais cunha perspectiva multicánle e centrada na cidadanía.

- ♦ Incorporación da posibilidade de que terceiras persoas participantes nunha solicitude asinen documentación sen necesidade de saír da sede electrónica. Así, facilita as persoas solicitantes a presentación electrónica nos trámites que o precisen. Isto pode ser de aplicación, por exemplo, no ámbito das empresas para a sinatura de documentos por técnicos especializados ou no ámbito particular para a sinatura de autorizacións e declaracións por convivintes ou familiares do solicitante.
- ♦ Adaptación do apartado de datos identificativos dos modelos estandarizados de formularios para permitir o uso de sistemas de identificación europea e Chave365 para persoas non residentes.
- ♦ Adaptación dos buscadores de trámites as novas taxonomías corporativas.
- ♦ Elaboración de formularios electrónicos para os documentos que deben achegarse en fases posteriores á solicitude.

4.1.1.1.b. Acreditación dixital da cidadanía

No relativo ao sistema de identificación e sinatura Chave365 cómpre destacar:

- ♦ Posta en marcha dun mecanismo de identificación reforzada no sistema Chave365 que permite á cidadanía incrementar a seguridade cando usa o sistema.
- ♦ Adxudicación e arranque do proxecto de vídeo identificación para a acreditación dixital (expediente AMT-2024-0010) que permita a obtención dunha identificación dixital á cidadanía sen necesidade de que se desplace presencialmente para acreditar a súa identidade.

A finais de 2024 hai máis dun millón e medio de persoas activas no sistema Chave365.

4.1.1.1.c. A Xunta no teu móbil. XuntaEu

XuntaEu é a aplicación móbil que dá acceso aos principais servizos de administración dixital da Xunta de Galicia e facilita a acesibilidade aos seus servizos públicos. longo de 2024 publicáronse novas versións da aplicación, incluíndo como novidades máis salientables:

A **app XuntaEu** está dispoñible para a súa descarga en dispositivos móbiles con Android e iOS dende decembro de 2023. Entre outras utilidades, permite consultar notificacións, certificados e tarxetas; ver os expedientes coa mesma información que figura na sede electrónica; recibir avisos; consultar ou modificar os datos de Chave365 ou xestionar citas.

♦ Relación administrativa coa Xunta de Galicia:

- **"Documentación presentada"** coa información das presentacións realizadas en calquera oficina de rexistro presencial.
- **"Pago de taxas"** para acceder á pasarela de pagos da Atriga e realizar o pago de taxas.

♦ Canles de información:

- **"Contacta coa Xunta"** coa información transversal de contacto e principais canles e servizos de interese.
- **Acceso a outras apps de interese** da administración autonómica.
- Incorporación **de avisos das citacións** para a cobertura de postos de traballo ás persoas inscritas nas listas de contratación temporal.



♦ Funcionamento xeral da app:

- Incorporáronse melloras no ámbito da identificación para o acceso a aplicación, ampliando as posibilidades de acceso con **certificado electrónico** dende Android e iOS e co **Documento Nacional de Identidade electrónico (DNle)** con móbiles iOS.
- Engadiuse a opción de activar ou desactivar, de forma voluntaria, un nivel de seguridade reforzado para o acceso á parte privada da sede electrónica da Xunta de Galicia mediante un **dobro factor de autenticación** (tamén coñecido como 2FA) ao usar Chave365.
- Implementouse a posibilidade de **recuperar a clave de acceso de Chave365** en caso de olvido, así como de eliminar e ordenar as tarxetas e certificados dispoñibles na app.

A finais de 2024, téñense realizado máis de 55.000 descargas en Android e IOs.

4.1.1.1.d. Oficinas de atención á cidadanía e rexistro

A **Rede de oficinas de atención á cidadanía e de Rexistro** é a canle de acceso presencial da cidadanía aos servizos administrativos. Dentro dos medios para as oficinas, no 2024 destacan os seguintes avances:

- ◆ Implantación do **Escritorio 360º**, unha interface de acceso unificada para o persoal das oficinas de atención a cidadanía e de rexistro, nos 7 rexistros principais. Ademais, incorporáronse novas utilidades á ferramenta para facilitar a visión integrada da información da persoa que se está a atender na oficina co obxecto de prestarlle un servizo máis completo e personalizado.
- ◆ **Inicio do proxecto de mellora da dixitalización da documentación con capacidades de IA**, co

obxectivo de optimizar a actividade de dixitalización que realizan as Oficinas para converter a documentación presentada en papel pola cidadanía á documentación electrónica. A primeira fase do proxecto abordouse mediante unha piloto para o adestramento do modelo na separación automática de documentos. Como resultado do piloto comprobouse a viabilidade da incorporación desta funcionalidade no proceso ordinario de traballo nas oficinas, co obxectivo de reducir o esforzo da dixitalización dos documentos e mellorar a calidade da clasificación dos documentos que chegan as unidades destinatarias. Durante o 2024 dixitalizáronse nas oficinas 951.000 documentos presentados pola cidadanía.

- ◆ Evolución continuada do **sistema de cita previa nas oficinas con servizo de atención á cidadanía e renovación** dos sistemas de expedición de tickets de turnos en diversas oficinas de atención.

Indicadores acadados durante o 2024:

- Máis do **86% das entradas** no **Sistema Único de Rexistro** foron electrónicas.
- **863.284 persoas** distintas contan con entradas no **Sistema de Rexistro**.
- Máis de **951.000 documentos** presentados pola cidadanía dixitalizados.

4.1.1.1.e. Outros sistemas do ámbito de atención á cidadanía

No 2024 continuou a evolución dos sistemas de atención á cidadanía incluíndo:

- ◆ O **sistema de xestión das queixas, reclamacións peticións de información do cidadán (SIACI)**, orientado a dar resposta ao Decreto 129/2016 do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.
- ◆ Continuou o funcionamento do **servizo de soporte técnico especializado para os sistemas dixitais en uso pola cidadanía prestado dende a Amtega** como acompañamento á canle 012, especialmente a sede electrónica, o sistema de notificacións electrónicas, chave365, a sede xudicial electrónica, e progresivamente os novos servizos que se van poñendo en marcha.

4.1.1.1.f. Sistemas para a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI)

En 2024 destaca a posta en marcha dos sistemas de información para o funcionamento da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), órgano adscrito á institución da Valedora do Pobo. Para o exercicio das súas funcións puxéronse en marcha:


- ◆ A canle externa da AGPI. Ferramenta accesible e segura para presentar comunicacións, garantindo a confidencialidade. Baseada na plataforma GlobalLeaks.
- ◆ A comunicación do responsable da canle interna de información das entidades do sector privado.
- ◆ Sistema de xestión para o apoio á AGPI na tramitación interna dos expedientes de denuncias tramitadas.

4.1.1.2. Portais institucionais

En canto ao **portal institucional www.xunta.gal**, continuou o proceso de renovación tecnolóxica iniciado en 2023, en cada un dos espazos dependentes

de él. En 2024 recibiu un total de 10.403.402 visitas e 20.487.482 páxinas vistas, cunha media mensual de 356.050 visitantes. Para coñecer o tipo de uso deste

espazo, os seguintes gráficos recollen, e tendo en conta únicamente visitas externas (dende fora da rede corporativa da Xunta de Galicia):



En canto ao **portal de transparencia e goberno aberto** <https://transparencia.xunta.gal> recibiu en 2024 un total de 387.596 visitas. A través das canles de participación habilitadas para as achegas cidadás abríronse 83 procesos participativos, cun total de 636 achegas.

En xuño de 2024, coincidindo coa celebración da **"Semana da Administración aberta"** publicouse en <https://transparencia.xunta.gal> a sección "Outros procesos participativos" <https://transparencia.xunta.gal/outros-procesos-participativos>. Nela recóllese a participación da cidadanía na elaboración dos instrumentos de planificación da Administración autonómica.

Tamén en xuño de 2024 se incorporaron a este portal en lectura fácil as Guías de transparencia e participación na Xunta de Galicia, para fomentar a transparencia e a participación plenamente inclusiva.

Pero a iniciativa máis destacada e o **inicio do desenvolvemento do Novo Sistema de xestión, edición e publicación do Diario Oficial de Galicia**. O novo DOG que suporá unha evolución e mellora en todos os procesos requiridos para a publicación do DOG. O fitos máis salientables de 2024:

- ◆ Finalización do desenvolvemento do portal público, e inicio da validación por parte das diferentes unidades implicadas.
- ◆ Durante o último bimestre do 2024 comezouse o desenvolvemento dos portais dos xestores e publicadores.
- ◆ Abordáronse pilotos para a incorporación de capacidades de tecnoloxías emerxentes aos sistemas (un buscador baseado en IA para buscas no DOG sobre sectoriais e un clarificador da linguaxe para mellorar a accesibilidade dos contidos do Diario Oficial).

4.1.1.2.a. Diario Oficial de Galicia

Durante o 2024 continuouse coa evolución funcional do conxunto de sistemas empregados para a xestión, edición e publicación do Diario Oficial de Galicia. Os fitos máis salientables dos traballos executados foron:

- ◆ Acadar a certificación dos sistemas de edición, xestión e publicación do DOG no Esquema Nacional de Seguridade, nivel medio.
- ◆ Posta en marcha do módulo de facturación, para a xestión do pagamento das taxas por aquelas entidades publicadoras suxeitas á mesma.
- ◆ Diversas melloras orientadas á xestión, tradución e maquetación de anuncios.





4.1.1.3. Xestión dixital e interoperabilidade

Este programa ten como finalidade establecer, construír e por en marcha os sistemas troncais e corporativos facilitadores do funcionamento dixital da administración pública galega que permiten implantar procesos dixitais dun xeito áxil e homoxéneo. Inclúense aspectos como os sistemas comúns de sinatura dixital, o inventario de información administrativa, a intermediación de datos e documentos, o arquivo electrónico administrativo, as notificacións electrónicas e aqueles outros elementos necesarios para acadar a dixitalización plena. Inclúese tamén o impulso da súa utilización.

4.1.1.3.a. Consolidación dos sistemas troncais

En canto ao sistema de notificacións electrónicas de Galicia (<https://notifica.gal>):

- ◆ Publicación dunha páxina pública de acceso con información xeral e avisos relevantes sobre o funcionamento do servizo.
- ◆ Adaptacións para incorporar as notificacións do ámbito da administración de xustiza.
- ◆ Integración co ES360º para facilitar a notificación por comparecencia nas oficinas de atención presencial e para permitir a integración da firma manuscrita dixitalizada no acuse de recibo da notificación.
- ◆ No marco da mellora no deseño dos servizos dixitais realizouse nas oficinas de atención á cidadanía un laboratorio de deseño participativo. Durante dous días invitábase a participar a todas ás persoas que asistían a oficina do Rexistro Xeral en Santiago de Compostela.

Respecto ao uso no ano 2024 puxéronse a disposición electrónica das persoas interesadas 1.819.298 notificacións das que 1.270.531 foron exclusivamente electrónicas, e o número de persoas distintas ás que se lle notificou superou as 626.693.

A canle elixida polas persoas interesadas para ler ás súas notificacións resúmese nas seguinte táboa:

Canle	% de notificacións lidas nesa canle
Notifica.gal https://notifica.xunta.gal	73%
DEHú https://dehu.redsara.es	16%
Sede Electrónica https://sede.xunta.gal	10%
App Móbil XuntaEu	1%

Ademais, 5.622 notificacións entregáronse presencialmente nas oficinas de atención á cidadanía e de Rexistro, a solicitude das persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electrónicamente coa administración.

En canto á plataforma de sinatura electrónica:

- ◆ Incorporáronse novas funcionalidades para a sinatura de arquivos de gran tamaño e a consulta dos documentos pendentes de revisión.
- ◆ Iniciouse o piloto de implantación da nova sala de sinaturas. A nova sala está adaptada para unha mellor visualización en dispositivos móbiles e inclúe a visualización dos documentos mentres se asinan.
- ◆ Continuouse coa implantación da sinatura electrónica desde dispositivos móbiles ofrecendo esta posibilidade a todos os empregados públicos. Así, realizáronse máis de 390.307 sinaturas no sistema utilizando certificados electrónicos "na nube" a través da sala de sinaturas.
- ◆ En canto ao uso, en 2024 superáronse os 11,2 millóns de documentos asinados na plataforma de sinatura electrónica.

No referente ao arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia, as principais actividades realizadas foron:

- ◆ En colaboración coa unidade competente en materia de arquivos revisáronse os procesos de peche e transferencia dos expedientes, e modificouse o modelo para xerar os índices ENI dos expedientes. Así mesmo, colaborouse na proposta para a redación da Política de Xestión Documental.
- ◆ Incorporáronse utilidades para mellorar a integración dos distintos sistemas de tramitación de expedientes co arquivo electrónico e na funcionalidade para o envío de expedientes a outras administracións.

No 2024, o número de poderes vixentes do **registro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia** e Rexistro de persoas titulares de órganos ou cargos incrementouse nun 56% acadando os 13.355. O total de poderes inscritos no Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia para cada tipoloxía é:



Indicadores acadados durante o 2024:

- Incorporáronse ao arquivo **máis de 28 millóns de documentos electrónicos**
- Creáronse **máis de 797.000 expedientes electrónicos** de **635 procedementos** distintos, cun **incremento de 105 procedementos** respecto ao **2023**.
- Realizáronse **905 envíos de expedientes** á **administración de Xustiza** de xeito completamente electrónico e interoperable.

	2021	2022	2023	2024
Calquera actuación administrativa e ante calquera Administración	460	1.829	3.592	5.757
Calquera actuación administrativa ante a Xunta de Galicia ou entidades instrumentais	369	1.094	2.498	4.294
Actuacións determinadas ante a Xunta de Galicia ou entidades instrumentais	335	1.542	3.523	5.830
Total	3185	6.487	9.613	15.881

Ademais, levouse a cabo unha **evolución continuada nos compoñentes transversais**, isto é, nas librarías de recursos software que son reutilizables para a creación e mantemento das ferramentas informáticas, o que permite empregar solucións estandarizadas e homoxéneas dentro da Axencia, tales como os proxectos P_AUTORI (autorización de usuarios centralizada), P_INFORMES (xeración de documentos con datos en textos e táboas), P_AVISOS (avisos á cidadanía por SMS, email ou notificacións PUSH en APPs móbiles), P_SCANAV (antivirus en ficheiros), P_UTILS (utilidades de uso frecuente), P_MESTRA (acceso unificado a datos mestres que necesitan outras ferramentas) ou ARCHAM (esqueleto para construír ferramentas informáticas que funcionan en navegadores web).

4.1.1.3.b. Sistemas de tramitación corporativos

O desenvolvemento e evolución de ferramentas transversais que dean cobertura a un conxunto amplo de procedementos ofrece importantes vantaxes: permite a implantación dixital inmediata dos novos procedementos, facilita a extracción de información analítica, permite informar ás persoas interesadas cunha visión homoxénea, entre outras.

As melloras e resultados obtidos en 2024 foron os seguintes:

♦ O sistema de tramitación transversal (w@nda):

- Implantación do modelo integrado de análise de datos que inclúe funcionalidades para a supervisión e a tomas de decisións nas unidades tramitadoras.
- Evolución do menú do sistema aplicando criterios máis claros de organización.
- Consulta do fluxo de tramitación definido para cada procedemento.
- Desenvolvemento do módulo de integración para aplicacións de xestión complementarias que integrou dous casos de referencia: Centros especiais de emprego e Xestión do certificado de competencias dixitais.
- Envío a carpeta cidadá de información adicional dos expedientes.
- Integración de utilidades de robotización naqueles procedementos nos que se identificou a necesidade.

En canto aos indicadores de uso, no 2024 configuráronse 160 novos procedementos ou convocatorias e xestionáronse 107.782 expedientes. Acadáronse ademais 491 usuarios activos no sistema.

No 2024 consolidouse así mesmo o traballo do equipo de apoio a implantación dixital de procedementos, que apoia as unidades na configuración e uso do sistema de tramitación adaptado as súas necesidades.

- ◆ Sistema corporativos para a **xestión dixital de rexistros administrativos**, que está a integrar progresivamente diferentes ámbitos, en 2024 completouse o análise para a integración no sistema de rexistro de entidades locais, no sistema de rexistro de galeguidade e diversos rexistros do ámbito de benestar social. Así, son xa 12 os ámbitos de rexistros que están integrados ou en vías de integrarse neste sistema.
- ◆ Sistema corporativo de **xestión de rexistros administrativos do ámbito industrial e comercial**. O sistema de rexistro de actividades empresariais permite a tramitación completamente electrónica dos expedientes neste ámbito e ofrece utilidades aos interesados para facilitar a realización dos trámites, simplificando os procesos e evitando a duplicidade de actuacións.

Finalmente, no 2024 **continuou o crecemento do sistema de tramitación de expedientes TRAMIT@** que é unha ferramenta á que os empregados públicos acceden desde un navegador web e que permite a incorporación (configuración) de novos procedementos administrativos en prazos moi reducidos e facilita o realizar actualizacións e melloras na ferramenta sen ter que interromper o servizo. TRAMIT@ recupera os documentos presentados polos cidadáns no Rexistro e inicia os expedientes electrónicos. Así, **neste ano TRAMIT@ incorporou a proposta dos usuarios numerosas melloras** no funcionamento e xestionou un total de 44.163 novos expedientes (cun incremento anual dun 15% de expedientes) nos ámbitos da Vivenda, Territorio, Infraestruturas, Medio Rural, Mar, Política Social, incorporando tamén expedientes de Emprego.

4.1.1.3.c. Incrementar a interoperabilidade de documentos e datos xerados nas administracións públicas

A plataforma de intermediación de datos e documentos, PasaXe!, está xa consolidada como elemento imprescindible no funcionamento ordinario da administración. Entre os traballos realizados durante 2024 destacan:

- ◆ Atendeuse a dúas auditorías realizadas por organismos cedentes dos datos: Tesourería Xeral da Seguridade Social e Instituto Nacional da Seguridade Social en colaboración coas unidades cesionarias.


- ◆ Evolucionouse a plataforma para adaptarse ao estándar SCSP 3.1.

- ◆ Renovouse completamente o sistema de xeración de dilixencias que transforman as respostas recibidas en formatos técnicos en documentos lexibles para poder incorporalas aos expedientes administrativos.

Durante 2024 realizáronse tarefas para incorporar 12 novos servizos de consulta de documentos:

- ◆ Novos servizos de información ofrecida pola Xunta de Galicia
 - Consulta de licenzas de pesca recreativa
 - Consulta do Rexistro de Explotacións Agrarias (pendente de habilitar a posta en marcha polo órgano responsable)
 - Adaptación da consulta do Certificado de discapacidade á nova normativa.
- ◆ Novos servizos de información ofrecida por outras administracións públicas:
 - Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible
 - Listado de vehículos TAXI a data concreta
 - Verificación dun vehículo TAXI a data concreta
 - Listado de vehículos VTC a data concreta
 - Verificación dun vehículo VTC a data concreta
 - Dirección Xeral de Tráfico (DGT)
 - Datos de vehículos EUCARIS
 - Consulta de datos de vehículo para o imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM)
 - Tesorería Xeral da Seguridade Social (TGSS):
 - Consulta de debedores tributarios
 - Consulta do persoal medio dunha empresa nun período
 - Consulta dos tramos dun autónomo

Así, o catálogo de servizos de interoperabilidade estaba composto, a finais de 2024, por 132 servizos de interoperabilidade facilitados por 27 organismos (entidades cedentes), tanto da Administración xeral do Estado como da Administración pública autonómica de Galicia. A seguinte táboa recolle a evolución das consultas realizadas a través de PasaXe! polas distintas administracións que usan a plataforma. Ademais, durante o ano 15 novos sistemas de tramitación especializados integráronse coa plataforma para a automatización das comprobacións da información requirida.



	2020	2021	2022	2023	2024
Total consultas realizadas en PasaXe!	12.242.862	12.017.830	17.234.374	15.958.898	22.179.229
Administración autonómica galega	11.917.728	11.600.232	16.974.021	15.673.173	21.791.050
Entidades locais galegas	82.142	75.921	181.685	162.365	183.404
Administración xeral do Estado	54.252	69.941	69.956	101.624	179.743
Universidades	188.618	270.844	6.927	11.740	112.537
Outras comunidades autónomas	16	282	479	1.041	529
EELL de outras comunidades autónomas	106	610	1.306	8.955	11.966

4.1.1.3.d. *Habilitación de procedementos administrativos*

A habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital supón unha serie de tarefas continuadas relativas a varios dos aspectos de posta en marcha:

- ◆ Revisión da norma que regule o procedemento, e elaboración do informe tecnolóxico-funcional, establecido na normativa vixente, en concreto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público.
- ◆ Configuración nas plataformas tecnolóxicas dos formularios, servizos ou persoas usuarias dos sistemas de información.
- ◆ Actualización continuada dos contidos dos inventarios de información administrativa.

Neste sentido, en 2024 emitíronse 537 informes tecnolóxico-funcionais de habilitación de procedementos (o 100% dos solicitados), e ademais:

- ◆ Configuráronse un total de 651 procedementos, publicándoos na sede electrónica e incorporando as configuración precisas para as novas funcionalidades.
- ◆ Xestionáronse máis de 8.700 permisos de usuarios en aplicacións de Administración Dixital, dos que máis do 72% realizáronse de xeito automático a través do portal AxudoT e os mecanismos de integración co Sistema de xestión integrado e automatizado de autorizacións de acceso a ferramentas transversais de administración electrónica AXUSTE. A finais do ano a porcentaxe de permisos automatizados acadou o 81%.
- ◆ Habilitáronse 3.887 autorizacións de servizos de interoperabilidade a través de PasaXe!. Estas habilitacións conlevan trámites de coordinación e comunicación entre os organismos cedentes e os cesionarios.

4.1.1.3.e. *Aliñar as iniciativas de administración electrónica coas estatais e europeas*

No 2024, traballouse na evolución e adaptación continua para manter operativo o aliñamento das seguintes plataformas e sistemas:

- ◆ Intercambio de expedientes electrónicos a través de INSIDE, orientado á remisión de expedientes administrativos á Administración de Xustiza.
- ◆ Rexistro electrónico de apoderamentos de Galicia e o Rexistro electrónico de apoderamentos estatal, no relativo aos apoderamentos de tipo A.
- ◆ Punto Único de Notificacións.
- ◆ Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) e do intercambio de documentos.

- ◆ Plataforma de intermediación de datos do Estado. Neste ano foi especialmente relevante a colaboración para a posta en marcha das adaptacións normativas no Certificado de Discapacidade.
- ◆ Aliñamento continuado dos catálogos DIR3 e SIA co inventario de información administrativa da Xunta de Galicia.

4.1.1.4. *Rede integrada da presenza da administración pública en internet: portais, canles sociais e aplicacións en mobilidade*


4.1.1.4.a. *Catálogo da Rede integrada da presenza en internet*

O **Catálogo da Rede integrada da presenza na internet** recolle a relación de portais, canles sociais e participativas e aplicacións móbiles do sector público autonómico, así como aqueloutros elementos que poidan formar parte desta rede, da que segundo o establecido no artigo 54.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia *“formarán parte aqueloutras tipoloxías de canles que a evolución dos usos da sociedade e o propio desenvolvemento tecnolóxico permitan, establecendo novos modos de achegamento á cidadanía”*.


Nos últimos anos vén realizándose unha labor de **racionalización** do Catálogo da Rede integrada da presenza na internet co obxecto de dar de baixa aquelas iniciativas que quedaron obsoletas, tratando tamén de conter o número de altas novas. Esta foi a evolución agardada que se produciu en 2024:

- ◆ No que respecta ás redes sociais, que por primeira vez nos últimos anos reducen o seu número no Catálogo. Levouse a cabo unha revisión de canles que xa sen encontraban en desuso ou con moi baixo nivel de actualización, de forma que se produciron baixas no devandito Catálogo, arroxando así un resultado de 432 redes catalogadas a finais de 2023.
- ◆ No que respecta á evolución dos portais web, mantense o ritmo de crecemento mais de forma máis sostida que nas anualidades anteriores. A lixeira subida deste 2024 é un dato positivo, na medida en que encaixa cun modelo máis coherente, simplificado, racional e eficaz do catálogo de portais. Malia as altas producidas en 2024 (que se detallan máis adiante neste informe) tamén se identificaron baixas de portais como consecuencia da integración dalgunhas iniciativas noutras webs preexistentes e da eliminación de portais obsoletos... O número de portais catalogados a finais de 2024 é de 283.

- ◆ No que respecta ás aplicacións móbiles cuxa titularidade, xestión e administración lles correspondan aos órganos do sector público autonómico producíronse 4 novas altas, o que deixa o **catálogo con 39 a finais de 2024**.




- ◆ A seguinte gráfica mostra a situación actual, respecto da **distribución de portais, redes e aplicacións móbiles por departamentos**, a decembro de 2024.



De xeito máis detallado recóllense as principais referencias de 2024 no ámbito do catálogo da presenza en internet.

◆ **No que respecta ás redes sociais.** A finais de 2024 o catálogo de redes sociais da Administración galega en internet (Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia) ascende a un total de **432 iniciativas**, que todas xuntas suman a finais de ano un total de **3.662.125 seguidores** (Facebook, X, YouTube, Flickr, Vimeo, LinkedIn, Pinterest, TikTok...).



Malia que Facebook e X seguen a ser as canles con maior número de seguidores, **Instagram irrumpiu con forza xa en 2022**, pasando dos 46.874 seguidores rexistrados en 2021 a **626.651 en 2024**, e desprazando xa a YouTube á cuarta canle en número de seguidores. As catro xuntas (Facebook, X, Instagram e YouTube) suman **3.356.770 seguidores** que supoñen o **91,7% do total**.

4.1.1.4.b. Catálogo da Rede integrada da presenza en internet – Administración e auditoría

No que respecta á Analítica web, en 2024 continuouse coa alta de novos portais en Google Analytics, a

ferramenta que emprega a Xunta de Galicia para medir e analizar o tráfico web dos portais e servizos corporativos (visitas, interaccións das persoas usuarias coa web, canles de acceso etc.). Recóllense e analízanse as visitas de Máis de 265 portais e servizos web do catálogo da Xunta, e 28 aplicacións móbiles.

Tamén se adaptaron a GA4 os informes estatísticos de Looker Studio; actualmente están a enviarse por correo electrónico **119 informes mensuais**, cara os responsables funcionais de cada consellería ou departamento responsable do comportamento do portal web correspondente. Eses informes son personalizados para cada portal, pero en liñas xerais inclúen datos como evolución do tráfico; número de usuarios; número de páxinas vistas; duración media das visitas; sesións por navegador, por dispositivo e por canles de acceso; páxinas máis vistas; principais fontes (redes sociais e outras webs); buscas máis frecuentes dentro do sitio etc.

En canto ás guías de políticas web corporativas: Coa finalidade de garantir uns criterios comúns que permitan artellar unha presenza na internet ordenada, cunha imaxe coherente e recoñecible pola cidadanía e con información e servizos de calidade, elaboráranse guías de políticas web corporativas en materia de deseño e creación dos elementos que compoñen a Rede integrada da presenza na internet. Co obxecto de manter permanentemente actualizados os documentos que xa integraban a guía, realizáronse as seguintes **revisións de documentos en 2024:**



→ **Actualizado! Políticas para o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos**

Actualización do apartado relativo ao deber de informar. Adecuación do apartado "Información sobre o uso de cookies en portais web e aplicacións móbiles da

administración" á nova Guía sobre Cookies da AEPD.

Actualizado en abril 2024



→ **Actualizado! Políticas para o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos**

Modificación para incluír indicacións respecto ao uso de tecnoloxías de seguimento wifi.

Actualizado en xullo 2024



→ **Actualizado! Políticas de publicación de apps móviles e a súa xestión posterior**

Modificación para incluír indicacións respecto ao uso de tecnoloxías de seguimento wifi.

Actualizado en xullo 2024

En canto ás auditorías, co fin de revisar a súa adecuación ás “Guías de políticas web corporativas” realízanse auditorías periódicas de portais web e aplicacións (usabilidade, accesibilidade, cumprimento das políticas...). As conclusións do grao de cumprimento recóllense en documentos que se trasladan aos equipos responsables do mantemento e mellora continuas destes portais e aplicacións. En 2024 realizáronse as seguintes revisións:

- ◆ **Portais web:** 234 revisións para 113 portais
- ◆ **Aplicacións de xestión:** 204 auditorías para 135 aplicacións

En canto ao **funcionamento da Unidade Responsable de Accesibilidade**, coa entrada en vigor do Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público establecéronse novas disposicións en materia de accesibilidade. A normativa vixente nesta materia esixe que todos os sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles cumpran todos os requisitos de accesibilidade da norma harmonizada EN 301549 V3.2.1 (2021-03) Requisitos de accesibilidade para os produtos e servizos das TIC que ten a súa correspondencia

na Norma UNE-EN 301549:2022. Para garantir o cumprimento destes requisitos dentro do seu ámbito competencial creouse en cada Administración pública unha Unidade Responsable de Accesibilidade (URA), responsabilidade que, no caso da Xunta de Galicia, recae na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Desde o servizo de apoio especializado á Unidade Responsable de Accesibilidade realizáronse en 2024, seguindo o **Plan anual de auditorías** definido para esa anualidade, os seguintes informes de accesibilidade para o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital:

- ◆ **Informes de sitios web: 51**
- ◆ **Informes de apps móbiles: 10**

Asemade, elabóranse e entréganse anualmente ao devandito Ministerio os seguintes informes:

- ◆ Informe de seguimento sobre o cumprimento de requisitos de accesibilidade
- ◆ Informe sobre a atención de queixas e reclamacións
- ◆ Informe de seguimento sobre a promoción, concienciación e formación

4.1.2. Plan de administración e Goberno Dixitais. Sistemas para o emprego público

A finalidade deste programa é acadar a dixitalización completa e eficiente dos procesos relacionados co emprego público: planificación, selección e provisión, avaliación e xestión.

4.1.2.1. Acadar o expediente dixital único do empregado público

O expediente dixital de cada empregado público inclúe a información e os documentos que conforman a historia

laboral e curricular do empregado público na súa relación con esta administración pública.

En 2024, acadáronse os seguintes avances nas capacidades da Canle Dixital do Emprego público, FIDES (<https://fides.xunta.gal>):

- ◆ **Ampliación dos tipos de méritos.** desenvolveuse o formulario de inactividades externas, do grado consolidado e do código de permanencia asociado ós datos da experiencia externa.

- ◆ **Catalogación de méritos.** Púxose en funcionamento a catalogación en función da experiencia e das titulacións.
- ◆ **Validación de méritos.** Incorporáronse funcionalidades para a xestión da documentación presentada presencialmente e para priorizar as tarefas de validación. Ademais, incorporáronse novos estados e fases para a colaboración interna no fluxo de traballo.
- ◆ **Accións de divulgación:** Colaborouse coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de persoal para desenvolver axudas aos aspirantes e profesionais no acceso e mantemento dos datos do seu expediente e a divulgar o contido da regulación do expediente electrónico (<https://www.xunta.gal/funcion-publica/expediente-administrativo>):
 - Espazo no portal corporativo: <https://www.xunta.gal/funcion-publica/expediente-administrativo>
 - A través da EGAP lánzase una primeira edición da acción CV24048 - Canle dixital do emprego público FIDES <https://egap.xunta.gal/fichacurso/index/24313>

Por outra banda, en liña co Programa 1.6 de robotización e automatización, automatizouse a asociación da documentación acreditativa dos méritos que se presenten presencialmente co mérito correspondente en FIDES e a extracción de información dos documentos acreditativos dos méritos e comparación coa introducida polas persoas interesadas.



4.1.2.2. Xestión integralmente dixital dos procesos de emprego público

- ◆ **Na Canle dixital do emprego público, FIDES.** avanzouse na dixitalización de procesos en liña coas necesidades dos procesos en marcha neste ámbito:
 - No 2024 foron especialmente relevantes as tarefas encamiñadas ao apoio na tramitación dos procesos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Así, incorporáronse novas funcionalidades para completar as fases necesarias para finalizar

estes procesos selectivos. Destacan, entre outras, as seguintes evolucións:

- Configuración e execución de baremos provisionais, definitivos e listaxe de aprobados. Ofrecendo aos tribunais e ás persoas participantes información detallada da puntuación obtida.
- Configuración dun perfil específico para os tribunais, que lles permite realizar as tarefas de revisión e atención das alegacións.
- Utilidades para facilitar a xestión de documentos presentados no rexistro presencial e asociación coas inscricións relacionadas e solicitudes
- Permitiu realizar a solicitudes electrónicas de inscrición en listas para cobertura temporal de postos e a comprobación dos requisitos e xestión de alegacións.

FIDES consolídase en 2024 como sistema de ordenación e xestión dos procesos deste ámbito coa presentación electrónica de **144.999 de trámites en 2024.**

- ◆ **No Sistema de Citacións Electrónicas** abordáronse melloras como a integración coa aplicación móbil XuntaEU para o envío de avisos.
- ◆ Así mesmo, continúa o uso crecente do sistema coa realización de máis de **7.152 citacións electrónicas.** Ademais, o **87,53%** das comunicacións enviadas aos inscritos en listas para a cobertura temporal de postos realizáronse electronicamente superando as **135.000 comunicacións.**
- ◆ Para realizar as **adaptacións dos sistemas derivadas dos procesos de funcionamento** colaborouse coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (DXEPAP) na análise de escenarios.

4.1.2.3. Acreditación dixital do persoal empregado público

A Amtega conta con Puntos de Acreditación Dixital (PAD) nas 7 principais cidades de Galicia que atenden tanto a persoal da Administración Xeral como a persoal da Administración de Xustiza, mantendo sempre vixentes os seus medios de acreditación dixital. Concretamente, no 2024 26.670 persoas contan xa con acreditación dixital. A súa distribución é a seguinte:

Tipo de certificado	nº certificados
Empregado público	26.670
Representante	1.485
Pseudónimo	755
Certificado en nube (movilidade)	520



Durante o ano 2024 as actuacións mais destacadas foron as seguintes:

- ◆ Substituíronse máis de 2.500 tarxetas de empregado público para manter a súa certificación como dispositivo seguro de creación de firma (QSCD) no marco do Regulamento Europeo eIDAS. Ademais, incorporáronse medidas entre as que destacan:
 - A **automatización do proceso de personalización e impresión de tarxetas** de empregados, que facilita as solicitudes de tarxeta automáticas mediante a integración co sistema de AXUDOT.
 - A **automatización da xestión de certificados**.
 - A integración cos sistemas de **xestión de persoal docente** para facilitar o proceso de acreditación dixital.
 - Iniciouse un piloto de implantación de **sistemas de vídeo identificación** para a verificación da identidade dos titulares dos certificados.
 - Ampliouse o período de vixencia dos certificados.

Neste período, levouse a cabo unha optimización da comprobación das tarxetas para axilizar a fichaxe e continuouse coa emisión de certificados na nube que permiten que a sinatura a través de dispositivos móbiles.

4.1.2.4. Evolución continua dos sistemas de xestión de recursos humanos

No marco da evolución continuada dos compoñentes da plataforma de xestión de recursos humanos, durante 2024 destaca:

- ◆ A implantación dun sistema de tramitación das Relacións de Postos de Traballo nas Consellerías acompañado dun plan de formación. Dende a súa implantación tramitáronse 50 novas propostas de modificación das que 10 xa están publicadas no DOG.
- ◆ A incorporación no Sistema de planificación e seguimento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de funcionalidades para elaborar automaticamente a oferta a partir da información da ocupación, previsión de xubilacións ou outras necesidades que se detecten, permitindo unha planificación máis eficiente. Un ano máis colaborouse na revisión, normalización e carga dos datos das ofertas publicadas no 2024.
- ◆ En liña coas actuacións do programa 1.7 de xestión intelixente do dato constituíuse un grupo de traballo coa DXEPAP para a evolución dos sistemas de analítica e cadros de mando neste ámbito, acadando os seguintes resultados:
 - Renovación completa do cadro de mando de persoal.
 - Definición dos indicadores relacionados co absentismo e análise dun diccionario común de datos entre os sistemas de xestión de persoal e os de xestión económica.
 - Evolución do deseño do cadro de mando de seguimento de procesos selectivos.





4.1.3. Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia

Ao longo do 2024, os esforzos centráronse en **fortalecer e adaptar o sistema á normativa tributaria específica, tanto a nivel galego como estatal**. Ademais, leváronse a cabo traballos para ampliar e mellorar os sistemas tributarios na relación coa cidadanía, na eficiencia interna e na loita contra a fraude. Así, as iniciativas máis salientables no 2024 foron:

- ◆ **Nova modalidade de pagamento** mediante transferencia bancaria das débedas con Atriga a través de certificado dixital, Chave365 ou co acceso libre.
- ◆ **Evolución do portal atriga.gal** cun novo deseño máis actual e con contidos reestruturados e simplificados.
- ◆ Lanzamento dunha **app móbil Atriga** que incorpora as funcionalidades máis destacadas da Oficina Virtual Tributaria.
- ◆ **Novo departamento de Recadación executiva da delegación de Atriga en Vigo**, que asume as funcións da Zona de Recadación de Vigo.
- ◆ Contémplanse as **solicitudes de prórroga e suspensión no imposto de Sucesións**, concedidas ou denegadas, correspondentes ás solicitudes OVT e ás solicitudes en papel e aplicables ás liquidacións ALISe sen certificado, con certificado ou colaborador social e ás presentacións en papel.
- ◆ Na **Oficina Virtual Tributaria** implementáronse evolucións funcionais e novos servizos electrónicos para determinados tributos.
- ◆ Respecto ao **sistema LECA** simplificouse a solicitude de citas e realizáronse adaptacións para permitir a introdución de teléfonos en formato internacional.
- ◆ No **sistema documental Aport@**, ampliáronse as funcionalidades do expediente tributario electrónico
- ◆ En canto á **automatización de procesos (RPA)**, púxose en marcha na nova plataforma uiPath os procesos en Producción na plataforma inicial BluePrism e traballouse na automatización de procesos do imposto de vehículos.
- ◆ Nas **integracións dos sistemas tributarios** con sistemas terceiros:
 - AEAT-DATOSCYD: fixéronse adaptacións para posibilitar as consultas de datos de censo e domicilio a partir dun NIF, do domicilio ou outros datos do contribuínte.
 - DGT-ATEX: optimizáronse os procesos de consulta de información de vehículos.
 - AEAT IDIRES: integrouse o sistema tributario Xeito coa AEAT para o envío de información relativa ás autoliquidacións do imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e co-incineración de residuos (IDIRES).
- ◆ Na **aplicación Delfos** desenvolveuse o módulo de auditoría dos accesos ao sistema segundo os requirimentos definidos en colaboración coa Atriga. O proxecto de Delfos sufriu un cambio de provedor que comportou un esforzo de traspaso de coñecemento e habilitación do entorno de traballo para o novo provedor.
- ◆ As **medidas de analítica avanzada na detección do fraude** puxéronse a disposición da Atriga e acometéronse as tarefas de avaliación detallada da súa idoneidade.
- ◆ **Evolución da área tributaria do Sistema de Información Analítica:**
 - Avanzouse na análise da información necesaria para abordar a evolución do módulo de ingresos.
 - Púxose a disposición dos usuarios finais a obtención do modelo A27.
 - Rematouse a análise das devolucións de ingresos que, polas súas características, precisa dun desenvolvemento específico.
 - Aumentouse o grupo de indicadores tributarios das zonas de recadación, orientados a cubrir as novas necesidades de Información.
 - Creáronse novos Cadros de mando para ATRIGA.
 - Elaborouse un plan para a formación e transferencia de coñecemento a usuarios.



4.1.4. Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable

Neste ano 2024 avanzouse na **dixitalización dos sistemas de información económico-financeiros e contables que prestan servizos horizontais á administración xeral da Xunta de Galicia e ás entidades do sector público autonómico.**

1. Para a **xestión dixital económico-financeira e contable**, destacan as actuacións levadas a cabo nos seguintes sistemas:

SISTEMAS DE INFORMACIÓN CONTABLE:

- ♦ **Adaptación a nova estrutura** orgánica da Xunta de Galicia
- ♦ **Implementación da nova situación fiscal** "DC-Deficiencia en información contable"
- ♦ **Adaptación do rexistro de entidades do sector público** autonómico de Galicia aos requirimentos definitivos

SISTEMAS DE PLANIFICACIÓN ORZAMENTARIA:

- ♦ Mellora da información do orzamento agregado permitindo distribuílo por grupo de gasto e incorporando información do orzamento básico e da proposta do xestor.
- ♦ Desvinculación da codificación da clasificación económica de ingresos da codificación da sección orzamentaria e da liña de actuación.
- ♦ Integración co sistema contable para automatizar a actualización dos números de operación contable dos documentos de gasto.
- ♦ Separación dos capítulos IV e VII no procedemento de xeración automática de ingresos por tipo de financiamento e modalidade.

SISTEMAS DE XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS:

- ♦ Posto en produción o novo sistema de información de xestión e certificación do novo período comunitario 2021-2027.

Noutros ámbitos:

- ♦ **Nos Sistemas que conforman o Nodo de Contratación electrónica de Galicia 82** incorporouse a tramitación das consultas preliminares de mercado e dos anuncios previos de licitación, avanzouse na interconexión do Nodo cos sistemas internos e externos e realizáronse actualizacións tecnolóxicas para mellorar a seguridade dos sistemas.
- ♦ **No ámbito dos recursos humanos e da xestión das nóminas dos empregados**

públicos púxose en funcionamento o Sistema para a Tramitación das Indemnizacións por Necesidade do Servizo e avanzouse no control da temporalidade.

- ♦ **No ámbito do Inventario de Patrimonio** realizáronse actuacións co obxecto de mellorar a xestión do bens histórico-artísticos.

SISTEMA DE INFORMACIÓN ANALÍTICA

Ao longo do exercicio fixéronse numerosas actuacións de mantemento e mellora dos elementos de SIAN relacionados coa **área económico-financeira**:

1. Incorporáronse novos importes de ingresos á área de contabilidade.
2. Consolidouse a xeración automática de cadros do CIMCA a partires dos cubos de contabilidade.
3. Depuráronse e melloráronse os datos da área de Fondos e creación de novos informes.
4. Incorporouse unha nova dimensión "Consellerías e Organismos" no cubo do orzamento homoxeneizado.
5. Incorporouse á área de orzamentos dos datos de grupos de gasto.
6. Asociáronse códigos BDNS (base de datos nacional de subvencións) ás operacións contables relacionadas con subvencións.
7. Implantouse un cadro de mando para o seguimento da execución Orzamentaria na Amtega.

En canto a **área de recursos humanos**, realizáronse numerosas actuacións enfocadas principalmente á mellora da calidade dos datos.

1. Incorporáronse táboas de agregado de efectivos e de incidencias ao proceso de carga de datos desde o operacional.
2. Ampliouse o conxunto de validacións de datos durante o proceso de carga e novo mecanismo de comunicación de discrepancias aos responsables do operacional.
3. Realizáronse correccións e melloras no tratamento dos datos de incidencias.
4. Creáronse novos informes.
5. Adaptouse o SIAN aos procesos de cambios de NIF en BREIXO.
6. Realizáronse tarefas de incorporación dos datos do SERGAS á nova versión da área de recursos humanos en SIAN.
7. Mellorouse e consolidouse o cadro de mando de recursos humanos.

4.1.5. Plan Senda 2025: Xustiza Dixital

O Plan Senda 2025 constitúe a folla de ruta da transformación dixital da Administración de Xustiza en Galicia, consolidando os avances tecnolóxicos acadados e impulsando novas medidas baixo os principios de eficiencia e eficacia. Esta iniciativa busca garantir unha xustiza máis próxima, áxil e transparente, reforzando a confianza cidadá no sistema xudicial e facilitando a resolución de conflitos mediante ferramentas dixitais innovadoras. Enmárcase no III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia, sendo unha peza clave para acadar unha xustiza plenamente dixital e centrada nas persoas.

4.1.5.1. Dotar de medios para a atención a cidadanía.

O grado actual de madurez dixital da **Administración de Xustiza en Galicia** permite avanzar na relación de xeito dixital coa cidadanía e cos profesionais que a representan: avogados/as, procuradores/as e graduados/as sociais.

Nesta actuación recóllense os **servizos que se puxeron en marcha ou consolidaron ao longo do ano 2024**.


4.1.5.1.a. Sede Xudicial Electrónica

A **Sede Xudicial Electrónica da Administración de Xustiza en Galicia** (<https://sede.xustiza.gal>) é a canle de comunicación electrónica segura entre a cidadanía e a Administración de Xustiza e incorpora, ou está en proceso de incluír, a información e servizos electrónicos establecidos no *Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, e, segundo se recolle na Orde de 22 de setembro de 2016 pola que se crea e regula a Sede Xudicial Electrónica de Galicia*, o seu ámbito de aplicación esténdese á totalidade de oficinas xudiciais e fiscais con servizo de rexistro e repartición de Galicia.



No ano 2024, destacan:

- ♦ **A consolidación da compartición do EXE** cos colectivos profesionais (avogados, procuradores, etc.). A descarga inclúe un visualizador para facilitar o acceso a estrutura do expediente.
- ♦ **Novos perfís profesionais con acceso aos servizos da Sede electrónica Xudicial.** Habilitouse o acceso á consulta e descarga do EXE, a novos perfís como os administradores concursais e tamén aos avogados pertencentes aos diferentes colectivos non nominativos que se relacionan coa Administración de Xustiza en Galicia como os avogados do Estado, os servizos xurídicos da Xunta de Galicia ou do Sergas, etc. Para elo creouse o censo de profesionais destes colectivos a nivel autonómico que logo será integrado no modelo estatal.
- ♦ **Notificacións electrónicas:** Na área privada de persoas físicas e xurídicas habilitase a comparencia en sede das notificacións electrónicas emitidas polos órganos xudiciais. O envío de notificacións electrónicas faise dende o sistema de xestión procesual. A notificación enviada queda dispoñible: no sistema de notificacións electrónicas de Galicia (notifica.gal), na sede xudicial electrónica, e na dirección habilitada única (DEHU).



- ◆ **Presentacións electrónicas:** Aínda que no 2024 non se incorporaron novos tipos de procedementos a presentar de forma electrónica por parte dos cidadáns/ás, si se ampliaron as accións de formación, acompañamento e soporte aos usuarios en liña co notable incremento do uso deste servizo.

4.1.5.1.b. Sistema de información para as oficinas de atención ás vítimas do delito (OAVD)

As **Oficinas de Atención ás Vítimas (OAVD)** son equipos multidisciplinares formados por un psicólogo e un traballador social para **prestar atención e asistencia ás vítimas dos delitos**. Teñen como obxectivo xeral prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas e dar resposta ás necesidades específicas no ámbito xurídico, psicolóxico e social. Configúranse como un servizo público e gratuito para protexer adecuadamente a intimidade e dignidade da vítima e evitar o risco da súa revitimización ou vitimización secundaria. Radican nos “Servizos Comúns de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima” e dependen dos Decanatos das sete cidades galegas.

En Xuño entrou en funcionamento o **novo sistema de información para o apoio ás 7 OAVDs**. O sistema proporciona aos profesionais, psicólogos e traballadores sociais, as seguintes capacidades que facilitan á atención e seguimento das persoas atendidas:

- ◆ **Rexistro de vítimas**, cos datos relevantes para a identificación da vítima, e a creación do identificador do número de historia da vítima.
- ◆ **Rexistro e seguimento de expedientes de actuación asociados ás vítimas**, así como as intervencións realizadas polos profesionais durante tódalas fases do proceso relativas ó expediente.
- ◆ **Derivación de expedientes entre oficinas**, permite o traslado do expediente entre oficinas en caso de que unha vítima cambie de domicilio.
- ◆ **Seguimento da actividade das oficinas**, permite a obtención de datos estatísticos relativos á actividade realizada en cada oficina ou a nivel global, proporcionando indicadores para o apoio á toma de decisión.

4.1.5.1.c. Instituto de Medicina Legal

O sistema de información que da soporte á actividade do Instituto de Medicina Legal de Galicia: SIMELGA está en continua evolución, co obxecto de incrementar as funcionalidades dispoñibles para os seus usuarios, avanzar na integración da información que corresponda no expediente xudicial electrónico e mellorar a eficiencia no desempeño da labor dos profesionais que o utilicen.

As evolucións levadas a cabo neste sistema durante o 2024 estiveron principalmente orientadas á dixitalización eficiente de determinadas tarefas, á xeración de novos informes e a implementación de módulos para a xestión e seguimento da actividade, destacando:

- ◆ **Libro de autopsias dixital:**

- Implantación dun novo módulo para o **rexistro** do libro de autopsias, que permite a dixitalización do mesmo, prescindindo do modelo de libro manuscrito.
- Automatización mediante tecnoloxías de automatización (RPA) da comunicación ao INE da declaración de autopsias.

Este proceso de dixitalización permite dispoñer de información para unha xeración máis áxil dos informes relacionados e a redución do tempo de remisión ao Instituto Nacional de Estadística (INE) da información de autopsias, pasando dun desfase temporal de meses, a acadar unha media de 3,5 días dende o rexistro no libro dixital ata a comunicación ao INE.

- ◆ **Acceso ó Expediente Xudicial Electrónico (EXE)** a través da aplicación Visor EXE: o IMELGA constitúese como un dos novos perfís que pode acceder ao Visor para consulta os arquivos conforman o Expediente Xudicial Electrónico.
- ◆ E outras funcionalidades como os informes de valoración de dano, ou o sistema de seguimento de actividades.

A iniciativa do **Libro de Autopsias Dixital** e a súa combinación coa aplicación de tecnoloxías de automatización (RPA) para a comunicación ao INE das autopsias, foi merecedor do **I Premio da VI convocatoria 2024 dos Premios ao Empregado/a Público Innovador/a**, entregado en decembro 2025. Premio recollido polo Imelga e a Amtega.



4.1.5.1.d. O Rexistro Civil

O novo modelo de Rexistro Civil promulgado na Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil que entrou en vigor en abril de 2021, supón un cambio radical, no que se pasa dun modelo centrado nos feitos a outro centrado nas persoas, único e totalmente electrónico en todo o territorio español. O sistema de tramitación dos procedementos rexistrals pasa a ser completamente electrónico, tendo validez as transaccións dixitais, eliminando a dependencia do papel, e facendo un sistema moito máis seguro e adaptado ás necesidades do século XXI.

O proceso de implantación do novo sistema de Rexistro Civil estase a levar a cabo en todo o territorio español coordinado dende o Ministerio de Xustiza. Co avance en 2024, en liña cos obxectivos establecidos a nivel estatal, e as actividades realizadas previamente en 2023, completouse a implantación en **31 rexistros civís cabeceira de partido xudicial e 189 oficinas colaboradoras (xulgados de paz), que inclúen aos partidos xudiciais de maior poboación en Galicia.**

Dentro deste proceso en 2024 leváronse a cabo:

- ♦ En canto ás actividades de capacitación realizáronse 382 actividades de capacitación no uso do sistema e nos medios en posto de traballo.
- ♦ En canto á revisión e dotación de medios TIC, Abordouse a renovación de 109 postos de traballo, e 94 equipos multifunción A3/A4. Habilitáronse 399 escritorios virtuais na plataforma de virtualización de escritorios.
- ♦ Complementariamente levouse a cabo, en proxecto conxunto entre o Ministerio de Justicia e a Comunidade Autónoma, a dixitalización dos libros de rexistro civil en xulgados de paz nesta etapa iniciouse en outubro de 2023 e finalizou en xullo de 2024. Dixitalizadas 724.390 inscricións recollidas 2.796 tomos, 26 partidos xudiciais e 76 concellos.



4.1.5.2. Consolidación do Expediente Xudicial Electrónico

O Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro impulsa a **consolidación do expediente xudicial electrónico (EXE)**. Para dar cumprimento a totalidade de requirimentos establecidos no dito RD 6/2023 e asegurar o uso e xestión adecuada do EXE en todos os órganos xudiciais e preciso continuar levando a cabo un conxunto de iniciativas, das que no ano 2024 destacan:

- ♦ Implantación masiva da **xeración e consolidación do índice do expediente xudicial** electrónico que garante a integridade do expediente e a fiabilidade da información, con plenas garantías de completitude e integridade. O índice inclúe os documentos definitivos, as gravacións das vistas e os expedientes administrativos recibidos desde os distintos organismos públicos para ese expediente xudicial. A fin de 2024 108.009 expedientes teñen o índice electrónico consolidado, fronte aos 13.166 que o tiñan ao fin de 2023.
- ♦ Continuación co impulso de implantación das iniciativas orientadas á interoperabilidade e comunicacións electrónicas con terceiros:
- Recibíronse, 15.285 expedientes administrativos dende de 220 organismos distintos da administración pública, sendo o Instituto Nacional da Seguridade Social o organismo que fai un maior uso do servizo, con 9.988 expedientes presentados telematicamente ao longo de 2024
- Itineráronse de xeito electrónico desde Galicia 314 expedientes ao Tribunal Supremo, o que supón un 3,5 veces máis expedientes que no 2023.
- Realizáronse 10.424.257 comunicacións electrónicas a través de Lexnet, con 614 caixas de correo de Lexnet en uso para a relación coas seguintes institucións ou colectivos.
- Aliñado coa activación de WASMIN púxose en marcha o envío a través de SIR por parte dos órganos xudiciais no último trimestre de 2024, 842 comunicación electrónicas enviadas a Administracións Públicas a través desta canle.
- ♦ **Desenvolvemento do Novo explorador do EXE (ViaEXE)**, que permitirá visualizar e traballar cos documentos dunha forma máis intuitiva e eficiente, ademais de mellorar a exploración dos mesmos permitindo a procura áxil de palabras, intervenientes, referencias

normativas ou calquera outra información que sexa de interese buscar dentro dun expediente xudicial. Poráse nas sedes xudiciais en 2025.

- ◆ No 2024 asináronse un total de **5.240.213 documentos**, cunha **media de documentos asinados por día laborable de 23.582**, o que supón sobre un 14% máis ao asinado diariamente no 2023.



Infografía

Gravacións de actos procesuais. **Máis de 340.706 vídeos integrados no Visor**, dos cales, preto de **100.632 foron textualizados** mediante tecnoloxías de tratamento da linguaxe natural, quedando tanto o vídeo como a súa textualización dispoñibles no **visorEXE**

Por outra banda, en 2025 fíxose un moi importante esforzo na reestructuración do modelo de base de repositorios xudiciais que permitan garantir a sostibilidade dos sistemas. Fundamentalmente dúas actuacións:

- ◆ Ata o ano 2023, o sistema de xestión procesual Minerva estaba implantado en Galicia en 50 instalacións illadas, asociadas cada unha delas aos xulgados de cada partido xudicial, as audiencias provinciais e ao Tribunal Superior de Xustiza. A consolidación do expediente xudicial electrónico e a necesidade de avanzar na interoperabilidade e a compartición de expedientes, requiriu reformular esta distribución. En 2023 definiuse unha nova estrutura de distribución de do sistema de xestión procesual en 7 únicas instalacións e preparáronse os procesos técnicos. Abordáronse **25 actuacións de unificación de repositorios entre abril e decembro de 2024**. O proceso ten data de finalización planificada en maio de 2025.



- ◆ O crecente volume de documentos, obxectos dixitais e información que compoñen o expediente xudicial electrónico, determinou en 2023 á necesidade de abordar un novo modelo de xestión do backup, que permitise manter os tempos requiridos par a realización das copias de seguridade ou para a restauración do servizo, no caso de producirse algún problema grave na infraestrutura. Abordouse a substitución da infraestrutura existente por un sistema tipo Scale-Out. Este proceso de substitución da infraestrutura que se levou a cabo **ao longo de todo o 2024, entre marzo e decembro**, requiriu unha intervención en cada partido xudicial para a migración gradual dos datos e documentos á nova infraestrutura, así como a reconfiguración da plataforma de administración xudicial electrónica ao novo modelo de consumo dos datos.

4.1.5.3. Posto dixital avanzado para o persoal empregado público da Administración de Xustiza

O parque da Administración de Xustiza está constituído por aproximadamente 5.000 equipos, e 2.440 máquinas de dixitalización e impresión.

En 2024:

- ◆ **Dotación/renovación** de 274 equipos, orientados a completar o plan de renovación de postos en diferentes ámbitos. (206 nos postos destinados ao persoal funcionario da Administración de Xustiza; 40 novos equipos portátiles para os Xuíces e Maxistrados das Vilas, concluíndo coa renovación de postos deste colectivo; Dotación de equipos portátiles en 28 postos para o Xuíces e Maxistrados nas salas de

vistas conforme ao novo modelo establecido para as salas de vistas dixitais).

- ◆ Acceso ao sistema escritorios virtuais (VDI): ampliouse o número de persoas usuarias que dispoñen de escritorio virtual nun 33%, chegando a un total de 2.563 usuarios.



- ◆ No contexto do proxecto de mellora continua dos medios de impresión e dixitalización na Administración de Xustiza en Galicia mobilizáronse 79 equipos de dixitalización e impresión novos distribuídos polos diferentes órganos xudiciais do territorio galego.
- ◆ No caso dos xulgados de paz levouse a cabo un proxecto de renovación de postos fixos en xulgados de paz e renovación de equipamento de impresión, con motivo da implantación do proxecto DICIREG.: Renovación de 94 equipos multifunción A3/AU; renovación 34 equipos de sobremesa; dotación 75 postos de traballo con monitor auxiliar.


- ◆ Aliñado co resto de políticas corporativas que se aplican en materia de ciberseguridade na Xunta de Galicia, pero tendo en conta as particularidades e a especialización a aplicar na Administración de Xustiza, leváronse a cabo no ano 2024 unha serie de actuacións de dotación e implantación de ferramentas tecnolóxicas, hardware e software, que procuran reforzar a seguridade tanto a nivel de postos de traballo, como das infraestruturas utilizadas no ámbito xudicial, tal e como xa se describiu en máis detalle no capítulo anterior.

4.1.5.4. Capacitación e acompañamento ás persoas usuarias

De xeito continuado, a consolidación da Administración Xudicial Electrónica vai acompañada dos programas de capacitación e implantación personalizados por colectivos e iniciativas a implantar.

Durante o ano 2024, realizouse un esforzo moi significativo nesta materia, destacando as actividades relacionadas co **plan de implantación dos sistema DICIREG no Rexistro Civil**, no que se inverteron un 38% das horas impartidas en capacitación o longo do ano, o **plan de Compartición do Expediente Xudicial Electrónico a través da Sede Xudicial Electrónica**, que contou cun plan de implantación nos órganos xudiciais e outro para os profesionais externos, no que se colaborou cos colexios profesionais de Galicia e no que se inverteron un 6% das horas impartidas.

Por último, o plan de reforzo de Salas Dixitais que supón un 4% das horas de capacitación do 2024.



Evolución interanual

No ano 2024 invertéronse 3.306 horas na impartición de actividades de capacitación e implantación, facendo un aproveitamento dos recursos que logrou aumentar o número de asistentes nun 15%, chegando as 7.584 asistencias.

Este aumento da asistencia foi impulsado principalmente pola participación online nas actividades, un 47% maior que no 2023.



As principais canles de acompañamento na capacitación e implantación son a Plataforma de Capacitación Xustiza Dixital e as sesións en directo, tanto en modalidade videoaula como presencial. Durante o ano 2024, realizouse unha evolución da Plataforma de Capacitación Xustiza Dixital, principalmente relativa á súa estrutura co obxectivo de facilitar o seu uso e a súa accesibilidade.

Dentro das capacitacións impartidas no ano 2024, estas poden repártense entre os seguintes ámbitos:

- ♦ **Benvinda a novas incorporacións.** Durante o ano 2024 levouse a cabo unha renovación do contido da Plataforma de Capacitación Dixital dirixido ás novas incorporacións, adaptando o seu contido as necesidades dos destinos máis habituais: órganos xudiciais e a fiscalía.
- ♦ **Actividades de autocapacitación.** Sesións de autocapacitación de materias xerais xestionadas

a través da Plataforma de Capacitación Dixital, con máis de 2.910 accesos por parte de usuarios no 2024. Entre estas actividades destacan as relacionadas co envío directo de notificacións e comunicacións AAPP dende MINERVA (646 usuarios), as de notificacións electrónicas a través de Minerva (278 usuarios) e as de DICIREG, dirixidas as oficinas xerais e colaboradoras (323 usuarios).

- ♦ **Sesión de capacitación en directo,** actividades de capacitación e implantación en directo, a través de asistencia presencial ou videoaula, sobre diferentes ámbitos. Entre elas, destaca a Implantación de DICIREG, plan no que, como xa se comentou anteriormente, máis recursos se inverteron o longo de 2024.

Agregando a información de todas estas liñas de capacitación realizáronse en 2024:



↑
964

sesións totais 12%
mais que en 2023



↑
509

sesións online 16%
mais que en 2023



↑
455

sesións presenciais 7%
mais que en 2023

As que asistiron:



↑
964

asistenciais totais 15%
mais que en 2023



↑
509

asistenciais online
(17 asistenciais/sesión
de media) 47% mais
que en 2023



↓
455

participacións
presenciais (3
asistenciais/sesión de
media) 41% menos que
en 2023




4.1.5.5. Atencións ás persoas usuarias

O **Centro de Servizo a Usuarios de Xustiza (CSU)**, atende ou canaliza a atención das incidencias, peticións e consultas trasladadas polo persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia no uso das solucións ou medios TIC postos á súa disposición. Está estruturado en un servizo de **atención telefónica e soporte remoto** (Primeiro e segundo nivel de soporte), técnicos de soporte in-situ ubicados nas sedes xudiciais das 7 cidades e un **equipo especializado en medios audiovisuais**. A súa actividade inclúe tanto a prestación do servizo de soporte como a participación nos procesos de implantación vinculados tanto a dotación de medios tic (posto de traballo, equipamento multimedia, ...) coma a implantación dos sistemas de información. O CSU está adicionalmente apoiado por equipos especializados de soporte de segundo e terceiro nivel, expertos en temáticas específicas e ámbitos tecnolóxicos concretos.

No ano 2024 o CSU de Xustiza atendeu **116.741 contactos (chamadas, correos, ...)**, que se converteron nun total de **65.024 casos de atención, incidencias ou peticións, cun 64,10% de resolución en menos de 24 horas**.

Coa seguinte distribución por ámbitos:



O CSU opera de xeito continuado (24 horasx7) baixo un modelo definido de mellora continua en base ás mellores prácticas de ITIL, e cos procedementos e ferramentas determinados de xeito transversal para este tipo de servizos na Amtega. Neste proceso

de mellora continua, durante 2024 abordáronse as seguintes liñas de actividade:

- ◆ Mellora nos procesos de soporte respecto á priorización de situacións críticas reforzando o seguimento e coordinación cos distintos equipos de soporte para reducir os tempos de resolución e resposta aos usuarios.
- ◆ Impulso da uso da canle autoservizo AXUDOT <https://axudot.xunta.gal> facilitando a xestión directa e áxil de incidencias e peticións mediante a habilitación de novos formularios relacionados cos casos máis habituais, fomentando o enfoque shift-left, por exemplo, peticións operativas de xestión de posto de traballo.
- ◆ Automatización de procesos cun alto volume de casos e un proceso moi claro e definido, relacionados coa xestión de usuarios, tal e como se presentou no apartado 13.
- ◆ Soporte presencial durante a celebración de actos de especial relevancia e apoio no proceso de implantación do novo modelo de salas de declaracións.
- ◆ Apoio ao elaboración de contidos para os usuarios/as e participación en sesións de capacitación co fin de aportar unha comprensión práctica máis ampla da organización e procesos.

4.1.5.6. Apoio a procesos extraordinarios

En 2024 destacan os seguintes procesos de carácter extraordinario nos se levaron a cabo actuacións de apoio en diferentes ámbitos:

- ◆ **A celebración da vista polo xuízo da causa do "caso Samuel"**, nas dependencias da Audiencia Provincial da Coruña, na Fábrica de Tabacos. Dando apoio na preparación da sala e conexión cos medios para a difusión, así como apoio continuo durante a duración para a xestión da gravación e a prestación do servizo de soporte para a xestión dixital do expediente durante as celebracións das sesións.



GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DIXITAL EN CIFRAS

Administración e goberno dixital

- ♦ O 86,23% das entradas no sistema único de rexistro realizáronse por canles electrónicas.
 - ♦ Na sede electrónica da Xunta de Galicia realizáronse 1.495.954 presentacións, por parte de máis de 474.000 persoas interesadas.
 - ♦ Creáronse na carpeta cidadá máis de 819.000 expedientes correspondentes a 530 procedementos distintos xestionados en 64 sistemas de tramitación.
 - ♦ A app XuntaEu superou ás 55.000 descargas.
 - ♦ Dixitalizáronse máis de 951.000 documentos nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
 - ♦ O catálogo da presenza da administración pública en internet está constituída por 432 canles sociais, 283 portais e 39 aplicacións de mobilidade
 - ♦ 39 aplicacións móbiles, que en 2024 acadaron un total de 676.561 descargas nos markets.
 - ♦ Catálogo de datos do portal Open Data da Xunta de Galicia: 513 datasets dispoñibles, 37 máis que os que había a finais de 2022. •
- En canto aos sistemas transversais para unha administración dixital:



• Máis de 11,2 millóns de documentos asinados na plataforma de sinatura electrónica, dos que máis de 390.000 asináronse con certificados "na nube".



• A través da plataforma de intermediación de datos PasaXe! realizáronse máis de 22 millóns de consultas ou verificacións de datos. A plataforma dispón de 132 servizos de interoperabilidade de 27 organismos.



• Máis de 28 millóns de documentos electrónicos incorporados no arquivo electrónico administrativo.



• Configuráronse 26 novas convocatorias de procedementos administrativos no sistema de tramitación de expedientes TRAMIT@, alcanzando os 74 procedementos publicados. Xestionáronse 44.163 novos expedientes administrativos, destacando os 20.819 no procedemento BS412A Bono Concilia e 5.295 no MR515I Axudas á IXP Ternera Gallega.



• A plataforma de tramitación Wanda xestionou 107.782 expedientes de 160 procedementos distintos, e acadou os 491 usuarios activos na plataforma.



• Emitíronse 537 informes tecnolóxico-funcionais de habilitación de procedementos (o 100% dos solicitados). Configuráronse 651 procedementos, publicándoos na sede electrónica. E xestionáronse máis de 8.700 permisos de usuarios en aplicacións de Administración Dixital-





Xestión dixital financeira e contable

- ◆ Incorporada a valoración catastral dos bens.
- ◆ Novos informes para a xestión dos IBI.

Xestor de expedientes de contratación



PLATION

Incorporada a tramitación dos encargos a medios propios e dos diálogos competitivos, xunto coa xestión das Declaracións de conflito de interese (DACI). **2.083 expedientes iniciados** e **1.685 expedientes tramitados**.

Plataforma de Contratos Públicos de Galicia



CPG

Adaptada á nova normativa da plataforma de contratación do Estado. **197.357 contratos menores publicados**, **14.955 procedementos publicados** e **6.879 subscritores** de avisos.

Sistema de Licitación Electrónica



SILEX

Incorporada a tramitación dos diálogos competitivos e evolución da xestión das fases na configuración dos sobres e adaptación dos procedementos negociados e restrinxidos. **4.541 procedementos publicados**, **10.773 ofertas presentadas** e **155 entidades** usaron o SILEX.

Sistema electrónico de Facturación



SEF

Mellorado coa implementación dun novo servizo web para o intercambio de estados de facturas con XUMCO, actualización á versión Facturae 3.2.2. e evolución tecnolóxica do portal externo de provedores. **861.773 facturas presentadas** e **15.804 provedores** presentaron facturas.

Rexistro xeral de Contratistas



RXC

Novo servizo web para a obtención de datos de contratistas e certificados de inscrición, fianzas e apoderamento; xunta coa incorporación de novas comunicacións con Pasaxe para obter de forma automática o estado das obrigacións tributarias dos contratistas rexistrados na seguridade social e Atriga, así como dos certificados de inscrición das prohibicións caducadas e das prohibicións manuais. **17.762 certificados emitidos** e **262 novos contratistas**.

- ◆ Nodo de contratación electrónica:

226.278

Expedientes de
contratación publicados

12.091

Ofertas electrónicas
presentadas

1.014.862

Facturas tramitadas

Axencia Tributaria de Galicia

- ◆ Lanzado un novo servizo de axuda á cidadanía para a confección da autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas (Modelo 620).
- ◆ Activada Chave365 como unha nova modalidade de acceso á Oficina Virtual Tributaria (OVT).

Emprego público



En **FIDES**, canle dixital dos procesos de emprego público, 144.999 presentacións electrónicas dos distintos trámites e procesos habilitados en 2024.

Configuración da fase de baremo de **218 procesos selectivos**.

No Sistema de Citacións rexistráronse **7.152 citacións**. O **87,53% das comunicacións enviadas** aos inscritos en listas para a cobertura temporal de postos realizáronse electrónicamente superando as 135.000 comunicacións.

26.670 persoas empregadas públicas contan con acreditación dixital, incluíndo certificados de pseudónimo, certifica do de representante, certificado en dispositivos centralizados.... O número total de certificados xestionados é de 29.430.

Posto dixital avanzado do persoal empregado público e atención ás persoas usuarias



- Ao fin de 2024, xestionanse baixo criterios corporativos **19.032 postos de traballo** e **3.117 equipos de impresión**.
- **Renovouse** ou mellorouse o equipamento de **2.190 postos**.
- **2.488 persoas** usan xa o VDI
- **Dotouse o equipamento especializado** de videoconferencia en 69 salas distribuídas por diferentes edificios administrativos.
- **Iniciouse o proxecto de migración a Windows 11**, de forma que a finais de 2024 un total de 4.329 postos foron xa migrados a Windows 11 (23% do parque xestionado).
- **No ámbito da atención ás persoas usuarias atendéronse un total de 242.593 contactos**, cun valor anual de **chamadas atendidas superior ao 95%**, mellorando a porcentaxe de tickets resoltos satisfactoriamente en menos de 1 hora, chegando ao 53%.

Plataforma de automatización de procesos



Plataforma de Automatización: **activadas 23 automatizacións** (4 utilizando tecnoloxías de tratamento intelixente de documentos, IDP) de 9 ámbitos funcionais.



244.000 elementos procesados por estas automatizacións, cunha estimación equivalente de 21.500 horas de traballo operativo.



Compoñentes transversais



66 millóns de avisos canalizados a través dun compoñente transversal de AVISOS, dos que 3,3 millóns foron mensaxes SMS e 62,1 millóns foron notificacións PUSH enviadas a APPs móbiles. O crecemento anual é do 10% no número de avisos.

- **3,7 millóns de documentos creados en formato editable** e/ou en PDF cun compoñente transversal de INFORMES a partir dos datos que xestionan outras ferramentas informáticas administrativas. O crecemento anual é do 51% no número de documentos.
- Máis de **300 ferramentas informáticas** que fan uso dun compoñente transversal P_AUTORI para xestionar a autorización centralizada de usuarios. O crecemento anual superou o 500%.

Xustiza Dixital



En canto ao expediente xudicial electrónico:

- **108.009 expedientes** teñen o índice electrónico consolidado, fronte aos 13.166 que o tiñan ao fin de 2023. En 120 órganos está activada compartición do expediente a través da Sede Xudicial Electrónica.
- **Máis xde 5,2 millóns de documentos** asinados en 2024 e unha media duns 23.582 documentos asinados por día
- **Máis de 340.706 vídeos integrados** no Visor, dos cales, preto de 100.632 foron textualizados mediante tecnoloxías de tratamento da linguaxe natural.
- **Recibíronse** nos órganos xudiciais preto de **12.400 expedientes administrativos** procedentes de uns 200 organismos distintos de diferentes administracións.
- **Enviadas 14.322 notificacións electrónicas** xurídicas a través de Notific@, DEHú e comparecencia en sede xudicial electrónica dende 45 órganos xudiciais (nos que se puxo a disposición esta posibilidade).

Na sede xudicial electrónica presentáronse **20.360 escritos** de **1.145 cidadáns/ás distintos**, o que representa un incremento do **47% con respecto ao ano pasado**.

100% das salas, 209, dispoñen xa de equipamento dixital. Unido a 20 salas de declaracións, e 1 sala Amable adecuada aos novos estándares.

Dotación de conexión WIFI nas sedes xudiciais, xa dispoñible en 57 edificios de xulgados e audiencias.

Renováronse **274 postos de traballo** e **79 equipos de impresión**. O sistema de escritorios virtuais (VDI) ten configura dos escritorios de **2.563 usuarios**

No ano 2024 celebráronse **964 actividades de acompañamento** o u capacitación, que supuxeron **3.306 horas de actividades**, e con **7.584 asistencia individuais**

O CSU de Xustiza atendeu O CSU de Xustiza atendeu **116.741 contactos** (chamadas, correos, ...), que se converteron un total de 65.024 casos de atención.

4.1.6. Programa de Robotización e Automatización

En 2023 púxose en marcha a **Plataforma de automatización intelixente de procesos da Xunta de Galicia**, que ten como finalidade a incorporación das tecnoloxías de automatización RPA e servizos cognitivos de intelixencia artificial para a optimización da execución de procesos con alta carga de actuacións manuais e repetitivas.

A Plataforma, financiada polos fondos aportados polo Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR), dentro do C11.I3 – Transformación dixital e modernización das administracións das CCAA, combina as tecnoloxías de automatización robótica de procesos (RPA, Robot Process Automation), combinadas con técnicas de automatización intelixente (técnicas de IDP, OCR, interpretación de imaxes, e outras tecnoloxías cognitivas e de intelixencia artificial) existentes na actualidade. Esta combinación permite a evolución do software RPA conseguindo que os automatismos ademais de realizar tarefas determinísticas, sexan capaces tamén de entender, interpretar, ver, oír, comunicarse cos humanos etc.

4.1.6.1. Posta en marcha da Plataforma de automatización intelixente de procesos da Xunta de Galicia

No 2024 consolidouse a infraestrutura e procedementos de goberno e operación da **Plataforma de Automatización de procesos (RPA)** na Xunta de Galicia incorporando novas capacidades:

- ◆ Incorporación da utilización de **servizos cognitivos e intelixencia artificial xenerativa**, establecendo os mecanismos técnicos e de seguridade precisos na plataforma e incorporando a análise de riscos e a avaliación de impacto na metodoloxía de traballo para garantir a seguridade e a protección de datos.
- ◆ A incorporación destes procesos no determinísticos na plataforma supón a necesidade de dispoñer de sistemas de validación para que o persoal empregado público poda supervisar e validar o traballo realizado polos robots. Para isto, implantouse a **estación de validación VALIA** que permite esta interacción entre os robots e as persoas.
- ◆ **Desenvolvemento e posta en marcha dos cadros de mando** de seguimento da execución e impacto dos procesos de automatización.

En canto a difusión sobre a plataforma, no 2024 abordáronse as seguintes accións:

- ◆ Para difundir a información entre os empregados públicos publicouse un espazo na intranet: <https://intranet.xunta.gal/automatizacion-intelixente/que-e>



- ◆ No marco de colaboración coa EGAP impartíronse dúas edicións do **curso "CV24046 - Administración dixital: automatización de procesos e robotización aplicada á xestión pública. Conceptos e casos prácticos"**. O curso está dirixido a todo o persoal empregado público e o seu obxectivo é introducir as tecnoloxías que permiten a automatización de procesos manuais repetitivos eliminando erros e aumentando a produtividade. (<https://egap.xunta.gal/fichacurso/index/CV24046>).
- ◆ No mes de setembro presentouse no Consello de Goberno da Xunta de Galicia o **Informe de situación da Plataforma de automatización intelixente de procesos da Xunta de Galicia**, o que permitiu a divulgación das novas ferramentas dispoñibles a todas as Consellerías de cara a identificar oportunidades de aplicación.

4.1.6.2. Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos

Ao longo de 2024, estiveron operativos na Plataforma de Automatización intelixente de procesos **23 casos de uso**, correspondentes a 9 ámbitos sectoriais. Ademais, iniciáronse os traballos de identificación de **24 procesos adicionais**, nos que se valorará a conveniencia de abordalos no futuro. De xeito ilustrativo recóllense os procesos operativos na plataforma na seguinte táboa:



Consellería	Entidade/ Área Funcional	Casos de Uso
Consellería de Economía e Industria	Industria	- Xestión de alegacións de proxectos industriais: descarga da documentación de entrada Rexel - Xestión de alegacións de proxectos industriais: Clasificación e análise de alegacións - Xestión de alegacións de proxectos industriais: Automatización de operacións en sistema de tramitación.
Consellería de Facenda e Administración Pública	Xestión tributaria	- Xestión de expedientes fiscais de vehículos: validación de datos en auto liquidacións telemáticas puras (VEH01) - Xestión de expedientes tributarios: Peché de expedientes notificados e anulados (TVL01) - Xestión de expedientes fiscais: Pechar expedientes na xestión (TVL02)
	Sistemas Nóminas e contratación	Envío e recepción de cotizacións con SILTRA (SILTRA01)
	Emprego público	- Lectura dos códigos de barras dos informes de actualización de méritos da FIDES - Verificación e validación de méritos dos cursos de formación FIDES - Transcrición das inscricións de listas realizadas a través de FIDES á aplicación RCP_LISTAS
	Amtega – Atención ás persoas usuarias	- Procedemento de comunicación na autorización de procedementos administrativos - CAU - Reclamación de tickets aos usuarios en OTRS - CAU - Peché automático de tickets
	Amtega – Competencias Dixitais	- Certificados de competencias dixitais (ComDix): Xeración de expedientes en Wanda - Certificados de habilidades dixitais (ComDix): Expedición e sinatura de certificados en Wanda
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	Emprego	- Programa de axudas de Impacto Autónomo (TR890A): Clasificación e extracción de información dos modelos 184 e 200 - Obtención de vidas laborais a través do cliente IFI (TR400B, TR500B, TR750A) - Probas de competencias clave (TR306A): Rexistro en XESCL de solicitudes en REXEL - Fomento do Traballo Autónomo (TR341D): Extracción de información dos modelos 036 e 037
Administración de Xustiza	Amtega – Atención ás persoas usuarias	Diversos casos de uso na Xestión de Usuarios por parte do servizo de soporte (rexistro e configuración de substitucións temporais, traslados,)
	Imelga	Declaración automatizada do libro de autopsias do IMELGA no INE.

4.1.7. Xestión intelixente do dato

Este programa recolle actuacións incluídas no **Plan de Administración e Goberno dixitais. Horizonte 2020**. Céntrase na consideración do dato e da información como activo relevante para esta administración, entorno a dúas perspectivas:


- ◆ Dende a configuración do inventario de información administrativa que debe articular o modelo de información da Xunta de Galicia.
- ◆ Dende a perspectiva da aplicación de técnicas avanzadas para a análise do dato como fonte de información para a avaliación da relación coa cidadanía ou seguimento da aplicación das políticas públicas.

Neste ámbito, inclúense tamén todas as actuacións de deseño e desenvolvemento da Estratexia do Datos da Administración Pública Galega.

4.1.7.1. Estratexia do dato

En 2024, a Xunta de Galicia licitou o **servizo de apoio para a elaboración da estratexia do dato da administración pública galega**, en continuidade co “III Plan de Administración e Goberno Dixitais. 2025”, aprobado en 2022. Este plan, recoñece a xestión do dato corporativo como un pilar fundamental para avanzar cara a unha administración dixital. O dato é considerado un recurso clave tanto para o desenvolvemento de produtos e servizos avanzados como para a súa transformación en coñecemento mediante tecnoloxías de análise. Ademais, destaca o seu valor como motor de desenvolvemento económico e social a través da compartición e reutilización dos datos públicos.

Para acadar estes obxectivos, o plan propón a **definición dun marco de gobernanza que permita a harmonización e uso eficiente dos datos**, mediante metodoloxías comúns, plataformas, almacéns e servizos que garantan unha información corporativa transversal, de calidade e accesible.



4.1.7.2. Desenvolver a identificación única da cidadanía que permita a visión unificada nas diferentes áreas da administración pública (citizen data hub)

Para poder desenvolver servizos dixitais que aporten valor engadido cara o cidadán, é necesario dispor dun modelo de información que permita a identificación unívoca do cidadán e permita a identificación da información vinculada a el, en calquera dominio de actividade da administración pública. Neste ámbito abordáronse dúas liñas fundamentalmente:

- ◆ Deseño do **modelo de información transversal de repositorio poboacional** que presta servizo aos diferentes sistemas de tramitación e xestión de servizos dixitais, para a mellora das capacidades da carpeta cidadá e outros servizos dixitais, abordando o deseño das perspectivas técnicas, funcionais, de seguridade e xurídicas pertinentes. Inclúe o modelo de goberno do dato, a xestión da identidade e a xestión de consentimentos precisos para poder abordar o desenvolvemento de servizos proactivos avanzados cara a cidadanía. En 2024, licitouse a execución dun proxecto de desenvolvemento que inclúe:
 - A identificación única do cidadá.
 - O desenvolvemento dun servizo de on-boarding dixital, que integrado nos servizos dixitais da Xunta de Galicia, permita establecer un modelo único de identificación.
 - O nodo de información cidadá, que permita, dentro do marco xurídico vixente facilitar ao cidadá unha visión 360° da súa relación coa administración pública.
 - Un xestor de consentimentos sobre o uso dos seus datos por parte do cidadá.

- Un sistema de RDM para a xestión do catálogo de datos mestros da administración pública.
- ♦ Por outra banda, a partir do análise feito pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, realizouse unha análise de procedementos prioritarios sobre o que iniciar o desenvolvemento de servizos proactivos de comunicación coa cidadanía e en colaboración con eles e coas unidades competentes.

4.1.7.3. Impulsar o acceso ao sistema de indicadores da administración dixital – Infraestrutura para a xestión analítica corporativa


En 2024, a Plataforma de Xestión Analítica Corporativa seguiu evolucionando co obxectivo de integrar a información analítica de xeito transversal en toda a administración pública. En concreto avanzouse nos seguintes ámbitos:

- ♦ **Actualización continuada da contorna tecnolóxica:**
 - **Revisión da infraestrutura tecnolóxica de base**, coa creación dunha instancia de almacenamento de información propia, e a actualización continuada tanto da plataforma de publicación de indicadores, como da carga de datos. Comezouse a migración ao Oracle 19c e actualizouse a versión do Power BI Report Server.
 - O **Power BI** reforzou a súa presenza como ferramenta corporativa incorporando novos desenvolvementos. Definiuse, ademais, un manual de estilo para asegurar a homoxeneidade e coherencia dos contidos publicados usando a ferramenta.
 - **Incorporación de ferramentas Big Data**, a través da posta en marcha dun datalake que servirá de repositorio centralizado para o almacenamento, e unhas ferramentas de procesado de grandes volumes de información.
- ♦ **Consolidación de novas áreas analíticas**, e ampliación dos sistemas de análise despregados na plataforma, como o Mapa Industrial de Galicia, seguimento económico e sectoriais no ámbito de Medio Rural, Mar e Política Social, e incorporase a inxestión de datos para o desenvolvemento do sistema de control de gasto depara impresión. Ao peche de 2024 xa estaban dispoñibles na plataforma de intelixencia 79 paneis de datos, 28 universos para o análise libre e 1.342 indicadores.
- ♦ **Analítica avanzada no eido do turismo**, en liña co “5.6 Programa turismo intelixente” continuou o desenvolvemento do sistema de intelixencia

turística que permita a análise da información turística dispoñible nos sistemas corporativos e a incorporación de fontes de datos externas con formatos variables, e maior velocidade e volume de xeración dos mesmos.

4.1.7.4. Impulso da iniciativa de datos abertos da administración pública galega

Ao peche de 2024 o catálogo de datos do portal **Open Data da Xunta de Galicia** ten dispoñibles un total de **533 datasets**, 20 máis que os que había a finais de 2023 (513). No que respecta ao número de descargas, en 2024 rexistráronse **25.799 descargas**. O portal acumula 162.930 desde a súa publicación en 2012 ata decembro de 2024.



Entre os datasets máis destacados, dos incorporados en 2024, cómpre destacar algúns como:


- ♦ Eleccións ao Parlamento de Galicia – resultados 2024.
- ♦ Recursos de Mapa de Capacidades Dixitais de Galicia.
- ♦ Predición de avisos meteorolóxicos por concellos.

No 2024 realizouse en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio unha **revisión exhaustiva dos 61 conxuntos de datos que conforman o seu catálogo**.

En canto a entidades concretas, o Instituto Galego de Estatística (IGE); o Instituto de Estudos do Territorio (IET); a Consellería do Medio Rural; a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Meteogalicia son as fontes que provén de máis datos ao portal.

Polo que respecta a **distribución temática do catálogo** un 50% dos conxuntos de datos adscribítese ás temáticas

“economía, empresa e emprego” e “territorio, vivenda e transporte”. Esta porcentaxe incrementase ata o 61% se sumamos tamén os datos de “saúde, asistencia sanitaria e servizos sociais”. Por outra banda, os **conxuntos de datos co maior número de accesos** do portal, desde a súa publicación, foron a relación de postos de traballo de Función Pública con 24.454, e os bens de interese cultura con 24.168 accesos.



4.1.7.5. Aliñamento cos diferentes espazos de datos identificados no ámbito europeo

- ♦ **Federación co portal estatal de datos abertos.** Desde 2014 todos os datos que a Xunta de Galicia ten dispoñibles en <https://abertos.xunta.gal> poden tamén consultarse a través do catálogo estatal <https://datos.gob.es>. Esta federación de datos entre ambas as dúas iniciativas é posible grazas á publicación dos metadatos de todos os dataset de Abert@s en .RDF e ao cumprimento das condicións que determina a Norma Técnica de

Interoperabilidade de Reutilización de recursos da información. Desta forma, o catálogo galego convértese tamén en escalable a outras iniciativas open data (como xa é do caso do portal europeo <https://data.europa.eu>).

- ♦ Como dato a destacar, <https://datos.gob.es> destaca nas súas estatísticas <https://datos.gob.es/es/dashboard> que un dos conxuntos de datos que proveñen de Abert@s (Centros educativos de Galicia) se **atopa entre os 10 conxuntos de datos máis visitados desde 2016**.

Orden	Conxunto de datos	Publicador
1	Tratamiento de enfermedades por el consumo de Opioides (M)	Ministerio de Sanidad
2	Carta de Datos Integrada Industrial Innovación Gov	Ministerio de Industria, Comercio y Turismo
3	Base de Datos Nacional de Subvenciones	Ministerio de Hacienda y Rendición Pública
4	Centros educativos de Galicia	Xunta de Galicia
5	Proceso de cubrimiento en los gobiernos españoles	Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
6	Base de Datos de Divisiones Administrativas de España	Centro Nacional de Información Geográfica
7	Municipios de la provincia de Barcelona	Diputación Provincial de Barcelona
8	COVID-19 (new cases) (Spain)	Centro Nacional de Información Geográfica
9	COVID-19 (new cases) de la Provincia de Barcelona	Diputación Provincial de Barcelona
10	Oficinas de asistencia en materia de registro en el Principado de Asturias	Principado de Asturias

4.1.8. Plan de Posto Dixital Avanzado do persoal empregado público

Este programa ten como finalidade a definición e provisión dos medios requiridos por cada perfil profesional e tipoloxía de actividade, garantindo a seguridade no acceso e o axuste ás necesidades da prestación dos servizos dixitais.


4.1.8.1. Plan 2021-2023 de Postos Dixital Avanzado do Persoal Empregado Público

O “Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público” recolle a relevancia de dar resposta ás novas formas de traballo nas que a conectividade, a mobilidade e a actividade en espazos virtuais son chave para asegurar o funcionamento dos servizos públicos galegos.

4.1.8.2. Execución dos plans específicos de dotación de medios

Postos de Traballo

No ano 2023 abordouse a **evolución de 2.190 postos de traballo**, incluíndo a mobilización de 1.314 postos novos e o reacondicionamento e evolución e melloras das prestacións doutros 876 postos. Gráfica da distribución dos postos dotados por ámbitos:





Partindo desta cifra global, detállase a continuación as iniciativas máis salientables:

- ♦ Na **rede de centros de maiores de xestión propia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, dotáronse de 107 postos móbiles completos, distribuídos en 27 centros de maiores do Consorcio.
- ♦ Na **rede de centros de Benestar da Consellería de Política Social**, e como continuación do proxecto executado no ano 2022, no 2024 mobilizáronse 20 equipos de sobremesa máis, repartidos en 3 centros.
- ♦ No **resto de áreas** administrativas e de servizos da Xunta de Galicia, dotáronse 1.001 postos novos.

Executáronse ademais outros traballos complementarios que supuxeron a renovación ordinaria doutros 876 postos de traballo xa existentes.

MEDIOS DE IMPRESIÓN

Rematada a implantación do modelo corporativo de impresión, no 2024 leváronse a cabo as seguintes iniciativas:

- ♦ Completouse a licitación dun expediente que permitirá dar continuidade aos servizos de dixitalización e impresión corporativos.
- ♦ Completouse unha primeira análise para optimización da distribución de equipos e da reestruturación de zonas de xestión coa que se conseguirá reducir á metade o número de contratos derivados para manter os servizos de impresión.

En conclusión, a finais de 2024 mantívose a xestión sobre un total de **3.117 equipos de dixitalización e impresión**, **acadando un dos obxectivos globais** do plan de posto de traballo, de forma que todos os postos dispoñen xa de acceso a uns servizos de dixitalización e impresión de calidade e baixo un modelo xestionado.

Dotación de medios en espazos comúns

No 2024 abordouse a dotación de postos dixitais específicos. Nese sentido cabe destacar execución dos seguintes proxectos:

- ♦ **164 postos novos en aulas** xestionadas pola Amtega, fóra das aulas que teñen proxectos específicos de dotación, mobilizando equipos All-in-One.
- ♦ No marco do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia desenvolveuse un proxecto que busca a igualdade de acceso ao servizo para as persoas xordas, establecendo **10 postos novos para Videointerpretación simultánea**

distribuídos na rede de Oficinas presenciais de Atención á Cidadanía.

- ♦ 13 equipos novos de uso público en Oficinas Agrarias Comarcais (OAC's) da Consellería do Medio Rural, con equipamento tipo All-in-One.
- ♦ Completouse a instalación e configuración de **equipamento para videoconferencia en 69 salas de reunións** de edificios administrativos e de servizos da administración.

4.1.8.3. Plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI – Virtual Desktop Infrastructure)

Atendendo a evolución do “Plan de posto dixital avanzado de empregado público”, a finais de 2024 empregaban xa de xeito efectivo a plataforma VDI **2.488 persoas**.

Durante este ano consolidouse o servizo de xestión da Plataforma de Virtualización VDI, asegurando dar unha resposta de calidade en tarefas coma a xestión e mantemento ordinario da plataforma, a definición e mantemento das contornas de escritorios virtuais ou na evolución continua destes.

4.1.8.4. Coordinación das políticas e procedementos no ámbito do inventario, monitorización, securización e xestión dos medios en posto de traballo

Na actualidade a Amtega xestiona un parque variado de postos de traballo dixitais, cunha xestión centralizada a través das máis de **80 políticas corporativas de software base aplicadas sobre todo o parque**.

Adicionalmente, traballouse para a consolidar a **estratexia de xestión da Seguridade transversal** en todos os entes públicos para os que a Amtega xestiona os sistemas de información. Neste ámbito destaca:

- ♦ A consolidación do inventario único de posto de traballo e medios no posto de traballo, xestionando **19.032 equipos**.
- ♦ A implantación das políticas corporativas, normas e procedementos a aplicar para xestión dos postos nos que xa se completou o proxecto de integración.
- ♦ A evolución semestral das maquetas de referencia e mantemento do catálogo de software de posto de traballo.
- ♦ A definición dos criterios e procedementos para abordar a actualización do sistema operativo dos postos. A finais de 2024 un total de **4.329 postos**

foron xa migrados a Windows 11 (23% do parque xestionado).

- ◆ Coordinación coa subárea de Seguridade da Amtega na identificación e execución das tarefas para acadar

os obxectivos do Plan de Adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade entre as que destaca a evolución de todo o parque de postos cara á nova solución de antivirus CrowdStrike.

4.1.9. Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias

En resposta ás distintas liñas de traballo definidas no "Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público" no ámbito da atención ás persoas usuarias, neste ano 2024 acabouse de completar a adaptación dos centros de atención derivadas do pulo da canle de autoservizo, do aumento dos procesos de auto-resolución, e da incorporación de novos ámbitos de actuación.

Co obxecto de cubrir calquera contacto do usuario no eido das TIC na Xunta de Galicia, neste programa **centrarémonos na actividade de CAU Central e CAU Periférico**, que:


- ◆ Ofrecen uns horarios de atención directa e ininterrompida, que permitiu que na práctica a Amtega asegurase un escenario de atención ininterrompida as 24 horas do día os 365 días do ano. Nese escenario, cabe destacar que o volume do servizo ofrecido ven supoñendo que a Amtega atende, de media, un novo contacto cada 2 minutos.
- ◆ Consolidación na prestación de servizo de atención a servizos dixitais de carácter transversal, tanto cara á cidadanía como ao persoal empregado público.

4.1.9.1. Atención remota ás persoas usuarias

En canto a súa actividade global, acadáronse niveis similares aos dos últimos anos, completando unha serie de 3 anos en máximos históricos en canto a volume de persoas atendidas, chamadas contestadas e incidencias resoltas, **atendéndose 242.593 contactos**. Neste ano, destaca o soporte dado a campañas para inscrición en procesos selectivos de estabilización de emprego ou Carreira profesional.

Este importante volume vese acompañado dun esforzo continuo por manter e mellorar os niveis da calidade no servizo prestado. Neste sentido, pese ao importante volume de actividade, no 2024 acadouse un valor anual de **porcentaxe de chamadas atendidas superior ao 95%**, e unha vez máis mellorouse a **porcentaxe de tickets resoltos satisfactoriamente en menos de 1 hora, chegando a unha media do 53%**.


A gráfica seguinte recolle o incremento continuado que se produciu nos últimos anos derivado do incremento dos ámbitos organizativos atendidos, o incremento dos sistemas e dos medios dixitais dispoñibles, e o incremento do seu uso:



Centrando xa a análise en cada un dos diferentes CAUs:

- ♦ **CAU Central:** Durante o 2024 rexistráronse neste ámbito un total de 138.713 contactos, 3º valor máximo na serie histórica deste servizo, destacando ademais un relevante aumento da efectividade do servizo, cun 52,7% de porcentaxe de tickets resoltos polo CAU en 1º nivel (9 puntos porcentuais superior

á mesma media de anos pasados), e unha puntuación media de 9,1 sobre 10 nas enquisas de calidade do servizo, resultado de preto de 900 enquisas completadas ao longo de todo o 2024 por usuarios do servizo. Orixe das peticións do CAU Central no 2024:




Ademais da súa actividade ordinaria como canle de atención de primeiro nivel, no 2024 o CAU Central desenvolveu as seguintes actividades:

- Acompañamento ás persoas usuarias na posta en marcha da nova plataforma corporativa de sinatura dixital en mobilidade.
- Apoio e acompañamento ás persoas usuarias que empezan a usar a solución corporativa de traballo en mobilidade VDI.
- Atención e soporte ao persoal empregado público no contexto das incidencias derivadas do uso de FIDES nos procesos de inscrición a procesos de consolidación promovidos dende Función Pública.

- ♦ **CAU Periférico:** Caracterízase pola enorme heteroxeneidade dos perfís de usuarios atendidos, o que condiciona as características da prestación. Así entre os ámbitos usuarios deste servizo destacan os seguintes: soporte técnico especializado a diversos servizos dixitais ofrecidos á cidadanía; rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de Benestar (máis de 130 centros); ámbito de arquivos, bibliotecas municipais e escolares e museos (uns 2.000 centros); entidades locais no uso das ferramentas e sistemas que a Xunta de Galicia pon á súa disposición; e outras entidades.

Durante o 2024 recolléronse neste CAU periférico un total de 103.880 contactos, o que supuxo o 3º valor máximo na serie histórica dende a posta en marcha deste servizo. Na gráfica móstrase a distribución porcentual da súa actividade por ámbitos:



Entre a actividade de soporte especializado de primeiro nivel do CAU Periférico caben destacar os seguintes ámbitos específicos:

- Atención as persoas usuarias (cidadanía) de servizos dixitais, como complemento ao servizo de atención prestada polo 012. Ademais da atención aos usuarios da sede electrónica da Xunta de Galicia, da sede electrónica Administración de Xustiza en Galicia, ou da plataforma de notificación Notifica.gal, cabe destacar:
 - A rexeneración remota das claves de Chave365: no ano 2024 rexeneráronse dende o CAU Periférico a clave de Chave365 mediante o procedemento da videochamada a un total de 197 cidadáns.
 - Contactouse proactivamente con 4.118 cidadáns tras detectarse posibles problemas de seguridade coas súas contas de acceso usadas no acceso aos servizos da Xunta.
 - Continuouse co servizo de atención e soporte á cidadanía no contexto das incidencias derivadas do uso de FIDES nos procesos de inscrición a procesos selectivos e a listas de contratación pública.
 - Iniciáronse os traballos técnicos e organizativos orientados a deseñar e poñer en marcha unha nova canle de atención

complementaria á cidadanía mediante WhatsApp.

- Centros do ámbito de benestar.** Implantación efectiva do uso de lanus/HCEPRO en 37 novas residencias, facilitando a alta das persoas usuarias, dando a formación inicial e asesorando no primeiro uso do sistema. No 2024 colaborouse ademais na dotación de tarxeta de empregado público e na implantación do sistema de fichaxe do persoal empregado público en 12 centros do ámbito (residencias de maiores, CAPDs e centros de menores).
- "Campus Virtual de Formación para o Emprego":** acompañamento á implantación (incluíndo as actividades de formación e de soporte tanto aos centros propios dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade coma aos centros inscritos ou acreditados para a formación para o emprego). Ademais da elaboración dos contidos de axuda e de soporte necesarios para que estes centros usen a plataforma, o CAU Periférico constitúe a canle específica de soporte a incidencias, e atención directa ás solicitudes de apoio técnico por parte do persoal dos centros/entidades ao longo do proxecto. No ano 2024 actualizáronse os manuais de Campus Virtual para técnicos de seguimento, docentes e alumnado; e impartíronse novas sesións formativas masivas en formato webinar sobre o uso e administración do Campus Virtual dirixidas a técnicos de seguimento.
- Rede de Bibliotecas Públicas Municipais e rede de bibliotecas de centros escolares.** Migración do Proxecto Meiga a Koha en 12 bibliotecas municipais e 117 bibliotecas escolares.

4.1.9.2. Atención in-situ ao posto de traballo

Partindo deste modelo de atención, baseado nun primeiro punto de acceso a través dos Centros de Atención ás Persoas Usuarias, durante o ano 2024 mantívose a dinámica duns servizos de segundo nivel de atención aos que os CAU's derivan aquelas peticións e incidencias que non poden resolver de xeito remoto e deben ser atendidas por servizos de asistencia in situ. Na actualidade identifícanse os seguintes servizos de atención en centros periféricos:

- Servizos Periférico_Norte e Periférico_Sur.
- Servizos Santiago Comarca.
- Servizo de soporte in-situ á Rede de Centros de Benestar.

- ◆ Servizo de soporte in-situ á Rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos.
- ◆ Servizo de soporte in-situ á Rede CEMIT.

No 2024 cabe destacar non só a actividade ordinaria de soporte e atención ás persoas usuarias destes centros, senón tamén as accións de mellora no contexto do Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público, acompañando as liñas descritas no Programa "1.8 Posto dixital avanzado do persoal empregado público", senón tamén:

- ◆ O apoio no **proceso loxístico de emisión e distribución das tarxetas de empregado público**, asumindo a entrega física da nova tarxeta de empregado público en cada centro.
- ◆ Inicio do proceso de **migración progresiva a Windows 11** de todos os postos de traballo dos centros atendidos susceptibles de ser migrados, en previsión do fin de soporte da versión actual Windows 10 en outubro de 2025.
- ◆ Execución dos **plans de visitas preventivas** a centros segundo o planificado en cada ámbito, de forma que se apliquen aplican sistematicamente medidas para previr os problemas e reducir así o número de incidencias. Neste sentido completouse polo menos unha visita anual preventiva desta natureza en cada centro baixo soporte.

4.1.9.3. Evolución dos medios tecnolóxicos para a prestación do servizo

No 2024 destacan neste eido:

- ◆ **A consolidación do uso de AxudoT** conseguindo que un 38% das incidencias ou peticións se recibisen mediante esta canle.
- ◆ A incorporación **dun novo mecanismo de automatización en AxudoT** para autoprovisión de primeira tarxeta máis emisión de certificado de empregado público
- ◆ **O escalado automático de incidencias** que afecten a colectivos que se teñan definido como de **especial sensibilidade**.

Por outra parte, mediante RPA e en liña coa automatización de procesos, incorporáronse **novos mecanismos de automatización para a autoprovisión** dirixidos a reducir os tempos de atención e/ou axilizar a resolución de peticións e incidencias:

- ◆ Revisión e peche automático de tickets en estado "Pendente de recordatorio" e en estado "pendente de verificación".

- ◆ Reclamacións automáticas de tickets a usuarios de acordo a certas regras prefixadas
- ◆ Xestión automatizada dos formularios para alta e traslado de persoas usuarias da administración de Xustiza en Galicia

No 2024 iniciouse ademais a **migración tecnolóxica da plataforma de xestión de ticketing e CMDB OTRS** coa finalidade de optimizar o seu funcionamento. Nesta liña de traballo, no 2024 completouse a migración prevista de SGBD (de Oracle a mysql) e iniciáronse os traballos de migración de versión OTRS, da que está prevista se finalice no 1º trimestre do 2025.

4.1.9.4. Incorporación de novos ámbitos de atención

Neste ano, abordouse a análise preliminar, formalización mediante acordo, e a posterior coordinación e posta en marcha do soporte aos postos de traballo do persoal en novos centros de traballo de entidades que se integraron baixo o soporte da Amtega. En concreto:

- ◆ **Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)**, co que se asinou acordo o 8/5/2024 polo que a Amtega pasa a prestarlle servizos dixitais e uso de servizos tecnolóxicos, entre os que se inclúe o soporte e atención de primeiro nivel (a través do CAU Central), o soporte in-situ e a renovación/ampliación dos postos de traballo do INEGA.
- ◆ **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, co que se asinou acordo o 7/8/2024 polo que a Amtega pasa a prestarlle servizos dixitais e uso de servizos tecnolóxicos, entre os que se inclúe o soporte e atención de primeiro nivel (a través do CAU Central), o soporte in-situ e a renovación/ampliación dos postos de traballo do Consorcio.

Ademais, no 2024 iniciouse a análise preliminar da viabilidade da integración doutras dúas entidades máis, actualmente fóra do soporte da Amtega, co obxecto de valorar a súa posible integración xa no 2025.

4.1.9.5. A intranet corporativa

A intranet corporativa avanzou en 2024 cara maiores posibilidades de personalización e de incluíu novos espazos de difusión cara o persoal empregado público:

- ◆ Creación dun novo apartado sobre a Automatización intelixente no que se recolle información sobre a automatización de procesos, sobre como se pode avaliar un proceso potencialmente automatizable e algúns exemplos de automatización empregados no ámbito da administración autonómica.

- ◆ Revisión íntegra do **Catálogo de servizos de interoperabilidade**. Realizouse unha revisión/actualización das 115 páxinas que conteñen información sobre os servizos de interoperabilidade que actualmente están dispoñibles, engadindo, entre eles, a publicación de 12 novos servizos.
- ◆ Publicación de 4 novas páxinas na sección sobre a **sede electrónica** <https://intranet.xunta.gal/sede-electronica>. Incorporáronse a de información sobre: Compartir borradores, Identificación electrónica de persoas estranxeiras e non residentes na sede electrónica, Límite de presentacións por usuario/a e Cubrir anexos electronicamente.
- ◆ Publicación de **11 novos consellos de seguridade** <https://intranet.xunta.gal/consellos-de-seguridade> e 2 novos **consellos de eficiencia enerxética** <https://intranet.xunta.gal/consellos-eficiencia-enerxetica>.



OBXECTIVO II. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

4.2.1. Programa Dixital da Política Social

4.2.1.1. Mantemento e evolución de sistemas de información da Secretaría Xeral Técnica (SXT) e da inspección de servizos sociais

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas empregados en unidades da SXT, destacando o mantemento do sistema de información que soporta as tramitacións do Rexistro Unificado de Entidades e Programas de Servizos Sociais e da actividade da Inspección de servizos sociais (RUEPSS) e o empregado para a xestión e control de contratos centralizados (**SUBCEN**):

- ◆ En relación ao RUEPSS cabe destacar os desenvolvementos realizados relacionados coa mellora das integracións con Portasinaturas e Notifica, xunto coa incorporación da integración con REXEL, avanzándose na facilidade de uso das ferramentas corporativas de Administración electrónica. Tamén as melloras na integración con ESCINF (aplicación de escolas infantís), con CENRES (censo de residentes) e en distintos módulos da aplicación (Inspeccións; Centros; Tramitación de expedientes).
- ◆ En relación a SUBCEN cabe destacar o soporte á globalidade dos contratos centralizados vixentes.

Dentro do mantemento continuo que se lle da a varias webs da Consellería de Política Social, cabe salientar o inicio dos traballos de renovación da web institucional do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, da web institucional da propia Consellería de Política Social, e da web do Observatorio de dinamización demográfica.

4.2.1.2. Desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas de información empregados nas áreas de Dependencia e Discapacidade, destacando especialmente o mantemento do sistema de información que soporta a xestión da dependencia (SIGAD) e da aplicación

informática de tramitación do procedemento de recoñecemento da discapacidade (CENDIS).

En relación ao **SIGAD**, a actividade de mantemento estivo moi condicionada polas adaptacións requiridas pola Consellería de Política Social en relación á tramitación das fases de grado e PIA, obxecto de importantes cambios normativos tanto estatais como da propia comunidade autónoma operados en 2023 (RD675/2023; Decreto 142/2023, de 21 de novembro; Ordes de 16 e de 30 de novembro de 2023). Ademais, comezou a definición e desenvolvemento do sistema á nova normativa en materia de simplificación e coordinacións dos procedementos de dependencia e discapacidade aprobada a través da Lei 5/2024 de medidas fiscais e administrativas.

Os evolutivos e adaptacións levadas a cabo inclúen alcances relacionados cos seguintes módulos ou funcionalidades:

- ◆ Adaptacións en practicamente todas as fases de tramitación, adaptando fluxos de tramitación, compatibilidades entre prestacións, saídas documentais, aspectos da trazabilidade da tramitación, engadindo novos buzóns de alertas, etc.
- ◆ Adaptacións da funcionalidade de xestión das nóminas das distintas prestacións económicas, pilotándose os desenvolvementos coa Xefatura Territorial de Lugo (pendente de completar e estender).
- ◆ Adaptacións na xestión da teleasistencia, contemplando entre outras a súa inclusión automática nas propostas PIA.
- ◆ Avanzouse cos desenvolvementos da capa de servizos pensada para facilitar a integración con sistemas externos da información de xestión do SAF por concellos.
- ◆ Avanzouse na renovación tecnolóxica da aplicación VALORADORES, que permite o rexistro dos baremos de dependencia (BVD e EVE).
- ◆ Avanzouse na renovación tecnolóxica a contornas máis actualizadas, dentro das medidas que se están

a levar a cabo para minimizar a obsolescencia e débeda técnica do sistema.

A maiores da actividade de evolución do sistema, cabe destacar a atención a outro tipo de actividades coma:

- ◆ Soporte a procesos de resolución masiva de resolucións de asignación do servizo de teleasistencia.
- ◆ Posta en marcha dun sistema de confirmación da data de cita a través de chamadas automáticas.

En relación ao **CENDIS**, préstouselle especial atención a incorporación de melloras na integración coa aplicación informática BAREDI facilitada polo IMSERSO para a implementación do baremo correspondente a normativa actual de valoración da discapacidade (RD 888//2022). Ademais comezou a definición e desenvolvemento do sistema á nova normativa en materia de simplificación e coordinacións dos procedementos de dependencia e discapacidade. Así, cabe salienta os seguintes evolutivos e adaptacións:

- ◆ Melloras na integración de CENDIS con BAREDI.
- ◆ Desenvolvementos para o envío ao sistema estatal de Tarxeta social dixital da información de discapacidade.
- ◆ Adaptacións requiridas polo Estado no servizo de consulta da discapacidade.
- ◆ Actualización do proceso de estatísticas do IGE ao RD de 2022.
- ◆ Implementación de novo certificado de acceso á tarxeta de accesibilidade para casos de discapacidade visual.
- ◆ Melloras na integración con PNC.
- ◆ Melloras nas integracións con servizos de Administración electrónica (REXEL; NOTIFICA).

Tamén cabe destacar a adaptación levada a cabo en relación á aplicación informática **CONCEN**, na que se xestionan os contratos de concertos de prazas nas áreas de maiores e discapacidade; ou o soporte prestado ao sistema **SGAMP**, de soporte da actividade do servizo de transporte adaptado 065.

4.2.1.3. Actuacións derivadas do novo modelo de atención residencial e coidados

Nesta actividade continuouse coa execución e consolidación de actuacións iniciadas en anos previos e correspondentes ao novo Modelo de atención residencial promovido pola Consellería de Política Social. Destacamos as seguintes actuacións:

- ◆ Evolucións e adaptacións nos sistemas **CENPOS** e **CENRES**:

- Integracións con sistemas do Sergas: continuáronse os traballos de activación da sincronización automática do censo de residentes cos sistemas sanitarios.
- Abordáronse melloras na funcionalidade asistencial, sobre todo a través da extensión en varias residencias do emprego dos Terminais táctiles de habitación (TTH) no rexistro dos coidados directamente na habitación do residente e no seguimento e evolución dos indicadores de calidade asistencial.
- Continuouse coa adaptación de CENPOS ao modelo de atención da rede de centros de maiores do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, ampliándose notablemente o abanico de funcionalidades do sistema empregas neste ámbito.
- Avanzouse nos traballos de desenvolvemento e proba da capa de servizo pensada para a integración automática do censo con entidades externas, aínda que non se chegou a completar a activación da integración coa entidade coa que se está a traballar este escenario (DomusVi).
- ◆ Plan de implantación da ferramenta de Historia Clínica (IANUS) en centros residenciais de maiores e discapacitados de calquera tipoloxía de xestión (en coordinación e colaboración co Sergas e coa Consellería de Política Social):
 - Continuouse ampliando e acompañando a implantación, que alcanza actualmente a 295 centros, o que supón aproximadamente o 93% de cobertura a nivel de prazas e do 94% a nivel de centros susceptibles de beneficiarse da actuación.
- ◆ Continuouse e practicamente completouse a execución do proxecto de implantación dunha solución de comunicación residente-enfermeira en residencias de maiores de xestión directa da Consellería de Política Social, estendéndose ademais a varios centros residenciais do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ◆ Continuouse e practicamente completouse a execución do proxecto de implantación dunha solución de monitorización da actividade do residente, de parámetros de confort e da seguridade dos residentes en residencias de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería de Política Social, estendéndose ademais a varios centros residenciais do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ◆ Completouse o proxecto de distribución de reloxo de xeolocalización en residencias de maiores de xestión pública da Consellería de Política Social, estendéndose o proxecto a todas as residencias con



prazas concertadas pola Consellería que amosaron interese na funcionalidade dos dispositivos (en global en torno a 300 reloxo mobilizados).

- ◆ Continuouse coa execución da actuación de modernización da rede de centros de maiores do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, practicamente completándose a conexión á rede de datos corporativa da Xunta, a dotación de cobertura Wifi, e a dotación de equipamento informático por parte da Amtega na totalidade dos centros de xestión directa da rede.
- ◆ Déuselle un pulo á implantación do sistema de información XESAC, para a xestión de quendas nas residencias de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería de Política Social, incentivando o seu emprego polos centros na elaboración das carteleiras de aplicación en 2025.
- ◆ Iniciáronse os proxectos de subministro e instalación de dispositivos para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Consellería de Política Social. A destacar o peche do ano cunha cifra aproximada de 1.800 domicilios coa solución tecnolóxica da Xunta de Galicia implantada (do total de aproximadamente máis de 10.000 domicilios obxectivo).

Gráficos ilustrativos dalgunhas das solucións implantadas no ámbito residencial:

- ◆ **Solución de equipos multiaparamétricos para a toma de biomedidas:**

Tipoloxía de equipamento instalado:



- ◆ **Solución de comunicación do residente con enfermaría:**

Tipoloxía de equipamento instalado:



4.2.1.4. Desenvolver novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas de información da área da inclusión social, destacando especialmente as aplicacións informáticas de soporte á xestión das principais prestacións económicas (**PNC/RISGA/AIS**), xunto co proceso de financiación dos Servizos sociais comunitarios a través do **PLAN CONCERTADO**.

En relación a **PNC** (pensións non contributivas), dentro da actividade de mantemento cabe destacar:

- ◆ Ampliacións nos envíos de información ao sistema TSD do INSS (pagos de complementos de aluguer e de revalorizacións)
- ◆ Cambios nos cálculos das propostas a raíz de novos criterios do IMSERSO
- ◆ Melloras na integración con servizos de Administración electrónica (melloras na integración con REXEL e con NOTIFICA; incorporación da consulta ao servizo de renda da AEAT)
- ◆ Melloras na funcionalidade de fiscalización de expedientes (novo fluxo de fiscalización de solicitudes de aluguer)
- ◆ Adaptacións ao novo formato do ficheiro técnico que se envía ao IMSERSO



En relación a RISGA/AIS (renda de integración social; axudas á integración social), dentro da actividade de mantemento cabe destacar:

- ◆ Melloras na funcionalidade de xestión de indebidos (novo documento de comunicación de indebidos a Facenda)
- ◆ Implementación de novo ficheiro XML para pago de retencións xudiciais
- ◆ Melloras na carga de información de IMV
- ◆ Melloras na xestión de propostas

Tamén cabe destacar os mantementos realizados sobre a aplicación **PGIS** (plan galego de inclusión social), de soporte á actividade levada a cabo pola rede de equipos de inclusión financiada pola Consellería de Política Social; entre as principais actuacións de mantemento cabe citar a mellora na xestión de expedientes (modificacións na xestión de expedientes e de actuacións; no soporte aos indicadores FSE)

Por último, salienta o soporte prestado dado ao **PROGRAMA BÁSICO** (Programa do Fondo Social Europeo Plus de Asistencia Material Básica) a través do emprego da HSUE como ferramenta de derivación de casos de Traballo social de base á entidade Cruz Vermella, encargada da xestión do programa a nivel nacional. A destacar o papel facilitador da HSUE, recoñecido e encomiado polos actores implicados. Apuntamos algúns indicadores do programa:

- ◆ Derivacións de casos a Cruz Vermella a través de HSUE: 5.155
- ◆ Orzamento achegado ás familias a través do programa de atención: 4.6M

4.2.1.5. Actuacións recollidas no proxecto “Modernización tecnolóxica dos servizos sociais”

Completouse a execución das liñas de actuación previstas no “Proxecto 5. Modernización tecnolóxica dos do Servizos Sociais” recollido no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia:

- ◆ Adquisición de dispositivos de firma biométrica:
 - Executouse o subministro de dispositivos en distintas tipoloxías de equipamentos de atención (755 dispositivos en total para: unidades de traballo social de concellos, centros residenciais da Xunta de Galicia e do Consorcio de servizos de Igualdade e Benestar; centros de protección de menores e Escolas infantís da Xunta de Galicia; unidades do programa Desafiuzamento)

- Comezouse a adaptación dos sistemas de información implicados no emprego dos dispositivos (HSUE, CENPOS, ESCINF).
- ◆ Completouse o desenvolvemento do novo sistema **Mapa social interactivo** (previsto o seu despregue en produción no primeiro trimestre de 2025).

4.2.1.6. Desenvolver novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familias e menores

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas de información empregados nas áreas de Familia e Menores, destacando especialmente a actividade no sistema de información empregado polos equipos de protección de menores e xustiza penal (**MENOR**), no sistema de información empregado para a xestión dos procesos de admisión nas rede de escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia (**ESCINF**); continuouse tamén consolidando e ampliando a funcionalidade sistema de información do eido de Familia (**SISFAM**) posto en marcha en 2023.

En relación a **MENOR**, dentro da actividade de mantemento cabe destacar:

- ◆ Integración coa firma a través de dispositivo WACOM
- ◆ Implementación e inicio de pilotaxe dun módulo de acceso para Fiscalías de menores
- ◆ Analízase e deséñase novo módulo para a xestión de gastos extraordinarios (pendente de desenvolvemento)
- ◆ Habilítase rexistro e xestión de solicitudes de Acollemento especializado
- ◆ Engádense soporte a novos libros para os centros de internamento (consultas médicas e/ou enfermería; correspondencia; visitas)
- ◆ Melloras na xestión de medidas de Xustiza Penal
- ◆ Créanse novos avisos e alertas
- ◆ Realízanse cambios na Historia, na recepción/investigación e no expediente de protección acordos ao novo Plan individualizado impulsado pola Subdirección
- ◆ Abórdanse tarefas para diminuír e manter controlada a débeda técnica do proxecto

A destacar tamén os traballos levados a cabo no contexto do emprego de CENPOS na rede de centros de protección de menores:

- ◆ Consolidouse o emprego do sistema para a xestión da financiación dos centros (nómina de menores)

- ◆ Mantívose a actividade de identificación de funcionalidades e consolidación do uso do sistema co Grupo de traballo creado con centros de protección e con persoal tanto das Xefaturas Territoriais coma de Servizos Centrais

En relación a **ESCINF**, a actividade estivo moi condicionada pola necesidade de soportar axeitadamente a implantación das políticas públicas relacionadas coa gratuidade da atención, que neste exercicio completou a súa universalización; dentro da actividade cabe destacar:

- ◆ Soporte ás convocatorias das dúas redes de escolas de xestión directa da Xunta de Galicia (AGASS-Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar)
- ◆ Soporte ás convocatorias de escolas privadas e de escolas municipais
- ◆ Soporte a convocatoria de axuda para comedores
- ◆ Novas funcionalidades para a xestión de redes externas:
 - Novo módulo para xestión de axudas a Casas niño
 - Nova funcionalidade de configuración de prazas en Redes externas (funcionalidade que anteriormente se facía en RUEPSS)
- ◆ Adaptacións nos algoritmos de asignación de prazas a novos criterios na consideración dos traslados fronte ás novas asignacións

En relación á posta en marcha do novo sistema de información no eido de familia SISFAM, comezado a desenvolver en 2023, cabe destacar a seguinte actividade:

- ◆ Soporte á convocatoria 2024 de Tarxeta Benvida, adecuando a aplicación ás importantes novidades normativas (innovacións funcionais na procura da máxima simplificación e proactividade, con novos fluxos de traballo para solicitantes xestantes e para as casuísticas de renovación do dereito á tarxeta)
- ◆ Completáronse os traballos de desenvolvemento do novo módulo de Familia Numerosa, pódose en marcha a inicios de 2024, incluído o soporte ao novo Título en formato carné, tanto físico como virtual a través de XuntaEU.
- ◆ Avanzáronse os traballos de desenvolvemento do envío de información de Familia numerosa ao sistema estatal de Tarxeta Social Dixital (TSD) (previsión de posta en marcha no primeiro trimestre de 2025).
- ◆ A finais de ano púxose en marcha a primeira versión da nova aplicación que informatiza a xestión do Rexistro de Familias Monoparentais (inicialmente cun soporte básico aos procedementos asociados).

- ◆ Configuración e soporte á nova convocatoria do Bono concilia a través de Tramita (unha das ferramentas de tramitación electrónica horizontais da Amtega)

Gráfico con imaxes do novo carné TFN:



A destacar tamén a actividade levada a cabo en relación ao soporte aos buzóns LEXNET que están a funcionar para a comunicación con Xustiza nos ámbitos de protección e xustiza penal.

A destacar negativamente a falta de avances na implantación dos buzóns LEXNET creados para o ámbito específico dos Puntos de Encontro Familiar (PEF).

4.2.1.7. Equipamento para os servizos de protección, atención e acollemento da infancia

Completoouse a entrega de equipos informáticos previstos nesta actuación, contemplada no "Proxecto 7. Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia" do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto subministráronse:

- ◆ **100 equipos fixos** destinados á rede de centros propios de protección de menores e de xustiza penal da Consellería (equipos dos profesionais)

- ◆ **252 equipos portátiles** destinados ao seu emprego polos menores, co seguinte reparto:
 - 233 para centros residenciais (44 para centros propios da Consellería; 188 para o resto de centros da rede de centros de protección).
 - 19 para centros de día.

4.2.1.8. Impulsar a Historia Social Única Electrónica como sistema de información central na prestación de servizos sociais aos cidadáns



Arrancouse a quinta fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**, destacando as seguintes liñas de actividade:

- ◆ Módulo de **Servizos Sociais Comunitarios**: incorporación ao proxecto dun activo acelerador (Imatia Social) para o desenvolvemento e despregue dun novo módulo para a xestión desde ámbito, que progresivamente substituirá ao actual SIUSSGAL:
 - Realizáronse varias sesións demostrativas e de toma de requirimentos; avanzouse no despregue do produto en servidores da Amtega
- ◆ Módulo de **Atención temperá**:
 - Adaptacións á nova convocatoria e diversas melloras funcionais (integración con dispositivos wacom; adaptacións nos indicadores para a xustificación de execución de fondo FSE)
 - Soporte á configuración e posta en marcha de novas unidades de Atención temperá
- ◆ Módulo **FUNGA**: continuouse completando o módulo en base a refinamentos con profesionais da entidade; cerrouse o exercicio cun plan consensuado para a proba e pilotaxe do sistema a inicios de 2025.
- ◆ Posta en marcha do novo módulo **Desafiuemento** (anterior programa RECONDUCE), mellorándose significativamente a coordinación do programa cos servizos sociais comunitarios (novos informes de derivación engadidos ao módulo de Informes do frontal da HSUE)
- ◆ Ampliacións do módulo de **Informes sociais** e de **Solicitudes**, incorporando:
 - Novos informes para análise da situación de vulnerabilidade da unidade familiar (para a derivación a programa Desafiuemento)
 - Nova solicitude para o procedemento AP400A: **Bonos dixitais** para a conectividade de colectivos vulnerables
- Integración con **firma biométrica** a través de dispositivos de wacom en varias tipoloxías de informes
- ◆ Melloras na interoperabilidade dos informes cos sistemas de información destino (incorporación do XML no envío do informe)
- ◆ Melloras na funcionalidade de integración con Emprego para a xestión do acceso ao Tramo de inserción da RISGA:
 - Entre outros aspectos, ampliouse a capa de servizos con vistas a eliminar actuais envíos de información vía ficheiros mensuais (pendente de completar)
- ◆ Ampliación das funcionalidades relativas a **Pobreza enerxética**:
 - Soporte ás cargas da información relativa á prestación económica do Bono social eléctrico e de ficheiros de impagos
 - Melloras no módulo de faltas de pago da factura eléctrica:
 - Posta en marcha de nova funcionalidade para o acceso a esta información por Servizos Sociais Comunitarios (difundida a través de varios seminarios web)
 - Soporte á configuración de 3 novas empresas distribuidoras que comezaron a enviar ficheiros semanais de impagos
- ◆ Melloras nas integracións con sistemas verticais de servizos sociais propios dos Concellos:
 - Ampliación das integracións coas cidades con sistema XIESS (activouse a integración co concello de Lugo; activación do envío das Resolucións de RISGA a novas cidades)
 - Completouse a posta en marcha de puntos de integración co sistema de tramitación de expedientes **TeDEC** da Diputación de Coruña (66 concellos)
- ◆ Desenvolvemento de **capacidades avanzadas de extracción da información de solicitudes** recibidas a través de Rexistro:
 - Desenvolveuse unha API con ferramentas de IA do cloud de Google deseñada para facilitar de xeito transversal a varios ámbitos de xestión de Política Social a extracción de información automatizada de solicitudes normalizadas nos procedementos
 - Os modelos de solicitude contemplados inclúe os ámbitos de: dependencia; discapacidade e prestacións de inclusión social

- Está pendente incorporar o emprego da API dende os distintos sistema de información verticais obxectivo

Como cifras indicativas da evolución positiva do sistema a nivel de implantación e consolidación do seu uso, amosamos a evolución nos últimos anos das cantidades de **Informes sociais unificados**, empregado fundamentalmente no procedemento

de **dependencia**, realizados e enviados a través do sistema (a modo de exemplo do emprego do modulo de Informes sociais) e do de **solicitudes** preparadas a través do sistema (solicitudes que finalmente se presentan a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia):



4.2.1.9. Impulsar o desenvolvemento e implantación do sistema de información corporativo de xestión dos Centros de Política Social

Continuouse coa execución da terceira fase do proxecto de desenvolvemento e implantación do sistema de xestión de centros de Política Social (CENPOS).

Dada a transversalidade deste sistema ás distintas tipoloxías de centros da Consellería de Política Social, parte da actividade levada a cabo sobre o mesmo foi reflectida xa noutros apartados deste informe; así:

- ♦ A actividade relativa ás adaptacións e evolucións realizadas para o ámbito de centros residenciais de maiores e discapacidade foron sinaladas no apartado 2.1.3 Novo modelo de atención e coidados
- ♦ A actividade relativa ao emprego de CENPOS no contexto dos centros de menores de protección foron sinaladas no apartado 2.1.7 Desenvolver novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familias e menores

De xeito moi sucinto, sinalamos a continuación os principais grupos funcionais nos que se centrou a actividade no proxecto CENPOS:

- ♦ Centros de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería:
 - A destacar o pulo dado ao emprego do sistema na faceta de rexistro dos coidados a través

da progresiva incorporación de 10 centros ao emprego masivo dos terminais TTH instalados para o proxecto de implantación da solución corporativa de comunicación paciente-residente

- Traballouse na preparación dunha nova versión da app de CENPOS especificamente deseñada para o seu emprego en mobilidade (pendente de completar e impulsar o seu emprego en 2025)
- Completouse a posta en marcha da funcionalidade Residente360
- Traballouse coa Subdirección xeral de atención sociosanitaria e innovación asistencial na definición de novos indicadores a monitorizar polo sistema (pendente de completar e implementar en 2025)
- ♦ Centros da rede de maiores do Consorcio de servizos de igualdade e benestar:
 - Avanzouse na adaptación do sistema ao modelo de atención do Consorcio, e no emprego efectivo de varios módulos asistenciais nun número significativo de centros de xestión propia (especialmente Trazabilidade e Incidencias)
- ♦ Censo de residentes (de aplicación ao total de residencias de maiores e discapacitados de Galicia):
 - Avanzouse na integración do censo con Sanidade, rematándose o exercicio cos centros da Área sanitaria de Ferrol integrados e



actuación comezada nos centros da Área Sanitaria de Ourense

- Completouse e consolidouse o emprego da funcionalidade de xestión das nóminas de prazas concertadas en residencias de maiores; iniciáronse os traballos de definición e desenvolvemento da funcionalidade equivalente para centros de discapacidade
 - Realizouse unha intensa actividade de xestión cos centros na procura de incentivar o rexistro da información con pautas e niveis de actualización e calidade axeitados
- ♦ Centros de protección de menores:
- Centrouse a actividade en completar e consolidar a funcionalidade de xestión da nómina da rede de centros de protección módulo de nómina
 - Derivado do anterior, continuouse a incorporar controis e melloras no rexistro da información

por parte dos centros e na integración coa aplicación MENOR

- ♦ Residencias de tempo libre:
- Adaptacións necesarias para a xestión da convocatoria de prazas de 2024
 - Adaptacións e implantación do uso do sistema para temporadas media-baixa
 - Desenvolveuse a integración cos servizos web estatais para facilitar o cumprimento normativo cos cambios introducidos en materia de obrigas na información hoteleira a remitir a dependencias policiais (pendente aclarar necesidade real de uso)

Como cifra indicativa da evolución moi positiva da implantación e uso do sistema no plano asistencia, amosamos certos indicadores de rexistro acadados en 2024:

- Número de coidados marcados como realizados **16.475.988**
- Número de coidados marcados como non realizados **9.779.275**
- Número de biomedidas rexistradas por interoperabilidade cos dispositivos multiparamétricos:

- Rexistros tensión arterial **33.435**
- Rexistros frecuencia cardíaca **40.403**
- Rexistros temperatura **18.036**
- Rexistros SAT02 **15.841**
- Rexistros frecuencia respiratoria **42.099**

4.2.1.10. Desenvolver sistemas de comunicación web e en mobilidade no eido social (AsisT.gal)

Nesta liña de actividade traballouse na elaboración dun **portal temático específico** orientado á promoción da autonomía persoal e apoio aos coidadores, no que se contou para a orientación do seu deseño e contidos coa colaboración da Cruz Vermella.

Ademais traballouse nas adaptacións necesarias en **AsisT.gal** para a súa adopción como ferramenta de **Teleasistencia Móbil** (TAM) no contexto do servizo de teleasistencia que a Consellería de Política Social e Xuventude presta a través da Cruz Vermella dentro das prestacións do sistema de atención á Dependencia.

4.2.1.11. Mellorar e evolucionar o sistema analítico corporativo de Política Social (BIPOS)

Continuouse coa execución da terceira fase do proxecto BIPOS, cuxo obxectivo é o desenvolvemento do sistema analítico corporativo de referencia para as principais áreas de xestión da Consellería de Política Social.

A actividade levada acabo durante 2024 centrouse en abordar melloras e ampliacións en varias das áreas analíticas do sistema, e en traballos de construción de novas áreas analíticas:

- Atención residencial – residencias de maiores de discapacidade de xestión propia da Consellería:



novos indicadores; axustes nun número importante de indicadores actuais; indicador predictor do potencial risco de caídas dun residente (pendente de validar e eventualmente integrar en CENPOS)

- ♦ Atención residencial – Consorcio de servizos de igualdade e benestar:
 - Creouse unha nova área analítica específica para centros de Consorcio, pódose en marcha un primeiro cadro de mando e varios informes de xeración automática
- ♦ **Residencias de tempo libre:**
 - Púxose en marcha nova área analítica cun cadro de mando inicial
- ♦ **Dependencia:**
 - Posta en marcha de dous informes de xeración automática, sobre prestacións recoñecidas e sobre actividade de xestión das Xefaturas territoriais
 - Modificacións no informe de horas SAF
- ♦ **Inclusión:**
 - Traballouse na preparación dun cadro de mando para esta área analítica
- ♦ **MENOR:**
 - Migrouse o cadro de mando existente a tecnoloxía PowerBI

Dentro da mellora das capacidades analíticas cabe destacar a execución do proxecto de construción do sistema de información denominado **"Mapa Xeosocial"**: completouse o desenvolvemento do sistema.

4.2.1.12. Modernizar a dotación tecnolóxica dos centros do eido de política social

Dentro das actuacións de **soporte a usuario** e no equipamento de posto de traballo na rede de centros de Política social, cabe destacar o esforzo que se seguiu realizando na rede de centros de maiores do Consorcio de servizos de igualdade e benestar (rede conformada por 85 centros de distintas tipoloxías: centros de día, fogares residenciais, mini-residencias, vivendas tuteladas):

- ♦ Completouse a conexión á rede da Xunta de Galicia (incluída a dotación de wifi corporativa, a través do despregue de 149 Punto de acceso) 39 centros de xestión propia (3 deles con algunha actuación parcial pendente)
- ♦ Completouse a dotación de equipos informáticos e a súa incorporación ás políticas corporativas de soporte informático da Amtega nos centros anteriores (126 equipos informáticos, en xeral posto móbil), habilitando deste xeito a posibilidade de progresar co uso de CENPOS no plano da xestión asistencial.
- ♦ Conectáronse á rede corporativa da Xunta, activando o servizo wifi corporativo, 26 centros de xestión indirecta.

A destacar especialmente o traballo por parte da Amtega a nivel de actuacións de rede como acompañamento necesario aos proxectos de dotación de solucións tecnolóxicas nas residencias de maiores e discapacitados completadas en 2024, en concreto:

- ♦ Despregue de solución de comunicación paciente-enfermeira
- ♦ Despregue de solución de monitorización da actividade do residente e de residencia intelixente

Estas solucións son acompañadas pola Amtega de intensos traballos de:

- ♦ Renovación e ampliación da electrónica de rede, incluíndo nalgúns casos traslados dos armarios de comunicacións a novas localizacións pactadas cos centros
- ♦ Ampliación do cabreado estruturado das residencias (sobre todo a raíz da necesidade de cabrear todas as habitacións dos centros)
- ♦ Mellora da cobertura wifi corporativa

Por último, compre destacar a actividade habitual de soporte á rede de centros de benestar (a maioría das tipoloxías de centros dependentes da Consellería de Política Social, aínda que tamén se lles da soporte á rede de centros da área de Xuventude), a través entre outros dos servizos articulados a través cabe salientar a seguinte actividade do **CAU-Periférico** e do **Grupo de soporte de microinformática**.





4.2.2. Plan para a xestión dixital das políticas de emprego

En 2023 o portal de emprego (<https://emprego.xunta.gal/>) obtivo o **primeiro posto na categoría de accesibilidade dos portais de emprego** analizados do Observatorio de Accesibilidade Web. Os evolutivos do portal para incluír acceso a novos servizos en 2024 fixéronse seguindo os estándares de accesibilidade en aras de manter o nivel acadado.

Atendendo aos diferentes servizos de emprego, detállanse as novas funcionalidades incluídas nos aplicativos.

- ♦ **Na formación para o emprego** desenvóléronse evolutivos para incluír ou adaptar novas ordes de formación, e fixéronse melloras na xestión das bolsas ou integración co TGSS. No control de presenza en formación implantouse unha nova tecnoloxía que elimina o control biométrico, e fixéronse melloras no portal de busca de formación como a xeolocalización por mapas de cursos, permitir a inscrición de ocupados ou anular demandas de formación.
- ♦ **Na orientación para o emprego** incluíuse o novo proceso de direccionamento DE43-DE45, direccionamento personalizado, direccionamento de itinerarios para perceptores, execución automática do direccionamento, cambio do proveedor a Correos e a xeración e envío automático das cartas.
- ♦ **Na área das políticas de fomento do emprego e da contratación**, o sistema de intermediación laboral SICAS é a peza central, incluíndo a relación co Servicio Publico de Empleo Estatal (SEPE). Nesta liña, aparte dos desenvolvementos SISPE para

coordinarse co SEPE/outras CCAA incorporáronse, entre outros, os seguintes servizos: servizos de consulta de candidatos a ofertas e a súa difusión no portal do empregador, envío de enquisas de satisfacción, incorporación da información de perfilado EMI e avisos aos empregadores co rexistro de ofertas.

Realizáronse tamén **melloras no portal do empregador**, como o clonado de ofertas, o desenvolvemento de chatbots de axuda, o envío de comunicacións ou os filtrados dentro das ofertas. Dentro do portal do demandante incluíuse a solicitude de servizos comúns, a subida de CVs baleiros, a suxestións de ofertas de interese para o demandante ou as validacións de postulacións de ofertas na parte pública.

Por outra banda, realizáronse actuacións de mellora do software que da soporte as aplicacións de emprego. Está en proceso de migración do xestor de autenticación a todos os servizos, e estase a realizar un **"upgrade" das bases de datos, ou dos servidores** onde se executan as aplicacións. Tamén realizáronse melloras de seguridade, así como a automatización de certos procesos para axilizar novos desenvolvementos.





4.2.3. Medidas para a xestión dixital da vivenda

4.2.3.1. Implantación das axudas do IGVS

No 2024 leváronse a cabo novos desenvolvementos vinculados a novos decretos, procedementos e convocatorias de xestión da vivenda no IGVS:

- ♦ **Programas de axuda ao alugueiro** na aplicación IGVSAL: continuación e renovación das axudas ao alugamento do IGVS.
- ♦ **Xestión de fianzas, aplicación PROFIA:** levouse a cabo a actualización tecnolóxica e instalación en plataforma corporativa.
- ♦ **Subvencións de rehabilitación (REDEP):** na aplicación REDEP, que xestiona as axudas de rehabilitación, continuouse coas adaptacións normativas, evolucións e ampliacións necesarias para a xestión das liñas e convocatorias de axuda en vigor.
- ♦ **Préstamos cualificados para rehabilitación,** aplicación PREVI.
- ♦ **Rexeneración e renovación da aplicación RECASA,** adaptándoa ás bases da convocatoria do 2024 e incluíndo a solicitude de certificados automáticos por Pasaxel de diferentes certificacións.

4.2.3.2. Actuacións relacionadas co Plan Estatal de Vivenda 2022-2025

No 2024 continuouse coa ampliación e adaptación dos sistemas existentes para a xestión dos programas e liñas de axuda vinculados ao Plan Estatal de Vivenda 2022-2025:

- ♦ **Programa de mellora da accesibilidade para vivendas:** incorporouse na aplicación de axudas á rehabilitación REDEP.
- ♦ **Axudas ao alugueiro de vivenda:** realizáronse as adaptacións necesarias na aplicación IGVSAL para a renovación da axuda e creouse un novo procedemento que se iniciou no 2024.
- ♦ **Bono prestación alugueiro social:** incorporouse na aplicación ALUGA, co bono para colectivos vulnerables, que inclúe tamén os anteriores

bono social e bono vítimas de violencia de xénero. Incorporouse tamén a modificación da xestión de contratos en calquera fase de tramitación.

- ♦ **Adquisición de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes:** o procedemento configurouse na aplicación IGVMVA.

4.2.3.3. Evolución da Plataforma Integral de Vivenda e Solo (PLAVIS)

Durante o ano 2024 finalizou a segunda fase do proxecto (2022-2024) para o desenvolvemento da plataforma integral de Vivenda e Solo (PLAVIS) e iniciouse a terceira fase (2024-2026). Os avances ao longo do ano foron principalmente nos **módulos de Xestión Patrimonial e no Rexistro de demandantes**.

Iniciouse a análise dun novo modulo na plataforma PLAVIS que xestionará un procedemento para que o IGVS oferte solo residencial dos concellos para a construción de vivendas protexidas. Ademais, prestouse soporte e evolución ao resto de módulos xa desenvolvidos.

4.2.3.4. Actuacións relacionadas co desenvolvemento e soporte das aplicacións sectoriais do IGVS

No 2024 continuouse co desenvolvemento e soporte das aplicacións sectoriais en materia de vivenda que fan posible a xestión e operación diaria no IGVS como o Programa de Mobilización de Vivendas para Alugueiro (IGVMVA), as Aplicacións vinculadas á xestión da calidade de edificios: Rexistro Único de Laboratorios e Entidades de Control de Calidade da Edificación de Galicia (RELAGA), Rexistro Galego de Informes de Avaliación de Edificios (HERIAE e REGIAE).

Tamén realizáronse melloras no censo de vivendas baleiras (CEVIB), no fondo de cooperación (IGVSFC), no portal de premios de arquitectura, no censo de solo empresarial (IGVCSE) e no portal corporativo do IGVS (igvs.xunta.gal).



4.2.4. Medidas para a xestión dixital da educación

4.2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión académica e dos centros e evolucionar a xestión da información nos.

Para mellorar a xestión académica e dos centros educativos avanzouse no soporte e desenvolvemento de novas funcionalidades e servizos tecnolóxicos nos sistemas de información, co obxectivo de facilitar a xestión da información e a toma de decisións e mellorar a eficacia das políticas educativas e a calidade dos servizos.

No **sistema de Xestión Académica do Ensino (XADE)** os avances mais importantes foron:

- ◆ Nas ensinanzas de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato continuouse coas evolucións derivadas da implantación da LOMLOE.
- ◆ Nas ensinanzas de Formación Profesional, incorporáronse os primeiros cursos dos novos ciclos formativos de Graos D e E.
- ◆ Nas Ensinanzas Artísticas Superiores, ampliáronse as funcionalidades para a xestión do curso en XADE.
- ◆ Nas Ensinanzas Técnico Deportivas, incorporouse a funcionalidade para rexistrar a homologación de títulos que dan acceso ao Nivel III destas ensinanzas.
- ◆ Incorporáronse os servizos para a xeración dos certificados de competencias dixitais de ESO e Bacharelato, de xeito que poidan obterse tanto desde Xade no centro, como os propios interesados desde Abalarweb ou abalarMóbil.
- ◆ Revisáronse e actualizáronse ás novas normativas ás funcionalidades relacionadas coa xestión de actividades e horarios do profesorado.
- ◆ Desde o punto de vista técnico, completouse e consolidouse a actualización da plataforma tecnolóxica de Xade ás tecnoloxías corporativas JBoss7 e Java11.

A **aplicación Admisión Alumnado (ADALE)** adaptouse aos novos criterios de contabilización de prazas e cumprimento de ratios nas aulas. As implicacións máis salientables foron a modificación dos formularios de solicitude e a comunicación con sede electrónica, así como a revisión de cálculos de permanencias.

Ademais, engadíronse melloras na usabilidade para centros e inspectores, novos informes estatísticos e ampliáronse e refináronse as funcionalidade de auditoría, histórico e seguimento de cambios en asignación e solicitudes.

Incorporouse a integración das notificacións de prazas asignadas na subsidiaria a través de ARPAD e Notifica.

Por outra banda, **abalarMóbil**, a app de comunicación coas familias, ao longo do 2024 tivo un considerable incremento no número de persoas usuarias (preto de 48.000), pasando a ter máis de 490.000 usuarios activos. As principais melloras foron a Integración da Competencia Dixital – Comdix, a implementación de novas funcionalidades na mensaxería e melloras da usabilidade.

Ciclosprobas, é a aplicación que xestiona o proceso de acceso a ciclos medios e superiores, cubrindo todas as fases desde a configuración da convocatoria ata a publicación de resultados e emisión de certificados.

Neste ano, incorporáronse novas funcionalidades para mellorar a xestión do proceso:

- ◆ Posibilidade do alumnado de consultar o estado e a información das súas solicitudes, e as notas tras a realización da proba.
- ◆ Mellora na comunicación da aplicación cos diferentes servizos dixitais.
- ◆ Creación dunha nova pantalla que permite reiniciar os datos almacenados en caché en todos os nodos, optimizando o funcionamento.
- ◆ Almacenamento dos datos iniciais de contacto, permitindo gardar un histórico para futuras consultas.

Ciclosadmisión (CICADM) xestiona os procedementos administrativos relacionados coa solicitude de praza en ciclos formativos e a adxudicación das mesmas, así como a xestión das bolsas "Retorna". Neste ano realizáronse diversos cambios para mellorar a xestión da adxudicación de prazas:

- ◆ Posibilidade de establecer prazas específicas para os diferentes cupos.
- ◆ Melloras para facilitar a xestión do proceso, como a separación dos cursos de especialización en asistencia presencial e a distancia, a optimización de partes clave da aplicación para mellorar o rendemento ou a creación de novos informes para a extracción e análise de datos.
- ◆ Engadíronse pantallas para que alumno poida consultar o estado das súas solicitudes, reclamacións e poida reservar ou matricularse cando foi adxudicado nun ciclo.

AVALIA, o sistema de xestión de probas de diagnóstico, contou con 1.100 participantes nas convocatorias de premios educativos, e nas avaliacións de ESO e Primaria sobre 46.500 participantes. O sistema foi evolucionado para permitir a realización dun piloto de probas de

diagnóstico online no que participarán centros da provincia de Lugo e Ourense.

CENTROS EDUCATIVOS

Na aplicación de centros educativos deseñouse o editor de áreas online, para que todas as modificacións ou creación de novas áreas de influencia derivadas dos procedementos de admisión de alumnos nos centros poidan realizarse a través desta nova ferramenta, aportando usabilidade e inmediatez nas correccións que se fagan.



Sistema de información de Inspección Educativa (XIE): Adaptouse o procedemento de permisos de formación para a súa xestión por parte dos inspectores, mellorouse o DOC coas casuísticas do novo curso académico, engadeuse información sobre flexibilizacións e adaptacións curriculares aceptadas de NEAE e creáronse novas funcionalidades para diferentes xestións. Finalmente adaptouse XIE para poder mostrar o recento de profesorado por tipo e xornada de cada centro.

Sistema de homologación e validación de estudos estranxeiros (HOVAES): Adaptouse sistema legacy de homologacións CONVA para que as estean dispoñibles no sistema HOVAES. Este ano, xestionáronse a través desta ferramenta preto de 8.000 solicitudes no ano 2024.

Aplicación para a formación en centros de traballo (FCT): adaptouse a aplicación para poder traballar na xestión do alumnado da nova FP, mellorouse a funcionalidade que permite a sinatura de convenios con empresas, creouse un sistema de firma en documentos e implementouse un novo procedemento para dar de alta na Seguridade Social ao alumnado.

Agueiro: Creouse o novo Agueiro baseado no software libre ELGG, e moveuse o antigo a unha ubicación provisional para que os docentes poidan migrar os seus perfís de usuario.

ACREDITACION xestiona o procedemento de Inscripción no proceso de avaliación e acreditación de las competencias profesionais. Entre outras cousas, este ano traballouse nos procesos de acreditación masivo.

PROENS: Durante este ano, seguiuuse depurando o uso do aplicativo, para axilizar o traballo dos docentes.

Elaboráronse no curso pasado un total de 98.805 programacións didácticas, 526 concrecións curriculares e 30.881 Adaptacións Curriculares Individualizadas (ACIs).

DOTACIÓN DE CENTROS: Completouse a toma de requisitos e iniciouse o desenvolvemento para realizar a xestión do equipamento TIC nos centros educativos, a partir do catálogo TIC.

INVENTARIO: Durante este ano revisáronse todas as funcionalidades da aplicación de inventario. Esta revisión foi o primeiro paso para que durante o ano que ven se culmine o proceso de integración ca aplicación de AlmacenTIC, un novo sistema de xestión do equipamento TIC nos centros.

Por outra banda, creouse un novo menú de panel de control para a xestión de equipamento TIC por parte dos equipos de soporte.

ALMACEN/ALMACENTIC: Realizouse unha migración tecnolóxica da aplicación de Almacen e AlmacenTIC ó entorno corporativo. Para de AlmacenTIC iniciouse un proceso de simplificación do procedemento de entradas e saídas de artigos.

EDUCALIDADE: Resolveuse a necesidade de que as persoas substitutas poidan acceder á documentación engadida pola persoa anterior, podendo continuar así co traballo pendente. Tamén implementáronse novas funcionalidades.

Sistema de Información de Xestión dos Procedementos Selectivos (OPOEDU): desenvolvéronse importantes melloras entre as que destacan:

- ♦ Pago das taxas da oposición dende a propia SEDE usando os medios telemáticos.
- ♦ Consulta para os participantes das súas notas nos procesos selectivos aos que se presentaran con anterioridade mediante acceso con certificado dixital ou chave365.
- ♦ Desenvolvemento da funcionalidade que permite aos usuarios facer o rexistro dos aprobados pola Consellería, amosando, para unha especialidade, aos participantes que aprobaron a oposición pero non obtiveron praza no seu tribunal e poden aprobar por nota usando algunha das prazas que quedaran se adxudicar noutros tribunais da mesma especialidade.



TRANSPORTE ESCOLAR: O servizo de transporte escolar pasou a formar parte da Dirección Xeral de Mobilidade (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), os esforzos dirixíronse a integrar aínda máis a aplicación de Educación coa de Mobilidade. Dende ese momento, xestionáronse un total de 760 solicitudes tramitadas.

Cabe destacar que, estas melloras fan posible unha doada xestión dos preto de 81.000 usuarios do transporte en 10.800 servizos.



Na aplicación de comedores escolares COMEDORES: Este ano, alcanzouse a xestión de 432 comedores en centros escolares de toda Galiza con un total de 61.300 usuarios. Ademais, realizouse un esforzo na aplicación para reforzar a área de reporting do aplicativo, aportando máis información de valor para os usuarios xestores da aplicación.

Sistema de Información de Xestión dos Datos Persoais e Expediente Electrónico dos Docentes (DPEDU):

- ◆ Mellorouse a consulta e incorporáronse novos méritos ao expediente electrónico do persoal docente.
- ◆ Melloras para automatizar solicitudes e restrinxir a entrada de datos por parte dos usuarios.
- ◆ Modificáronse diferentes funcionalidades e executáronse cambios na visualización.
- ◆ Empezouse a traballar no desenvolvemento dunha nova convocatoria para poder ter aberta sempre a solicitude de recoñecemento de formación.
- ◆ Deuse soporte aos servizos de persoal durante todas as convocatorias.

Sistema de Información de Solicitude de Habilitacións (HABEDU): incorporouse na aplicación o novo currículo da FP, novos módulos e melloras na xestión e nas súas pantallas. Ademais automatizáronse as comunicacións mediante a integración con Notifica.

Sistema de Información de Xestión de Substitucións (SUBEDU): incorporouse o control das vacacións non devengadas por cese ou renuncia do docente, automatizouse a comunicación de diferentes notificacións con Notifica e incorporáronse funcionalidades e melloras.

Sistema de Información de Xestión de Persoal docente (PERDOC): Introducíronse novas funcionalidades:

- ◆ Funcionalidade que permite ao servizo de Persoal a xestión total da Campaña de Vixilancia de Saúde.
- ◆ Funcionalidade para o recálculo automático de trienios co cómputo das vacacións do persoal docente para incorporar como antigüidade no cómputo dos trienios.
- ◆ Incorporación da información sobre a Competencia Dixital Docente
- ◆ Ademais, introducíronse melloras en diferentes funcionalidades, novas utilidades e cambios en visualizacións

Sistema de Información de Xestión Formación do Profesorado (FPROFE):

- ◆ Engadiuse a xestión da formación do colectivo de profesorado de centros públicos non dependentes da Consellería, que inclúe a 324 docentes repartidos en 21 centros dependentes de deputacións, outras consellerías ou ministerios.
- ◆ Implantouse a xestión das acreditación dixitais docentes do profesorado baseada en roles e evidencias. Xestionouse a acreditación dun total 33.317 docentes, e emitíronse 52.172 certificados.
- ◆ Realizouse a implementación da xeración de certificados permitindo a sinatura mediante un AAA (Actuación Administrativa Automatizada) de máis de 20.000 certificados.



- ◆ Durante o ano 2024 xestionáronse con FPROFE 5.981 actividades formativas, das cales emitíronse 56.040 certificados a 28.455 docentes.



Sistema de Información de Xestión dos Concursos de Traslados (CXTEDU): Durante o 2024, foi necesario adaptar a aplicación á nova normativa. Incorporouse en SEDE o concurso de Adultos de Primaria e Secundaria e o Concurso de Orientación e tamén novas listaxes de validacións. Traballouse en diferentes melloras e na optimización do Simulador de CXT para que os persoal dos servizos puideran facer correccións.

Sistema de Información de Xestión do Procedemento de Adxudicación de Destinos Provisionais (CADP): Durante o ano 2024 desenvolveuse totalmente a clasificación das prazas en estruturais e non estruturais e incorporáronse á aplicación novas listaxes. Ademais deuse soporte e apoio a usuarios e persoal de administración nos diferentes procedementos de adxudicacións provisionais e definitivas.

Sistema de información de protocolos de actuación en centros (Protocoloseducativos): Creación dun novo protocolo para absentismo escolar por parte do servizo de inspección educativa. Inclúese o procedemento de comunicación de protocolos, para que os centros indiquen a xente que teñen nos procedementos que existen, por exemplo alumnado con TEA, TDAH etc. Por último, creouse un procedemento de permiso de formación para solicitude por parte dos docentes.

Portais educativos: migrouse o portal de inspección educativa a unha nova versión e puxéronse en funcionamento o portal para o Ciedix o espazo web "Ágora Dixital" dentro do portal espazoAbalar e o espazo web "CREAGa" dentro do repositorio de contidos para almacenar recursos exeelearning. Ademais, fíxose a migración da revista galega do ensino EDUGA e creouse un módulo para a xestión de autoriza en DESEDU en Drupal 10.

4.2.4.2. Evolucionar o servizo de atención e soporte aos usuarios dos sistemas de información do ámbito educativo.

Para poder mellorar o servizo de atención e soporte aos usuarios do sistema de información no ámbito educativo durante o ano 2024 leváronse acabo diferentes iniciativas entre as que destaca o soporte prestado aos usuarios de sistemas TICs, tanto ante incidencias tecnolóxicas, como ante dúbidas funcionais cos sistemas de información e o seu uso. Ademais, fíxose seguimento dos servizos da unidade de atención a centros, soporte in situ e soporte premium.

4.2.4.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, etc.

Durante o ano 2024 seguiu traballando para poder evolucionar o sistemas de información e xestión de programas, plans e convocatorias que buscan posicionar o sistema educativo galego como referente na xestión dixital. Para poder conseguilo son varias as iniciativas onde se introduciron melloras.

FondoLibros encargase de xestionar os procedementos administrativos relacionados co fondo solidario de libros de texto e as axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.

Neste ano realizáronse as adaptacións ao framework corporativo e actualizáronse as consultas aos servizos web de Arpad, Rexel, Renda e Discapacidade.

Axudalibros é a aplicación que xestiona as solicitudes de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, procesando as solicitudes recibidas en Fondolibros e emitindo os vales que os usuarios poden utilizar nas librarías para adquirir o material.

A aplicación mellorou a xestión das ordes de pagamento engadindo novos campos e optimizou a visualización das listas depregables relacionadas con estas ordes.

AXUDASLE: Na convocatoria de axudas do 2024 xestionáronse con esta aplicación un total de 3.530 solicitudes, 1.493 delas asinadas en sede electrónica. Para as axudas que se convocarán no ano 2025 realizouse un cambio significativo, limitándose a presentación a puramente electrónica eliminando a posibilidade de presentación en papel. Isto deu lugar a un redeseño da aplicación e a realización de varias melloras.



4.2.4.4. Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario.

Para seguir mellorando e evolucionando os sistemas de información de xestión do sistema universitario galego, durante o ano 2024.


NERTA: Xestionou con éxito preto de 16.000 matrículas de participantes que realizaron 90.100 exames. Realizáronse melloras tanto na usabilidade da aplicación, como no control e seguridade na realización dos exames.

O procedemento de admisión ó Sistema Universitario de Galicia rematou con 11.840 alumnos matriculados.

SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Matriculados

Cota	Prazas	Admitidos	Alumnos	% matric.	% mulleres	% ordinaria
Xeral	9.833	15.286	11.441	116%	57%	94%
Titulados universitarios	190	239	91	48%	67%	100%
Maiores de 25 anos	246	64	40	16%	40%	100%
Maiores de 40 anos	175			0%		
Maiores de 45 anos	246	14	12	5%	75%	100%
Deportistas	380	179	131	34%	50%	98%
Discapacitados	626	147	125	20%	46%	87%
Total	11.746	15.929	11.840	101%	57%	94%





SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS

Política social



15.329 dispositivos IoT instalados en residencias intelixentes.

Programa básico:

Derivacións de casos a Cruz Vermella a través de HSUE: 5.155

Orzamento achegado ás familias a través do programa de atención: 4,6M

Xestión dixital das políticas de emprego

Melloras nos procesos de
direccionamento de orientación laboral.

Melloras no procesos de análise
estatístico do uso e rendemento das
aplicacións.

Posta en funcionamento da aplicación de
xestión de libros de subcontratación.

Migración do proveedor cloud usado en
EMi para incorporalo ao contrato marco
da **AMTEGA**.

Evolución do proceso de control de
presenza, substituíndo a fichaxe
biométrica por fichaxes con QR e DNI.

Posta en marcha dun piloto de
substitución dos puntos de información
nas oficinas de emprego.

Novas funcionalidades nos portais do
empregador e do demandante.



Xestión dixital da vivenda



- **VI436A** depósito de fianzas de arrendamento e **VI436B** cancelación de fianzas de arrendamento: tramitáronse **50.217 solicitudes de fianza**, con **46.937 depósitos**, e **35.948 cancelacións de fianzas** na aplicación **PROFIA**.
- **VI435B** programa de mellora de Accesibilidade en edificios e vivendas: **1.524 expedientes solicitados e 225 expedientes concedidos (1.646 inmobles)**.
- **VI406E** programa de axudas para a mellora da eficiencia enerxética en vivendas: **1.671 expedientes solicitados e 1.253 expedientes concedidos (1.253 inmobles)**.
- **VI406F** programa de axudas para a mellora da eficiencia enerxética en edificios: **1.586 expedientes solicitados e 94 expedientes concedidos (2.004 inmobles)**.
- **VI406G** programa de axudas para a elaboración do libro de edificio e redacción de proxectos de rehabilitación: **759 expedientes solicitados e 169 expedientes concedidos (3.045 inmobles)**.
- **Número de solicitudes tramitadas nos programas de axuda ao alugueiro (aplicación IGVSAL): 16.812 no VI483C, 1.165 no VI483B.**
- **Número de solicitudes tramitadas nos programas de axuda ao alugueiro (aplicación IGVSAL): 16.812 no VI483C, 1.165 no VI483B.**
- **VI482F** Bono para colectivos vulnerables: **1.929 expedientes solicitados e 1.159 expedientes concedidos.**
- **PLAVIS:** Rexistro de demandantes: **Novos usuarios cidadáns: 9.087; Presentacións descargadas: 15.793; Expedientes de inscrición: 7.878, dos cales aprobáronse 4.544.**
- **IGVMVA: 770 expedientes e 427 concesións** realizadas en 2024.
- **Censo de vivendas baleiras (CEVIB): 48 solicitudes tramitadas de inscrición, 89 solicitudes tramitadas de cancelación, 1.436 vivendas inscritas, 2.104 vivendas canceladas.**
- **Rexistro de informes de avaliación de edificios (REGIAE): 1.498 informes presentados, 628 inscricións realizadas, 4.767 vivendas dos informes inscritas, 752 locais dos informes inscritos.**
- **Programa de xestión de los depósitos de fianzas en réxime de concerto do IGVS (DFICON): 71 concertos, 3.990 arrendamentos.**
- **Gestión do envío de correos e SMS (IGVSEC): 16.079 correos enviados e 39.234 SMS.**
- **Xestión de recibos de IBI (IBIGVS): 5.549 recibos IBI xestionados.**

Xestión dixital da educación

24,6 millóns de euros en material TIC dotado en centros educativos

O **46% do alumnado en centros públicos e concertados** participa no proxecto de educación dixital **E-Dixgal**.

A 31 de decembro, **63.583 alumnos e alumnas** participan no proxecto **E-Dixgal**



Nerta xestionou **16.000 persoas** e **91.100 exames** na EVAU 2024.

AVALIA xestionou **46.500 participantes** nas probas de diagnóstico individual.

PROENS xestionou un total de **98.805 programacións didácticas, 526 concrecións curriculares e 30.881 Adaptacións Curriculares Individualizadas (ACIs)**.



Servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria



No 2024 o RUE xestionou : 103 procedementos administrativos, 96.404 expedientes xestionados, 85.256 boletíns dilixenciados de forma automática, 886.042 xestionados e clasificados.

Xestión dixital do medio ambiente e o territorio



- **LICAPE:** Expedíronse no 2024 40.214 licenzas de caza (11.764 proactivas) e 38.616 licenzas de pesca fluvial (10.637 proactivas). LICAPE: Expedíronse no 2024 40.214 licenzas de caza e 38.616 licenzas de pesca fluvial.
- **XESCOMP:** Tramitáronse no 2024 918 solicitudes do procedemento MT807B e 763 solicitudes do procedemento MT807C para os sorteos de permisos en cotos de pesca (individual e grupo respectivamente).
- **XILAX:** Tramitáronse 4.984 expedientes de axudas e 6.598 avisos.
- **REGIAC:** rexistráronse 59.196 animais no 2024.
- **PAACI:** Déronse de alta 10 Plans de Ordenación Quinquenais de Caza a través do procedemento MT720B e 484 Plans de Ordenación Anuais a través do procedemento MT720A.
- **LMPREA:** Tramitáronse 46 expedientes.
- **1.176 expedientes** foron dados de alta no 2024 pola APLU no novo tramitador.
- **385 expedientes** tramitados en IURIS2 en 2024.
- **2.531 documentos** asinados de xeito desatendido en SINDOC no 2024
- **AREOSO:** 11.446 autorizacións de acceso emitidas no ano 2024.
- **ILLASR:** 237.941 autorizacións de acceso emitidas no 2024 para as Illas Cíes e 124.451 para as Ons.
- **MONATR:** 17.976 visitantes na praia das Catedrais en Semana Santa, e 251.397 visitantes na tempada de verán, que fan un total de 269.373 visitas xestionadas na aplicación no 2024.
- **Aplicación móbil de Parques Naturais:** 1.895 novas descargas no 2024 cun total acumulado de 29.564 descargas de ambas versións da aplicación, para Androis e iOS.
- **Máis de 2 millóns de usuarios activos** do portal de Meteogalicia, 14 millóns de sesións e 47 millóns de páxinas vistas do portal no 2024.
- **+60.000 descargas da app móbil** de Meteogalicia no 2024, con preto de 700.000 descargas acumuladas.

Xestión dixital do transporte e das infraestruturas



Máis de 75.000 persoas se beneficiaron dos descontos da tarifa específica +65 en mais de 3 millóns de desprazamentos o que supuxo un aforro a este colectivo de 2,41 millóns de euros ás que hai que engadir o desconto do 50% nos prezos dos billetes.

Posta en produción da aplicación EXOPA para o control e mantemento das obras de paso e noiros situados nas estradas titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

Posta en produción do sistema de información para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto (XEXPRO) para o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG).



Xestión dixital do sector primario

A partir do Rexistro de explotacións Agrarias de Galicia, desenvolvemento do Observatorio de Parcelas (interno) e da ferramenta de xestión de explotacións agrarias (XEAGA), cara á cidadanía..

- Adestramento e explotación dun modelo de aprendizaxe automática para a detección de viñado.
- Xestión e ferramenta en campo para as campañas de saneamento gandeiro de Galicia.
- Operatividade do sistema de detección avanzada de cortas de madeira presuntamente ilegais baseado en información satelital e integración coa ferramenta de xestión de permisos de cortas.
- Publicación dun visor web para que a cidadanía poida identificar as parcelas sobre as que os propietarios teñen obriga de limpeza e cal é a superficie a limpar para evitar os incendios forestais preto das vivendas.

1,2

millóns de movementos de animais e 100.000 trámites de inscrición no rexistro de explotacións gandeiras

70.000

controis e inspeccións sanitarias xestionadas.

24.612

solicitudes únicas da Política Agraria Común xestionadas.

15,8

millóns de recintos dispoñibles no visor SIXPAC e mais de 106 millóns de peticións/consultas recibidas.

197.696

solicitudes de corta de madeira xestionadas a través de CORWEB-CORPRI cun incremento do 32%.

348

tipos de produtos da madeira trazados con 24 empresas rexistradas no proxecto FORTRA; volume de CO2 retido de máis de 1.800 toneladas (datos acumulados) 348 tipos de produtos da madeira trazados con 24 empresas rexistradas no proxecto FORTRA; volume de CO2 retido de máis de 1.800 toneladas (datos acumulados).

4.732

dispositivos con GPS que integran o seu posicionamento con XEOCODE.

3.500

expedientes de outorgamento ou renovación de permisos de marisqueo a pé.

- O sistema XESBIO de xestión da biomasa manexa 2.156.212 parcelas en faixas secundarias, cunha superficie de 166.792 Ha (5,6% de Galicia).

- Sistema de modernización de lonxas: 1,5 millóns de transaccións, cun volume total comercializado de máis de 18 mil toneladas de peixe e marisco; cunha facturación total en primeira venda de máis de 80M€ para 166 especies diferentes

- Sistema de modernización de lonxas (xestión): notas de venda procesadas (2.226.808) , Media de Clientes (822) e provedores (626) por confraría; Total facturación a clientes de lonxa (94,2 millóns €); Total facturación a provedores de lonxa (83,7 millóns €).



Xestión dos incendios forestais



Xestión de mostras e análises de sanidade animal

- Mostras analizadas: **672.854**
- Mostras con entrada telemática: **562.952** (aprox. 84%)
- Análises realizados: **1.449.683**
- Análises realizados: **1.449.683**



Produtores e operadores de medios de defensa fitosanitarios

- Usuarios profesionais : **135.000**
- Usuarios profesionais : **135.000**
- Rexistros formalizados: **382**



Saneamento gandeiro

- Mostras xestionadas: **2.707.056**
- Mostras xestionadas: **2.707.056**
- Actuacións xestionadas: **213.022**
- Actuacións xestionadas: **213.022**



Rendemento leiteiro

- Número de explotación: **2.239**
- Número de explotación: **2.239**
- Número de controis realizados: **1.928.547**
- Número de controis realizados: **1.928.547**



Matadoiros

- Número de sacrificios realizados: **1.106**
- Especie porcina: **173**
- Especie ovina: **523**
- Especie caprina: **410**



Contabilidade vitivinícola

- Documentos de acompañamento emitidos: **1.092**
- Libros de rexistro de entradas e saídas creados: **225**
- Novas plantas adheridas para a levanza dos libros de control: **43** (actualmente 148).



Gandaría: Movementos de saída 551.447 (825.665 animais)

- Movementos de entrada: **548.067** (803.900 animais)
- Trámites de inscrición no rexistro de explotacións gandeiras: **189.437**
- Controis e inspeccións sanitarias xestionadas: **72.000**
- **Máis de 734.000 trámites** realizados na Oficina Virtual de Gandaría (altas, guías por nacemento, movementos, duplicados dos Documento de Identificación de los Bovinos, entidades identificadoras,...).



Fondo Galego de Garantía Agraria (Organismo pagador)

- **Máis de 400 millóns de euros de pagos de fondos europeos agrícolas FEGA e FEADER** (231.830 operacións).



Explotacións Agrarias

- Modificacións rexistradas de explotacións agrícolas: **242.000**
- Modificacións rexistradas de explotacións agrícolas: **242.000**
- Declaracións de cultivo recollidas: **18.000**



Procesos e labores de control e certificación da calidade diferenciada (AGACER)

88	Solicitudes presentadas
37	Solicitudes de rexistro DOP/IXP
31	Diplomas de persoa artesá emitido
18	Licenza de empresa artesá emitidas
41	Auditorías xestionada

Xestión de axudas

1001	Solicitudes tramitadas en AXIPRO
249.671,87 €	Importe de fondos manexados en AXIPRO
72	Solicitudes tramitadas en AXUTT
2.418.153,62 €	Importe de fondos concedidos en AXUTT
2	Liñas de axuda implantadas en AXU
261	Liñas de axuda implantadas en AXU

Formación Agroforestal

347	Solicitudes presentadas
349	Solicitudes creadas
70	Comunicación de inicio de curso
64	Comunicación de fin de curso
213	Expedición e renovación de acreditación, diploma ou carné
145.740	Alumnos totais
1.809	Alumnos novos 2024
3.952	Carnés emitidos 2024



Procedementos e instrumentos

- Aldeas modelo: **21**
- Polígonos agroforestais iniciativa pública: **24**
- Investigación de titularidade: **4**



Banco de Terras de Galicia:

- Número de parcelas xestionadas: **15.134**
- Hectáreas xestionadas: **6.167**
- Número de arrendamentos xestionados: **2.817**



Concentración parcelaria

- Zonas de concentración: **131**
- Zonas en fase de bases: **11**
- Zonas en fase de acordo: **99**
- Fincas cargadas: **16.871**
- Titulares afectados: **35.857**



Xestión das axudas baixo a metodoloxía LEADER

- Submedida 19.2: **1.025 solicitudes** (MR701D: 1.025)
- Submedida 19.4: **56 solicitudes** (MR701G: 24 | MR701H: 39 | MR701I: 3)



Mapa de usos agroforestais de Galicia

- Número de parcelas xestionadas: **aproximadamente 20.000.000**



Sensorización

- Número de pilotos en funcionamento: **2**



- **248.981 solicitudes de corta de madeira xestionadas (32,5% solicitudes de autorización e 67,5% declaracións responsábeis)** a través do sistema **CORWEB-CORPRI** cun **incremento do 25,9%** respecto do ano anterior. Tamén un **incremento anual dun 17,5% de usuarios** externos ata acadar os **27.760 usuarios**.
- **133.240 informes internos (62.046 en campo y 71.194 en oficina)** xestionados no sistema **CORPRI** coa a autorización de **74.342 cortas de madeira**.
- **916 tipos de produtos da madeira** trazados con **24 empresas** rexistradas no **proxecto FORTRA**, e un volume de **CO2** retido de máis de **3.700 toneladas**, en datos acumulados e cun crecemento superior, un ano máis, ao **100% anual en todos os indicadores**.
- **10.186.493,92 €** de importe que resultou adxudicado nas **4 poxas de madeira convocadas con 344 lotes** usando o sistema **CORPU**.
- Ao fin de **2024**, **INAFOR** incorpora un total de **1.017.460 fincas** (incremento de **78.547**), **2.286 instrumentos de ordenación** (incremento de **218**), **152.636 adhesións a un modelo silvícola** (incremento de **33.417**) e un total de **240.506 actuacións** (incremento de **34.411**). Todos estes datos foron incorporados con orixe desde **7 aplicacións** ou sistemas diferenciados.
- Con **AXUFOR** no último ano xestionáronse **14 liñas de axudas distintas**, das cales **5** eran convocatorias totalmente novas no **2024** que deberon configurarse de principio a fin. En total foron **2.892 solicitudes** de axuda xestionadas (**2.443 novas**), das cales a fin de ano acadaron a fase de pagamento un total de **1.043 expedientes**.
- En **XORFOR** creáronse **161.556 novos instrumentos** sendo actualmente a superficie ordenada de **1.291.134,43 ha**.
- **Plataforma Tecnolóxica da Pesca: 2,5 millóns de notas de primeira venda de pesca fresca e 278.000 documentos telemáticos, con máis de 8.000 usuarios rexistrados.**
- **5.458 buques con porto base en Galicia (4.162 buques pesqueiros e 1.296 buques auxiliares de pesca e acuicultura)** xestionados no **Rexistro de Buques de Galicia (REXBUQ): 3.000 expedientes** xestionados
- **FEMPA: 16 convocatorias** xestionadas con máis de **5.240 expedientes** e **144.000 documentos asociados (48% documentación** de entrada procedente de **REXEL/Sede, 33% documentación** obtida por consultas aos diferentes servizos integrados (Pasaxe!, PTP etc.)/ etc.) e **19% xerados directamente no sistema**.
- **4.509 solicitudes de matriculación, 6.884 títulos e 2.592 prácticas** xestionados na xestión de formación pesqueira
- **4.946 establecementos no Rexistro de Acuicultura (20 millóns de metros cadrados)**, con **3.658 expedientes** administrativos no **2024** referente aos **20 procedementos** existentes nese eido.
- Xestión de **10.455 membros** das **63 confrarías** de pescadores existentes en Galicia (**XECONF**)
- **3.246 renovacións de expedientes** de permisos de marisqueo a pé.
- Sistema de modernización de lonxas **SISCOM** (comercialización): **1,4 millóns de lotes xestionados**, cun volume total comercializado de máis de **18 mil toneladas** de peixes e mariscos cunha facturación total en primeira venda de máis de **80 millóns de euros. 13.700 poxas** realizadas e **91.000 ofertas de compra** recibidas
- Sistema de modernización de lonxas **XESLON** (xestión): notas de venda procesadas (**1.150.220**) , Clientes (**28.860**) e provedores (**10.047**) no sistema; Total facturación a clientes de lonxa (**72,1 millóns €**); Total facturación a provedores de lonxa (**64 millóns €**)
- Unha vez consolidado o proxecto **LONXAS GALEGAS 4.0** en **49 lonxas** e centros de venda, arranque da fase II de extensión en **31 novos centros**.

4.2.5. Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias

4.2.5.1. Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia.

No mes de xullo impartíuse unha xornada de formación ás empresas que realizan inspeccións básicas e aos servizos provinciais da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a **aplicación EXOPA** para o control e mantemento das obras de paso e noiros situados nas estradas titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Ademais, deuse soporte aos usuarios e realizouse o mantemento evolutivo e correctivo da aplicación incorporando melloras.

No **sistema XEXPRO** para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto para o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) deuse soporte aos usuarios finais e realizouse o mantemento evolutivo e correctivo da aplicación. Entre os desenvolvementos realizados destacan melloras na tramitación de pezas ou a implementación de novos informes de explotación de datos.

No **sistema SITEX** (xestión de expedientes de expropiación de estradas titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)) deuse soporte aos usuarios de negocio e melloráronse e codificáronse os fluxos de transición de estados nas distintas fases dun expediente e desenvolveuse un novo módulo de xestión documental para a administración das plantillas de cada fase e estado de tramitación.

No **sistema XESTA** desenvolveuse a integración con sistema de notificacións electrónicas Notific@ v4 e realizáronse melloras na tramitación de expedientes e outras funcionalidades.

A AXI adxudicou en 2024 un **contrato para a dixitalización e vectorización dos expedientes de autorizacións da Rede Autonómica de Estradas de Galicia** (RAEGA). A empresa adxudicataria ofertou como solución de xestión documental a ferramenta OPENKM. Tras varias reunións, decidiuse que non tiña encaixe na infraestrutura corporativa e despregarse en 2025 sobre unha infraestrutura IaaS.

Tamén se realizou a migración tecnolóxica do portal do Xurado de Expropiación de Galicia, <https://xeg.xunta.gal> á versión 9 do xestor de contidos Drupal.

Por último, realizouse o soporte e desenvolvementos menores noutras aplicacións como **EXCON** (xestión de expedientes de conservación de estradas) ou **CEERAE** (consulta dos expedientes dixitalizados de expropiacións da rede autonómica de estradas de Galicia).

4.2.5.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información de xestión do transporte público.

O 1 de xaneiro de 2024 comezou a aplicación da tarifa específica +65 nos servizos públicos de transporte interurbano de uso xeral da competencia da Xunta de Galicia, pola que as persoas maiores de 65 anos dispoñen de 60 viaxes de balde.



4.2.5.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información para a xestión das inspeccións e sancións en materia de transporte.

Realizouse o mantemento evolutivo da aplicación de xestión de expedientes sancionadores en materia de transporte (IURIST e IURIST_WS).

Adxudicouse o contrato para o desenvolvemento dun sistema integral para a dixitalización das labores de inspección en materia de transporte financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU e comezáronse as tarefas de análise e deseño do proxecto e o desenvolvemento do módulo de requirimentos ás empresas.

Por último, licitouse e formalizouse un contrato para subministración de 60 tabletas destinadas á recollida de datos en campo para a realización das labores de inspección en materia de transporte financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU.

4.2.5.4. Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións.

Durante o ano 2024, integráronse en Tramit@catro novos procedementos, ademais, realizouse o mantemento evolutivo e o soporte dos procedementos de autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas

dos que se iniciaron máis de 6.400 expedientes no ano 2024.

Por último, realizouse o mantemento evolutivo e soporte do sistema de xestión e tramitación de expedientes de reclamación á **Xunta Arbitral de Transportes (XARBIT)** e da plataforma de formación para a **certificación de profesionais do transporte (CERTRA)** entre outras plataformas.


4.2.6. Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente e do Territorio

4.2.6.1. Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica, calidade ambiental e cambio climático

Os sistemas de información de predición, observación e difusión de información meteorolóxica, calidade ambiental e cambio climático teñen un papel fundamental para a sociedade, debido ás súas implicacións sociais, económicas e ambientais. Ao longo do ano 2024 destacan as seguintes actuacións:

No ámbito de **Meteogalicia**:

- ◆ Completouse a segunda fase de renovación e evolución do portal Web de Meteogalicia, finalizando a migración tecnolóxica e mellora das seccións e proxectos de Observación e Modelos Numéricos, que foron adaptados á infraestrutura corporativa de AMTEGA, ofrecendo ao público un deseño renovado e melloras no acceso á información. Ademais desenvolveuse unha nova sección de Clima con datos climatolóxicos e evolucionouse o visor SIX avanzado do portal. Sendo o portal Web máis visitado da Xunta, no ano 2024 o portal foi visitado de novo por máis de 2 millóns de usuarios.




- ◆ Seguiuse dando soporte e evolución das aplicacións relacionadas coa difusión da información meteorolóxica en Meteogalicia, en particular as relativas á calidade do aire, a predición, a observación, a difusión web ou os servizos SIX.



- ◆ Ademais continuouse co proceso de migración dos sistemas de Meteogalicia á infraestrutura corporativa da AMTEGA. Acadouose o obxectivo proposto para o 2024 da migración do 20% das aplicacións de Meteogalicia relacionadas con:
 - Proxectos de recollida, tratamento e inserción dos datos de predición e observación meteorolóxica, clima, calidade do aire e modelos numéricos.
 - Servidor THREDDS para a publicación de información meteorolóxica e de calidade do aire.
 - Proxecto para a modelización de situacións de emerxencia relacionadas con incendios.

- ◆ Continuouse co mantemento e evolución da **aplicación móbil de Meteogalicia**, que tivo no ano 2024 máis de 60.000 descargas entre as dúas versións dispoñibles (iOS e Android). Renovouse o apartado de Calidade do Aire e fixéronse melloras no apartado de Concellos, incluíndo información adicional. Inclúese o vídeo do día en Cámaras Web, ou a posibilidade de facer zoom nas imaxes de Radar e Satélite. Ademais actualizouse a arquitectura tecnolóxica da app, para desligala dos sistemas legacy e integrala coa API do novo portal.



- ◆ Dentro do **Piloto IoT de Meteogalicia**, levouse a cabo a integración da plataforma iCousas cos sistemas de Meteogalicia, que no 2025 permitirá comparar os datos recollidos polos sensores IoT do piloto e avaliar as vantaxes que pode proporcionar a nova rede iCousas no seu ámbito.

Por outra banda, tamén se realizaron as seguintes actuacións nos ámbitos de **calidade ambiental e cambio climático**:

- ◆ Seguiuse co **mantemento e adaptación tecnolóxica dos portais no ámbito do cambio climático**, entre outros o da Alianza Galega polo Clima (188 entidades adheridas), o do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía (285 concellos participantes).
- ◆ Realizouse o **mantemento e soporte da aplicación OraLIMS** e iniciouse un proxecto de migración da ferramenta a unha nova versión con mellores prestacións e actualización de plataforma de base.
- ◆ Iniciouse o **desenvolvemento dunha aplicación para o almacenamento, rexistro e explotación da información de macroinvertebrados** por parte do LMG.
- ◆ **Mantemento e soporte das aplicacións que faltan por migrar a GaIA**

- ◆ Mantemento e soporte da tramitación dos procedementos administrativos neste ámbito xestionados coa aplicación Tramita. Trátase de procedementos relacionados co financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais, axudas a pemes, autónomos, asociacións e fundacións sen Ánimo de lucro de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas á preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos téxtiles recollidos separadamente, actuacións para a implantación de recollidas dos biorresíduos, ou subvencións para mellora de puntos limpos existentes.

4.2.6.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo

Os sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias. No 2024 realizáronse as seguintes actividades:


- ◆ Posta en funcionamento do **novo tramitador de expedientes para a Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística (APLU)**.
- ◆ Publicación, mantemento e soporte do **novo portal web de Territorio e Urbanismo (W_OTURB)** e migración do Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia a esta nova web.
- ◆ Mantemento e soporte da aplicación de xestión de expedientes urbanísticos (SXEU) e da aplicación SINDOC, que permite a sinatura desatendida.

4.2.6.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia

Os sistemas de información para a xestión da conservación da biodiversidade e para xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia son elementos críticos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias. Durante o ano 2024 destacan as seguintes actividades:

- ◆ Publicouse un novo sistema integral de **Xestión de Cotos de Pesca Fluvial (XESCOPE)** con capacidades SIX, integrado por un portal Web, unha aplicación para a xestión interna da Consellería e unha aplicación móbil para o pescador. A nova aplicación interna para a xestión dos sorteos e permisos de pesca permite a tramitación dos procedementos:

- MT807B Sorteo de permisos en coutos de pesca fluvial (Modalidade individual ou creación dun grupo de participantes).
- MT807C Sorteo de permisos en coutos de pesca fluvial (Modalidade inclusión nun grupo).
- MT807K Devolución de taxas en materia de pesca fluvial.



◆ Mantemento e evolución das **aplicacións de caza e pesca fluvial**:

- LICAPE (Licenzas de caza e pesca), no 2024 completáronse os desenvolvementos para a xestión da proactividade na expedicións

de licenzas, emitíndose de xeito automático para os maiores de 65 anos, sen necesidade de tramitación polo usuario.

- PAACI (Xestión dos plans de ordenación de caza), que xestiona diversos procedementos relacionados coa xestión dos plans de ordenación cinexética (POC) e plans anuais de aproveitamento cinexético (PAAC).
- SORCOU e PERCOU (xestión de sorteos e permisos en coutos de pesca fluvial), antigas aplicacións que foron substituídas polo novo sistema XESCOPE.
- LMPREA (pesca de lamprea), que xestiona os procedementos de autorización e sorteo de postos de pesca de lamprea nos ríos Tea e Ulla (MT823A e B).
- ◆ Mantemento e evolución da **aplicación de xestión de axudas por danos producidos polo oso, lobo e xabaril (XILAX)**, (procedementos MT815A, MT809B e MT809E), incorporando no 2024 na aplicación a tramitación doutras axudas relacionadas:
 - MT809G Axudas económicas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en ganderías para a prevención dos danos que poida ocasionar o lobo.
 - MT809F Axudas económicas aos custos derivados da instalación de valados fixos para a prevención dos danos que poida ocasionar o lobo.
 - MT809D Axudas económicas para a prevención dos danos que causan as especies silvestres.
- ◆ Mantemento evolutivo e soporte do **Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC)**. No 2024 reforzouse a seguridade do sistema, coa actualización tecnolóxica da plataforma de base, a integración cos sistemas de autenticación transversais da Amtega (sistema de dobre factor de autenticación 2FA), e melloras na auditoría e trazabilidade dos datos. Ademais desenvolvéronse melloras na tramitación de mortes de animais e iniciouse o desenvolvemento de novos fluxos de tramitación no rexistro para a xestión desatendida das inscricións.
- ◆ Evolución e mellora da aplicación para o **Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ)**, engadindo o rexistro de entrada e saída de animais nos Centros de Recuperación de Fauna, a xestión da súa información clínica e os datos de resolución (saída).

4.2.6.4. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia

Os sistemas de información para a xestión, conservación, promoción e difusión de espazos naturais protexidos son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias. No ano 2024 realizáronse as seguintes actuacións no ámbito da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia:

- ◆ Continuouse co mantemento e soporte das aplicacións de xestión de autorizacións de acceso

aos espazos naturais das Illas Atlánticas (ILLASR), praia das Catedrais (MONATR) e acceso ao illote Areoso (AREOSO).

- ◆ Engadíronse melloras na aplicación móbil (ILLASR_MOBIL) para o control máis áxil dos accesos ás Illas Atlánticas.
- ◆ Continuouse co mantemento e soporte dos portais Web de Illas Atlánticas, Patrimonio Natural e Reserva da Biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés, e iniciáronse os traballos para a renovación do portal de Patrimonio Natural.
- ◆ Ademais seguiuuse co mantemento e soporte da aplicación móbil de Parques Naturais, que tivo 1.895 descargas (Android e iOS) no 2024.

4.2.7. Medidas para a xestión dixital do sector primario

4.2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes

No eido do sector agrícola e gandeiro, podemos resaltar dúas tipoloxías principais de actuacións, en función do destinatario dos sistemas: xestión interna y servizos cara ao cidadán/sector.

MELLORA E MODERNIZACIÓN NA XESTIÓN INTERNA

Facemos mención ao soporte e mellora de sistemas relevantes como son:

- **Saneamento gandeiro:** sistema (FICADI). No ano 2024 incorporouse no portal WEB o rexistro de vacinacións de Lingua Azul para as Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras, implantouse o reenvío automático de crotais provisionais aos sistemas INGAN e MARIS e adaptouse a aplicación para dispositivos móbiles para a recollida da enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE).
- **Rendemento leiteiro:** sistema CEGCOL. No ano 2024 finalizouse o desenvolvemento e púxose en marcha unha nova aplicación deste sistema de información con melloras en aspectos como a Conservación de documentos, historización de información, informe anual, perfiles de utilización, etc.
- **Xestión de matadoiros.** No 2024 incorporouse no sistema MATGAN o acceso con Chave365 e púxose en marcha un novo informe, destinado aos veterinarios do SERGAS, coa información dos movementos, controis sanitarios e duplicados de crotal. Ademais, desenvolveuse a adaptación para a consulta de explotacións e animais dos

veterinarios de saúde pública (en uso), novos documentos de control de calidade, integración de novos aparellos e perfil de veterinarios de sanidade pública.

- **Xestión ensaios e mostras sanidade animal:** sistema MARIS. En relación á aplicación de escritorio incorporáronse melloras na usabilidade das follas de cálculo empregadas, na comunicación de resultados e nos mensaxes de avisos. En relación ao portal WEB, incorporouse a posibilidade de engadir documentos de acompañamento aos rexistros de mostras enviadas ao Laboratorio.
- **Produtores e operadores de medios de defensa fitosanitarios:** O sistema ROPOF incorporou diversas validacións e controis para incrementar a usabilidade do sistema e mellorouse a integración con outros sistemas de información así como o control dos tipos de modificación.
- **Producción vexetal:** No ano 2024 púxose en marcha o sistema de información PROVEX que permite a xestión das solicitudes de Producción vexetal en Galicia e, en base ás mesmas, o mantemento dos rexistros de Producción vexetal autonómicos e nacionais.
- ◆ **Ámbito vitícola.** No eido do proxecto PDAGRO, no 2024 iniciouse o traballo de análise que permitirá desenvolver novas ferramentas de xestión no eido vitícola. Os obxectivos son a actualización tecnolóxica e funcional das aplicacións informáticas internas de xestión dotándoas de capacidades xeográficas, e de integración con outros xestión dotándoas de capacidades xeográficas, e de integración con outros O Sistema de Información


sistemas; a automatización e simplificación dos controis de campo; a Integración do Rexistro Vitícola con Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REXAGA), con SIEX e con elementos transversais; a Xestión da explotación vitícola por parte do Cidadán e interacción electrónica coa Administración (XEAGA); así como impulsar ferramentas informáticas que permitan actualizar de maneira alfanumérica e gráfica as explotacións/parcelas vitícolas. Engadido ao anterior, cómpre salientar o innovador proxecto VitDetector, que ten como obxectivo dispor dunha plataforma para a elaboración de conxunto de datos de adestramento para IA de calquera tipo de elemento territorial mediante imaxes satelitais ou ortofotografías aéreas. Así, no ano 2024 levouse a cabo un proceso de depuración dos datos do Rexistro Vitícola a partir da clasificación automática que realiza o modelo IA.

- **Rexistro de contabilidade vitivinícola:** sistema ACIOS. No ano 2024 leváronse a cabo diversas actuacións enfocadas á mellora da usabilidade e experiencia de usuario para as bodegas.

◆ Xestión de axudas

En relación aos sistemas de información que dan soporte á xestión de liñas de axuda cabe destacar, polo volume e/ou implicacións cara ao sector, os seguintes:

- **Solicitude única da Política Agraria Común (SGA).** As axudas directas como elemento esencial de apoio á renda dos agricultores e agricultoras, funcionan como unha rede de seguridade para os seus ingresos. Permiten achegar axudas aos agricultores e agricultoras por aspectos do seu traballo que non remuneran os mercados e que son servizos públicos vitais para a sociedade; enmarcadas nas liñas definidas pola UE sobre a Política Agraria Común (PAC). Probouse o novo módulo de control de campo (SGACIM) cara á súa consolidación no 2025, así como tamén o novo módulo de xestión de dereitos (SGADER); desenvolvéronse melloras no módulo de integración entre a plataforma e os sistemas corporativos. En SGAREX é relevante a actualización deste módulo de xestión de parcelas a partir da información de solicitude única (SGA), mecanismo que inicialmente será provisional ata final do 2025. O visor de recintos SIXPAC que contén mais de 22,6 millóns de recintos – recibiu 3,8 millóns de peticións de consulta ou servizo.



- **Mellora estruturais nas explotacións agrarias:** xestión das axudas de investimentos en activos fixos, equipamentos comúns, primeira explotación de novos agricultores e primeira instalación de pequenas explotacións. Durante o ano 2024 abordáronse neste sistema diferentes tarefas orientadas á súa estabilización e á adaptación aos cambios das convocatorias, asegurando unha xestión máis eficiente e fiable das axudas. Introducíronse no sistema a xestión de novos procedementos administrativos (MR404A, MR404B, MR405D, MR405E, MR405F, MR405G), permitindo a súa tramitación conforme á nova normativa. Optimización do fluxo de comunicación cos usuarios (mellora das notificacións de eventos clave na xestión dos expedientes) e mellora da integración con outros sistemas sectoriais (REAGA, XESGAN, SICOP...) e do módulo de explotación de datos. Novas funcionalidades e adaptacións na integración con SICOP (pagos).






- **Axudas apicultura.** No 2024 traballouse no desenvolvemento deste novo sistema de información, que entrará en funcionamento no 2025, e que dará apoio na xestión das axudas á apicultura (réxime individual e cooperativas); tratamento dos datos que permitan realizar de forma automatizada todas as tarefas relacionadas coas axudas á apicultura, dende a recepción de solicitudes ata o pago aos beneficiarios así como a petición de fondos e o envío dos ficheiros de pago ao organismo pagador (FOGGA).



- O sistema XEOLA facilita a **xestión de liñas no eido de explotacións**, como é o caso das axudas a entidades de asesoramento ou de maquinaria en réxime asociativo, producíndose adaptacións para as convocatorias do 2024

♦ Xestión de gandería

- O sistema de información XESGAN é un dos proxectos estruturais neste eido, xa que da apoio integral nos principais procesos en relación á xestión da Gandería, constando dos seguintes módulos principais: SIGAN (sistema de información xeral de gandería), REGAN (rexistro de explotacións gandeiras), INGAN (xestión sanitaria de gandería), SEGAL (xestión da seguridade alimentaria) e MOGAN (rexistro dos movementos de animais de gandería).
- No ano 2024 abordáronse nos diferentes módulos do sistema XESGAN os seguintes traballos, sendo especialmente destacable os esforzos de completar, formar ao persoal e preparar o sistema MOGAN para a súa posta en marcha no 2025, como eixo esencial na xestión dos movementos das especiais animais contidas no Rexistro de Gandería de Galicia





◆ Sistema contable do organismo pagador (FOGGA)

- O FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria) é o organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia: Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (Feader).
- O sistema de información SICOP é a ferramenta que lle da apoio facilitando a xestión contable: xestión, control e seguimento dos pagos de axudas e outras figuras relacionadas (solicitudes de petición de fondos, garantías, devolucións, previsións, desviacións, fóra prazo e estado de tesourería) así como a tramitación de pagos indebidos (xestión dos expedientes de reintegro, alegacións, recursos, solicitudes de aprazamento e cálculo de intereses) e outras débedas (sancións plurianuais, tarxeta amarela, embargos...)



- No ano 2024 abordáronse diversas evolucións neste sistema co obxectivo de ampliar a cobertura funcional para dar resposta ás necesidades tanto das unidades de xestión de axudas como do organismo pagador: adaptacións ao Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, incorporación da carga de novos arquivos, adaptación e incorporación de validacións na carga de diferentes arquivos (pagos,


BDCMIC, comunicación de irregularidades...), parametrización da contabilización de recuperacións de indebidos/débedas, declaración de irregularidades, xeración de informes de apoio ás auditorías da conta anual



◆ Explotacións Agrarias

- O Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) é unha aplicación estrutural para a Consellería do Medio Rural, que centraliza a información das explotacións agrarias de Galicia e o rexistro de terceiros da Consellería de Medio Rural.
- No ano 2024 abordáronse neste sistema diversos traballos, encamiñados principalmente á mellorar e potenciar integración co sistema XEAGA (servizo de Xestión de Explotacións Agrarias de Galicia para o cidadán) e ao aliñamento ás diferentes versións do Sistema de Información de Explotacións (SIEX) impulsado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que regula o contido dos cadernos de explotación e a información a trasladar desde as comunidades autónomas a SIEX.
- Durante 2024 iniciáronse, ademais, os traballos para o desenvolvemento dun novo sistema para o Rexistro das Explotacións Agrarias de Galicia (SIXEGA), que suporá unha renovación tecnolóxica e funcional da aplicación REAGA e a converxencia nun só sistema co Observatorio de Parcelas (OPA)






◆ Cadernos de explotación

- Durante o ano 2024 traballouse na definición dun novo sistema de información para a xestión interna dos cadernos de explotacións autonómicas (RECUE), que permita aos xestores administrativos a consulta da información das actuacións e cadernos e a realización das accións de xestión, así como a interconexión con outras aplicacións que necesiten coñecer esta información. Enmárcase na contorna do proxecto PDAGRO mais adiante referido.
- O novo sistema en desenvolvemento almacena a información dos tratamentos e actividades agrícolas realizadas nas explotacións para a súa consulta por parte dos xestores, así como o seu envío a SGACEX (módulo de SGA para o envío da información dos cadernos dixitais de explotación). O sistema expón un conxunto de servizos para poder recibir o resto de actuacións fixadas no Real Decreto 1054/2022 (SIEX). Este sistema representa "a cara interna" para o tratamento da información pertinente que os titulares de explotacións realizan en XEAGA.



◆ Banco de explotacións

- Durante o ano 2024 iniciouse o desenvolvemento do sistema de información XESBEX que permitirá a xestión e tramitación dos procedementos relacionados coa xestión do banco de explotacións e o rexistro de explotacións neste; de acordo á normativa establecida na LEI 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- O novo sistema concíbese co obxectivo de permitir aos Xestores do Banco de Explotacións administrar as solicitudes de incorporación ao banco, así como as diferentes mostras de interese.
- A nova aplicación deberá estar en conexión con distintos sistemas sectoriais (XEAGA; REAGA, XESGAN) e horizontais (sede):



FACILITAR FERRAMENTAS CARA Á CIDADANÍA



A **Oficina Virtual do Medio Rural** (<https://ovmediorural.xunta.gal>) é a plataforma de servizos orientados á cidadanía para a consulta de datos e a realización de trámites administrativos no ámbito de medio rural, facilitando así a realización electrónica de numerosos servizos prestados nese eido; en particular a **Oficina Virtual de Gandaría de Galicia (OVGAN)** permite entre outros a xestión das altas, guías por nacemento, movementos, duplicados dos Documentos de Identificación Bovina, entidades identificadoras...

No 2024 leváronse a cabo distintas evolucións e melloras no sistema entre as que destacan as adaptacións necesarias para dar cumprimento aos cambios na lexislación.



Desde o 1 de xaneiro do 2024 XEAGA da soporte ás obrigas contidas na normativa estatal e autonómica de cadernos de explotación dixitais, en conexión co Sistema de Información de Explotacións Agrarias (SIEX) desenvolvido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e que persigue a interoperabilidade entre as distintas fontes de información dispoñibles dos sectores agrícola, gandeiro e forestal; para iso estase traballando na coordinación entre os sistemas galego e nacional:

A seguinte figura ilustra un esquema global do proxecto Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia (PDAGRO), proxecto 2024_2027 financiado polo programa FEDER Galicia.



4.2.7.2. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal

No eido da Xestión Forestal realizáronse importantes avances da man da incorporación de melloras tecnolóxicas así como a adaptación ás evolucións legais aplicables á xestión do monte e da madeira. Entre as principais actuacións poden destacarse as seguintes:

INVENTARIO FORESTAL

Realizáronse avances para a **consolidación do Inventario Forestal Continuo de Galicia** (<https://invega.xunta.gal/invega/>) abordado mediante unha plataforma colaborativa de múltiples axentes que incorporan e consultan información das masas forestais, da súa tipificación, evolución e dispoñibilidade.

Levou-se tamén a cabo un procesado da información necesaria para a presentación de sistemas capaces de identificar e caracterizar, de forma automatizada, diferentes tipos de plantacións e superficies forestais a partir de imaxes por satélite.

A información xeográfica recollida no Inventario Forestal Continuo procesarase para elaborar no Mapa de combustibles do simulador de incendios e contribuirá a actualización da información recollida no Mapa de Usos Agroforestais de Galicia.



Rede 8x8 km: 462 puntos de mostraxe en Galicia, medidos ao 100%.




Rede 4x4 km: 2123 puntos de mostraxe, medidos preto do 50% a finais de 2024.

ORDENACIÓN FORESTAL

Xestión dos Instrumentos de Ordenación Forestal, coa actualización do sistema de xestión XORFOR, que ademais da peza básica para a xestión interna administrativa, é a porta na que os cidadáns, propietarios e técnicos forestais achegan e revisan toda a documentación a presentar dos proxectos de ordenación forestal e outros instrumentos de xestión forestal.

No 2024 avanzouse no desenvolvemento do novo sistema XORFOR 3.0 co que se busca simplificar e axudar ao administrado na redacción de instrumentos contando con ferramentas de axuda específicas de ordenación forestal.



XORFOR 3.0: Novo asistente de redacción de instrumentos

Evolución no sistema de **Inventario de Actividade Forestal** (INAFOR) como ferramenta interna que centraliza a información e constitúe a base de datos común a todos os sistemas administrativos para o arquivo e consulta entre sistemas internos das actividades forestais realizadas. No 2024 evolucionouse o sistema levando a cabo accións como a integración co sistema de xestión de datos de ordenación forestal a partir do rexistro de Montes (ORDFOR) para realizar o seguimento dos proxectos de ordenación.

No referente á **Xestión Económica dos Montes** avanzouse no desenvolvemento do novo sistema XESTOR, que agrupa os procesos xestionados con diferentes aplicacións. O sistema tamén se potenciou coa xeración de novos documentos, incorporación de novas orixes de datos e a implementación de módulos chave. Así mesmo, completouse a integración con FOGGA-SICOP, fortalecendo a interoperabilidade con outros sistemas administrativos.

XESTIÓN DE CORTAS

Neste ámbito resulta destacable a ferramenta de **Cortas Públicas** (CORPU) onde no 2024 avanzouse no desenvolvemento dun novo asistente de tramitación de procedementos que guía ao usuario da administración no proceso de redacción e xestión de poxas públicas. Iniciouse tamén a migración a un visor SIX propio, co fin de mellorar o rexistro de información e a súa validación, dando cumprimento aos requirimentos do Regulamento EUDR.

A **xestión de permisos de cortas de madeira** en superficies forestais de xestión privada foi obxecto de varias melloras nos sistemas de información que permiten tanto as solicitudes dos cidadáns a nivel de referencia catastral (CORWEB) como na aplicación de xestión interna da administración forestal (CORPRI).




CORPU: Asistente de tramitación de procedementos

TRAZABILIDADE


Co obxectivo de evolucionar os sistemas de cortas, para permitir á Administración o cumprimento do regulamento EUDR (Regulation on Deforestation-Free Products) co menor impacto para o interesado, no ano 2024 realizáronse as seguintes accións:

- ◆ Rexistro da información xeoespacial da superficie de corta das solicitudes privadas mediante o uso dun visor SIX, mellorando a identificación das áreas de aproveitamento e facilitando o rexistro por parte dos usuarios.
- ◆ Posta a disposición dos solicitantes de cortas privadas dun arquivo que recolle a información requirida co formato axeitado para ser trasladada ás ferramentas propias de EUDR.
- ◆ Inicio da migración a un visor SIX de cortas públicas propio, co fin de mellorar o rexistro de información e a súa validación.



CORWEB: Alta de aproveitamentos a través de visor

Extensión no uso do sistema de trazabilidade da madeira FORTRA baseado en Blockchain. Durante o 2024 leváronse a cabo cambios en todos os ámbitos de FORTRA, en especial, modificacións para dotar ao sistema da flexibilidade e escalabilidade necesarias para facer fronte aos crecentes requirimentos de volume e complexidade.



FORTRA: detalle das operacións correspondentes ao produto "Que faena(r)!" (FROUMA-TAC-2024)

XESTIÓN DE AXUDAS


A **Xestión de Axudas de Fomento Forestal** realízase co emprego da ferramenta AXUFOR. Neste ano realizáronse varias evolucións vencelladas á plataforma tecnolóxica corporativa, tales como a ampliación de consultas de interoperabilidade a través de Pasaxe ou a integración co Arquivo Electrónico Único da Xunta de Galicia (ARPAD) para a automatización da xestión da documentación asociada a un expediente. Tamén se levaron a cabo melloras funcionais que contemplan a incorporación de novas liñas de axuda e a convocatoria 2024 para distintos procedementos.

En canto a evolución das ferramentas para dispositivos móbiles empregadas como apoio nos controis e inspeccións de campo (Acta Única-Axumob), comezouse a desenvolver un novo sistema (HUBINS) que permitirá a centralización de todos os controis.

SANIDADE VEXETAL

Sanidade Vexetal Forestal, co sistema SAVFOR para dar soporte ao proceso completo de vixilancia da sanidade forestal. Durante o 2024 lograronse importantes avances na xestión e análise de pragas, enfermidades e danos nas masas forestais de Galicia coa

publicación da nova aplicación de xestión desenvolvida no 2023.



SAVFOR: visor de actuacións

Publicouse a APP móbil na tenda de Google, e nela incorporouse a funcionalidade de traballo offline sobre os mapas.



SAVFOR: traballo offline sobre mapas dende a APP móbil

Outro fito clave foi a integración de novos modelos de intelixencia artificial para a identificación automatizada de pragas, que permiten optimizar a detección temperá e a toma de decisións na xestión forestal.



SAVFOR: resposta de identificación de algoritmo IA

4.2.7.3. Incluír funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de prevención e extinción de incendios

No que respecta á prevención e defensa contra os incendios forestais, as actuacións están enmarcadas no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia – PLADIGA.

SOPORTE Á EXTINCIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS

O soporte da **xestión dos medios técnicos e humanos para a xestión da extinción dos incendios forestais** (XEINFO), cuxo núcleo é a aplicación XeoCode 2.0, así como varios sistemas conexos. XeoCode está accesible desde unha aplicación de escritorio e tamén conta cunha app móbil – XeoCode Lite – para o persoal operativo sobre o terreo.

O sistema XeoCode integra toda a información necesaria para o apoio á xestión da extinción dos incendios forestais, o sistema permite o control da **Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia** (RVEFG) que conta con 153 cámaras dispoñibles, que actualmente cobren o 62% do territorio de Galicia e integra outras fontes de datos determinantes para a extinción.

Para atender estes e outros sistemas dispónse dun grupo de **soporte aos medios vinculados ao dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais** da Xunta de Galicia (CAU Incendios).

No 2024 realizáronse importantes melloras no ecosistema XEINFO entre as que cómpre sinalar as seguintes:

- ◆ XeoCode: incorporación do plan de operacións e manobras sectorizado e posta en marcha dun

novo mecanismo de actualización da información (XeoCode Online).


- ◆ XeoCode Lite: incorporación do plan de operacións e manobras sectorizado para a xestión detallada das actuacións do operativo en campo por sectores dos incendios.
- ◆ Sistema de información Quendas: certificación de horas nocturnas, mellora na xestión das quendas e xestión de diferentes servizos.
- ◆ XLumes Codificador: asinado dos partes de incendios para o seu envío a Portasinaturas por parte dos Axentes Forestais.
- ◆ Migración tecnolóxica e posta en marcha da nova versión do sistema xestión das queimas controladas (Queco).
- ◆ Procesamento da información dos partes de incendio e exportación ao Ministerio para conformar a Estatística Xeral de Incendios Forestais (EGIF) 2024.
- ◆ Cálculo das Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) para a incorporación no Pladiga 2024.

O **CAU de Incendios** reforzouse no ano 2024 nun 20%. Neste ano 2024 atendéronse mais de 5.800 incidencias e peticións de servizo, en moitos casos con desprazamentos a oficinas de distritos forestais e servizo provinciais que totalizaron 28.226 km.

No ámbito da **aplicación da Intelixencia Artificial**, o proxecto AILUME ten como finalidade a detección de incendios forestais a partir das cámaras de vixilancia do monte. No ano 2024 avanzouse no desenvolvemento do modelo inicial adestrado con capacidade para a detección dos lumes. Actualmente, o modelo desenvolto dispón dun alto grado de éxito, cunha porcentaxe de precisión de ao redor do 90% sobre o conxunto de adestramento.

PREVENCIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS

Neste ámbito, o sistema de **xestión de biomasa nas faixas secundarias** (XESBIO) facilita o control e as comunicacións entre os concellos e os titulares catastrais das parcelas que deben manterse limpas para evitar que os lumes forestais poidan achegarse ás vivendas.



Durante o ano 2024, na ferramenta WEB leváronse a cabo diferentes melloras e realizáronse diversas adaptacións técnicas orientadas á mellora do rendemento, usabilidade e experiencia do usuario da aplicación.

No ano 2024 incrementouse case un 5% o número de parcelas en faixas secundarias xestionadas no sistema (ata as 2.258.317 parcelas, cunha superficie de 175.804 Ha.).

O número de persoas interesadas asociadas a estas parcelas é de 1.705.885. Coa axuda desta ferramenta creáronse 426.400 documentos e xestionouse a realización de 542.340 inspeccións.

Para prevención dos lumes tamén temos o **sistema CONLU** que facilita a xestión dos convenios que asina a Consellería do Medio Rural coas distintas entidades locais. No ano 2024 adaptouse o sistema para permitir a configuración de convocatorias plurianuais e desenvolvéronse novas funcionalidades. Este ano xestionouse mediante este sistema a solicitude de mais de 12 millóns de euros e o pago de mais de 9 millóns.

4.2.7.4. Impulsar e facilitar a xestión dos instrumentos para o desenvolvemento rural e o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia, así como o seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia cofinanciado pola UE (FEADER)

Neste apartado detállanse as actuacións levadas a cabo no ano 2024 no eido do desenvolvemento rural, no que as competencias asignadas á Xunta de Galicia son desenvolvidas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Descríbense algo mais polo miúdo as actuacións desenvoltas neste eido:

◆ Xestión dos instrumentos e procedementos de recuperación da terra agraria de Galicia

O sistema de información TERREC proporciona apoio na xestión dos procedementos e instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.


No ano 2024 traballouse na adaptación do sistema ao cambio do concepto de parcela e na incorporación de diversas melloras. Ademais incorporouse a xestión dos trámites posteriores pendentes para os diferentes procedementos.

◆ Xestión do Banco de Terras de Galicia

O Banco de Terras de Galicia (Bantegal) busca evitar o abandono de terras agrarias e poñelas ao dispor de persoas interesadas na súa explotación.

O sistema de información SITERR proporciona o soporte para a xestión do Banco de Terras de Galicia, e fai uso de ferramentas XIS para a xestión de distintos trámites e permite a consulta do estado dos expedientes e das fincas incorporadas ou dispoñibles.

No ano 2024 abordáronse diversos traballos que permiten mellorar e axilizar o traballos dos técnicos. Ademais incorporáronse melloras en relación co rendemento na modificación dos instrumentos de recuperación.



◆ **Concentración parcelaria. Algoritmos.**

En relación coa mellora e a automatización dos procesos de concentración parcelaria, estase a traballar no desenvolvemento de procedementos e algoritmos para o deseño de proxectos que xeren solucións de reestruturación parcelaria viables e óptimas e satisfagan os criterios establecidos legalmente.

Neste ámbito, durante o ano 2024, traballouse na análise da información de datos de entrada e das necesidades de procesamento, no deseño e implantación dos algoritmos básicos de reparcelación e con cálculo de viario e no deseño e desenvolvemento da aplicación demostradora.

◆ **Xestión das axudas baixo a metodoloxía LEADER**

No ano 2024, incorporáronse diversas evolucións e melloras relacionadas coa descarga de solicitudes base e dos trámites dispoñibles, incorporación de controis, histórico dos pagos dos expedientes... No ámbito de submedida 19.4.B, avanzaouse no desenvolvemento das funcionalidades de xestión, formularios base e formularios de diferentes trámites, descarga de solicitudes.

◆ **Mapa de usos agroforestais de Galicia**

Este ano avanzaouse no desenvolvemento tanto do Portal Público como do Portal Privado asociados á difusión e xestión do Mapa de usos agroforestais de Galicia.



◆ **Sensorización e xemelgo dixital**

A AMTEGA xunto con Redes de Telecomunicación de Galicia (RETEGAL) participaron na implantación na aldea de Meixide (concello de A Veiga) dunha solución de sensorización, baseada na Rede galega de Internet das Cousas e nunha aplicación específica para a monitorización do gando.

No 2024, licitouse a análise de necesidades e fontes de datos para a posta en marcha de diversos xemelgos dixitais sectoriais. Os traballos comprenden a análise de fontes de datos e necesidades funcionais a resolver nos xemelgos dixitais sectoriais que serviran como piloto para a Plataforma Soporte de Xemelgos Dixitais. Identifícanse os seguintes:

- Xemelgo do mapa industrial de Galicia
- Xemelgo das Infraestruturas rurais dos núcleos das Aldeas Modelo
- Xemelgo de apoio á xestión agraria nas Aldeas Modelo



4.2.7.5. Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade, e outras iniciativas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

No eido da Calidade Alimentaria realizáronse avances, entre os que cabe destacar as seguintes actuacións:

O sistema de xestión das tarefas administrativas de AGACAL (ENFIA) centraliza nun único repositorio toda a documentación xerada neste eido.

O sistema de xestión dos servizos prestados por AGACAL dos procesos e labores de control e


certificación da calidade diferenciada (AGACER) dá soporte a multitude procesos.

No 2024 traballouse en distintos aspectos, entre os que cabe destacar a migración dos datos das seguintes DOPs/IXPs, centralizando a súa xestión na aplicación AGACER e a creación das listas de verificación correspondentes a cada unha das DOPs/IXPs migradas coas que se facilita a inspección realizada nas auditorías.

En 2024, o **sistema de xestión e tramitación de axudas individuais a produtores AXIPRO** mellorou a xestión e tramitación de axudas individuais a produtores con adaptacións ás novas convocatorias. Optimizouse o procesamento de solicitudes desde a Sede electrónica e mellorouse o acceso e exportación de documentos a REXEL.


O **sistema de xestión e tramitación de axudas a proxectos de transferencia tecnolóxica AXUTT** mellorou a xestión e tramitación de axudas a proxectos de transferencia tecnolóxica con diversas adaptacións e optimizacións. Realizáronse axustes para as novas convocatorias 2024.

No **sistema de información de soporte á xestión das axudas no ámbito da formación e transferencia e de financiamento propio AXUTF** leváronse a cabo tarefas orientadas a evolución e adaptación do sistema en distintos ámbitos, así como a implementación de novas funcionalidades.



AXUTF – Convocatorias

O **sistema de soporte dos cursos de produtos fitosanitarios e outra formación agroforestal xestionada por AGACAL (FOAGRO)** xestiona a expedición dos carnés fitosanitarios e os certificados asociados.



FOAGRO – Solicitudes aceptadas

En 2024, o sistema de xestión de cursos de manipulador/aplicador de produtos fitosanitarios, mellorou a súa operatividade coa adaptación a un novo fluxo de traballo. Implementouse tamén a automatización de procesos, o que facilitou a xestión para os usuarios a través da integración con sistemas transversais como Pasaxe, Portasinaturas e Notifica.

Plataforma web e móbil de información fitosanitaria do viñado con modelos epidemolóxicos (FITOVIT) ten como obxectivo principal optimizar a aplicación de produtos fitosanitarios aos viñedos. Deste xeito, os modelos empregados permiten detectar a presenza das principais enfermidades do viñado a partir dos datos de entrada e calcular o mellor momento para aplicar os tratamentos correspondentes.


AGACAL conta con dous portais web:

- ♦ **W_AGACA:** Portal WEB da Axencia Galega da Calidade Alimentaria que dispón de información institucional, de Calidade Alimentaria, Investigación e Transferencia, Formación... (<https://agacal.xunta.gal>)



Portal WEB da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

- ♦ **W_EXPCA:** Proxecto de promoción e comercialización dos produtos alimentarios con Denominación de Orixe Protexida, Indicación Xeográfica Protexida, ecolóxicos ou artesanais cualificados, que busca facilitar ás empresas galegas elaboradoras destes produtos unha nova plataforma de promoción e unha ferramenta para a venda e distribución dos seus produtos (<https://experienciasdecalidade.gal>).



Durante o ano 2024 leváronse a cabo traballos de mantemento de ambos portais en que inclúen aspectos como a actualización de contidos e creacións de novas seccións e novas funcionalidades.

Son salientables tamén, no caso do portal experiencias de calidade, os traballos realizados para a incorporación da Campaña de Nadal, na que destaca a comercialización de lotes de produtos que permiten unha presentación personalizada.

4.2.7.6. Por en marcha sistemas transversais que permitan a xestión agregada da información


No ano 2024 púxose foco na evolución dos sistemas que permiten unha mellor xestión agregada da información e en sistemas e instrumentos que poden servir de xeito transversal en distintos eidos do sector primario.

NIVEL INTERNO

- ♦ **Repositorio centralizado de subvencións e axudas**

No 2024, incorporáronse de diversas melloras nas capacidades de explotación e exportación da información xestionada polo sistema, a internacionalización e a incorporación dun novo visor de información xeográfica, baseado en tecnoloxía ESRI corporativa.

Tamén fixéronse evolucións para permitir a análise histórica da información dispoñible en relación coas axudas no ámbito do monte e incorporouse ao sistema a información de 5 novos procedementos.



- ♦ **Librerías e aplicacións transversais**

Compre destacar tamén a utilización e a mellora de dúas librerías que permiten axilizar os procesos de desenvolvemento:

- **MRFACES:** Librería transversal creada a partir da arquitectura JSF_MRFACES, que achega solucións desde a capa de vista ata a capa de acceso a datos.
- **TRAXU:** Librería que define un modelo e unha serie de funcións comúns aos sistemas de tramitación de expedientes e achega funcións adicionais para as tramitacións de liñas de axuda/subvencións.

- ♦ **Compoñente web SIX para a visualización e edición de información xeográfica**

O compoñente EDISIX busca, mediante o desenvolvemento dun visor SIX, facilitar melloras na visualización xeográfica da información en numerosas aplicacións de traballo administrativo.

Durante o ano 2024 levouse a cabo a primeira versión desta compoñente transversal que, a alto nivel, dispón das seguintes funcionalidades: ferramentas básicas de navegación, selección de capas, mapa base e lendas, ferramentas de medición, selección e buffer, filtros dinámicos, conversión de coordenadas, buscador de localizacións, panel de superposición, opción en modo "pantalla completa"...



◆ **Cadros de mando: Indicadores e Observatorios**

Dentro do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, titulado "Cara á neutralidade carbónica", o sistema de información OBSFOR encárgase da xestión dos procesos de carga de datos do ámbito forestal, proporcionando os cadros de mando do Observatorio Forestal dispoñibles a través da plataforma BI corporativa. Durante o 2024 leváronse a cabo diversas tarefas de mantemento deste sistema e o desenvolvemento do novo sistema para o rexistro de Indicadores (REXIND), que permite a xestión e seguimento dos indicadores dos plans estratéxicos.



◆ **Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 Galicia**

Para dar difusión ao Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) de España, o portal <https://pdr-mediourural.xunta.gal>, proporciona información detallada das actuacións impulsadas pola Autoridade de Xestión do PDR en Galicia, así como da normativa, liñas de axudas, proxectos de innovación, eventos, novas e todo o relacionado co mesmo.

Como ferramenta complementaria a este portal, o sistema de xestión de indicadores do PDR facilita o reporte agregado da información procedente dos sistemas de xestión de axudas PDR/PEPAC, mediante módulos de explotación de datos que permiten aos usuarios un acceso flexible e configurable para a obtención de listaxes, estatísticas e gráficos.

No ano 2024 abordáronse neste sistema diversas melloras na xeración de informes e integración da información, co obxectivo de optimizar a análise e a visualización dos datos e garantir unha maior interoperabilidade e eficiencia.




◆ **Ferramentas de apoio nos controis e inspeccións de campo**

A plataforma Acta Única - Axumob naceu co obxectivo de substituír as actas de inspección en papel no proceso de inspeccións en campo, mediante o uso dos dispositivos e aplicación móbil que podan ser empregado nos controis e inspección de campo.



Esta plataforma consta dunha aplicación de backoffice denominada Acta Conxunta e dunha aplicación para dispositivos móbiles denominada propiamente Axumob. Esta aplicación pode utilizarse durante as saídas a campo sen necesidade de dispoñer dunha conexión permanente a internet.



Durante o ano 2024 traballouse no desenvolvemento dunha nova plataforma (HUBINS) que permitirá a centralización de todos os controis.

Este sistema de backoffice complementarase cunha aplicación para dispositivos móbiles (HUBINS_Android) que disporá de características especialmente relevantes como o funcionamento offline, a capacidades de navegación e visualización de información xeográfica ou a firma electrónica.

RELACIÓN COS AGRICULTORES ACTIVOS

◆ Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia

Na ficha de Agro existe información e esquemas de alto nivel do proxecto PDAGRO actualmente en execución.



Entre os elementos que conforman o sistema compre destacar no 2024 o do módulo de comunicación, xa que actúa como un frontal de integración e permite a consolidación e o intercambio eficiente de información entre os distintos sistemas do sector primario da Xunta de Galicia. Grazas a este módulo facilítase aos cidadáns a xestión integral dos elementos agroforestais.

No ano 2024 traballouse na adaptación dalgúns dos sistemas que se integrarán coa Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia, como o sistema de xestión de biomasa nas faixas secundarias (XESBIO).



4.2.7.7. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro

No eido de sector pesqueiro, podemos resaltar dúas tipoloxías principais de actuacións, en función do destinatario dos sistemas.

MELLORA E MODERNIZACIÓN NA XESTIÓN

Facemos mención ao soporte e mellora de sistemas relevantes como son:

Melloras e soporte da **Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP)**: A actividade no proxecto durante o exercicio 2024 estivo centrada en dar soporte e mantemento ao gran número de aplicacións incluídas no devandito proxecto. Lanzáronse novos módulos para dar cobertura a novas necesidades por parte dos usuarios funcionais, como é o caso da aplicación de Xestión da propia Plataforma de Pesca. É conveniente notar a importancia deste proxecto que xestiona aproximadamente 4 millóns de notas de primeira

venda e 300 mil documentos telemáticos cada ano e ten actualmente máis de 8.000 usuarios rexistrados.




Entre os traballos evolutivos máis significativos realizados en 2024 podemos destacar os que seguen a continuación:

- ♦ **Xestión da Plataforma de Pesca:** Nova aplicación orientada para a realización por parte dos usuarios das tarefas de administración da Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Así, pódense xestionar os mestres de referencia da plataforma, os usuarios, a xestión de rexistros de información, a xestión da actividade TIRM, a xestión da actividade da acuicultura, a xestión de destinos en documentos de rexistro, así como outras actividades internas de valor engadido para os usuarios do sistema de información.
- ♦ **Portal da Plataforma de Pesca.** Implantación dun sistema de xestión dos plans de explotación marisqueira e de recursos específicos que incorpora información de interese sobre o propio plan, os seus calendarios para as distintas actividades, os bancos marisqueiros e especies asociadas, así como a información de participantes. Esta nova funcionalidade culmina coa presentación da información de plans actualizada a nivel público, a finais do exercicio. Actualizouse a visualización de información pública cun potente e moderno sistema de presentación de información e avanzouse na explotación da información a nivel interno coa posibilidade de consulta de información de declaracións de primeira venda.
- ♦ **Ampliación de catálogo de servizos Web da Plataforma de Pesca.** Nestes servizos apoiase a integración de distintas aplicacións internas (FEMPA, REXBUQ, MAREX, etc.), facilitando a realización de comprobacións en distintos procedementos administrativos en relación coa información de situación administrativa de buques, permisos, información de actividade e outros.

Na aplicación que facilita ás persoas do sector da pesca e acuicultura, a emisión, consulta e anulación dos **documentos necesarios da actividade (MOVTIC)** durante 2024 a actividade estivo enfocada na migración da tecnoloxía subxacente na aplicación móbil orixinal cara a tecnoloxías máis modernas (Kotlin no caso de

aplicacións Android e Swift no caso de aplicacións IOS); e continuouse evolucionando o sistema coa integración da pesada nos documentos de transporte con básculas existentes nos portos, novos documentos e novidades relacionadas coa xestión da recolección de mexilla e coa implantación dun novo documento para documentar o traslado do percebe desde a zona de recolección ata o punto de control.



Sistema de apoio na xestión das eleccións a confrarías (XECONF): construción dunha solución de servizos Web para dar soporte á xestión do censo de membros dunha confraría a través dunha aplicación de terceiros (desde a solución de xestión de confrarías -XESLON); incorporación da xestión de cargos e o seu histórico; servizos para facilitar a integración doutros proxectos coa información dispoñible en XECONF; implantación dun sistema de xestión de actas para os procesos electorais de confrarías de pescadores (xestión de mandatos, convocatorias, fases e documentos vinculados aos distintos procesos electorais por parte dos distintos actores vinculados con esta xestión); migración de contidos desde o anterior sistema de xestión de información de confrarías e ampliación da información de confrarías, incorporando estatutos, persoal, subvencións, convenios, edificacións, elementos de transporte, maquinaria, contas, orzamentos e autorizacións e concesións. Por último incorporouse o soporte á información de Federacións de confrarías e Agrupacións Sectoriais.





O sistema de información Trazamar: novidades na xestión da información da recolección de mexilla.

Con respecto á actividade desenvolvida no proxecto do **Registro de Buques de Galicia (REXBUQ)**: análise e implantación dun novo procedemento administrativo relacionado coa autorización de construción e modernización de buques pesqueiros. Outro aspecto de evolución a resaltar é a mellora na vista de lista e procura de información no módulo de Rexistro.



En relación co **proxecto que da soporte á xestión da acuicultura (REXEAC)** entre os fitos acadados: nova xestión de establecementos marítimos con ocupación de múltiples cuadrículas; explotación de datos para permitir dispoñer do detalle de cuadrículas libres e ocupadas; incorporación de datos e seccións adicionais; melloras e adaptacións no módulo de tramitación de expedientes; cambios específicos para certos procedementos; realizáronse melloras no módulo de tramitación en relación coa xestión de avisos e a xestión de trámites abertos, así como nas listaxes de expedientes.

No 2024 é importante sinalar a consolidación do **novo sistema FEMPA** que da resposta á xestión de todos os procedementos ordinarios e extraordinarios vinculados a fondos FEMP/FEMPA. Así, as tarefas estiveron enfocadas a dous obxectivos: a posta en marcha de novas convocatorias de axudas e a incorporación de funcionalidades adicionais e melloras nas existentes.



O **Sistema de información de rexistro e xestión dos permisos de marisqueo a pé (PEMAPE)**. O principal logro alcanzado no exercicio 2024 é a construción da ferramenta de tramitación e rexistro MAREX que permite evolucionar o proxecto PEMAPE a través da migración do proxecto a unha nova plataforma tecnolóxica, que integra as ferramentas administrativas de administración electrónica e os compoñentes transversais de interese nas súas últimas versións e tendencias. A presentación de información no novo sistema incorpora múltiples integracións con outros sistemas no marco da construción da solución e outros sistemas relacionados coa interoperabilidade entre administracións.

O **sistema que dá soporte á xestión das Organizacións de Produtores Pesqueiros (OPPs)**. Durante o exercicio 2024, realizáronse unha serie de avances significativos no proxecto como a incorporación de novas funcionalidades destinadas a mellorar a xestión de obxectivos e documentación; a optimización do proceso de xeración e manexo de arquivos comprimidos; desenvolvemento de novos servizos de conectividade e operatividade do sistema; análise e revisión dos datos transmitidos. Creouse un novo apartado denominado "Documentos temporais" e mellorouse a xestión de incidencias nos envíos a OPPES.

FEIMAR: Ao longo de 2024 realizáronse numerosas melloras: desenvolvementos de novas funcionalidades para dar resposta ás necesidades do usuario, así como outras modificacións da aplicación que facilitan o fluxo de traballo dos usuarios.

O **Sistema Integrado de Pesca Marítima de Recreo (SIPMAR)**: Durante o 2024 leváronse a cabo melloras na xestión dos dous procedementos que cubre (licenzas de pesca marítima de recreo e autorizacións a titulares de embarcacións da 6ª lista; e autorizacións para inmersións e celebración de concursos, campionatos e competicións), con cambios para simplificar e axilizar as tarefas realizadas para a tramitación dos expedientes. As estatísticas dispoñibles do 2024 confirman o incremento da tramitación electrónica (internet) da renovación das licenzas, cun paulatino incremento sobre a vía de renovación presencial nas entidades bancarias como amosan os seguintes datos:

PE405A: Nº DE EXPEDIENTES POR TIPO DE ENTRADA

Ano	Xefaturas + registro presencial	Entidades bancarias	Sede Electrónica	Total
2019	4.361	70.285	682	73.328
2020	3.764	77.615	3.337	84.716
2021	3.431	64.831	3.133	71.395
2022	2.413	53.086	5.575	61.064
2023	2.473	53.086	6.900	74.224
2024	2.230	62.078	10.959	75.267

Cómpre salientar no 2024 a análise e primeiros pasos para a construción dun **Sistema de información analítico no ámbito de Mar (BIMAR)**. O obxectivo do proxecto é a creación dunha serie de cadros de mando que permitan realizar análise sobre a información xestionada na Consellería de Mar. No 2024 lanzouse a súa posta en marcha e iniciáronse os pasos asociados ao ciclo de vida do proxecto.

FACILITAR FERRAMENTAS CARA Á CIDADANÍA/ SECTOR


LICENZAS DE PESCA DEPORTIVA (SIPMAR). En conexión co proxecto SIPMAR, o portal "PESCREATIVA": <https://pescreativa.xunta.gal/gl/inicio>, facilita ao cidadán a xestión das licenzas e o acceso a información relacionada. No 2024 adaptáronse estas app para dispositivos móbiles cos novos requirimentos de Android e iOS.

A integración de SIPMAR con XUNTA EU, permite que dende a APP XuntaEU se poidan consultar e descargar as licenzas de pesca marítima de recreo tanto en formato certificado como en formato de tarxeta (PKPASS).



PORTAL DE COMUNICACIÓN DO FEMPA_GALICIA.

TRAZABILIDADE E PROMOCIÓN DA MARCA PESCADERIAS, DE ONDE SE NON? O sistema de trazabilidade deu apoio para a xestión no 2024 de 2 millóns de etiquetas desta marca de calidade que se corresponden cun volume certificado de máis de 15 millóns de kg (140 especies catalogadas na marca), das 381 entidades (empresas) adheridas á marca.



OUTROS AMBITOS PROMOCIONAIS. Existe un elevado abano de instrumentos, principalmente centrado en portais promocionais e aplicacións móbiles, que permiten acceder a información e programas que impulsan o sector do mar.



ATENCIÓN A USUARIOS DE CONFRARIAS E LONXAS. No 2024 atendeu e resolveu preto de 5.000 peticións (700 relacionadas coas rulas e confrarías, 3.000 cos TICPESC e 280 con MOVVIC) en 90 confrarías de pescadores e centros pesqueiros, 68 TICPESC e 1 punto de control de desembarco de lamprea, incluíndo a intervención in situ nas lonxas así como as visitas de mantemento preventivo (786).

MODERNIZACIÓN DAS LONXAS E CONFRARIAS (LONXAS GALEGAS)



O 2024 estivo centrado na mellora e correcto funcionamento deste crítico sistema de información desde diversas perspectivas: monitorización e administración da infraestrutura, soporte in situ no equipamento hardware e soporte a usuarios; e melloras de calado na funcionalidade nas dúas ferramentas que compoñen a solución: SISCOM e GESLON; consolidando así un sistema esencial que sirva de base para a súa extensión – cualitativa e cuantitativa – de cara a 2025. Identificáronse as lonxas e confrarías a identificar ao proxecto e o deseño das solucións a implantar en cada caso. A solución componse de dous elementos de alto nivel, intimamente relacionados:

- ◆ **Sistema de comercialización (SISCOM).** Da soporte ás fases do proceso de comercialización, en tempo real e como unha solución global.



- ◆ **Sistema de xestión (GESLON).** Solución de xestión (tipo ERP) que permite a xestión da actividade da lonxa e da confraría. Partindo das notas de venda, inclúese toda a operativa e transaccións.



SISCOM. Entre os evolutivos e melloras mais relevantes no 2024:

- ◆ Implementación e posta en marcha dunha serie de servizos e funcionalidades orientados a dar soporte á integración doutros sistemas de venda coa solución "Lonxas Galegas 4.0". Nesta liña, integrouse a solución DocPeixe xestionada por ACERGA para ofrecer unha solución conxunta para permitir a xestión da recepción do produto, a súa comercialización e a xestión de servizos asociados dunha forma combinada entre ambos os sistemas de información.
- ◆ Actualización da linguaxe de programación asociado ás aplicacións de comprador a unha linguaxe máis moderna e eficiente. Nesta liña, procedeuse á migración da versión dispoñible en Apple Store para o uso da linguaxe Swift e a versión dispoñible en Google Play para o uso da linguaxe Kotlin.
- ◆ Mellora da arquitectura da solución coa adaptación das aplicacións e servizos dispoñibles para o seu funcionamento sen precisar dun servidor local na lonxa. Este feito é especialmente relevante posto que, ademais de simplificar a arquitectura da solución, elimina puntos de fallo ao dispoñerse de forma habitual nas lonxas dun único servidor de pasarela.
- ◆ Os traballos comentados anteriormente complementáanse con outras tarefas como é a administración da infraestrutura IaaS, o soporte in situ a usuarios e o soporte técnico e funcional das distintas aplicacións do proxecto.

GESLON. Entre os evolutivos e melloras mais relevantes no 2024:

- ◆ É de interese recalcar que a súa evolución está baseada na atención ás peticións realizadas polos distintos usuarios funcionais en relación á particularización do uso do sistema. Ademais,

a solución está continuamente adaptándose ás novas necesidades en relación con modelos oficiais xestionados pola mesma.

- ◆ Desenvolvemento dunha solución para permitir ao usuario o acceso rápido ás operacións máis demandadas.
- ◆ Integración dun servizo de consulta a PescadeGalicia para capturar o detalle de información asociada á unidade de pesca, de tal forma que as súas características sexan consultadas na fonte de referencia deste tipo de información, o Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.
- ◆ Outro aspecto de especial interese é o desenvolvemento dun módulo de facturación directa que permite xestionar nun mesmo proceso a venda e o fluxo de tesourería. No momento de estar realizada a compra por parte do cliente pódese seleccionar a modalidade de cobranza ou deixala marcada como pendente de cobrar. Todos estes procesos realízanse de forma automática no momento no que a compra queda efectuado o rexistro da cobranza.
- ◆ Dentro dos servizos ofrecidos polas lonxas e confrarías atópase a subministración de envases de plástico aos provedores e clientes. Estes envases circulan mediante o concepto de cesión ou préstamo desde a lonxa cara aos seus clientes e provedores. Nese proceso débese realizar un control exhaustivo para o rexistro das entregas, devolucións, períodos de validez, número de caixas en circulación etc. Todo isto ten como cometido a remuneración mediante a disposición de dous servizos cara aos usuarios: servizo de limpeza de caixas e servizo de préstamo.

FORMACIÓN PARA O SECTOR. Con apoio no Sistema de xestión da formación pesqueira e do mar (XESTEN), dáse resposta á xestión dos procesos formativos.


Así, no marco dos traballos realizados no último cuadrimestre do 2024, procedeuse ao desenvolvemento dunha solución para dar soporte ás funcionalidades dispoñibles no **portal do alumno** (consulta de titulacións, matrículas, prácticas etc.)/ etc.) a través dun novo proxecto. Aliñado con estes traballos de índoles técnica, redeseñouse o interface de usuario asociado para facelo máis atractivo e adaptado á imaxe corporativa actual da Xunta de Galicia.

Ao longo do ano 2024 tramitáronse un total de preto de 7.000 expedientes para a expedición, renovación, duplicado ou convalidación, de títulos tanto profesionais como de recreo.

Respecto do soporte que a **ferramenta presta ás Academias Homologadas para a formación** no sector, estas notificaron a realización (en todas as súas fases)

dun total de 2425 saídas para a realización de prácticas para a obtención de titulacións de recreo.

Xestionáronse un total de **8 cursos de Mariñeiro-pescador** cunha realización integramente en liña. Incorporáronse novas edicións do curso patrón costeiro polivalente e do curso mariñeiro/a pescador/a. Así, o **portal específico de Teleformación para a Consellería de Mar** - baseado na plataforma corporativa de Moodle (PLAFOR) - integrado coa xestión interna de XESTEN ofrece aos destinatarios da formación ferramentas para a autoxestión da mesma.



OBXECTIVO III. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

4.3.1. Medidas de continuidade de servizo de infraestruturas de sistemas

4.3.1.1. Manter e evolucionar as plataformas de backup corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia

Para poder evolucionar as plataformas de backup corporativa, o almacenamento, os servidores e mellorar a virtualización da Xunta de Galicia, no 2024 leváronse a cabo tres procedementos de contratación de equipamento de almacenamento e backup.

Por un lado publicouse o **Acordo Marco para a contratación áxil de futuras ampliacións de elementos de backup**, a continuación publicouse e adjudicouse un novo contrato para a **substitución da librería de cintas de backup**, e por último, publicouse o **Acordo Marco para a contratación áxil de medios de almacenamento externo de backup** como as cintas LTO, que complementen as solucións de backup existentes.

En canto á adquisición de equipamento, leváronse a cabo dous contratos derivados de almacenamento ScaleOut para a adquisición de dous sistemas PowerStore, mellorando a capacidade e a eficiencia dos sistemas de almacenamento. Adquiriuse un novo Appliance para ampliación das capacidades da plataforma de backup destinada ás copias de seguridade do segundo nivel e novas cabinas para o backup do ámbito de Facenda.

4.3.1.2. Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia

Durante o ano 2024 levouse a cabo a licitación dun **novo contrato de administración de sistemas destinado ao ámbito de Facenda e de novas arquitecturas tecnolóxicas** para mellorar a eficiencia e a seguridade dos sistemas informáticos, garantindo unha xestión óptima dos recursos tecnolóxicos e a adaptación ás novas esixencias tecnolóxicas.

Formalizouse a prórroga con modificación do contrato de administración de Sistemas para asegurar a continuidade do servizo, e ademais, realizouse unha **enquisa de satisfacción** dos usuarios dos servizos ofrecidos polo Departamento de Sistemas, para recoller feedback e identificar aspectos de mellora.

4.3.1.3. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de correo electrónico corporativas

Dentro do alcance das actividades realizadas en 2024, levouse a cabo a licitación dun novo contrato para o servizo de administración, xestión e evolución das plataformas de correo electrónico da Xunta de Galicia, Xustiza e Educación. Para garantir a continuidade, a seguridade e a eficiencia e permitir unha evolución tecnolóxica.

4.3.1.4. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas

Durante este ano, buscouse garantir a continuidade, a seguridade e a eficiencia da infraestrutura tecnolóxica, asegurando que os sistemas funcionen de maneira óptima e sen interrupcións.

A **formalización da prórroga con modificación do contrato de mantemento da infraestrutura hardware** dos Centros de Procesamento de Datos (CPDs) permitiu adaptar o contrato ás novas necesidades e mellorar a prestación do servizo.

Dentro do alcance das actividades realizadas en 2024, leváronse a cabo os seguintes procedementos relacionados co licenzamento e soporte de software:

- ♦ **Revisión do licenzamento de virtualización:** analizando e actualizando as licenzas de virtualización utilizadas pola organización, o que permitiu identificar posibles melloras e optimizacións no uso das licenzas.
- ♦ **Publicación do Acordo Marco de licenzas de software base e BackOffice de Microsoft:** que afecta tanto a Amtega como ao SERGAS, IGAPE, CESGA, PARLAMENTO, AUGAS DE GALICIA e AXEGA (EMERGENCIAS 112).
- ♦ **Novo contrato de soporte Unified de Microsoft:** para a asistencia técnica, a resolución de incidencias

e a implementación de melloras continuas, garantindo a dispoñibilidade e a seguridade dos sistemas informáticos.

- ♦ **Publicación do Acordo Marco de licenzas de software libre:** que busca facilitar a adquisición de licenzas de software libre, especificamente aquelas que xa se están empregado actualmente como son as de produtos de Red Hat.
- ♦ **Novo contrato de software de monitorización e analítica de datos.**
- ♦ **Novo contrato de soporte de BBDD Oracle:** inclúe a asistencia técnica, a resolución de incidencias e a implementación de melloras continuas, garantindo a dispoñibilidade e a seguridade das bases de datos.

4.3.1.5. Desenvolver o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos

A **monitoraxe dos sistemas** implicou a supervisión continua dos sistemas, a identificación de posibles incidencias e a implementación de medidas correctivas para evitar interrupcións no servizo.

Ademais, presentouse a **proposta de Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital**, que busca garantir a continuidade dos servizos de infraestrutura ante posibles interrupcións ou desastres. A través deste plan, establecéronse as medidas necesarias para protexer os sistemas e datos críticos, garantindo a recuperación rápida e efectiva en caso de incidentes.

Para realizar o **seguimento e actualización deste** foi necesario realizar unha revisión periódica das medidas establecidas, identificar posibles melloras e actualizar o plan conforme ás novas necesidades e esixencias.

4.3.1.6. Continuar coa incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs da Xunta de Galicia, que permitan a mellora da dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

Este procedemento tivo como obxectivo principal a adquisición de servidores de última xeración, co fin de mellorar a eficiencia e a capacidade dos sistemas informáticos da administración.

A renovación do equipamento antigo é unha tarefa fundamental para garantir que os CPDs poidan seguir operando de maneira óptima e segura, xa que os servidores de última xeración ofrecen melloras significativas en termos de rendemento, seguridade e eficiencia enerxética.

Neste senso, tramitouse un acordo marco que permitirá axilizar os procesos de contratación, subministración e posta en produción do novo equipamento no momento que se dispoña do orzamento necesario. O acordo marco componse de catro lotes:

- ♦ **Lote 1: Servidores para os clústers hiperconverxentes actuais do CPD corporativo principal.** Os clústers hiperconverxentes combinan computación, almacenamento e rede nun único sistema, proporcionando unha infraestrutura máis eficiente e escalable.
- ♦ **Lote 2: Servidores hiperconverxentes con almacenamento xestionado directamente polo kernel do hipervisor.** Esta configuración permite unha xestión máis eficiente dos recursos de almacenamento, mellorando o rendemento e a flexibilidade da infraestrutura.
- ♦ **Lote 3: Servidores hiperconverxentes con almacenamento SDS.** O almacenamento SDS permite a separación do hardware e o software de almacenamento, proporcionando unha maior flexibilidade e capacidade de xestión.
- ♦ **Lote 4: Servidores para instalar en bastidor.** Estes servidores proporcionan unha infraestrutura robusta e escalable, permitindo a instalación de múltiples servidores nun espazo físico reducido e facilitando a xestión e o mantemento dos equipos.

4.3.1.7. Manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da AMTEGA

No 2024 buscouse mellorar os procesos de automatización co obxectivo de mellorar a eficiencia operativa, reducir os erros humanos e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos.

Para garantir o éxito deste proceso, realizáronse novos cursos de formación sobre tecnoloxías de contedores para os grupos de Sistemas encargados da súa administración. Estas tecnoloxías, como Docker e Kubernetes, permiten a creación e xestión de contedores que encapsulan aplicacións e os seus dependencias, facilitando a súa implementación e escalabilidade.

Ademais, desenvolvéronse **novos roles e playbooks para a automatización de procesos**. Os roles definen as tarefas específicas que deben ser automatizadas, mentres que os playbooks son conxuntos de instrucións que describen como executar estas tarefas de maneira automatizada. Deste xeito, buscouse estandarizar e simplificar os procesos de automatización e mellorar xestión e mantemento das automatizacións existentes.

Desenvolveuse tamén o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos. Este servizo inclúe actividades de seguimento da OAI (Oficina de Apoio de Infraestruturas), fundamentais para garantir que os proxectos se desenvolvan conforme aos plans establecidos e cumpran cos obxectivos marcados.

Por outra banda, realizáronse **actividades de difusión**, co obxectivo mellorar os coñecementos e habilidades dos equipos de TI, asegurando que estean preparados para xestionar as novas tecnoloxías e mellorar a eficiencia dos sistemas. Algúns exemplos son a consultoría DevOps, a implementación dun piloto con Microsoft Copilot e sesións de capacitación e formativas sobre Oracle Golden Gate, Red Hat OpenShift ou Hitachi.

Para manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da Amtega, realizáronse **actividades de planificación da automatización de Infoblox** a través de Ansible. Tamén se levou a cabo formación en IA e seguíronse evolucionando as plataformas colaborativas de NextCloud (AmtegaBox e AbalarBox), que permiten mellorar a colaboración e o intercambio de información dentro da organización.

Finalmente, realizáronse reunións e actividades de coordinación, reunións de seguimento e planificación con todas as xerencias e grupos aos que se presta servizo e entre os departamentos da propia Área.

4.3.2. Medidas de calidade e Arquitecturas de aplicacións

4.3.2.1. Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia

Ao longo do ano 2024 realizouse unha **revisión continua das arquitecturas de aplicacións** dos sistemas da Amtega. As principais accións levadas a cabo foron:

- ◆ Soporte para a definición da arquitectura física e implantación de novas plataformas, a migración das mesmas, a actualización das aplicacións, garantir a estabilidade das contornas, incorporar ferramentas de automatización, etc.
- ◆ Dinamización e divulgación das plataformas corporativas.
- ◆ Soporte e dinamización da actualización das arquitecturas das aplicacións, especialmente as arquitecturas dos proxectos complexos.
- ◆ Revisións técnicas dos novos proxectos da Amtega, revisando **un total de 968 etapas de procedemento** nos diferentes proxectos.
- ◆ Polo procedemento de publicación revisáronse 3806 solicitudes en produción e 2092 en preprodución.
- ◆ Impulso e difusión en seminarios, comités e procedementos do modelo de xestión de débeda técnica nos proxectos. Mellora da vista da débeda técnica e incorporación dos equipos de compoñentes transversais no uso da ferramenta e na revisión e emisión de débeda técnica destes grupos aos equipos de desenvolvemento a través da ferramenta SAPATA.
- ◆ Soporte aos equipos de proxecto nas ferramentas corporativas da Amtega.

Ao longo do ano 2024, continuouse fomentando o uso da plataforma de integración continua para os proxectos de desenvolvemento da Amtega, así como traballando na evolución da mesma.

4.3.2.2. Evolucionar as arquitecturas das plataformas e implantación das plataformas que dan soporte ás aplicacións da Xunta de Galicia

No ano 2024 realizáronse as seguintes tarefas e actividades relacionadas ca **implantación e evolución das plataformas que dan soporte ós grandes proxectos**:

- ◆ Actualización da plataforma de xestión eventos (RHAMQ) á arquitectura clúster activo-activo.
- ◆ Actualización da plataforma de reporting corporativo.
- ◆ Actualización de Sonar á nova versión na contorna de ciclo de vida.
- ◆ Implantación do CAS para o ámbito de Educación.
- ◆ Actualización da instancia de MediaWIKI (WIKAM) para a documentación de proxectos.
- ◆ Avaliación de Kafka. Implantación en contornas de desenvolvemento.
- ◆ Continúase coa migración dos proxectos ás novas versións de Api Manager e ESB da plataforma SOA.
- ◆ Continúase co soporte á implantación da plataforma de contedores Openshift. Modelo de desenvolvemento e despregue. Dinamización da incorporación de proxectos a esta plataforma.
- ◆ Soporte á actualización da plataforma RHSSO en clustered domain.

- ◆ Soporte a plataforma Blockchain.
- ◆ Actualización e soporte da plataforma CAS (Central Authentication Service).
- ◆ Actualización e incorporación de melloras no portal de divulgación TIC corporativo: XuntaTIC. Incorporación de cursos grabados.
- ◆ Soporte á implantación dunha ferramenta de tramitación electrónica corporativa.
- ◆ Soporte á implantación da plataforma de caché REDIS. Probas iniciais en proxectos, dinamización para a súa posta en marcha como plataforma corporativa en dispoñibilidade xeral.
- ◆ Soporte á plataforma Dependency-Track. Actualización e divulgación no ámbito da seguridade de aplicacións.
- ◆ Soporte a implantación de ferramentas de monitorización de sistemas e aplicacións: Kibana, Grafana, Prometheus. Dinamización para a incorporación de proxectos.
- ◆ Soporte a ferramenta para a xeración dos compromisos de confidencialidade que se manexan na organización.
- ◆ Soporte o desenvolvemento e mantemento dos arquetipos, compoñentes transversais e servizos reutilizables entre aplicacións: seguridade, mestras, informes, escaneo de antivirus, xestión de colas, notificacións, etc.
- ◆ Soporte o desenvolvemento e mantemento de automatizacións baseadas en Maven e Ansible: despregue de proxectos GIS, alta dun proxecto nas contornas e ferramentas corporativas (CAS, ApiM, AMQ, JRS, Sonar, etc.).

4.3.2.3. Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos

No ano 2024, no eido das Arquitecturas de aplicacións e Calidade, fixéronse **53 incorporacións de estándares e procedementos**, entre novos contidos e actualizacións dos existentes. Estes estándares e procedementos serven de base para a revisión das arquitecturas técnicas no desenvolvemento de aplicacións. Realizáronse as seguintes tarefas e actividades relacionadas co desenvolvemento e mantemento de procedementos e estándares corporativos na Amtega:

- ◆ Apoio e coordinación da estandarización e organización nos diferentes ámbitos da operación da Amtega.
- ◆ Actualización e revisión de procedementos e estándares de calidade e definición doutros novos.

- ◆ Revisión e actualización dos estándares técnicos existentes. Elaboración de novos estándares técnicos no ámbito da arquitectura e desenvolvemento de aplicacións.
- ◆ Realización de seminarios e talleres divulgativos dos procedementos e estándares da Amtega, así como a coordinación de seminarios con fabricantes.
- ◆ Dinamización do Comité de Arquitectura de Aplicacións. No ano 2024 celebráronse 4 sesións do comité de arquitecturas. Levouse a cabo o mantemento e actualización do portal de colaboración do comité como a ferramenta para a divulgación diaria de aspectos técnicos a debater no eido do comité.
- ◆ Dinamización e revisión dos arquetipos do repositorio de compoñentes software transversal na Amtega.
- ◆ Coordinación do procedemento de revisión de pregos TIC de organismos non integrados na Amtega.

4.3.2.4. Implantar a certificación de normas de calidade nos procesos corporativos

No ámbito da implantación e certificación de normas de calidade nos procesos corporativos, realizáronse as seguintes tarefas e actividades:

- ◆ Apoio á certificación nas auditorías externas ó departamento: ENS, FOGGA, etc.
- ◆ Apoio á implantación de procesos ITIL na Amtega.
- ◆ Colaboración para o **mantemento da certificación ISO 9001:2015**, realizando tarefas como a auditoría anual externa de renovación da certificación, a valoración da inclusión nos procesos certificados doutros procesos da Amtega e a coordinación das actividades de seguimento por parte da Dirección.
- ◆ **Continuación do despregamento do sistema de xestión de calidade** na Amtega coa inclusión de novos procesos e definición de indicadores, evolución dos procesos xa integrados no sistema de xestión, realización de auditorías internas e coordinación da auditoría externa, definición e recollida de indicadores, realización de enquisas de satisfacción, etc.
- ◆ Seguimento dos seguintes procesos no Sistema de Xestión da Calidade: Xestión de incidencias de Alto Impacto, Alta de Novos Proxectos e Implantación de Sistemas internos do Departamento de Interoperabilidade e Servizos Dixitais. Alta de novo proceso: liberación de novos servizos e compoñentes transversais.

- ◆ Actualización do portal de divulgación XuntaTIC.
- ◆ Dinamización do portal XuntaTIC (publicacións, informes, formacións, FAQs...).
- ◆ Dinamización de melloras no eido da xestión de contratos da Axencia.

4.3.2.5. Dinamizar o proceso de xestión da configuración

Realizáronse as seguintes tarefas e actividades:

- ◆ Coordinación da xestión de compromisos de confidencialidade na organización con **1292 acordos xestionados no ano 2024**.
- ◆ Auditoría anual da CMDB. Coordinación do comité de xestión da configuración. Creación de novos elementos de configuración e actualización dos existentes.



A SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS

Infraestructuras e sistemas da xunta de Galicia


Equipamento de almacenamento e backup corporativo

- Subministrada unha librería de cintas con capacidade para 800 slots licenciados e completamente operativos e un total de **500 cintas LTO-9** para almacenar as copias de backup
- **8,2 PB** de capacidade de almacenamento en disco da **plataforma de backup** corporativa:
- **8,3 PB** de almacenamento xestionado
- **3.870 TB** de almacenamento **ScaleOut** adquirido polo **SERGAS**
- **483 TB** de almacenamento **ScaleOut** adquirido para a **AMTEGA**


Adquisición dun novo Appliance para nivel 1 de backup cunha capacidade de 1.400 TB.

- **360 TB** ampliados da solución de cabinas para backup do ámbito de **Faceda**

Servizos de administración das Plataformas de Correo Electrónico corporativas



- Porcentaxe de buzóns de correo xestionados (Dec/2024)



- Ocupación en disco: 180 TB

- Xunta: 98 TB
- Educación: 80 TB
- Xustiza: 2 TB

Servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas

- Equipamento en mantemento hardware (sen soporte de fabricante):
 - 1.115 servidores físicos:
 - Sistemas de almacenamento, 6 Switches / FibreChannel e 4 Librerías de cinta



Servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos

35 Servizos Monitorizados:

- Clusters ElasticSearch: 7
- Cluster HHTT:
 - Aplicacións transversais: 5
 - 16 Aplicacións

Importes do valor estimado de cada Lote do Acordo Marco de Servidores:

- **Lote 1:** Servidores para os clústers hiperconverxentes actuais do CPD corporativo principal: **4.916.220,50 €**
- **Lote 2:** Servidores hiperconverxentes con almacenamento xestionado directamente polo kernel do hipervisor: **10.403.292,57 €**
- **Lote 3:** Servidores hiperconverxentes con almacenamento SDS: **7.988.560,06 €**
- **Lote 4:** Servidores para instalar en bastidor: **4.480.641,80 €**

Total valor estimado do Acordo Marco: 27.788.714,93 €

Procesos automatizados: 137 procesos dos cales 42 son workflows de orquestración.



Calidade e arquitectura de aplicación

Revisións técnicas de proxectos da **Amtega: 968 etapas** de procedemento de auditoría revisadas.

Revisión por procedemento de publicación de **3.806** solicitudes en produción e **2.092** en preprodución.




92,8% de novos proxectos, JEE e

portais, iniciados no ano **2023** na plataforma de integración continua de **Jenkins**

No ano **2024** celebráronse **4 sesións do comité de arquitecturas**

Tramitación de **1.292 acordos de confidencialidade**.

Soporte e evolución de redes corporativas





Plan director de seguridade TIC



140 participantes nos cursos superiores de ciberseguridade e protección de datos, realizados en colaboración coa EGAP.



Máis de 7.600 eventos por segundo de ciberseguridade xestionados no ámbito da administración local.



Máis de 7.400 asistentes a actividades de concienciación e formación (escolares, cidadanía, empregados da administración local, etc.).



Máis de 14 sesións impartidas por entidades adheridas ao Nodo, con máis de 590 asistentes e con un grao de satisfacción de 9 sobre 10.



Máis de 2.900 inscricións ao Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, con máis dun 18% de incremento das inscricións presenciais.



Case un millar de auditorías realizadas.



Incorporáronse **máis de 150 fontes de intelixencia.**



As plataformas de seguridade perimetral da Xunta de Galicia **bloquearon en 2024 arredor de 237 millóns de intentos de ataque**, o que supón un incremento de **máis dun 42% con respecto a 2023**, cando se **bloquearon 166 millóns de intentos.**



13 novas políticas, normas e procedementos actualizados ou creados este ano.



95% de consellerías e entidades con proposta de adecuación ao RXPd realizada (no ámbito consellerías e entidades integradas a nivel TIC en Amtega).



Estratexia Cloud



Incluídos os **3 principais provedores mundiais de cloud** pública no acordo marco (Azure, AWS, Google Cloud).

Admitida solicitude de adhesión ao acordo marco doutro dos maiores provedores mundiais de cloud (Oracle OCI)

2 contratos baseados do acordo marco licitados no **2024**

Número de proxectos en seguimento por parte da oficina: **4**

Pilotos arrancados e xestionados, indicando cantos son de IA: **1**

Formacións organizadas: **4**

4.3.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia

4.3.3.1. Despregar un portal de autoprovisión baseado nunha solución cloud privada

EVOLUCIÓN DO MODELO DE GOBERNANZA DE CLOUD PRIVADA

No ano 2024 gracias a recente incorporación do servizo de Oficina Cloud, produciuse un avance moi significativo do modelo de gobernanza de cloud privado da Amtega, con diferentes actuacións destinadas a mellorar o control e xestión destas contornas:

- ◆ No mes de abril publicouse o novo estándar de cloud privada, versión 2.0, que supuxo un cambio moi relevante respecto á versión previa, coa definición de diferentes escenarios de cloud privado, maior foco na seguridade das contornas de cloud privado, e diversas aclaracións sobre dúbidas frecuentes.
- ◆ Regularizáronse e actualizáronse servizos de infraestrutura ofrecidos no modelo IaaS, así como integracións permitidas. Tamén se publicaron novos servizos, algúns deles relacionados coa seguridade, automatización de tarefas, monitorización dos recursos da contorna IaaS, etc.
- ◆ Tamén se definiu un procedemento para controlar a documentación de auditoría técnica dos proxectos.
- ◆ En novembro levouse a cabo un seminario sobre o novo estándar de cloud privada e novidades no modelo IaaS de AMTEGA e gravouse para a futura consulta por parte dos grupos interesados en usar os servizos de cloud privada.
- ◆ Arrancouse un comité periódico (mensual) cos diferentes grupos da Área de Infraestruturas involucrados, onde se revisa o avance das diferentes liñas de traballo, e se debaten as propostas de evolución da cloud privada.

EVOLUCIÓN DA CONTORNA TECNOLÓXICA DESTINADA A CLOUD PRIVADA

No ano 2024 continuouse coa tarefa iniciada no ano 2022 de evolucionar a plataforma tecnolóxica de cloud privada que vai permitir actualizar a contorna IaaS de AMTEGA.

- ◆ Empregouse a ferramenta Terraform para a automatización da provisión de contornas de cloud privada.
- ◆ Finalizouse un piloto con produtos de cloud privado.
- ◆ Comezouse un proceso de migración de proxectos IaaS á nova contorna de cloud privada.

4.3.3.2. Implantar un modelo de contratación de servizos de cloud pública

En Novembro do 2023 formalizouse o acordo marco de contratación de servizos de cloud pública. Tras a adxudicación do acordo marco e durante o ano 2024 leváronse a cabo diversas reunións co adxudicatario para definir unha planificación inicial para o establecemento das bases de contratación habilitado polo acordo marco:

- ◆ A comezos de ano formalizouse o primeiro contrato derivado do acordo marco. O obxectivo deste contrato consistiu en crear a infraestrutura necesaria e común na contorna de Microsoft Azure da Xunta de Galicia para a chegada de vindeiros proxectos en Azure (proxecto EMI de Emprego, para o que se sacou o segundo derivado de consumo), así como tamén no resto de provedores de cloud pública adheridos ó acordo marco (AWS, GCP e máis recentemente OCI). Este primeiro derivado implicou tamén o arranque do uso dos créditos gratuítos que se están empregando para facer probas tanto no ámbito de infraestrutura (por exemplo, para o backup na nube) como de negocio (interese por probar servizos de Intelixencia Artificial/Machine Learning entre outros).
- ◆ Definiuse o modelo de factura que debe emitir o adxudicatario do acordo marco, considerando as particularidades e complexidade propias do modelo de pago por uso propio dos provedores de cloud pública.
- ◆ Elaborouse un procedemento para a xestión de contratos derivados do acordo marco, definindo un modelo homoxéneo de organización e facturación das contas de proxectos nos diferentes provedores de cloud pública. Estableceuse tamén como requisito o tagueado (etiquetado) dos recursos cloud, validado nos principais provedores de cloud pública para o control do consumo por parte dos proxectos.
- ◆ Creouse unha guía de uso do acordo marco de cloud pública, coa principal información a ter en conta por parte dos entes públicos interesados en sacar contratos derivados do acordo marco.
- ◆ Formalizouse a alta de Oracle OCI como provedor adicional no acordo marco. Este proceso permitiu definir o procedemento a seguir no caso de novas solicitudes de adhesión ao acordo marco.
- ◆ Revisouse a modalidade de soporte técnico contratado con cada provedor do acordo marco, así como tamén se definiu unha primeira versión do procedemento para a apertura de casos de soporte.

4.3.3.3. Implantar un modelo de gobernanza cloud soportado por unha Oficina cloud

No ano 2023 comezouse a definir o modelo de gobernanza para proxectos de cloud pública en Amtega e culminouse neste ano 2024, onde se detallan as políticas que deben cumprir os proxectos:

- ◆ Leváronse a cabo seminarios formativos relacionados coas clouds privada e pública. En canto á cloud pública, impartíuse un seminario sobre as liñas de traballo en AMTEGA, outro sobre a modernización de aplicacións e dous máis relacionados coa Intelixencia Artificial en AWS. En canto a cloud privada, impartíuse o seminario sobre o novo estándar e novidades no modelo IaaS de AMTEGA.
- ◆ Continuouse co piloto de backup que se iniciou no ano 2022. Tras meses de probas nos provedores principais (AWS, Azure e GCP, e últimamente en ORACLE OCI), este piloto finalizou en novembro, elaborándose un informe de conclusións.
- ◆ Iniciáronse unha serie de pilotos para probar certas funcionalidades da cloud pública, a gran maioría deles fan uso dalgún servizo relacionado con IA/ML: separación/extracción/clasificación de documentos presentados en rexistro, detección de incendios, detección/xestión de plagas en follas... Algún destes pilotos xa rematou, pasando a estar dispoñible publicamente, como a canle de presentación de denuncias anónimas de integridade institucional á Autoridade Galega de Protección da Persona Informante adscrita ó Valedor do Pobo.
- ◆ Creouse un procedemento para a xestión de pilotos en cloud pública, onde se detallan os pasos a seguir para a súa solicitude, condicións, seguimento periódico, requisitos para o paso a produción, baixa do piloto, etc.
- ◆ Relacionado co punto anterior, iniciouse unha tarefa de supervisión de custos cunha periodicidade mensual tanto para proxectos como para pilotos na nube e establecéronse alertas e presupostos para a identificación de posibles desviacións sobre a previsión de consumo.
- ◆ No ano 2024 continuouse con tarefas de asesoramento en canto a aspectos de cloud e seguridade nos proxectos TURINT e PMG4.0 (proxecto de mobilidade bus.gal), así como tamén no proxecto EMI (previa migración ó entorno da Amtega) e no proxecto publicado recentemente que ofrece unha canle de presentación de denuncias anónimas.
- ◆ Continuaron manténdose reunións periódicas co equipo de Ciberseguridade da Amtega para revisar aspectos relativos ao despregue de proxectos e solucións en contornas de cloud pública e privada, co fin de que poidan contribuír e asesorar ante os posibles riscos/vulnerabilidades de seguridade que poidan comprometer os sistemas da Amtega.
- ◆ Continuouse facendo unha labor de monitorización e seguimento periódicos das licitacións e proxectos en marcha ou previstos susceptibles de incluír ou demandar servizos e recursos de cloud pública, co fin de telos identificados e facer un seguimento á súa evolución e execución, actual ou futura, co obxecto de poder prestarlles apoio no relativo ao uso da cloud pública.

4.3.4. Medidas de soporte e evolución das redes corporativas

4.3.4.1. Mellorar os servizos de comunicacións da rede corporativa

Durante o ano 2024 continuouse coa execución dos traballos da Amtega para acadar unha conectividade de mellor calidade para todos os centros administrativos e de ensino públicos, co obxectivo de facilitar a conexión dos usuarios, de forma que se poda facer un uso efectivo dos servizos de banda ancha. Ao longo de 2024 leváronse a cabo as seguintes melloras:

- ◆ Continuouse incrementando o ancho de banda dos centros conectados á rede corporativa da Xunta de Galicia. En 2024 mellorouse a velocidade media da conexión á rede corporativa dos centros educativos, pasando dunha velocidade media de 991,28 Mbps a acadar unha velocidade media de 995,46 Mbps,

con **1.266 centros con velocidade de 100 Mbps ou superior.**

- ◆ Avanzouse na implantación dunha ferramenta de comunicacións unificadas. Continuou medrando o número de usuarios na plataforma de comunicacións unificadas chegando a **4.050 a finais de 2024.**

No ano 2024 avanzouse na execución de diversos contratos para o reforzo das redes de área local de centros públicos de referencia (cableados, electrónica de comunicacións e wifi). Tamén se avanzou na execución de contratos para dotar de cobertura wifi aos edificios xudiciais, e para mellorar a cobertura wifi nos principais edificios administrativos. Chegáronse a 1.257 centros educativos con conexións de 1 Gbps e instaláronse 1.386 novos puntos de acceso Wifi en centros educativos.

Ao longo de 2024 instaláronse 1.667 novos puntos de acceso Wifi en centros da Rede Corporativa:

- ♦ **97 puntos de acceso** en 12 centros de día e outros centros dependentes da Consellería de Política Social.
- ♦ **184 puntos de acceso** en 46 edificios xudiciais.
- ♦ **1.386 puntos de acceso** en 190 centros educativos.

4.3.4.2. Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións

No ano 2024 continuouse a prestar o servizo de mantemento da electrónica de comunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia, que está incluído no contrato de telecomunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia.

Continuouse coa prestación do servizo de administración da rede corporativa. Ao longo do ano, desde o centro de xestión de rede atendéronse

4.3.4.3. Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa

No 2024 renováronse as climatizadoras do CPDR e iniciouse a execución do contrato para a renovación de infraestrutura de rede para o CPD da Xunta de Galicia.

Durante o 2024 continuouse, así mesmo, coa renovación da electrónica de comunicacións dos centros e co despregamento de cableado estruturado para a rede corporativa da Xunta de Galicia. Instaláronse 862 novos conmutadores con PoE en 609 centros da Rede Corporativa:

- ♦ **63 residencias de maiores**, centros de día e outros centros dependentes da Consellería de Política Social
- ♦ **100 edificios xudiciais** (principalmente xulgados de paz)
- ♦ **274 centros educativos**
- ♦ **58 oficinas de emprego**
- ♦ **114 outros edificios da Rede Corporativa**

4.3.5. Plan Director de Ciberseguridade

4.3.5.1. Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Regulamento europeo de protección de datos persoais e LOPDGDD

- ♦ **Centro de Ciberseguridade:** equipo de protección de datos persoais
 - Continuouse coa atención de consultas en materia de protección de datos persoais, formuladas tanto por parte da Amtega coma polo resto da Xunta de Galicia.
 - Xestionáronse diferentes requirimentos realizados pola AEPD e polas FFCCSS. Como incidente destacado durante este ano está o que afectou ao Rexistro galego de identificación de animais de compañía.
 - Continuouse coa divulgación de coñecemento e concienciación relativo a esta materia (publicáronse sete pílulas divulgativas).
 - Xestionáronse varios incidentes por violacións da seguridade dos datos persoais.
- Continuouse coa atención de reclamacións, exercicios de dereitos, realización de procedementos, etc.
- Durante o ano 2024 continuouse a traballar no proceso de revisión da adecuación da Amtega ao RXPd, conseguido completar a revisión das actividades de tratamento realizadas na Área de Sociedade dixital e avanzando na Área de Administración Dixital e na Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación.
- Iniciouse unha nova liña de colaboración cos equipos de traballo de proxectos que incorporan Intelixencia Artificial.
- ♦ **Servizo de apoio e evolución do rol de Delegado de Protección de Datos** nas consellerías e na Amtega: Apoio e colaboración en materia de protección de datos persoais, nas tarefas desenvolvidas polos DPD da Xunta de Galicia.
- ♦ Execución do plan de adecuación ao **novo regulamento de protección de datos** e LOPDGDD
 - Xestión do servizo de soporte á adecuación á normativa de protección de datos na Xunta de Galicia. Neste servizo trabállase na plena adecuación ao RXPd e á LOPDGDD das consellerías e entidades dependentes. En 2024 traballouse nos seguintes ámbitos:

- Consellerías: Consellería de Política Social e Igualdade, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Consellería do Mar, Consellería de Medio Rural, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Presidencia da Xunta, Consellería de Facenda e Administración Pública, Consellería de Economía e Industria.
- Outras tarefas: Resolución de consultas e dúbidas nas consellerías e entidades instrumentais; revisión de tratamentos a petición das persoas delegadas de protección de datos das consellerías; aliñamento tratamentos con aplicacións na CMDB Amtega; publicación na contorna de preproducción dunha plataforma de gamificación para a difusión e concienciación sobre a normativa de protección de datos persoais;
- Elaboración e evolución da normativa no ámbito da protección de datos persoais: procedemento de Xestión das solicitudes de exercicios de dereitos de supresión relativos a publicacións no DOG; procedemento de envío de compromisos de confidencialidade; política de publicación de apps móbiles e a súa xestión posterior; política para o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos, guía de criterios para a instalación de cámaras e videovixilancia; procedemento de adecuación ao RXPD nas Consellerías; procedemento para a xestión das solicitudes de exercicio dos dereitos relativos á protección de datos persoais na Xunta de Galicia; procedemento para a realización de análises de riscos e avaliacións de impacto na protección de datos persoais na Xunta de Galicia; procedemento para o Mantemento dos Rexistros de actividades de tratamento; procedemento de actuación no caso de violación da seguridade dos datos persoais; guía de tratamento de riscos na xestión de datos persoais, guía de privacidade dende o deseño e por defecto, guía de protección de datos para empregados públicos, guía de protección de datos para a cidadanía, guía para o manexo seguro de documentación con datos persoais en papel, instrución sobre o bo uso das ferramentas dixitais no ámbito de Educación, e modelos de adecuación á nova normativa de protección de datos.

ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE

Durante o ano 2024 continuouse traballando na adecuación ao novo ENS, sendo as principais liñas de traballo:

- ♦ Colaboración cos responsables de proxectos na valoración de novas aplicacións e tamén actualización das valoracións de servizos xa existentes. No 2024 leváronse a cabo as ratificacións formais de once servizos de negocio.
- ♦ Executáronse tres auditorías ENS internas aliñadas co Plan de auditorías internas.
- ♦ Mellorouse a concreción no rexistro do grao de implantación das medidas de seguridade rexistradas na ferramenta de Xestión de riscos PILAR.
- ♦ Incorporáronse novos indicadores no cadro de mando, mellorando deste xeito as métricas da seguridade.
- ♦ Aliñáronse os algoritmos de cifrado do WAF coa nova Política de cifrado, publicada en 2023. Continuouse traballando na adecuación a estes protocolos e algoritmos nas contornas de Proxy Web e Balanceadores.
- ♦ Dinamización das liñas de traballo relacionadas coa implantación dun segundo factor de autenticación acorde co sinalado no novo ENS.
- ♦ Definíronse os requisitos de rastrexabilidade das accións realizadas desde as aplicacións.

Elaboración e evolución da normativa asociada ao cumprimento do ENS:

- ♦ Procedemento de acceso de visitas a Centros de Procesamento de Datos (CPDs)
- ♦ Formulario de Solicitud de datos visitantes
- ♦ Procedemento de accesos técnicos puntuais aos Centros de Procesamento de Datos (CPDs)
- ♦ Boas prácticas no uso de redes sociais
- ♦ Guía de cifrado de arquivos coa aplicación 7-zip
- ♦ Guía Gestión de elementos de seguridade
- ♦ Documento de modelo de roles e responsabilidades en materia de seguridade no ámbito interno da Amtega
- ♦ Política de rexistro de actividade e supervisión
- ♦ Instrución de uso de dispositivos móbiles corporativos
- ♦ Política Acceso Rede
- ♦ Política Acceso Físico
- ♦ Políticas Seguridade Web

- ◆ Procedemento de identificación de requisitos legais
- ◆ Funcións e obrigas do persoal de Amtega
- ◆ Procedemento de resposta ante requirimentos oficiais de información albergada na Amtega
- ◆ Mellora da Instrución de uso de correo electrónico

Auditorías ENS: Acadouse o obxectivo para o ano 2024 de obter a renovación dos nove servizos certificados na antiga versión do ENS, cuxa certificación caducaba en maio do 2024. Tamén se acadou a certificación de dous servizos no ámbito de facenda e de catro servizos transversais de sinatura electrónica.

- ◆ Novas certificacións:
 - Xunta – Servizos de Xestión de Fondos Europeos da Xunta de Galicia
 - Xestión do rexistro de información de entidades e participantes do Fondo Social Europeo de Galicia
 - Plataforma corporativa de sinaturas
 - Sala de Sinaturas Xunta
 - Sala de Sinaturas Xustiza
 - Servizos complementarios de sinatura
- ◆ Renovacións de certificacións:
 - Fogga. Sector Lácteo e Mercados Agrícolas
 - Fogga. Servizo de Axudas Agrícolas, Gandeiras e Complementarias da PAC
 - Fogga. Servizo de Xestión Administrativa
 - Fogga. Xestión de Pagos de Axudas e Subvencións
 - Plataforma de Contratos de Galicia
 - Servizos a Concellos
 - Notificación electrónica
 - Diario Oficial de Galicia
 - Envío, publicación e almacenamento do DOG

ISO 27000

- ◆ Continuouse traballando na alíñación coas normas da serie ISO 27000:2022, en particular no ámbito do FOGGA e da área de Sociedade Dixital da Amtega (no relativo a xestión de fondos FEADER).

INFRAESTRUTURAS CRÍTICAS:

- ◆ Continuouse traballando en todo o relativo á protección das infraestruturas críticas.

ISO 9001

- ◆ Continuouse traballando, en colaboración coa Oficina de Calidade, en alíñar os procedementos de seguridade coa norma ISO 9001.

4.3.5.2. Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información

MEDIDAS DE PROTECCIÓN:

◆ Ciclo de vida de desenvolvemento de software:

- Participación activa de Seguridade no ciclo de vida dos proxectos de desenvolvemento e adquisición de software, para asegurar o cumprimento da normativa e o cumprimento dos principios de seguridade dende o deseño e por defecto, apoiando aos equipos de desenvolvemento neste ámbito. O aporte principal foi a realización de case mil de análises e revisións sobre as diferentes versións e aplicacións previa a súa posta en produción.
- Apoíouse esta actividade coa realización de auditorías de intrusión que complementen as anteriores probas.
- Continuouse a traballar na concreción das medidas necesarias a implementar nas aplicacións para un mellor cumprimento do ENS.

◆ Servidores e servizos ofrecidos por Sistemas

- Colaborouse con Sistemas para a mellora da seguridade nos servidores.
- Bastionado de seguridade de servidores Apache.
- Control da navegación cara á Internet dende os servidores dos CPD.
- Securitización da solución ofimática corporativa.
- Seguridade do servizo de correo electrónico
- Seguridade do servizo DNS.
- Seguridade no servizo de Directorio Activo.
- Seguridade de aplicacións e servizos en contornas na nube.

◆ Redes, equipos e servizos ofrecidos por Telecomunicacións

- Segmentación das redes de comunicacións.
- Securitización de elementos de rede.
- Xestión do proxecto de capas de rede.
- Levouse a cabo unha revisión das L2L de empresas. O proceso consistiu en xustificar a necesidade, restrinxir os accesos ao mínimo necesario e fomentar o uso de VPNs persoais alí onde foi posible.
- Avanzouse na restrición de acceso a Internet de servidores.

- Rematouse a migración dos usuarios á nova plataforma de acceso remoto corporativo, facendo uso en todos os casos de autenticación reforzada. Tamén se adecuaron os cifrados da plataforma corporativa de acceso remoto á actual política de cifrado.

- Colaborouse co Inega para a segmentación da rede.

◆ **Posto cliente**

- Securitización do posto cliente aumentando o número de equipos protexidos con antivirus, EDR e microCLAUDIA e axustes na configuración para mellorar as proteccións.
- Control do uso de dispositivos USB: en probas para a implantación completa no ámbito da Amtega.
- Revisións das configuracións do posto cliente no relativo á seguridade e propostas de mellora nese ámbito, en coordinación co departamento responsable. Utilización da ferramenta CLARA do CCN.
- Traballouse para facer uso do certificado máquina nos equipos corporativos como un factor válido de autenticación á hora de poder conectarse á rede wifi corporativa ou á rede corporativa de xeito remoto.

- ◆ **Seguridade en teléfonos móbiles:** Durante o 2024 valoráronse diferentes plataformas de protección fronte a ameazas en dispositivos móbiles.

◆ **Seguridade física**

- Revisión das medidas de seguridade física e propostas de mellora nese ámbito, incluíndo as accións de mellora sinaladas no plan de protección específico.
- Xestión do servizo de seguridade física do CPDi.

◆ **Protección de persoas usuarias singulares**

- Durante o 2024 comezouse a traballar nun servizo específico para a protección de persoas usuarias singulares. Establecéronse os primeiros contactos para trasladar obxectivos e entender necesidades.
- Tamén se fixo unha proposta de actividades formativas (xestión de crise efectiva) e de concienciación, destinadas especificamente a estas persoas usuarias.

PLATAFORMAS E FERRAMENTAS DE SEGURIDADE:

◆ **SIEM**

- Administración, soporte e evolución do sistema de xestión de información e eventos de seguridade: reunións mensuais de seguimento do servizo de soporte. Continuouse coa incorporación de novas fontes e configuráronse novas regras.
- Continuouse a traballar para incorporar e correlar máis información de eventos de seguridade dos ámbitos de Facenda e Xustiza.
- Utilización do entorno de preproducción para proba de actuacións sobre o entorno de produción, por exemplo, a actualización da plataforma.
- Traballouse na automatización de peche de ofensas xa xestionadas.
- Traballouse na licitación para a actualización ou renovación da actual plataforma.

◆ **AntiDDOS**

- Administración, soporte e evolución da plataforma de protección ante ataques de DDOS. Como exemplo destacado, configuráronse novas contramedidas relacionadas coa xeolocalización coas direccións IP orixe atacantes.
- Implementáronse diferentes automatismos para a mitigación de ataques específicos perpetrados polo actor NoName057(16).
- Leváronse a cabo traballos para a integración e comunicación automática dos equipos corporativos de protección fronte ataques de denegación de servizo cos equipos do servizo de tráfico limpo proporcionado polo operador.
- Traballouse na implementación de novos automatismos que permiten a configuración automática de proteccións máis restritivas ante diferentes ataques.

◆ **IPS**

- Administración, soporte e evolución da plataforma IPS.
- Realizáronse estudos para valorar a posibilidade de análise de tráfico cifrado.
- Levouse a cabo o reemprazo do equipamento de xestión (consola) desta solución adecuándose ao ciclo de vida de soporte da plataforma definido polo fabricante.

♦ WAF

- Administración, soporte e evolución da plataforma de cortalumes de aplicacións web. Reunións periódicas de coordinación do servizo de soporte.
- Continuouse coa promoción do uso desta plataforma para que sexa usada por un número importante de aplicacións. Fito relevante neste ámbito foi a protección do portal xunta.gal, do servizo de webs dinámicas de centros da Consellería de Educación (webs de centros e aulas virtuais) e do correo electrónico de Xustiza.
- Traballouse nun novo procedemento dentro do ciclo de vida de software para a inclusión por defecto de toda nova aplicación publicada ao exterior dentro do ámbito de protección do WAF.
- Análise e implementación de novas proteccións agregadas coas novas versións de software.
- Traballouse na licitación para a continuidade do soporte da actual plataforma.

♦ Antivirus

- Administración, soporte e evolución das plataformas de antivirus.
- Avanzouse coa instalación do cliente antivirus en servidores Linux superando os 2.000 servidores Linux con antivirus corporativo.
- Aumentou o número de instalacións e actualizacións do cliente antivirus en servidores Windows.
- Desenvolveuse en colaboración coa Oficina Cloud unha carteira de servizos de Ciberseguridade para a contorna IaaS.

♦ EDR

- Administración, soporte e evolución da plataforma de EDR.
- Aumentouse o número de instalación do cliente EDR tanto en servidores Windows como en postos de cliente no ámbito de facenda.
- Aumentouse o número de servidores Windows coa protección en modo hardening e/ou lock.
- Durante o 2024 prorrogouse o acordo marco para a subministración de licenzas para ampliación da solución de protección avanzada (EDR).

♦ MicroCLAUDIA

- Traballouse para aumentar o número de instalacións do cliente de microCLAUDIA tanto en servidores Windows como en postos de cliente.

♦ Análise dinámico de malware (sandbox)

- Administración, soporte e evolución da plataforma de análise dinámico de malware (sandbox).
- Revisión dos eventos de seguridade xerados por esta plataforma e xeración de alertas no SIEM.

♦ Probas seguridade en aplicacións

- Administración, soporte e evolución da plataforma implantada.
- Explotación de vulnerabilidades en entorno controlado.
- Revisión do nivel de reputación das aplicacións corporativas en distintos motores de escaneo.
- Análise das regras de seguridade configuradas no SonarQube da contorna de integración continua, elaborando unha proposta de mellora.

♦ Antispam

- Colaboración con Sistemas na definición de medidas de seguridade da plataforma.
- Continuouse a mellorar a protección de correo electrónico por medio de SPF, DKIM Y DMARC.
- Realizáronse periodicamente informes DMARC.
- Continuouse a traballar na definición de políticas específicas contra malware e phishing.

♦ proxecto de migración da cabina de datos:

- Colaborouse con Sistemas no proxecto de migración de cabinas de datos.

♦ Xestión de contrasinais:

- Colaboración con Sistemas na Implantación da solución para a xestión de contrasinais. Comezouse co piloto para grupos específicos para a identificación e definición de casos de uso xerais.

♦ LUCIA e outras ferramentas do CCN

- Administración, soporte e evolución das ferramentas do CCN xa implantadas (SAT-INET, REYES, LUCIA, CLARA, microCLAUDIA).
- Acadouse o nivel obxectivo de comunicación de incidentes mediante LUCIA.
- Déronse os primeiros pasos para o uso da ferramenta ELSA.

♦ Control e auditoría de acceso a sistemas de ficheiros

- Integración da ferramenta e as cabinas de almacenamento corporativas, así como a definición de mecanismos de detección, alertado e remediación automatizados.

◆ Cortalumes

- Colaboración co Departamento de Telecomunicacións Corporativas na xestión da ciberseguridade dos cortalumes e nos proxectos de renovación das plataformas de cortalumes de usuarios.
- Tamén se traballou na viabilidade de implementar o descifrado do tráfico de navegación de usuarios co obxectivo de mellorar a seguridade dos accesos a Internet.

◆ Plataforma IaaS

- Continuouse traballando na xestión do entorno IaaS de seguridade e implantouse unha ferramenta única para a monitorización de tódalas plataformas e máquinas.
- Púxose en marcha unha contorna de laboratorio no IaaS de ciberseguridade.
- Tráballose xunto con Oficina Cloud no desenvolvemento dunha carteira de servizos para as contornas IaaS/Cloud privado, proporcionando a estas contornas diversos servizos de ciberseguridade (axente de seguridade, xestión de vulnerabilidades, WAF, etc).

◆ MISP

- Administración da solución MISP corporativa para dar resposta ás necesidades da integración coa Red Nacional de SOCs.

◆ Detección de ataques con cebo:

- Durante o ano 2024 incorporáronse dúas máquinas para a detección preventiva de ataques mediante o uso de cebos vulnerables e sen servizo produtivo dentro da infraestrutura da Amtega e Inega.

4.3.5.3. Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información

◆ MONITORIZACIÓN

- Realizouse a monitorización e atención de eventos de seguridade en 24x7, e continuouse a monitorización por parte da oficina técnica en 8x5.
- Continuouse a traballar na mellora do proceso de revisión de alertas e ofensas desde o SOC.
- Tráballose na mellora da automatización para a xeración de indicadores de compromiso propios.

- Definíronse novas alertas para distintos casos de uso, tendo en conta as distintas ferramentas de protección de posto cliente e servidores, e tamén os procedementos de actuación ante este tipo de alertas. Tráballose para incluír tamén alertas xeradas a partir do proceso de busca e captura activa de ameazas dentro da organización co uso da ferramenta corporativa de telemetría.
- Durante diferentes períodos do ano 2024 levouse a cabo unha monitorización especial destacando a realizada durante as eleccións autonómicas do mes de febreiro.

◆ VIXILANCIA DIXITAL

- Vixilancia dixital para a detección de credenciais roubadas, fugas de información da organización e preparación de ataques contra a infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- Realizáronse informes sobre distintos temas relacionados coa actividade dixital de Amtega e a súa exposición en Internet.
- Cabe destacar dentro deste ámbito as actuacións levadas a cabo para mitigar casos de fraude en redes sociais en determinados servizos públicos da Xunta de Galicia.
- Tráballose na detección automática da valoración da reputación das aplicacións e dos servizos prestados dende Amtega.

◆ XESTIÓN DE INCIDENTES

- Atención e resposta aos incidentes de seguridade que se produciron na organización.
- Continuouse a traballar na proposta para a xestión de incidentes críticos de alto impacto (xestión de crises).
- Continuouse coa mellora do procedemento interno incorporando novas ferramentas na operativa de escáneos de posto cliente.
- Valorouse a implantación dunha solución específica para a resposta, automatización e orquestración de seguridade que permitirá a centralización e automatización de tarefas, incluídas as relacionadas coa xestión de incidentes de seguridade.

◆ XESTIÓN DE VULNERABILIDADES

- Actividades relacionadas co proceso de xestión de vulnerabilidades da infraestrutura e das aplicacións, en coordinación cos departamentos da Amtega afectados.
- Xestionáronse as vulnerabilidades derivadas das execucións do servizo de análise de

vulnerabilidades externo, introducindo melloras no proceso de priorización.

- Tráballose na revisión da superficie de exposición, incluíndo deteccións de Shodan e do servizo externo de análise de vulnerabilidades, o que permitiu acadar información máis precisa de cara a identificar e priorizar o grao de risco para poder anticipar a resolución das ameazas máis relevantes.
- Durante o 2024 despregouse unha nova ferramenta para a realización da análise de vulnerabilidades da infraestrutura tecnolóxica da Amtega. Con esta ferramenta executáronse análises en maquetas de entornos IaaS, ademais dos servidores corporativos sobre os que se viña prestando servizo coa anterior ferramenta.
- Tamén se traballou na mellora do procedemento global de xestión de vulnerabilidades para poder reportar con máis efectividade as vulnerabilidades relevantes ás xerencias responsables, así como facilitar a medida dos tempos de resolución.
- Mellora das deteccións coa ferramenta de análise de código estático.
- Realizouse unha análise para avaliar a precisión e valor aportado polas diferentes ferramentas (antivirus, EDR e escaneador corporativo de infraestrutura) en canto á identificación de vulnerabilidades en produtos software instalados en postos cliente.

♦ AUDITORÍAS TÉCNICAS E PROBAS DE INTRUSIÓN

- Probas de intrusión e auditorías técnicas sobre a infraestrutura e as aplicacións, incluíndo aplicacións móbiles.
- No relativo ás aplicacións, durante o 2024 operouse e evolucionouse a ferramenta de escaneo de vulnerabilidades de aplicacións web.
- Continuáronse a facer os escaneos de vulnerabilidades e os exercicios de penetración.
- Realizáronse auditorías técnicas de bastionado sobre as maquetas a través da ferramenta CLARA.
- Realizouse un exercicio anual de Red Team. Leváronse a cabo as iniciativas do plan de mellora dos diferentes exercicios de Red Team realizados os anos anteriores.

♦ XESTIÓN DE CERTIFICADOS DIXITAIS

- No ano 2024 completouse o cambio de roles e responsabilidades na xestión da plataforma PKI interna, iniciado no 2023, co obxectivo de que dende o centro de ciberseguridade se cubra o rol

de asesoramento e supervisión da seguridade da plataforma, pero non o de implantación e operación da mesma.

- Continuouse coa xestión de solicitudes ao prestador de servizos de certificación.

♦ CONTINUIDADE E XESTIÓN DE DESASTRES

- Durante o ano 2024 o Centro de Ciberseguridade colaborou con outros departamentos nas propostas de seguridade dos CPD e participou na adecuación do Plan de Recuperación Fronte a Desastres.

4.3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia

ESTRATEGIA GALEGA DE CIBERSEGURIDADE

- ♦ Unha vez presentada a Estrategia Galega de Ciberseguridade 2030 no Consello de Goberno da Xunta de Galicia en 2023, durante o 2024 comezáronse a desenvolver as iniciativas correspondentes encamiñadas a cumprir cos obxectivos marcados.
- ♦ Así mesmo, elaborouse o Plan Director de Seguridade 24-27 para o ámbito Amtega.

ESTRUTURAS DE GOBERNO DA SEGURIDADE

- ♦ Comité de seguridade no ámbito xudicial galego
 - Proposta de constitución dun comité de seguridade no ámbito xudicial galego.
 - A constitución deste comité considérase imprescindible para coordinar e facer viables iniciativas de adecuación e certificación ENS, entre outras.
- ♦ Comité de delegados de protección de datos persoais da Xunta de Galicia: Continuouse coa dinamización do grupo de traballo de delegados de protección de datos.
- ♦ Comités de seguridade nas consellerías: Apoio aos comités de seguridade da información das consellerías (actualmente hai comités en Medio Rural, FOGGA, AGADER, RETEGAL).
- ♦ Comité de seguridade da Amtega: Proceso de revisión do documento "Proposta de Comité de Seguridade da Amtega" como paso previo á constitución formal do comité de seguridade da Amtega (a nivel directivo).
- ♦ Comité técnico de seguridade da Amtega: Durante o 2024 celebráronse tres reunións do Comité técnico de seguridade da Amtega.

- ◆ Coordinación entre grupos: Continuáronse celebrando as reunións de coordinación periódicas:
 - Coordinación entre Telecomunicacións e Seguridade (mensuais).
 - Coordinación entre Sistemas e Seguridade (mensuais).
 - Coordinación entre Sistemas Correo e Seguridade (mensuais).
 - Coordinación co departamento de Medios e Capacitación Dixital (mensuais).
 - Coordinación coa OTAXE, CSU e grupos de xestión Xustiza do Departamento de Xustiza Dixital (mensuais).
 - Reunións de seguimento de integración de ATDFA (área de Facenda).
 - Participación no comité de arquitectura de aplicacións.
 - Participación nas reunións de coordinación coas áreas, departamentos e xerencias de proxectos e en reunións de arranque de proxecto.

COLABORACIÓN CON TERCEIROS

- ◆ Participación no grupo de traballo de seguridade dependente da Comisión Sectorial de Administración Electrónica (CSAE).
- ◆ Participación no grupo de traballo de seguridade e interoperabilidade do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica (CTEAJE), en particular no Subcomité de Seguridade. En concreto, durante o 2024 participouse nos seguintes grupos de traballo:
 - Criterios comúns na contratación e uso de servizos na nube na Administración de Xustiza.
 - Revisión do EXIS (Esquema Xudicial de Interoperabilidade e Seguridade).
- ◆ Colaboración co Centro Criptolóxico Nacional e con Incibe.
- ◆ Colaboración coa AEPD.
- ◆ Colaboración coa Xustiza e as forzas e corpos de seguridade.
- ◆ Colaboración con outras AAPP galegas no ámbito da ciberseguridade.
- ◆ Participación en CSIRT.es.
- ◆ Participación na Rede Nacional de SOCs.
- ◆ Colaboración en grupos de traballo do Foro Nacional de Ciberseguridade.

- ◆ Colaboración con centros educativos de formación profesional para impartir charlas sobre ciberseguridade.
- ◆ Colaboración público-privada no contexto do Nodo Galego de Ciberseguridade.

CADRO DE MANDO

- ◆ Implantouse unha solución para a automatización do proceso de xeración do cadro de mando de seguridade da Amtega (CMSA) que incorpora a explotación dinámica dos datos. Esta solución contribúe na mellora da eficiencia e da optimización do proceso de elaboración do cadro de mando.
- ◆ Incorporáronse ao CMSA novos indicadores que proporcionan información do estado da ciberseguridade en Amtega.

CSIRT.GAL EN REDES NACIONAIS E INTERNACIONAIS DE CSIRTS

- ◆ Durante o 2024 mantívose o grado de “acreditado” en TF-CSIRT do CSIRT.gal, continuouse colaborando con CSIRT.es, participando nas reunións regulares e nas votacións de aprobacións de estatutos e procedementos.

NODO GALEGO DE CIBERSEGURIDADE CIBER.GAL

- ◆ Renovación do Convenio do Nodo galego de Ciberseguridade CIBER.gal.
- ◆ Realización en novembro do IV Encontro CIBER.gal.
- ◆ Novas edicións do Concurso de Ciberseguridade no Cole!, Conecta Senior, CTFs e obradoiros (no marco do IV Encontro).
- ◆ Realización dunha xornada en Ourense vinculada ao IV Encontro CIBER.gal.
- ◆ Continuouse dinamizando o novo espazo web do nodo CIBER.gal.
- ◆ Continuación das actividades do grupo de traballo da cidadanía.
- ◆ Retomouse o Grupo de traballo de empresas e planificar novas actividades formativas
- ◆ Monitorización de programas estratéxicos e de financiamento europeos e nacionais, no ámbito da ciberseguridade, participando nas convocatorias oportunas.
- ◆ Renovación do convenio coa CRTVG para continuar coa campaña de sensibilización en ciberseguridade en medios de comunicación a todos os niveis (continuar coa iniciativa #CiberEsther e con entrevistas mensuais sobre ciberseguridade).
- ◆ Continuouse coa adhesión ao Nodo de entidades públicas e privadas.



- ◆ Publicación do II Informe de Ciberseguridade de Galicia.
- ◆ Participación en eventos de referencia en ciberseguridade en Galicia e a nivel nacional para facer visible a aposta de Galicia nesta materia:
 - Fomento da inclusión de persoas con discapacidade no eido da ciberseguridade, mediante a participación no Programa Include da Fundación Goodjob.
 - Realización a asemblea anual do Nodo reunindo a todos os socios e colaboradores (prevista para principios de 2025).
 - Colaboración con asociacións nacionais e europeas de ciberseguridade.

PROXECTO RETECH CIBERSEGURIDADE: CENTRO DE COMPETENCIAS EN CIBERSEGURIDADE NOS ÁMBITOS DE SAÚDE, TRANSPORTE INTELIXENTE, INDUSTRIA E EXCELENCIA OPERATIVA

Ao longo de 2024 traballouse no lanzamento de diferentes iniciativas, principalmente:

- ◆ Convenio con entidades para posta en marcha dunha rede de laboratorios de ciberseguridade, asinado no mes de outubro e xa en execución.
- ◆ Convenio coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para potenciar a formación regulada en ciberseguridade, asinado no mes de xullo e xa en execución.
- ◆ Convenio coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para potenciar a formación en ciberseguridade dos profesionais do sector TIC. Elaborouse proposta de convenio e solicitouse o inicio da súa tramitación.
- ◆ Licitación para a posta en marcha dun laboratorio de ciberseguridade no CECIGA: traballouse nun borrador de requirimentos.

CENTRO DE EXCELENCIA EN CIBERSEGURIDADE DE GALICIA

- ◆ O mes de xuño de 2024 comezaron as obras para a execución do Centro de excelencia en ciberseguridade de Galicia en San Cibrao das viñas (prazo de execución: 20 meses).
- ◆ Continuouse traballando na configuración xurídica futura do centro e en propostas para desenvolver as funcións do mesmo.
- ◆ Durante o 2024 comezouse a traballar tamén na licitación para a adquisición do mobiliario para este centro.

PRESTACIÓN DE SERVIZOS Á ADMINISTRACIÓN LOCAL, CIDADANÍA E EMPRESAS

No 2024 licitouse un novo acordo marco. Este novo acordo marco consta de tres lotes, dous dos cales quedaron formalizados en 2024 e un quedou pendente para 2025. Mentres non se formalizou o lote 1 deste novo acordo marco, fíxose unha prórroga por interese público de determinadas prestacións ofrecidas á administración local ata o 31/12/2024. Así, a través da oficina técnica de seguridade incluída no lote 1 do acordo marco ampliouse a colaboración coas deputacións e cos concellos galegos de máis de 20.000 habitantes, de xeito que todas estas entidades da administración local puideron beneficiarse dalgún dos servizos:

- ◆ Coordinación da implantación de todos os servizos ampliados no acordo marco e xestión destes fronte ás deputacións provinciais e entidades locais galegas; mantivéronse reunións específicas con todas as deputacións e con máis do 80% dos concellos de máis de 20.000 habitantes. Para o resto dos concellos mantense o contacto para a futura integración dos servizos que se proporcionan.
- ◆ Soporte ao cumprimento do ENS, a través da resolución de dúbidas sobre cuestións de cumprimento e de adecuación técnica ás deputacións galegas e as entidades locais.
- ◆ Promoción e apoio na implantación así como soporte no uso das ferramentas do CCN (INES, LUCIA, microCLAUDIA, Trillion, ...), INES actualizado en todas as Deputacións e en nove concellos de máis de 20.000 habitantes, LUCIA federada na Amtega en un 63% das EELL, microCLAUDIA monitorizado pola Amtega nun 74% das EELL e TRILLION monitorizado pola Amtega en 81% das EELL.
- ◆ Avaliáronse novas ferramentas do CCN (metaOLVIDO, ELSA, ...), sen que polo momento se estea a supervisar desde a Amtega o seu uso na administración local galega.
- ◆ Monitorización continua da superficie de exposición: mediante a supervisión automatizada dos activos de Internet de cada entidade, a xestión continua de vulnerabilidades e dos test de penetración persistente de servizos web. Reciben este servizo o 100% das Deputación (unha máis este ano) e o 65% dos concellos de máis de 20000 habitantes (dous máis este ano).
- ◆ Todas as entidades locais recibiron informes sobre o seu nivel de ciberseguridade.
- ◆ Desenvolvemento dunha masterclass (xestión de EDR) con persoal técnico de doce entidades locais ou asociadas (Axega, Sergas) e dun cibrexercicio (análise forense dun incidente) ao que asistiu persoal técnico de oito entidades locais ou asociadas.



- ◆ Leváronse a cabo actividades de concienciación e formación en ciberseguridade:
 - Máis de 40 charlas de concienciación aos maiores a través das aulas CeMIT.
 - 198 obradoiros sobre a pegada dixital e boas prácticas na configuración (seguridade e privacidade) dos perfís nas redes sociais para alumnos no ámbito de Educación, ademais de participar en dous eventos da Consellería de Educación: presentación da “Guía de uso seguro de Internet e as RR.SS” e charla sobre o “Uso seguro da Internet e das Redes Sociais” durante o II Congreso de Coordinadores/as de Benestar e Convivencia.
 - Máis de 25 charlas formativas de ciberseguridade para os usuarios das entidades locais.
 - En xuño celebrouse a terceira edición do evento para fomentar o talento feminino na ciberseguridade.
- ◆ O sistema de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM) dedicado ás deputacións, entidades locais e outros organismos públicos galegos deu servizo ás catro deputacións provinciais galegas (unha máis que o ano pasado) e a cinco concellos de máis de 20.000 habitantes (tres máis que o ano pasado). Ademais, dáse servizo ao 112 (Axega) e á CRTVG (nova este ano).
- ◆ Servizo de apoio especializado na resposta a incidentes de seguridade 24x7: participou na resposta a un incidente moi grave sufrido polo concello de Teo.
- ◆ Ampliación do servizo de vixilancia dixital, engadindo máis módulos de seguridade e proporcionando cobertura a máis entidades locais ata acadar o 100% das deputacións e o 96% dos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- ◆ Para completar a carteira de servizos, continuouse co apoio no despregue de servizos proporcionados por contratos derivados doutros acordos marco (EDR, antivirus).
- ◆ Auditorías técnicas á administración local: Dentro do lote 2, empregáronse 314 xornadas repartidas entre 49 auditorías técnicas sobre sistemas e servizos de deputacións e concellos de máis de 20.000 habitantes.
- ◆ Continuou a dinamización e mellora do portal web ciberseguridadegalicia.gal, evolucionando o esquema e publicando contidos con regularidade para cidadanía, empresas e administracións. Cómpre salientar a integración da información do Nodo CIBER.gal nos contidos ofrecidos a través do portal.

MELLORA DA CIBERSEGURIDADE NO ÁMBITO DE XUSTIZA

A Oficina técnica de seguridade levou a cabo as seguintes tarefas:

- ◆ Continuar impulsando melloras na cooperación e coordinación con Área de Administración Dixital e grupos dependentes. Como exemplo dunha medida levada a cabo neste ámbito foi o apoio no desenvolvemento de proxectos para textualización, firma biométrica e outras medidas derivadas do RD 6/2023.
- ◆ Execución de novas iniciativas de formación e sensibilización para o persoal do ámbito da Administración de Xustiza en Galicia.
- ◆ Apoiar á Área de Administración Dixital e Otaxe na constitución dun Comité de Seguridade en Xustiza baseado no Modelo de Goberno proposto no 2023.
- ◆ Apoio na evolución do Cadro de Mando de Seguridade de Amtega con indicadores diferenciais acoutados ó ámbito de Xustiza.
- ◆ Controlar a implantación no total de postos cliente e servidores de Xustiza das solucións de antimalware corporativas.
- ◆ Aumentar as capacidades e evolucionar a explotación da plataforma para o control e auditoría de acceso aos datos. Neste ámbito engadíronse novas alertas identificadas en diferentes plans de mellora derivados de exercicios de red team. Tamén se colaborou co Departamento de Xustiza Dixital (DXD) para definir e elaborar unha proposta para a auditoría de accesos e uso de recursos compartidos.
- ◆ Apoio para mellorar a integración e o intercambio de información de CSIRT.gal na Rede Nacional de SOCs.
- ◆ Continuar coa inclusión de melloras nas labores de monitorización realizadas na solución SIEM corporativa no ámbito de Xustiza, como a inclusión de novas fontes, como a plataforma de correo de Xustiza.
- ◆ Traballouse na valoración da implantación de solucións do CCN: metaOLVIDO e ELSA.
- ◆ Impulsar melloras para a adecuación e certificación ENS:
 - Apoio a DXD para a adecuación dunha versión actualizada do servizo eFidelius ao ENS.
 - Traballar e colaborar no obxectivo de certificación ENS da Plataforma de firma corporativa (instancia específica para Xustiza). Acadouuse a certificación deste servizo durante o ano 2024.

- Acadar a revisión e novas categorizacións de servizos do ámbito de Xustiza (dependente de constitución de Comité de Seguridade Xustiza).
- Implementar mecanismos de autenticación reforzada nas aplicacións utilizadas en Xustiza: abriuse unha nova liña de traballo para estender a utilización de MFA nos accesos á solución corporativa ofimática.
- ♦ Definición e despregue dun entorno de laboratorio no IaaS de ciberseguridade. O obxectivo é contar cun entorno de probas no que poder avaliar escenarios de ameazas e optimizar capacidades de detección e resposta das plataformas corporativas.
- ♦ Execución dun exercicio de purple team sobre o Directorio Activo, identificando melloras para a protección e monitorización deste elemento e da información almacenada. Integración dun proceso periódico de revisión do directorio activo.

MELLORA DA CIBERSEGURIDADE NO ÁMBITO DE FACENDA

- ♦ Melloras na cooperación e coordinación con Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica e grupos dependentes participando nos comités de integración e nas diferentes reunións específicas de seguimento.
- ♦ Apoio á Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica na integración dentro dos grupos e procesos de seguridade da Xunta de Galicia, destacando os avances na integración cos procedementos corporativos de xestión de vulnerabilidades e de probas de seguridade sobre as aplicacións.
- ♦ Incorporación de novos indicadores no cadro de mando de seguridade do ámbito de Facenda, xeración periódica e análise e seguimento dos indicadores.
- ♦ Impulso para a implantación e evolución de políticas en postos cliente e servidores de Facenda das solucións de antimalware corporativas: EDR, microCLAUDIA e Antivirus.
- ♦ Inclusión de melloras nas labores de monitorización realizadas na solución SIEM corporativa no ámbito de Facenda, integrando novas fontes de eventos e creación de regras para a xeración de ofensas orientadas á plataforma tecnolóxica de Facenda.
- ♦ Dinamización e apoio na integración dos sistemas de información no ámbito tributario, económico-financeiro e contable nas plataformas de seguridade. Están protexidas polo sistema de protección fronte a ataques de denegación de servizo e estase a facer un piloto para a protección co firewall de aplicación web.

- ♦ Colaboración para a mellora da seguridade na configuración base dos postos de traballo e servidores da plataforma tecnolóxica do ámbito de Facenda segundo as guías/recomendacións aplicadas en ámbito Xunta. Facendo uso da ferramenta CLARA identificáronse puntos de mellora nas maquetas do ámbito de Facenda.

4.3.5.5. Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais

CONCIENCIACIÓN:

- ♦ No 2024 continuouse reforzando as campañas de concienciación por correo electrónico e na Intranet da Xunta de Galicia, coa elaboración de pílulas, tanto no ámbito da ciberseguridade como no de protección de datos. Desta maneira continuouse a dinamizar a sección da Intranet dedicada á divulgación, concretamente nos temas relacionados coa seguridade da información. Durante o ano 2024 elaboráronse e enviáronse aos diferentes ámbitos da Xunta de Galicia un total de 15 pílulas sobre diferentes temáticas de interese.
- ♦ Tráballose tamén na licitación dun acordo marco para a elaboración e execución do plan de medios das campañas de promoción dos ámbitos competenciais atribuídos á Amtega.

FORMACIÓN:

- ♦ Colaboración coa EGAP na preparación e execución dos cursos de seguridade da información, de introdución á protección de datos persoais, de aspectos avanzados e implantación do RXPd na Xunta de Galicia, e de Esquema Nacional de Seguridade.
- ♦ Curso superior EGAP en ciberseguridade (no contexto do nodo CIBER.gal).
- ♦ Curso superior EGAP en protección de datos persoais (no contexto do nodo CIBER.gal).
- ♦ Formación en materia de protección de datos persoais, ciberseguridade e seguridade da información para persoal docente: colaboración co CAFI.
- ♦ Formación en protección de datos persoais, especialmente para os Delegados de Protección de Datos.
- ♦ Realización de actividades formativas variadas durante o ano para o persoal que traballa no ámbito da seguridade, para asegurar a súa capacitación coa formación continua.
- ♦ Charlas de concienciación baixo o título "Fundamentos de ciberseguridade" para a

Consellería de Medio Rural e a Consellería de Política Social e igualdade.

- ♦ Formación en protección de datos persoais no contexto do proxecto de mellora da adecuación ao RXPd:
 - S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
 - Axencia Galega de Innovación e Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
 - Consellería de Economía e Industria

DIVULGACIÓN:

- ♦ Realizáronse seminarios internos ao persoal técnico que presta servizos na Amtega relacionados co desenvolvemento seguro de software.
- ♦ Seminarios e webinars para a difusión na Amtega dos servizos prestados pola Subárea de Seguridade, así como das políticas de seguridade da Amtega.





OBXECTIVO IV. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS

4.4.1. Plan de impulso á educación dixital

O Plan de Impulso á Educación dixital ten por obxectivo impulsar unha educación innovadora e personalizada que integra como elemento esencial da práctica educativa as tecnoloxías dixitais.

Seguindo as liñas de acción da Estratexia Galega de Educación Dixital 2030, este programa busca potenciar o desenvolvemento dun sistema educativo dixital de calidade, accesible e dotado cun conxunto de ferramentas dixitais para o ensino que redunde na dotación de competencias dixitais ao alumnado para facilitar que prospere nun mundo cada vez máis dixital.

4.4.1.1. Impulsar a evolución das infraestruturas tecnolóxicas nos centros educativos

Os proxectos dixitais en centros educativos requiren que as infraestruturas e a dotación TIC estean adecuadamente dimensionadas, permitindo a posta en práctica dunha educación dixital de calidade.

Nesta liña, durante o ano 2024 deuse un importante impulso aos **proxectos de dotación a centros educativos**, destacando especialmente a dixitalización das aulas do ensino público, coa instalación nas aulas en centros públicos de **4.600 paneis dixitais interactivos de 86"**, e a **dotación a centros de outro material TIC**, como os preto de 12.000 portátiles de 15", 5.000 equipos ultraportátiles de alumnado, ou os 8.000 PCs de sobremesa.

En total a **inversión en material TIC** entregado a centros educativos foi de **24,6 millóns de euros**.

Equipamento	Servizo Premium	Almacén Abalar	Total
Ultraportátiles	1650	3233	4883
Portátiles MRR		4940	4940
Portátiles REACT		6883	6883
VDPX EPSON EB-720		19	19
PDI Multiclass		6	6
Total	1650	15.081	16.731

Expediente de Portátiles	Total
AMT_2021-0031_CD2 (MRR)	2209
AMT_2021_0031_CD3 (REACT)	1634
AMT_2021-0031_CD4 (REACT)	2826
AMT_2021_0031_CD5 (REACT)	914
AMT_2021_0031_CD6 (REACT)	1509
AMT_2021_0031_CD7 (MRR)	2731
Total	11823

4.4.1.2. Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo E-DIXGAL

A transformación educativa nos sistemas estatais e europeos, incluído o galego, require da facilitación e dispoñibilidade de contornas virtuais de aprendizaxe e contidos dixitais adecuados. A través do **proxecto E-Dixgal**, proporciónanse medidas tecnolóxicas orientadas a reforzar e garantir unha contorna dixital fiable e adaptada ás necesidades da comunidade educativa, así como a dispoñibilidade de contidos dixitais de calidade accesibles nas ditas contornas.

No ano 2024 adxudicáronse **tres novos contratos de licenzamento de contidos curriculares** para E-Dixgal, cun importe anual de 1.658.585,08€. As editoriais seleccionadas puxeron a disposición do profesorado varias actividades de formación para dar a coñecer o seu catálogo e a súa integración na plataforma Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA).

Ademais, traballouse para acadar os seguintes avances na plataforma:

- ◆ Implementación dunha **nova funcionalidade de asignación de competencias ás áreas e recursos educativos no EVA**, para facilitar a xestión e asignación das competencias ás unidades por parte do profesorado,
- ◆ **Integración da plataforma de creación de contidos "Creagal" no EVA**, estando xa dispoñibles no catálogo os recursos "Creagal" de "Tecnoloxía e Dixitalización" e "Matemáticas" de 1º da ESO.
- ◆ **Revisión da funcionalidade de autoría nas distintas editoriais**, realizando melloras para poder recuperar máis facilmente os contidos editados de anos anteriores.

- ◆ **Análise das tipoloxías de incidencias, casuísticas e casos que chegan a soporte *premium*** para establecer un protocolo de acción en cada caso e mellorar a resposta.
- ◆ **Edición e actualización dos contidos de axuda no EVA**, creando un **conxunto de preguntas e respostas frecuentes**.
- ◆ Finalmente, no proceso de mellora continua do soporte, **desenvolvéronse ferramentas conxuntas entre editoriais e equipo técnico do EVA**, que permiten detectar as causas de erro das incidencias reportadas polo usuarios, permitindo non só a súa solución senón tamén a detección da causa para evitar erros futuros.

Por último, continuouse co proceso de mellora continua no aplicativo Offline, mellorando a experiencia de usuario.

4.4.1.3. Mellorar as infraestruturas dixitais educativas a través da extensión dos medios que facilitan o acceso e utilización de ferramentas de ensino virtual

No marco do **proxecto Webs Dinámicas**, levouse a cabo unha **actualización das aulas virtuais dos 1.166 centros educativos** que están dentro do proxecto desde a versión 3.9 ata a versión 4.1 de Moodle, igualando así coa versión da plataforma EVA dos centros E-Dixgal, o que facilita a migración de contidos entre ámbalas dúas plataformas.

Ademais, continuouse coa implantación nas webs dos centros educativos dunha nova versión do software Drupal co fin de acadar a migración a unha versión actual deste software das webs de todos os centros educativos.




4.4.1.4. Evolucionar as canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital

Durante o 2024 continuouse dando unha **atención áxil e fiable das consultas, peticións e incidencias da comunidade** educativa para garantir a fluidez na execución dos procesos apoiados polos sistemas de información no ámbito educativo.

Durante todo o ano, xestionáronse desde a **UAC** un total de **134.972 incidencias por canle telefónica** e **54.217 mediante correo electrónico**.

Por outra banda, desde o **equipo de microinformática de soporte in situ e o servizo premium**, o total de incidencias xestionadas ascendeu a **3.987 e 30.722** respectivamente.



	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Total
Por teléfono desde a UAC	7.549	6.730	7.009	9.254	7.329	18.583	25.551	2.134	25.584	10.489	8.750	6.010	134.972
Por correo desde a UAC	3.591	3.470	2.948	3.679	3.609	5.337	7.089	1.359	8.622	5.226	5.358	2.929	53.217
Desde o microinformática	416	451	413	473	473	281	72	50	417	384	318	189	3.937
Desde o Servizo Premium	2.912	2.255	1.713	2.450	2.277	2.944	1.252	239	5.295	4.396	3.264	1.725	30.722

4.4.2. Plan Galego de Competencias Dixitais

O desenvolvemento e consolidación das novas tendencias tecnolóxicas no mercado de traballo actual debe ir acompañada dun proceso de capacitación dixital en todos os sectores produtivos da economía galega, incluíndo a Administración. Neste sentido, no seo deste programa traballase no desenvolvemento do Marco Galego de Competencias Dixitais (MGCD), regulado no DECRETO 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, que ten por obxectivo **promover que a cidadanía e o persoal empregado público dispoña das capacidades dixitais necesarias para formar parte do novo contexto dixital, dando lugar a unha mellor calidade de vida, á creación de novas oportunidades de emprego e á redución da brecha de participación existente entre colectivos máis vulnerables.**

As actividades recollidas neste programa **Plan Galego de Competencias Dixitais** inclúen tres liñas:

- ◆ As actividades vinculadas ao desenvolvemento do **Marco Galego de Competencias Dixitais (MGCD)**, e a **certificación galega en competencias dixitais (ComDix)**: actividades de **capacitación, certificación, xeración de contidos e desenvolvemento dos instrumentos organizativos e tecnolóxicos para a execución do MGCD.**
- ◆ Actividades de **capacitación dixital** orientadas especificamente ao **persoal empregado público.**
- ◆ Desenvolvemento de dos **espazos dixitais para os programas de capacitación on-line promovidos polos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.**

4.4.2.1. O Marco Galego de Competencias Dixitais (MGCD)

No ámbito da definición e organización do **Marco Galego de Competencias Dixitais** (en diante MGCD) e **certificación galega en competencias dixitais (ComDix)**, e no seo do **comité especializado para a definición do MGCD**, no 2024 cabe destacar:

- ◆ Aprobación dunha nova versión do **"Documento de Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais" - V.02**, destacando como principais aportacións desta nova versión a concreción das vías de validación e equivalencia no ámbito das competencias dixitais do alumnado

(secundaria, bacharelato e estudos de formación profesional).

- ◆ A **publicación do informe de situación do MGCD ante o Consello da Xunta de Galicia** en novembro de 2024.
- ◆ A **aplicación efectiva do MGCD no contexto das competencias dixitais do alumnado de secundaria, bacharelato, e FP**, deseñando o modelo de coordinación para abordar tanto a execución de probas para a obtención da certificación "ComDix Intermedio", como a emisión por equivalencia de certificacións "ComDix Iniciación" e "ComDix Intermedio".

4.4.2.1.a. Plataformas tecnolóxicas e contidos dixitais para o MGCD

A execución do MGCD require dispoñer de **instrumentos para a execución, difusión, xestión e análise** tanto das **actividades de capacitación como de certificación**, incluíndo a xestión do rexistro de certificación e de entidades colaboradoras, plataformas de difusión, de autodiagnóstico, de certificación, de xestión de contidos e de capacitación.

En canto á **evolución das canles para a execución do MGCD**, no 2024:

- ◆ Abordouse unha evolución tecnolóxica do **portal de difusión** do MGCD (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/es>) orientada a mellorar a súa accesibilidade e usabilidade xeral, e a facilitar os mecanismos internos para a publicación dos contidos. Continuouse coa dinamización do portal coa publicación no portal das principais novas de interese xeral para a cidadanía relacionadas co proxecto.
- ◆ En canto á plataforma de certificación (<https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/>), coincidindo coas **primeiras convocatorias masivas de probas de certificación**, melloráronse as capacidades ante convocatorias masivas, e a mellora do módulo que permite o uso da plataforma en varios idiomas (galego ou castelán) en función da preferencia da persoa usuaria. Na mesma liña, **puxéronse en marcha os sistemas de tramitación de certificacións e emisión de certificados do MGCD** facendo uso do sistema de tramitación corporativa w@nda, iniciándose os traballos de deseño dos mecanismos de integración entre w@nda e as plataformas do MGCD dirixidos a automatizar esta tramitación.

En canto á **elaboración e actualización dos contidos dixitais de referencia** para a capacitación, durante o ano 2024:

- ◆ Completouse a elaboración dos contidos dos cursos base que compoñen o itinerario formativo **"ComDix Intermedio"** para a cidadanía e iniciouse a súa adaptación e revisión para adaptalos ao escenario particular do persoal empregado público.
- ◆ Abordouse a revisión e actualización dos contidos dos 7 cursos base que compoñen o itinerario formativo **"ComDix Iniciación"** orientados cara a cidadanía en xeral e ao persoal empregado público.

- ◆ Ampliáronse os **bancos de preguntas para uso en probas de certificación** dos niveis "ComDix Iniciación" e "ComDix Intermedio".

4.4.2.1.b. Plans específicos de capacitación e acreditación dixital no MGCD

No caso do **persoal empregado público**, en colaboración coa EGAP, ofertáronse novas edicións dos cursos necesarios para a obtención da acreditación **"COMDIX nivel iniciación"**. Concretamente, desenvolvéronse **18 accións formativas ComDix cun total de 790 horas**.

Accións formativas ComDix Iniciación para o empregado público 2024L

12 edicións, dúas de cada un dos 6 cursos que compoñen o itinerario formativo para a obtención do nivel **"ComDix Iniciación"**, que supuxeron 600 persoas formadas mediante titorización activa.

5 edicións do curso de convalidación **"De CODIX a ComDix"**, que supuxeron 250 persoas formadas mediante titorización activa.

1 edición do curso de introdución ao MGCD, **"Empezamos! Que nivel de competencias dixitais teño? Introducción ao Marco galego de Competencias Dixitais"**, xa en réxime de autoformación, curso que completaron un total de 2.512 persoas.

Por outra banda, **en coordinación coa Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades**, ao longo de 2024 e de acordo cos criterios aprobados polo comité do MGCD para as **competencias dixitais do alumnado**, executáronse:

- ◆ Probas de certificación "ComDix Intermedio" para alumnado de 4º de ESO e FP Básica.
- ◆ Probas de certificación para validación de "ComDix Intermedio" para alumnado de 2º de Bacharelato e ciclos de Formación Profesional de Grao Medio.

- ◆ Emisións de certificacións por equivalencia para o alumnado da ESO e FP que por titular no 2024 nestes estudos teñen dereito á certificación "ComDix Iniciación".

- ◆ Emisións de certificacións por equivalencia para alumnado de determinados estudos de Formación Profesional de Grao Medio e Superior, que por titular no 2024 nestes estudos teñen dereito á certificación "ComDix Intermedio".

Probas de certificación e emisión de certificados ComDix na ESO, FP e Bacharelato 2024

Probas de certificación ComDix Intermedio:

- 7.505 alumnos/as inscritos de 4º da ESO e FP Básica
- 982 alumnos/as con dereito a certificación

Probas de certificación para validación ComDix Intermedio:

- 8.444 alumnos/as inscritos de 2º de Bacharelato e Ciclos de FP de Grao Medio
- 6.960 alumnos/as con dereito a certificación

Emisións de certificación por equivalencia:

- 23.005 alumnos/as identificados da ESO e FP con dereito a certificación ComDix Iniciación
- 10.238 alumnos/as identificados en FP de Grao Medio e Superior con dereito a certificación "ComDix Intermedio"

No **ámbito da cidadanía**, e a través da rede CeMIT, acadáronse os 6.115 alumnos matriculados nalgún dos itinerarios formativos “ComDix Iniciación” ou “ComDix Intermedio”. 1.713 persoas inscritas en probas para a certificación. E 766 certificacións “ComDix Iniciación” emitidas.

4.4.2.2. Capacitación Dixital do Persoal Empregado Público

No 2024 desenvolvéronse **119 accións formativas en materia de capacitación dixital do persoal empregado público** en diversos eidos, accións que supuxeron un total de **3.858 horas de formación**.

No marco da **colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP)**, desenvolvéronse os seguintes programas:

- ◆ Programa de formación recollido no Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a **convocatoria e desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e de protección de datos**. Ao abeiro deste programa desenvolvéronse:

- **19 accións formativas en materia de administración electrónica, cun total de 1.005 horas de formación**, e nas que se inclúen as dirixidas ao impulso a implantación da administración electrónica Integral na Xunta de Galicia, e as dirixidas a afondar nos sistemas para a contratación electrónica acompañando á plena implantación da licitación electrónica con formación sobre os sistemas que conforman o Nodo de contratación pública de Galicia.
- **28 accións formativas en materia de seguridade dos sistemas de información** aliñadas co Plan de Seguridade da Xunta de Galicia, cun total de **901 horas de formación**.
- **2 accións formativas en materia de Tecnoloxías de Información e Comunicacions (TIC)**, especificamente dirixidas a persoal TIC da administración, **cun total de 70 horas de formación**.

- ◆ **“Curso superior de Administración electrónica”**, de 114 horas de duración en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), que permitiu que 70 empregados públicos con responsabilidades de xestión puidesen afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica.


- ◆ **4ª edición do “Curso superior de Ciberseguridade”**, de 102 horas de duración, que permitiu que 70 empregados públicos con perfil TIC e responsabilidades de xestión puidesen afondar en diversos temas do eido da ciberseguridade desde unha perspectiva xurídica e técnica práctica, dotándoos de boas prácticas para previr e detectar contratempos na utilización de sistemas das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC),
- ◆ **2ª edición do “Curso superior en Protección de Datos”**, de 115 horas de duración, orientado a afondar en diversos temas do eido da protección de dato, tanto desde unha perspectiva técnico-xurídica e práctica.
- ◆ **Plan Ofimático de Galicia**, con 18 accións formativas e un total de 644 horas de formación ofertadas.
- ◆ **Formación dixital E-Martres**, con relatorios técnicos de 6 xornadas de formación práctica dixital e enfoque innovador celebrados no marco da iniciativa Universo EGAP innova, cun total de 36 horas de formación presencial.

4.4.2.3. Sistemas de Apoio aos Programas de formación en rede

Nos últimos anos tivo un forte impulso o desenvolvemento de espazos dixitais para a capacitación e aprendizaxe, que se artellan a través da **plataforma corporativa de e-learning PLAFOR**, un Moodle que permite dispoñer dun espazo para o desenvolvemento de actividades formativas organizadas no marco de programas ou organismos dependentes da administración pública autonómica..

No 2024 rexistráronse de novo altísimas cifras na actividade global do proxecto, repetíndose un ano máis un **aumento no número de alumnos e accesos** respecto ao ano anterior. Desta maneira, **PLAFOR consolídase como unha solución altamente efectiva** para o desenvolvemento das **actividades de formación en liña** da administración e a realización de **procesos de acreditación con emisión automatizada das certificacións** de ter completado unha determinada acción formativa ou proba de nivel.

Cifras de actividade da Plataforma e-learning





No 2024 tiveron actividade en PLAFOR un total de **19 espazos de formación**, entre os que destacan:

- ♦ **"Campus Virtual de Formación para o Emprego"** (<https://campusvirtualemprego.xunta.gal/>), no que se realizaron un total de **856 cursos**, 194 máis que o ano anterior, e dos que se beneficiaron un total de **4.648 alumnos**.
- ♦ Os **Cursos de capacitación na lingua galega** ofrecidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3, CELGA 4 e os **"Cursos de Linguaxe Xurídica e Administrativa"**, completándose un total de **123 edicións** nas que participaron **7.274 persoas**.
- ♦ **Formación online dentro da Rede de Aulas CeMIT**, publicáronse ata **125 accións formativas** que permitiron que **2.229 cidadáns** se beneficiasen dunha ou de varias desas accións formativas.
- ♦ **Formación da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)**, que mantivo a súa aposta pola teleformación convocando este ano **590 accións formativas**, cunha participación global de **4.344 alumnos**, incluíndo a celebración de 89 sesións de telepresenza.
- ♦ **Formación do Centro Superior de Hostelería de Galicia**, que continuando a súa actividade de formación en liña publicou no 2024 un total de **204 cursos en liña** usados por **333 alumnos**.
- ♦ **Actividades de sensibilización da Consellería do Medio Rural**, con accións destinadas á sensibilización en materia de calidade dos produtos, xestión sustentable dos recursos naturais, xestión técnico económica, incorporación de novos activos agrarios, protección do medio e conservación da paisaxe, seguridade e saúde laboral e aumento da competitividade do sector agrícola forestal, con **212 cursos** nos que participaron un total de **655 alumnos**.
- ♦ **Accións formativas da Consellería do Mar**, para a capacitación dos traballadores da pesca e os mariñeiros para o exercicio da súa profesión, con **42 cursos** nos que participaron un total de **193 alumnos**.
- ♦ **Formación da Consellería de Política Social**, que celebrou **15 cursos** en liña sobre o manexo das aplicacións informáticas usadas no eido dos Servizos Sociais (proxecto CENPOS e HCEPRO) dos que se beneficiaron un total de **331 alumnos** rexistrados.
- ♦ **Formación do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)**, que celebrou **142 cursos** en liña dos que se beneficiaron un total de **1.023 alumnos**.
- ♦ **Formación da Axencia de Turismo de Galicia** usou un ano máis a plataforma, pero xa con menos intensidade que en anos pasados, publicando **182 accións formativas** dirixidas a **293 alumnos** e con emisión de **326 certificados** de aproveitamento.
- ♦ **Formación da propia Amtega**, que empregou esta plataforma para desenvolver ata **47 cursos e seminarios** en liña dirixidos a mellorar a capacitación técnica dun total de **1.183 técnicos** dos seus equipos de traballo.

4.4.3. Bibliotecas en rede de Galicia

Este programa aborda o **desenvolvemento de medios e servizos dixitais nas 3 tipoloxías de bibliotecas** (a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas escolares e bibliotecas especializadas).

Ao fin de 2024 eran **911 as bibliotecas usuarias do Sistema de Xestión bibliotecario baseado en KOHAILS** do conxunto das 3 tipoloxías: 309 bibliotecas municipais, 590 bibliotecas escolares e 12 bibliotecas especializadas.

4.4.3.1. Servizos Dixitais nas bibliotecas do Sistema Galego de Bibliotecas

A **Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (RBPG)**, no ámbito tecnolóxico estruturase ao redor dos seguintes elementos: Un Sistema de Xestión bibliotecaria común (baseado en KOHAILS), un carné de acceso, unha plataforma de préstamo de libro dixital (GaliciaLe), e

os portais de presenza en internet tanto da rede como das bibliotecas centrais territoriais.

En 2024, abordouse fundamentalmente a **renovación da presenza en internet**, destacando como principais novidades as seguintes:

- ♦ **Publicación do renovado portal da Rede de Bibliotecas de Galicia:** <https://rbgalicia.xunta.gal>
- ♦ Desenvolvemento dos **portais das 6 bibliotecas públicas de Galicia e da nova web da Furgoteca**, que serán publicados no 2025.
- ♦ **A posta en marcha do servizo GaliciaLe+**, orientado a posibilitar que persoas de fora de Galicia poidan facer uso da Plataforma de préstamo dixital en galego obtendo un carné de usuario exterior.
- ♦ **Renovación do portal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (RBPG)**, <https://rbgalicia.xunta.gal/>



As **bibliotecas escolares**, no ámbito tecnolóxico estruturase ao redor do Sistema de Xestión bibliotecaria e un servizo de biblioteca dixital, xa estendido a máis de **800 centros escolares** e accesible a través de <https://bega-elbe2.edu.xunta.es/>


Ademais, na actualidade estase a levar a cabo un **proceso de migración do Sistema de Xestión bibliotecaria MEIGA** cara un novo sistema baseado en KOHAILS, que remata o 2024 con **80 novas bibliotecas escolares integradas**, acadando un total de 501.

No caso das **bibliotecas especializadas**, ponse a disposición de institucións e fundacións un Sistema de

Xestión bibliotecario baseado tamén en KOHAILS, que conta con **15 bibliotecas usuarias**.

4.4.3.2. Outros sistemas no ámbito do fomento da lectura

Durante o 2024 abordáronse tamén melloras nos sistemas que complementan o ecosistema de aplicacións vinculadas ao ámbito **dos fondos editoriais e fomento da lectura**: O sistema de Xestión do depósito legal, a Librería institucional, xestión de enquisas, programa LerContaMoito, Directorio de bibliotecas, programa de bolsa de biblioteconomía, entre outros.





O FOMENTO DAS COMPETENCIAS DIXITAIS EN CIFRAS

Educación dixital

Dotación de Equipamento



- 10.275 aulas dixitalizadas que contan con panel dixital interactivo e PC
- 4.600 novos paneis dixitaís interactivos de 86" instalados en centros públicos
- 17.000 portátiles e ultra portátiles dotados ao alumnado
- 8.000 PCs de sobremesa dotados aos centros educativos
- 21.639 equipos de fenda dixital dotados



Plataforma de creación de contidos CREAGAL

Dispoñibles os recursos de Tecnoloxía e Dixitalización e Matemáticas de 1º da ESO



Alumnado en educación dixital

65.583 alumnos e alumnas en educación dixital

Marco galego de competencias dixitaís (MGCD) e competencias dixitaís (ComDix)



No ámbito da **certificación ComDix no alumnado**: Máis de 14.000 alumnos participantes en probas de certificación das competencias dixitaís. **Máis de 21.000 certificacións emitidas**, obtidas mediante probas superadas, validacións ou equivalencias. 15.269 do nivel "ComDix Iniciación" e 6.626 do nivel "ComDix Intermedio".

No ámbito da **ciudadanía**: 6.115 alumnos matriculados nalgún dos itinerarios formativos "ComDix Iniciación" ou "ComDix Intermedio". 1.713 persoas inscritas en probas para a certificación. **766 certificacións "ComDix Iniciación" emitidas**.

No colectivo do **persoal empregado público**: **3.362 alumnos participantes** en cursos de competencias dixitaís.

Capacitación dixital do persoal empregado público



119 accións formativas en diversas materias: administración dixital, seguridade, competencias dixitais transversais e ofimática. Supuxeron un total de **8.367 prazas** e **3.858 horas de formación**.

Sistema de apoio aos programas de formación en rede

No 2024 os 19 espazos de capacitación on-line do proxecto PLAFOR, para a realización de actividades de capacitación promovidas polos departamentos da Xunta de Galicia, tiveron un total de 27.425 alumnos e 942.254 accesos, cun aumento dun 15,5% respecto dos 23.746 alumnos do ano 2023. As tres plataformas con máis actividade:

Campus Virtual de Formación para o Emprego



No que se realizaron un total de **856 cursos**, con **4.648 alumnos** (<https://campusvirtualemprego.xunta.gal/>)

Cursos de capacitación na lingua galega



Ofrecidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, con un total de **123 edicións** nas que participaron **7.274 persoas**.

A plataforma de Formación



Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), con **590 accións formativas**, cunha participación global de **4.344 alumnos**.

Bibliotecas en rede de Galicia



911 bibliotecas usuarias do **Sistema de Xestión bibliotecario** baseado en **KOHAILSa**

- **309** bibliotecas **municipais**
- **590** bibliotecas **escolares**
- **12** bibliotecas **especializadas**

Inclusión, capacitación e talento dixital



Rede CeMIT

- 593.949 horas planificadas de formación na Rede CeMIT
- 119.869 persoas usuarias da Rede CeMIT
Número de persoas usuarias da Rede CeMIT (maiores de 55 anos): 37.038 (das cales 14.962 son homes e 22.076 son mulleres), o que supón un 30.89 % das persoas usuarias totais da Rede.
- Aliados dixitais: 211 entidades, asociacións, empresas e organismos públicos (152 entidades colaboradoras, 41 mecenas, 18 mentores), 92 aulas CeMIT e 743 persoas voluntarias dixitais.
- Nº de axentes colaboradores: 157 axentes colaboradores (122 entidades de acción voluntaria, 11 organismos colaboradores e 24 mecenas dixitais)



ComDix

- Lanzamento e desenvolvemento das primeiras convocatorias da Certificación galega en competencias dixitais - ComDix no seu nivel Iniciación
- Máis de 2.600 prazas ofertadas para optar á certificación ComDix Iniciación.
- Un total de 953 persoas participaron nas probas realizadas durante os meses de outubro e novembro de 2024, das cales 700 foron mulleres, con idades comprendidas entre os 16 e máis de 65 anos.
- 760 persoas lograron obter a certificación ComDix no seu nivel de iniciación.
- Creación do itinerario formativo ComDix Intermedio e desenvolvemento de cursos titorizados en competencias dixitais de nivel intermedio.
- Ao redor de 1260 persoas inscritas para participar nas catro edicións dos cursos titorizados de competencias dixitais de nivel intermedio.



10ª Edición do Programa Tecnólog@ por un día:

- 48 prazas ofertadas polas empresas TIC galegas
- 40 alumnos/as inscritos
- 30 alumnos/as participantes de 7 centros educativos galegos distintos

4.4.4. Plan para o impulso da inclusión, capacitación e talento dixital

O Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia ten por misión promover un novo paradigma de sociedade máis próspera e inclusiva na que todas as persoas estean mellor preparadas para adaptarse e coexistir coa continua evolución tecnolóxica tanto na súa vida profesional como privada. Artellado en tres eixes estratéxicos, busca pechar a fenda dixital de acceso, uso e impacto das tecnoloxías entre os cidadáns, con especial atención ao colectivo das persoas maiores, á perspectiva de xénero e ao rural; promover as competencias dixitais dos profesionais e impulsar as vocacións e o talento dixital avanzado en Galicia.

4.4.4.1. Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía

Durante o 2024, a Rede CeMIT continuou a implementar iniciativas para **facilitar a adquisición de coñecementos e competencias dixitais** a través da formación presencial e online. Os responsables das aulas ofertaron diferentes actividades, como **cursos, charlas, titorías e asesoramentos personalizados** sobre o manexo de dispositivos tecnolóxicos, seguridade na Rede, habilidades dixitais, o emprego da tecnoloxía como ferramenta de inclusión e accesibilidade, poñendo o foco nos colectivos máis afectados pola fenda dixital, especialmente no rural.

INCLUSIÓN DIXITAL

Obradoiros Girl STEAM

- 300 rapac@s
- 19 concellos

Formación e asesoramento

No manexo de ferramentas

Programa Scratch Day

- +80 persoas
- 5 concellos

Programa Tech Kids-argallando

- Aulas CeMIT de 19 concellos
- 260 persoas beneficiarias

Programas Aulas TIC e Muller TIC

- 64.5 horas de duración
- 45 persoas participantes

Curso Finanzas para todos

- 162 persoas
- 15 concellos
- 4 provincias galegas

Sesións formativas de Control parental

- +40 persoas
- 5 concellos

Iniciativa A Miña Banca dixital, fácil e segura

- 13 aulas
- 225 persoas

Plataforma EMA

- 2.228 persoas
- 26 aulas CeMIT
- 892 diplomas

Videoconferencia de Papá Noel

- + 660 nenos e nenas
- 20 aulas CeMIT das 4 provincias

Campaña All Digital Weeks

- 25 participantes
- Xornadas formativas sobre ciberseguridade, intelixencia artificial e fake news

DINAMIZADORES DAS AULAS DA REDE CEMIT

II Encontro de dinamizadores da Rede CeMIT: "Cara a plena capacitación dixital da sociedade galega"

- 2 sesións formativas
- 19 axentes

Xornada formativa "A Rede CeMIT derrubando barreiras cara a inclusión dixital"

Novos enfoques relacionados co proceso de ensinanza-aprendizaxe

I Premios Axentes TIC da Rede CeMIT

19 participantes, membros das Asociacións Sarela, FAXPG, Cogami, Down Galicia, e responsables de 9 aulas CeMIT

Newsletter

Compartida cos axentes da Rede CeMIT.

Wiki interna CeMIT

Compartición de material formativo

Foro Axentes TIC

Dinamizado na plataforma EMA

4.4.4.2. Impulso de iniciativas para combater a fenda dixital das persoas maiores

A Rede CeMIT continuou impulsando un ano máis iniciativas dirixidas ao **colectivo de persoas** maiores para continuar ampliando os coñecementos e habilidades dixitais de maneira que poidan **participar activamente no novo contexto dixital**. Algunhas das destas actuacións, executadas durante o 2024 son as seguintes:

1. **"Ciberseguridade, os teus primeiros pasos"** en colaboración co servizo de Ciberseguridade Acordo Marco de Telefónica co obxectivo de sensibilizar á cidadanía da importancia da formación no uso da tecnoloxía no día a día. Leváronse a cabo 43 sesións presenciais as que asistiron preto de 530 persoas usuarias.
2. Curso básico **"A Intelixencia Artificial no día a día"**, actividade na que se fixo unha introdución a conceptos básicos da IA e as súas vantaxes e contribución á sociedade. Leváronse a cabo 17 sesións nas que participaron mais de 230 persoas usuarias. Adicionalmente, celebrouse unha sesión formativa dirixida ao persoal formador das aulas CeMIT.
3. **"Enredando Tour"**, iniciativa realizada en colaboración coa Cruz Vermella para impulsar a autonomía dixital e fomentar o achegamento ao entorno dixital a persoas que viven en núcleos rurais. Beneficiáronse máis de 420 persoas.

4. **Ciclos de seminarios online** en colaboración coa Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior (FEGAUS), para fomentar o uso máis habitual e práctico da tecnoloxía. Contou con máis de 280 persoas beneficiarias e máis de 60 actividades ofertadas sobre diversas temáticas.
5. **Banca Dixital Sénior** en colaboración coa Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior (FEGAUS), co obxectivo de dar resposta ao crecente interese que suscita entre as persoas maiores a formación sobre banca dixital. Realizáronse 5 sesións con máis de 30 persoas.

4.4.4.3. Promoción da formación e certificación galega en competencias dixitais para a cidadanía

- ♦ **Lanzamento e desenvolvemento das primeiras convocatorias da Certificación galega en competencias dixitais - ComDix no seu nivel Iniciación:** ofertáronse máis de 2.600 prazas, repartidas en dúas edicións, para que a cidadanía galega puidese obter a nova certificación.
- ♦ **Creación e posta ao dispor de contidos formativos en competencias dixitais de nivel iniciación.** A través da plataforma de teleformación da Rede CeMIT creouse un itinerario formativo de apoio á preparación para a obtención da certificación ComDix Iniciación.



- ♦ **Formación en competencias dixitais de nivel intermedio:** Desenvolvéronse os contidos do itinerario formativo ComDix Intermedio, e iniciáronse cursos titorizados para que a sociedade galega poida mellorar as súas competencias dixitais neste nivel.

4.4.4.4. Desenvolvemento de actuacións para o fomento das vocacións tecnolóxicas na infancia e na xuventude

Para estimular o talento precoz no ámbito STEM e motivar o atractivo vocacional no eido STEAM e nas profesións científico-tecnolóxicas dende idades temperás, este 2024 puxéronse en marcha diversas iniciativas entre descritas no apartado 4.4.4.1. *Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía*, e entre as que destaca a planificación de **dúas novas convocatorias anuais do Programa Tecnólogo@ por un día** para o curso 2024/2025, ofrecendo a estudantes de 12 a 17 anos a oportunidade de experimentar en primeira persoa unha xornada laboral en empresas do sector TIC de Galicia, co obxectivo de contribuír no impulso de vocacións STEAM a través de sesións inmersivas. Este ano celebrouse a 10ª convocatoria do programa na que participaron 30 alumnos de 7 centros educativos galegos.

Ademais, este 2024 a Xunta de Galicia foi galardoada polo Programa Tecnólogo@ por un día nos **Premios AUTELSI 2024 na categoría Labor de Divulgación y Difusión de las TIC**, co que se ven a recoñecer a traxectoria deste programa como actividade emblemática da Amtega na súa aposta polo talento STEAM dende idades temperás ao longo de 10 edicións, con máis de 1.340 alumnos/as inscritos e unha oferta acumulada de preto de 700 prazas das empresas colaboradoras do sector TIC galego (<https://autelsinsights.es/fomentando-las-vocaciones-y-el-talento-digital-desde-edades-tempranas-tecnolog-por-un-dia-premio-divulgacion-y-difusion-de-las-tics2024/>).

4.4.4.5. Desenvolvemento de actuacións para o impulso da presenza da muller no eido dixital e a redución da fenda de xénero

Durante o 2024 continuouse a traballar para potenciar a presenza da muller no eido dixital, promovendo a redución da fenda de xénero e visibilizando o rol feminino no eido tecnolóxico a través de varias actuacións, entre as que destacan:

- ♦ Posta en marcha dunha nova edición do **Ciclo de obradoiros Girl STEAM**, dirixido á rapazada entre 8 e 15 anos en colaboración co Colexio Profesional

de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia (CPETIG). A actividade contou coa participación de máis de 300 rapaces e rapazas de 19 concellos, co obxectivo de favorecer un uso creativo e igualitario da tecnoloxía e motivando as vocacións tecnolóxicas, mediante o ensino do funcionamento de placas micro bit e a construción e programación dun proxecto dos 20 modelos que ofrece o kit de robótica presente nas aulas da Rede CeMIT, así como elaboración dun proxecto libre empregando materiais de refugallo como botellas, cartón, madeira ou tecidos.

- ♦ Celebración da xornada **'A aventura que me espera: descubrindo a ciencia e a tecnoloxía'** no GaiásTech, en colaboración coa Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT-Gal), co obxectivo de dar a coñecer a rapaces de 14 a 17 anos diferentes roles laborais que combinan ciencia e tecnoloxía e as posibilidades que se abren tras a obtención da titulación universitaria, a través dun diálogo entre mulleres referentes en diversos campos, como o académico, o administrativo ou o empresarial.

4.4.4.6. Reforzo da oferta formativa para o impulso do talento dixital avanzado

Iniciativas de formación e asesoramento co obxectivo de **promover coñecementos e habilidades dixitais avanzadas** relacionadas cos ámbitos da transformación dixital e das tecnoloxías disruptivas. Durante o 2024 desenvolvéronse accións para estimular, atraer e reter talento avanzado, así como para potenciar capacidades transversais e especializadas orientadas ao emprendemento e ao liderado dixital.

Nesta liña destaca a posta en marcha da **II Edición do Programa Mentoring FP**, liderado pola Amtega e a Consellería de Educación e dirixido a estudantes de FP e de cursos de especialización STEAM co obxectivo de ofrecerlles mentorización e acompañamento no desenvolvemento da súa carreira profesional ou a posta en marcha dun proxecto emprendedor. Nesta edición inscribíronse 13 alumnos e alumnas que optaron á oportunidade de ser acollidos polo persoal titor experto de diversas empresas do sector TIC da nosa rexión entre os meses de xuño e agosto.

4.4.4.7. Actuacións para o reforzo da oferta formativa para o impulso do talento dixital avanzado

Durante o 2024 leváronse a cabo **dúas accións enmarcadas dentro do convenio de colaboración entre a AMTEGA e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de reforma e**



ampliación da Rede de Aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022- 2025:

- ♦ **Plan formativo orientado aos axentes TIC,** ao abeiro do cal se celebraron sete xornadas formativas de carácter presencial co fin de garantir un adecuado coñecemento técnico do equipamento básico e accesorios inclusivos para persoas con discapacidade funcional, así como a súa aplicación práctica na aula.
- ♦ **Inicio do desenvolvemento dun único espazo web para o fomento da inclusión e a capacitación dixital,** no que fusionarán os diferentes portais actualmente existentes: Voluntariado Dixital, DigiTalent e Faite Dixital.

OBXECTIVO V. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE

4.5.1. Programa Galicia Territorio Intelixente

Como extensión e especialización da xestión avanzada do dato da administración pública, a xestión da información espacialmente xeorreferenciada permite guiar o deseño de sistemas para a prestación de servizos dixitais e de intervención da administración pública en un determinado espazo xeográfico.

Este programa ten como finalidade dotar á rexión dos medios e ferramentas necesarias para a xestión da información cartográfica, en liña co Plan Cartográfico de Galicia, e avanzar na posta marcha da plataforma Galicia Territorio Intelixente que integra os recursos cartográficos e que se plantea como un contedor de datos xeoespaciais, incluíndo as capacidades de captura e tratamento avanzado de datos do territorio e os servizos de acceso á información. Poderá integrar nunha infraestrutura transversal a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos, e se converterá no principal instrumento estratéxico da rexión para a definición de políticas públicas, a vixilancia territorial, o deseño dos plans de sustentabilidade ambiental e o desenvolvemento social e económico do territorio.

4.5.1.1. Plataforma Territorio Intelixente e servizos común para a xestión territorial

A evolución da plataforma orientouse a desenvolver os procesos e capacidades que garanten evolución e consolidación dunha infraestrutura de análise do territorio cada vez máis demandado:

- ♦ No relativo ao desenvolvemento do modelo de goberno da plataforma de territorio intelixente, abordouse a elaboración e publicación de:
 - Modelo de Goberno da Plataforma Territorio Intelixente.
 - Estándar de desenvolvemento de Sistemas de Información Xeográfica que permite a implantación áxil de servizos dixitais que precisen o manexo de mapas e utilidades de visualización ou procesamentos xeográficos.
 - Manuais e procedementos vinculados á liberación e consumo de servizos da Plataforma Territorio Intelixente, así como a especificación do ciclo de vida destes.
- ♦ En canto a consolidación da plataforma tecnolóxica que garanten a dispoñibilidade e monitorización duns servizos cada vez máis consumidos, abordouse:
 - Actualización dos compoñentes de infraestrutura e do software base para garantir a estabilidade e o funcionamento óptimo das aplicacións.
 - Implementación e despregamento de mecanismos de monitorización do estado e rendemento da infraestrutura.
 - Posta en marcha de protocolos para garantir o mantemento 24x7 en aplicacións críticas, asegurando que estas permanezan operativas en todo momento.
 - Completouse o proceso de migración da información con compoñente xeográfica a sistemas avanzados de almacenamento.
- ♦ Coordinación das actuacións para a continuidade dos compoñentes existentes e a coordinación da integración de Servizos na plataforma:
 - Implementación e despregamento dun xeocatálogo para a catalogación da información xeográfica de uso interno.
 - Tarefas de apoio e coordinación aos equipos de proxecto para a integración de compoñentes e servizos xeográficos en distintos sistemas sectoriais e sistemas de tramitación e xestión.
- ♦ Explotación, evolución e mantemento dos proxectos TIERRA, para o desenvolvemento de solucións innovadoras no ámbito da industria de sistemas e vehículos non tripulados (CIVIL UAVs Initiative).
- ♦ Traballos de integración da plataforma de sensorización iCousas co SIX Corporativo, completouse un piloto de consumo e aproveitamento dos datos captados por sensórica despregada na rede iCousas.
- ♦ Continuidade do portal de difusión mapas.xunta.gal e o rexistro de cartografía de Galicia.
- ♦ Obtención das bases topográficas de 80 concellos da provincia de Ourense. Coordinación co IET na execución do proxecto dos traballos de análise da información de partida, valoración da información

e proposta de procesos e metodoloxías no marco da prestación do servizo para a obtención de bases topográficas de 80 concellos da provincia de Ourense.

- ◆ No marco do convenio de colaboración coa EGAP, impartíuse a primeira edición do curso "SIX corporativo orientado a persoal TIC" para a formación do persoal informático no ámbito da solución SIX corporativa.

4.5.1.2. Desenvolvemento de sistemas especializados para a xestión territorial que integren o ciclo do dato da información xeoespacial

Posta en marcha do proxecto RETECH "Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemellos Dixitais":

- ◆ Elaboración do documento de análise de estado da arte no que se identifican boas prácticas e leccións aprendidas no contexto dos xemellos dixitais.
- ◆ Licitación dos expedientes "AMT-2024-0089: Servizo de asesoramento técnico especializado para o análise de necesidades e fontes de datos para a posta en marcha de diversos xemellos dixitais sectoriais." e "AMT-2024-0075: Contratación do Servizo de Evolución da Plataforma Territorio Intelixente para a habilitación de xemellos dixitais". Estes proxectos buscan dotar de capacidades analíticas, de monitorización e simulación territorial á plataforma mediante o uso de tecnoloxías avanzadas como IoT e big data.
- ◆ Elaboración de plans específicos de difusión e formación orientados a asegurar que a iniciativa chegue aos principais actores relevantes no ámbito dos xemellos dixitais e da ciencia de datos xeoespaciais. Estes plans buscan involucrar a universidades, empresas tecnolóxicas, usuarios

finais, unidades internas e outras entidades clave, fomentando unha visión compartida e unha colaboración activa.

◆ Desenvolvemento de diversos servizo no ámbito da industria:

- Visor de dereitos mineiros caducados para a acompañar a tramitación administrativa dos concursos que permite visualizar a delimitación xeográfica destes dereitos, favorecendo a transparencia e o acceso á información (<https://concursosdereitosmineiros.xunta.gal>).
- Mapa industrial de Galicia: Creación de ferramentas piloto de explotación de datos vinculados ao Mapa Industrial de Galicia, no que se desenvolveron aplicacións para analizar e visualizar datos vinculados ao tecido industrial, contribuíndo á planificación e seguimento de iniciativas económicas e industriais.

- ◆ **Dixitalización dos Camiños de Santiago:** Cooperación e soporte tecnolóxico no despregamento do proxecto de Dixitalización dos Camiños de Santiago, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia. Este proxecto inclúe a creación de cartografía dixital detallada, inventariado dos elementos asociados e o desenvolvemento dunha ferramenta de xestión avanzada para o mantemento e explotación de datos capturados no transcurso das rutas do Camiño. Tamén se inclúe a elaboración de vídeos 360 xeorreferenciados para unha experiencia máis inmersiva e informativa.

- ◆ **Coordinación da integración** coa PTI de máis de 30 sistemas de información, 16 novos en 2024. En ámbitos diversos como a xestión de instrumentos e procedementos de recuperación da terra agraria, xestión de incendios forestais, servizos meteorolóxicos, xestión dos bens patrimoniais, entre outros.

4.5.2. Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility

4.5.2.1. Desenvolver novos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade.

Desenvolveuse e púxose en marcha un novo cadro de mando para o seguimento da tarifa +65 no transporte público de Galicia e realizáronse pequenas melloras no cadro de mando de seguimento da tarxeta Xente Nova e no mapa de traxectos.

Evolucionouse o módulo de informes analíticos na ferramenta ITS SUITE do proxecto SAEGAL para explotar a información recibida no SAE en tempo real

a través do protocolo RTIG. A través destes informes, poden obterse as circulacións teóricas, calcular a puntualidade nos horarios de paso por parada, coñecer os tempos de viaxe ou o grao de cumprimento dos servizos prestados sobre a oferta teórica.

Para poder auditar un maior número de servizos e paradas, migrouse a ferramenta QaSAE de medición da calidade das estimacións de chegada dos autobuses en tempo real facilitadas por os SAE's locais á infraestrutura IaaS da Amtega. Ademais, realizáronse melloras no algoritmo de cálculo.

Por último, realizouse o mantemento do observatorio de custos do transporte de mercadorías por estrada dentro de Galicia: <https://observatoriotransporte.xunta.gal/>.

4.5.2.2. Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual.

O sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual, OTRANS, incorporou importantes desenvolvementos:

- ◆ Melloras no proceso de adscrición dinámica de vehículos e no módulo de seguimento de circulacións. Desenvolvemento dun servizo web para que os concesionarios descarguen a lista de circulacións e remitan as súas alegacións.
- ◆ Melloras para ter en conta os festivos locais e os días de libre disposición dos centros escolares na oferta de servizos e implementación dunha funcionalidade para consultar os servizos a prestar a futuro.
- ◆ Avance na unificación dos procedementos de adscrición de persoal e comezo do desenvolvemento do procedemento para validar formalmente a información de circulacións prestadas achegada polos operadores.
- ◆ Para a integración de OTRANS coa Plataforma Galega de Mobilidade 4.0, MoBT, desenvolveuse unha API de servizos para facilitar a MoBT a información.
- ◆ Habilitamento dunha capa de servizos para que os centros escolares, dende a aplicación de transporte escolar, poidan solicitar a alta de novas paradas. E desenvolvemento dunha funcionalidade para a reasignación de alumnos con reserva de praza.

- ◆ Incorporación de novos conceptos no módulo de facturación e desenvolvemento de informes de detalle do cálculo.
- ◆ Desenvolvemento de novos informes no xerador de informes.
- ◆ Creación de novos perfís de usuario e dun xestor de paradas.
- ◆ Implementación de menús de axuda.

4.5.2.3. Realizar a xestión integral da rede de estradas de Galicia.

Publicouse a licitación dun contrato para o desenvolvemento da plataforma RAEGA para a xestión integral de estudos e proxectos sobre a rede autonómica de estradas de Galicia.

4.5.2.4. Modernizar os sistemas de pago no transporte público.

Continuouse coa pilotaxe dunha solución para a implantación da tarxeta QR Xente Nova que permitirá aos mozos e mozas menores de 21 anos viaxar de balde nos autobuses interurbanos coa aplicación móbil, eliminando a necesidade da tarxeta física, de ter saldo e da recarga no caixeiro. Ademais, na aplicación os usuarios dispoñen de estimacións en tempo real de chegada dos autobuses ás paradas.

Iniciouse a pilotaxe de MoBT, a plataforma ABT con pago con QR como token (móbil), na que se realizaron máis de 300 validacións con QR sen incidencias.

Para a posta en marcha da pilotaxe da plataforma ABT foi necesario habilitar en produción diferentes compoñentes e desenvolver novas funcionalidades.



Ademais, asinouse un novo convenio de colaboración co provedor de máquinas embarcadas Proconsi para a integración da súa máquina na Plataforma Galega de Mobilidade 4.0 que, despois de realizar as probas pertinentes, estará en disposición de iniciar un piloto de pago con móbil.

Tamén se traballou no deseño exterior da nova tarxeta de mobilidade (TMG) para o que a Dirección Xeral de Mobilidade recibiu diferentes propostas.

Por último, recepcionouse a totalidade de equipos embarcados de Busmatick e os routers e impresoras asociadas que están empregando no proxecto piloto de pago con móbil (QR).

4.5.2.5. Mellorar os sistemas de información ao usuari.

Asinouse o contrato de desenvolvemento de novas funcionalidades no Sistema de Axuda á Explotación que foi adxudicado por un orzamento total de 917.050,00 € e un prazo de execución de 24 meses.

Continuouse coa coordinación e seguimento da integración dos SAEs locais dos concesionarios no SAE de mobilidade de Galicia mellorando as porcentaxes de detección de circulacións e paradas acadándose regularmente valores de próximos ao 100%.

Ademais, desenvolveuse un novo módulo para a xeración de arquivos GTFS coa oferta de servizos de transporte público para a súa publicación en Google Maps e no buscador multimodal de plataforma galega de mobilidade 4.0, MoBT.

Periodicamente seguen cargándose os datos da oferta dos servizos interurbanos en formato GTFS en Google Transit e na web do Punto de Acceso Nacional de datos de transporte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (<https://nap.mitma.es/Files/Detail/1386>).

No **portal bus.gal** realizáronse actualizacións e publicouse tanto na APP de transporte público como en bus.gal estimacións de chegada dos autobuses á parada en tempo real en 14 contratos (<https://www.bus.gal/gl/tempo-real>).

No marco da plataforma galega de Mobilidade 4.0. MoBT, desenvolveuse o novo portal de transporte público que inclúe un planificador multimodal de servizos de transporte mais usable e accesible. Tamén se desenvolveu unha nova APP que permite ao usuario o rexistro, a xestión da conta e múltiples funcionalidades como a denominada autotopup para a recarga automática do saldo do moedeiro no caso de que o saldo do moedeiro sexa inferior á cantidade fixada.





4.5.3. Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio

4.5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica.

A Amtega puxo en marcha no ano 2015 a plataforma galega de información ambiental Gaia, un sistema galego de información ambiental, integrable, escalable e con capacidades de interconexión e de interoperabilidade con outros sistemas de información que manexen información ambiental tanto nacionais coma europeos.

Así, durante o ano 2024 continuou a impulsarse esta plataforma, destacando as seguintes actuacións:

- ◆ Publicación da licitación para os novos desenvolvementos na plataforma Gaia, co obxectivo de integrar a información aínda dispersa en sistemas legacy, avanzar na dixitalización e automatización dos procedementos medioambientais, ou evolucionar os servizos para as empresas.
- ◆ Soporte e mantemento evolutivo dos módulos xa implantados na plataforma Gaia. Entre outros mantementos, realizouse a actualización completa da infraestrutura da plataforma e unha complexa historificación de datos no módulo de eResiduos para mellorar o rendemento da plataforma.

4.5.3.2. Pór en marcha unha plataforma urbanística dixital de Galicia.

O Plan Tecnolóxico de modernización no ámbito de Urbanismo de Galicia contempla a creación da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, durante o 2024 publicáronse dúas licitacións para pór en marcha esta plataforma:

- ◆ Por unha banda a primeira fase do servizo de desenvolvemento da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, co que se creará un portal privado do Portal de Urbanismo, a Plataforma de Tramitación Urbanística, un Nodo de Coordinación Urbanística e un módulo SIX privado para a visualización e revisión da información gráfica.
- ◆ Por outra banda, a licitación do servizo de implantación e posta en funcionamento dos proxectos tecnolóxicos no eido do urbanismo, que reforzará as capacidades de execución e seguimento da boa consecución do proxecto.
- ◆ Ademais, publicouse o novo portal Web de Territorio e Urbanismo e migrouse o Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia a esta nova Web.



TERRITORIO INTELIXENTE: A ECONOMÍA DIXITAL EN CIFRAS

Galicia territorio intelixente



- **Integración de funcionalidades xeográficas** en 16 novos proxectos.
- **Impartición de 8 cursos técnicos especializados** ofrecendo un total de 84 prazas.
- **1.128 servizos de información xeográfica** actualmente publicados.

Transporte e mobilidade dixital

- A 31 de decembro, **4.810 usuarios** dispoñen da súa **tarxeta Xente Nova no móbil** acumulando máis de 144.500 viaxes validadas con QR.
- **Incremento dun 20%** dos usuarios do portal bus.gal respecto ao ano 2023 (de 399.337 usuarios en 2023 a 479.000 usuarios en 2024).



Conservación do medio ambiente e o territorio



- **1.444.978 traslados** de residuos xestionados no 2024 en Gaia.
- **720 inspeccións** no 2024 en Gaia.

Memoria dixital de Galicia

7.274 persoas, participaron nas actividades de formación do programa CELGA na plataforma on-line.

Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia recolle 611.670 obxectos Dixitais

O **sistema de Xestión de arquivos físicos** ARQA integra a 60 arquivos de entidades locais.



• O **sistema XERPA** (Xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia), recolle máis de 49.800 bens rexistrados.

• O **Portal de difusión da toponimia e microtoponimia**, difunden máis de 557.373 toponimos.

• E na **plataforma colaborativa GaliciaNomeada** están rexistrados 3.439 colaboradores, e se recolleron máis de 72.005 microtoponimos.



Turismo intelixente



O número de usuarios dos principais portais promocionais do destino (*turismo.gal*, *caminodesantiago.gal*) incrementouse en máis de **150.000 novos** a respecto de 2023 (de 3.438.669, en 2023, a 3.593.287, en 2024). A estes datos hai que sumarlle os máis de 43.000 usuarios que consultan os blog de información sobre turismo e o Camiño.



Máis de **51.300 descargas** das apps móbiles do ámbito de turismo. 37.000 corresponden ao app do Camiño de Santiago.



O número de establecementos rexistros en TURESPAZO e de **23.174**, case 1.000 máis que os que había en 2023



Na plataforma de información e colaboración para as oficinas de turismo (TURINFO), recolléronse 36.438 contactos dende a posta en marcha do rexistro de contactos (agosto 2024)

Impulso á empresa dixital



- **Definición do Programa para a activación tecnolóxica** avanzada e mentalidade innovadora



4.5.4. Plan para a transformación dixital do sector primario

As iniciativas incluídas neste programa figuran explicitadas no epígrafe 4.2.7. do presente Informe de Actividades.

4.5.5. Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego - Memoria dixital de Galicia

A iniciativa **"Memoria Dixital de Galicia"**, promoveu o impulso da dixitalización, xestión, preservación e difusión do patrimonio, da identidade e da actividade cultural de Galicia, mediante a utilización das tecnoloxías da información, favorecendo novas modalidades de consumo interactivas e participativas.

Este programa ten como finalidade dar continuidade a dita iniciativa, incorporando novas accións, incluíndo a aplicación de tecnoloxías avanzadas e innovadoras para o desenvolvemento de servizos dixitais, coa finalidade de **impulsar unha experiencia dixital, diferencial e enriquecida vinculada ao acceso e consumo de patrimonio e cultura.**

4.5.5.1. Difusión da lingua galega

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Amtega continúan colaborando no uso das canles dixitais para a difusión e impulso da lingua galega cara a sociedade. En 2024 continúan as liñas de colaboración abertas con outras institucións para impulsar a presenza da lingua galega na internet e na contorna tecnolóxica:

- ♦ **A evolución continuada tecnolóxica e lingüística do sistema de tradución automatizado Gaio** que en 2024 traduciu máis de 900 millóns de palabras. Tamén avanzouse na fase de probas da versión piloto do Gaio baseado en redes neuronais artificiais que se alimenta dos modelos do Proxecto Nós, e que consta, polo de agora, de 2 pares de linguas nas dúas direccións: de español e inglés para galego e viceversa. O Proxecto Nós é unha iniciativa que se enmarca nos principios inspiradores da intelixencia artificial e das tecnoloxías da linguaxe coa finalidade de dotar a lingua galega de ferramentas e recursos lingüísticos e tecnolóxicos que permitan o acceso a produtos dixitais presentes e futuros na lingua galega.



- ♦ **A plataforma de teleformación de lingua galega para a cidadanía** (<https://formacion-lingua.xunta.gal>). A través desta plataforma ofrecéronse á cidadanía, en modalidade de teleformación, os cursos de capacitación na lingua galega CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3 e CELGA 4, así como o "Cursos de Linguaxe Xurídica e Administrativa". En total de 123 edicións nas que participaron 7.274 persoas.

4.5.5.2. GALICIANA – Patrimonio dixital de Galicia

Galiciana configúrase como unha plataforma xestión, recolección de datos abertos (protocolo OAI-PMH), xestión e difusión do patrimonio dixital cultural de Galicia custodiado en diversas institucións galegas. A infraestrutura de Galiciana está baseada nos seguintes sistemas:

- ♦ **Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia** (www.galiciana.gal), o espazo de difusión e recolección dos recursos patrimoniais, dixitais ou dixitalizados da cultura galega que na actualidade recolle 611.670 obxectos dixitais de 17 coleccións.
- ♦ **Sistema Biblioteca Dixital de Galicia.** (<https://biblioteca.galiciana.gal>), que recolle 10.484 rexistros bibliográficos (títulos) e 3.275.482 imaxes.
- ♦ **Sistema Arquivo Dixital de Galicia.** (<https://arquivo.galiciana.gal>), no que participan 61 institucións, e recolle 1.454.267 descrições, 185.546 obxectos dixitais e 5.817.001 imaxes.
- ♦ **Sistema de preservación do patrimonio dixital,** con 268.053 obxectos dixitais.

En 2024, continuou a evolución tecnolóxica e funcional dos sistemas que compoñen a infraestrutura de Galiciana, así como a automatización de procesos para curación de datos. Destaca fundamentalmente o **inicio do desenvolvemento de GalicianaSemántica** que ten como finalidade difundir, comunicar e expoñer dixitalmente, os recursos, contados e obxectos dixitais que configuran o patrimonio dixitalizado galego. Esta primeira fase supón o deseño e construción dun catálogo único de autoridades unificado para as entidades do patrimonio histórico, dun modelo ontolóxico, e un espazo en internet de referencia para a interrogación do patrimonio, e micro sitios temáticos baseados en Galiciana.

Este ecosistema de elementos que compoñen GaliciaSemántica, apoiárase tamén na utilización de técnicas de representación do coñecemento, que se reforzarán coas capacidades das tecnoloxías da linguaxe. Así, en 2024 abóndouse o desenvolvemento dos dous espazos temáticos construídos sobre o grafo de coñecemento, e iniciouse a creación do catálogo de autoridades e espazo de referencia. Os espazos temáticos foron os seguintes:

- ♦ **Espazo Prensa Histórica Galega.** 775 cabeceiras correspondentes a 20 tipos de publicacións. 332.291 publicacións dixitalizadas con datas de publicación dende 1874.
- ♦ **Espazo Memoria e Concordia.** Espazo orientado á difusión e preservación de documentos relacionados cos episodios históricos do Golpe de Estado, Guerra civil e Ditadura franquista, e o posterior camiño ata a Constitución española de 1978. 42.106 documentos dixitalizados publicados. <https://memoriaeconcordia.galiciana.gal>

Por outro lado, publicouse o **novo portal web da Biblioteca de Galicia:** <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/gl>.



4.5.5.3. Sistemas de xestión e canles de difusión dos arquivos

Neste ámbito destacan varios instrumentos de xestión e difusión do Sistema de Arquivos de Galicia.

- ♦ **O sistema de xestión de arquivos físicos (ARQA),** que facilita unha ferramenta para a xestión dos cadros de clasificación e fondos custodiados en arquivos dependentes da Xunta de Galicia e nas entidades locais, nas que se está a abordar unha Implantación progresiva.
- ♦ En 2024 púxose en marcha en 10 novos arquivos locais: Betanzos, Avión, Fisterra, Viana do Bolo, Noia, Chantada, Rianxo, Boiro, Ponteceso e Laxe.
- ♦ O espazo web de difusión do **Sistema de Arquivos de Galicia.** (<https://arquivosdegalicia.xunta.gal>). En

2024 abóndouse e publicouse un novo espazo cun novo deseño.

Estos sistemas complementan o sistema de Arquivo dixital que forma parte de Galiciana.


A fin de 2024, 61 entidades locais eran usuarias do sistema de estión de arquivos físicos e 31 do sistema de arquivo dixital.

4.5.5.4. Sistemas de xestión e canles de difusión dos museos dependentes da Xunta de Galicia

Neste ámbito inclúense diversos sistemas e fundamentalmente portais que se orientan a difusión dos fondos custodiados en diversas institucións. De xeito xeral, inclúense a evolución continuada e mantemento de:

- ♦ **O espazo web de difusión das institucións e dos seus fondos.** Inclúense:

- O portal de referencia de museos: <https://museos.xunta.gal/>
- Os portais específicos de museos dependentes da Xunta de Galicia:
 - › Museo das Peregrinacións e de Santiago (Santiago). <http://museoperegrinacions.xunta.gal>
 - › Museo de Belas Artes (A Coruña): <https://museobelasartescoruna.xunta.gal/>
 - › Museo Massó: <https://museomasso.xunta.gal/> (renovado en 2024)
 - › Museo Etnolóxico de Ribadavia: <https://museoetnoloxicoribadavia.xunta.gal/>
 - › Museo do Viño de Galicia: <https://museovinogalicia.xunta.gal/>
 - › Museo do Castro de Viladonga: <https://viladonga.xunta.gal/>
 - › Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (<http://www.musarqourense.xunta.es>)





- Os portais específicos de outras institucións culturais dependentes da Xunta de Galicia.
 - › Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC): <https://cgac.xunta.gal/>
 - › Fundación Pública Galega Camilo José Cela (<https://fundacioncela.gal/>)
- En 2024 iniciouse tamén a renovación dos espazos dos parques arqueolóxicos de Castro Caldelas e o de Arte Rupestre de Campo Lameiro.
- ♦ O mantemento de diversas apps de difusión dos fondos de museos, como as visitas guiadas do Museo de Belas Artes, o Museo de Peregrinacións e de Santiago, e o Museo do Viño de Ribadavia.
- ♦ Migración da información de expedientes existentes en arquivos ofimáticos dos servizos de Arqueoloxía e Inventario.
- ♦ Incorporación de novos métodos de explotación da información a través da exportación das fichas dos bens e a obtención de informes de indicadores asociados á tramitación de expedientes.
- ♦ Desenvolvemento de melloras e automatizacións destinadas á axilización da tramitación de expedientes.
- ♦ E á inclusión de novas capas de cartografía básica a servizos externos nos visores SIX.



- ♦ E a posta en marcha dun repositorio OAI-PMH de fondos de museos, integrado cos espazos web, para a súa integración coa iniciativa Galiciana. Ademais da administración e operación continuada do sistema DOMUS.

4.5.5.5. Posta en marcha do sistema de xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia (XERPA)

O Sistema de xestión do patrimonio inclúe a recolleita da ficha do ben incluíndo a identificación, dimensión xeográfica, caracterización e marco regulatorio que establece o seu nivel de protección.

O sistema recolle na actualidade máis de 56.500 bens rexistrados, máis de 6.700 incorporados en 2024.

Na evolución do sistema compre destacar: Melloras nas tarefas de explotación da información e incorporación de bens mobles, inmateriais e arqueolóxicos.

4.5.5.6. Sistema de xestión de nomes do territorio

Os nomes de lugares forma parte do patrimonio inmaterial de Galicia, e son instrumento técnico no análise e planificación do territorio. De xeito coordinado coa SX de Política Lingüística e a Real Academia Galega, continua a evolución do Sistema de Xestión de nomes do territorio que reúne un conxunto de instrumentos e ferramentas orientados a facilitar esta xestión na súa dimensión lingüística, xeográfica e participativa. Os principais elementos desta plataforma son:

- ♦ **Portal de difusión da toponimia e microtoponimia**, no que se difunden máis de 557.373 topónimos.
- ♦ **GaliciaNomeada**, no que están rexistrados 3.439 colaboradores, e se recolleron máis de 72.005 micro topónimos.

No ano 2024 **continuou a súa evolución funcional** na que destaca: a reestruturación de contidos no portal de toponimia e inclusión de novos apartados, a posibilidade de descarga no Portal de Abertos, a publicación de nova versión de Galicia Nomeada para usuarios de Android, melloras de usabilidade no filtrado e procura de topónimos, novas funcionalidades no panel de administración para os validadores da microtoponimia, e a adecuación dos contidos ás políticas de privacidade de datos da Amtega.



4.5.6. Turismo intelixente

O programa de desenvolvemento das tecnoloxías no ámbito de turismo céntrase nos aspectos relevantes para Galicia coma destino turístico, destacando a interacción cos visitantes, a dixitalización das oficinas de turismo e a captura e explotación dos datos da pegada do turista no destino coma chave para xerar coñecemento e intelixencia turística. Estes 3 eidos resumen o conxunto de actuacións previstas no plan de acción e concentran boa parte das actividades.

4.5.6.1. Evolución das canles de promoción do destino e atención ao turista

As iniciativas máis relevantes executadas neste eido foron as seguintes:

- ◆ No portal promocional **turismo.gal**, leváronse a cabo actuacións de mellora da **accesibilidade** na consulta de información e uso dos seus servizos. Para facilitar a localización de información do destino, implementáronse melloras na indexación dos seus contidos por parte dos principais buscadores do mercado. Para optimizar esforzos e acadar unha comunicación máis integrada habilitouse un servizo de incorporación dos contidos do blog ao portal. Ademais, no resto da **rede de portais de Turismo**, leváronse a cabo melloras na súa accesibilidade, publicación de novos contidos e melloras funcionais transversais.



- ◆ Na **aplicación móbil do Camiño de Santiago**, leváronse a cabo actuacións de enriquecemento en servizos de información como o perfil topográfico das distintas rutas e etapas, a información meteorolóxica no servizo de realidade aumentada ou a incorporación de novos filtrados para facilitar a localización de recursos turísticos e establecementos ao redor do Camiño.

- ◆ Continúa a evolución da colección de apps do ámbito de turismo, destacando a publicación da app do ámbito da Eurorrexión Galicia/Norte de Portugal. Tamén, comezou o desenvolvemento da aplicación Galicia Termal.

Nº de usuarios dos principais portais promocionais do destino

Incrementouse en máis de 150.000 novos (de 3.438.669, en 2023, a 3.593.287, en 2024).

Usuarios rexistrados en ambos portais

105.004 o que supuxo un incremento de máis de 16.200, respecto os rexistrados en 2023

O conxunto das aplicacións móbiles de Turismo de Galicia

Máis de 51.300 descargas durante o 2024, das que 37.400 correspóndese á app do Camiño de Santiago

4.5.6.2. Relación co sector profesional e empresarial

Neste ámbito diferencianse tres liñas de actuación:

- ◆ En relación coa **aplicación de tramitación administrativa e de inspección** (RITGA/SIXITU), dixitalizouse o proceso de notificación a terceiros (concellos, forzas e corpos de seguridade do estado) relacionados coas altas e modificacións dos establecementos. E abordáronse diversas melloras funcionais e de actualización dos compoñentes da plataforma tecnolóxica de base.
- ◆ En relación coa **extranet de relación cos titulares dos establecementos**, TURESPAZO, a actuación máis relevante foi o da evolución dos compoñentes da plataforma tecnolóxica de base.
- ◆ No **Centro Superior de Hostalería de Galicia** (CSHG), abordouse a dotación de equipamento en varias das súas aulas consistente en **pantallas interactivas e pantallas de videoconferencia** para a dirección. Leváronse, a cabo, igualmente melloras e optimizacións no sistema de xestión de alumnos que da soporte á xestión de matrículas, facturación, xestión da asistencia ou á información académica.

Nº de expedientes tramitados en 2024 | 14.455 un 9% respecto a 2023


Visitas a establecementos e empresas turísticas | 3.962 case un 12% máis respecto a 2023

Total de establecementos rexistrados en TURESPAÑO | 23.174, case 1.000 máis que os que había en 2023

4.5.6.3. Plataforma de información e colaboración das oficinas de turismo

Consolidouse a plataforma de información e colaboración para as oficinas de turismo (TURINFO). Na súa evolución destacan:

- ◆ O desenvolvemento e implantación dos cadros de mando de seguimento e monitorización das persoas atendidas e o do seu perfil, a partir da información recollida en oficina sobre o perfil do visitante, ou temas sobre os que amosaron interese (cultura e patrimonio, compras e artesanía, espazos naturais, gastro nomía, restauración, Camiño de Santiago, rutas e sendeirismo, actividades e deportes, aloxamentos ou termalismo e talasos).



- ◆ Todos os datos actualízanse en tempo real en base á información recollida nas oficinas. Ademais, os datos serán subministrados á Plataforma de Intelixencia Turística para afondar no seu análise e cruzar os datos con outras fontes para obter máis coñecemento sobre os perfís dos turistas que teñen a Galicia coma destino turístico.

- ◆ Ademais, comezouse a desenvolver a Fase II da aplicación, que terá continuidade en 2025, que vai estar orientada á creación de guías preelaboradas por parte dos profesionais e baseadas nas consultas máis frecuentes dos turistas e a posta en marcha de servizos colaborativos.

O número de contactos recollidos en 2024, dende a súa posta en produción (agosto) foi de 36.438.

4.5.6.4. Plataforma de intelixencia turística de Galicia

Consolidouse o **Sistema de Intelixencia Turística**. Deuse continuidade á evolución dos 2 ámbitos de análise xa existentes: o de caracterización da demanda turística e o de análise da rendibilidade económica do sector. E comézouse a traballar nun novo ámbito de análise: o da **oferta turística**.

4.5.6.5. O nodo de interoperabilidade TURNIX

No nodo de interoperabilidade TURNIX migráronse os servizos de datos que abastecen ás aplicacións para dispositivos móbiles de Turismo.

Arpoveitouse a solución de xeoclusterización de ElasticSearch, a plataforma na que se basea TURNIX, para ofrecer experiencias áxiles de usuario de navegación en mapa.

Por outra banda, tamén dotouse ao nodo de capacidade de intercambio de datos e información de natureza heteroxénea con plataformas externas ao Turismo. Así, deuse soporte ao envío de imaxes turísticas de alta calidade para a plataforma Galicia Film Comisión ou o envío de datos de establecementos e recursos turísticos a Turespaña.

Finalmente, continuou o enriquecemento da plataforma con novas tipoloxías de obxectos, coma paquetes turísticos ou ofertas.

4.5.6.6. Outras iniciativas

- ◆ Púxose en marcha o proxecto de dixitalización dos itinerarios do Camiño de Santiago. Este proxecto que concluírá en 2025 vai permitir a virtualización do Camiño baixo o concepto do xemelgo dixital.
- ◆ Implantouse un sistema open source para a xestión dos datos de consumo e produción de enerxía eléctrica por paneis solares en 3 dos albergues da Rede Pública de Albergues do Camiño. Esta actuación estenderas a outros albergues e á sede de Turismo de Galicia.




4.5.7. Impulso á empresa dixital

4.5.7.1. Programa de asistencia GTech para unha reactivación tecnolóxica avanzada e mentalidade innovadora

No 2024 naceu o xerme deste novo programa centrado na innovación tecnolóxica no ámbito das pemes e incorporando accións de capacitación que contribúen ao coñecemento de solucións tecnolóxicas para o seu negocio así coma tendencias tecnolóxicas e ferramentas dispoñibles.

As principais liñas de acción definidas para o programa:

- ◆ Realización dun diagnóstico sobre o grao de innovación tecnolóxica da empresa para a identificación das oportunidades de reactivación a través da tecnoloxía innovadora.
- ◆ Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a adaptabilidade da empresa á innovación tecnolóxica.
- ◆ Dixitalización de procesos a través do dato intelixente para o desenvolvemento de novos e/ou mellorados procesos internos e/o de negocio.
- ◆ Deseño de solucións innovadoras para a captación, relación e fidelización dos clientes mediante recursos tecnolóxicos.
- ◆ Definición dunha estratexia de innovación na empresa a través da implementación de prácticas Inner Source e solucións baseadas en Software libre.



OBXECTIVO VI. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL

4.6.1. Estratexia Galicia Dixital 2030

Durante o 2024, desempeñáronse tarefas para garantir o avance das iniciativas e proxectos impulsados no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030 de xeito coordinado co contexto europeo, nacional e autonómico a través das seguintes actividades:

4.6.1.1. Vixilancia continua e seguimento de diversas medidas, actuacións e iniciativas no eido da sociedade da información

No marco desta actividade, traballouse na análise, estudo e seguimento de diferentes medidas, iniciativas ou plans estratéxicos a nivel rexional, nacional ou internacional na contorna da Estratexia Galicia Dixital 2030 e a sociedade da información no seu conxunto, así como de diferentes ámbitos que poidan incidir de forma relevante na estratexia (fondos, subvencións...).

Neste sentido, detectáronse cambios, novidades, oportunidades e/ou aspectos relevantes para contribuír á mellora continua da EGD2030 e ao seu proceso de toma de decisións, potenciando os resultados derivados das súas actuacións e reforzando os recursos dos que dispón.

4.6.1.2. Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030

No marco deste programa realizouse unha revisión e **análise do cumprimento das distintas actividades e indicadores da Estratexia Galicia Dixital 2030 durante o período 2021-2024**. En paralelo, levouse a cabo unha comparativa de Galicia con outras rexións de referencia no eido dixital. Este traballo completouse cunha análise dos distintos marcos e tendencias tecnolóxicas estratéxicas xurdidas desde a aprobación da EGD2030 en decembro 2020 co obxectivo de identificar novas actuacións a abordar, así como **establecer novas metas a acadar no ano 2030**.

4.6.1.3. Coordinación e harmonización das actividades e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030

No marco desta iniciativa continuouse a traballar coa colaboración da Oficina técnica de apoio á xestión da Estratexia Galicia Dixital 2030, que realiza unha labor de coordinación e harmonización das actuacións e iniciativas desenvoltas no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030 de forma que se potencian as capacidades e se reforzan os recursos dispoñibles.

4.6.1.4. Promoción da identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital

No marco deste programa traballouse na identificación do nivel de desenvolvemento dixital de Galicia e posterior comparativa con outras rexións de referencia no eido europeo.

Para iso, utilizouse unha metodoloxía onde os indicadores escollidos foron:

- ♦ **Estrutura:** medición de aspectos básicos da estrutura económica, como a poboación total, o PIB e o PIB per cápita.
- ♦ **Desenvolvemento socioeconómico:** inclúe variables vencelladas a aspectos esenciais do desenvolvemento social e económico, como a taxa de emprego, o nivel educativo e o impacto do turismo.
- ♦ **Tecnoloxía:** agrupa aspectos como o acceso a internet, o uso de internet e o emprego en sectores tecnolóxicos.



4.6.2. Estratexia galega de intelixencia artificial

4.6.2.1. Dinamización do nodo galicia

No marco do nodo galicia, ao longo do ano 2024 debateuse e procedeuse a **elaborar un informe sobre o anteproxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia**. O proceso de exposición pública finalizou o 31 de xullo 2024 e a elevación ao Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto e a súa remisión ao Parlamento de Galicia co fin de iniciar a súa tramitación en sede parlamentaria tivo lugar no mes de decembro 2024.

Por outra banda, levouse a cabo a **presentación dunha guía práctica para o fomento do uso da intelixencia artificial no marco da administración pública galega**.

4.6.2.2. Dinamización da Comisión de expertos para o asesoramento na adopción e uso ético da IA en Galicia

En xaneiro do 2024, celebrouse en Santiago de Compostela a sesión constitutiva e primeira sesión de traballo da Comisión de Expertos para o asesoramento no desenvolvemento e uso ético da intelixencia artificial en Galicia. Ao longo do ano, **mantiveron diversas reunións co obxectivo de valorar e perfilar o anteproxecto de lei** para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

4.6.2.3. Deseño dunha iniciativa formativa no ámbito do Marco Galego de Competencias Dixitais

No ano 2024, deseñouse e impartíuse un ciclo formativo no ámbito das tecnoloxías intelixentes, baixo o Marco Galego de Competencias Dixitais. Trátase do curso **"A intelixencia Artificial no día a día" impartido na rede de aulas CeMIT** entre os meses de novembro e decembro 2024. Celebráronse **un total de 13 sesións formativas que chegaron a un total de 129 persoas beneficiarias**.

4.6.2.4. Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030

Ao longo do ano 2024, acometeuse un proceso de análise e actualización da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 co obxectivo de adaptala aos novos escenarios, especialmente polo feito de que Galicia sexa a sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial.

Neste sentido, traballouse durante este ano na avaliación dos logros acadados durante o período 2021-2024 e identificar as áreas de maior avance, así como aquelas de menor avance onde poñer o foco nos próximos anos.



4.6.3. Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos

4.6.3.1. Fomento do uso do Software libre nas empresas

O sector empresarial é un dos eixos principais da estratexia da Amtega para o fomento do software libre, especialmente **a través do GaiásTech** o resto da **rede de nodos** de especialización tecnolóxica de Galicia, contando tamén co **apoio dos diferentes axentes** do Software Libre de Galicia, como AGASOL (Asociación de Empresas Galegas de Software Libre).

Entre as actuacións realizadas durante o 2024 destacan:

- ◆ Reconversión do portal de oferta de aplicacións de software libre, para probar na nube, denominado agora como Apeiría.
- ◆ Celebración de dúas edicións titorizadas de dous cursos sobre prácticas de InnerSource.
- ◆ Realización de 5 seminarios sobre diferentes aspectos de InnerSource, e a súa aplicación na tipoloxía de empresas galegas.
- ◆ Realización dunha edición impresa en galego de dous libros de referencia sobre InnerSource, dispoñibles unicamente en inglés, xaponés e galego.
- ◆ Publicación de novos artigos de difusión tecnolóxica, centrándose en dar a coñecer aplicacións de uso orientado a empresas e autónomos, especialmente do ámbito das tecnoloxías disruptivas.
- ◆ Servizo de apoio e consulta sobre software libre ás empresas galegas.
- ◆ Estudos de uso de software libre realizados polo OSIMGA para coñecer e responder o máis axeitadamente posible as necesidades das empresas galegas.

4.6.3.2. Fomento do uso do Software Libre na cidadanía

Outro dos eixos das actuacións de fomento e difusión do software libre dende a Amtega céntrase na cidadanía. Neste ámbito a **Amtega colaborou con diversos axentes do ecosistema galego do software libre**, como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL) e o Consorcio Interuniversitario de Galicia (CIXUG) para organizar as actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos.

Entre as actuacións realizadas durante o 2024 destacan:

- ◆ As AGUSL organizaron xornadas, obradoiros e hacklabs divulgativos sobre Software Libre, formatos abertos, sistemas de información

xeográfica libre, hardware libre e software científico.

- ◆ Colaboración no premio ao mellor traballo universitario fin de grao con software libre organizado polo CIXUG.
- ◆ CIXUG desenvolveu diversas accións formativas e de difusión do Software Libre no ámbito universitario.
- ◆ Organizouse unha xornada para dar a coñecer diferentes roles laborais que combinan ciencia e tecnoloxía, orientada a poñer en valor o papel das mulleres neste ámbito.
- ◆ Abriuse unha liña de colaboración coa Federación de Asociacións de Mulleres Rurais, para a creación de materiais didácticos adaptados ás súas necesidades.
- ◆ Colaborouse con diversos colectivos para tratar de sensibilizar sobre a necesidade de ter en conta a accesibilidade no desenvolvemento de software.

4.6.3.3. Fomento do uso do Software Libre da Administración Pública

No eido da administración pública, as principais liñas de actuación consistiron en manter a **aposta pola reutilización de software libre para o desenvolvemento de novos servizos**, mediante o asesoramento e a difusión entre os responsables TIC de casos de éxito doutras administracións públicas; **a difusión dos casos de éxito propios** fóra da nosa comunidade; así como o **fomento da publicación e liberación de novas solucións** de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia.

Entre as actuacións realizadas durante o 2024 destacan:

- ◆ Servizo de asesoramento sobre software libre e estándares abertos.
- ◆ Elaboración do boletín mensual de reutilización de software libre nas administracións públicas.
- ◆ Mantemento de máquinas virtuais de referencia en software libre para o uso de servizos de e-administración electrónica da Xunta de Galicia, e fomento do seu uso.
- ◆ Publicación con licenza libre dun novo proxecto desenvolvido pola Xunta de Galicia.
- ◆ Actuacións de difusión e incorporación de novos contidos na Guía de Boas Prácticas para Liberación de Contidos e Software.
- ◆ Oferta formativa en Software Libre dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP).



4.6.3.4. Fomento do uso do Software Libre a través do portal Mancomún

O portal mancomun.gal mantívose como o **portal público de referencia na difusión de software libre en Galicia**. Nel, a Oficina de Software Libre da Amtega recolleu as novas e a actualidade do ecosistema galego, ademais de servir de canle para informar das actuacións promovidas pola Amtega para o fomento do software libre na comunidade e recollidas no Plan de Acción de Software Libre.

A través do portal, reforzáronse as actuacións que se veñen levando a cabo para a difusión do software libre entre a cidadanía. Entre as actuacións realizadas durante o 2024 destacan:

- ◆ Elaboración e seguimento do Plan de Acción de Software Libre 2024
- ◆ Elaboración do balance das actuacións e os logros acadados no 2023.
- ◆ Mancomún Podcast: Elaboración periódica de programas especializados en software libre e programas especiais con persoas relevantes para tratar temas concretos e de actualidade no software libre.
- ◆ Actualización do portal con melloras e novas seccións.
- ◆ Publicación de material formativo ou divulgativo sobre software libre con formato aberto, licenza libre e en lingua galega no Repositorio Documental.
- ◆ Elaboración de videotutoriais de uso básico das aplicacións publicadas no Mancomún Cloud.
- ◆ Elaboración de pílulas informativas sobre solucións de software libre para empresas e cidadanía.

4.6.4. Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas

4.6.4.1. Potenciar o ecosistema Gobtec, de impulso ao uso de tecnoloxías disruptivas nos servizos públicos

Durante o ano 2024 traballouse no Ecosistema Gobtec co obxectivo de impulsar o emprego das tecnoloxías disruptivas na administración pública.

Deste xeito, traballouse no deseño da estratexia do Espazo Gobtec Galicia, a través da análise comparativo de espazos GovTech a nivel nacional, europeo e internacional e de traballos previos para o deseño da estratexia Gobtec, que asegure unha planificación integral e coherente que abarque todos os aspectos clave do proxecto.

4.6.4.2. Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas nas pemes galegas mediante a proposta de restos tecnolóxicos

No 2024 comezáronse os traballos de identificación de retos para, poder licitar os derivados:

- ◆ Reto 1: proposta do 1º contrato derivado do sistema integral de análise e xestión de datos do sistema educativo de Galicia.
- ◆ Reto 2: estudo e análise do 2º contrato derivado para a parametrización dun modelo grande de linguaxe e a súa aplicación en distintos casos de uso.
- ◆ Reto 3: estudo para o 3º contrato derivado para a prestación de servizos orientados a posta en marcha de asistentes virtuais.
- ◆ Reto 4: identificación dun reto orientado ao sector turismo galego.



O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL EN CIFRAS

Estratexia Galicia Dixital 2030



- **Máis de 50 boletíns** de Vixilancia estratéxica e tecnolóxica enviados ás Direccións de Áreas.
- **Das 13 metas** establecidas inicialmente na EGD2030, acadáronse en 2024 un total de 8 metas.
- **Establecéronse 4 novas e ambiciosas metas.**


Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030

Aprobación do proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia


Un total de 13 sesións formativas que chegaron a un total de 129 persoas beneficiarias

Software libre e estándares abertos

Fomento do uso do Software Libre nas empresas:




Fomento do uso do Software Libre na cidadanía:





Fomento do uso do Software Libre na Administración Pública:



Fomento do uso do Software Libre a través do portal Mancomún:



Adopción de tecnoloxías disruptivas



Identificación de 4 retos tecnolóxicos

GAIÁSTECH e nodos de especialización tecnolóxica

Adaptación do espazo físico do Centro GaiásTech

- GaiásTech evoluciona cara a un espazo de innovación aberta con novos espazos de traballo tecnolóxicos
- Deseño de 2 novos espazos no Centro GaiásTech

Mantemento e actualización da web do Centro Gaias

- Optimización na xestión de usuarios para unha interacción máis áxil e segura
- Unha web en constante evolución para impulsar a transformación dixital en Galicia
- Máis de 1250 usuarios e 1400 entidades rexistradas na web do Centro GaiásTech
- 2561 subscriptores ao boletín



GaiásTech D

- **Empresas galegas** aceleran a adopción tecnolóxica a través de demostracións en GaiásTech
- **Máis capacitación práctica:** formación especializada impulsa a competitividade das pemes
- **Sensibilización tecnolóxica de novas tendencias** e ferramentas ao alcance da cidadanía e empresas
- **A capacitación converteuse** en referencia para a divulgación e formación intensiva en tecnoloxía
- **Espazos de demostración** consolidan a conexión entre oferta e demanda tecnolóxica
- **Realizáronse 25 xornadas de demostración**, 4 xornadas do ciclo #MércoresDDatos, 5 sesións de capacitación, 6 accións de sensibilización. Máis de 1150 persoas asistentes

Espazos de encontro do talento e o emprendemento

- **Espazo de colaboración:** emprendedores e profesionais TIC únense en GaiásTech
- **Talleres prácticos** fomentan novas sinerxías no uso de tecnoloxías emerxentes
- **Aulas CeMIT e GaiásTech**, alianza clave para a coordinación dos Axentes TIC
- **Novas tecnoloxías ao alcance:** iniciativas para impulsar vocacións e talento dixital
- **Máis de 24 persoas** utilizaron o Centro GaiásTech como punto de encontro entre emprendedores
- **5 actividades** realizadas no marco de Cemit

Evento especializado no impulso da dixitalización

- **46 persoas asistentes ao evento** especializado no impulso á dixitalización con no que 10 empresas presentaron as súas solucións e melloras grazas á dixitalización.
- **O Centro GaiásTech** aborda os Horizontes Dixitais dos sectores cultural, deportivo e turístico nun encontro con expertos
- **Impulsar coa tecnoloxía** o crecemento dos sectores da cultura, turismo e deporte a nivel de innovación e eficiencia operativa das empresas

Impulso do talento xoven feminino

- **GaiásTech** impulsa o talento xuvenil como motor da innovación empresarial
- **Vocacións STEAM en auxe:** novas actividades para inspirar ás futuras xeracións
- **Aprendizaxe en acción:** mozos e mozas experimentan coas TICs e tecnoloxías disruptivas
- **Máis mulleres en STEAM:** formacións e xornadas para reducir a fenda de xénero
- **O futuro da tecnoloxía constrúese hoxe:** GaiásTech aposta pola xeración de talento
- **13 eventos de fomento STEAM** con 220 rapaces e rapazas asistentes

Deseño e lanzamento dunha aplicación móbil do Centro

- **Foros abertos na app:** un novo espazo para o debate sobre tecnoloxías innovadoras
- **Conexión dixital:** GaiásTech achega os seus servizos á cidadanía a través do móbil
- **A nova app de GaiásTech** impulsa a participación e o intercambio de coñecemento
- **2 novos servizos** publicados no Centro GaiásTech(APP e foros debate)



Conectividade e cohesión dixital

- ◆ Dos 59 emprazamentos executados en total, 29 xa en servizo.
- ◆ Dotouse de cobertura a 1 área empresarial en 2024, o que supón un total de 18 empresas con cobertura.
- ◆ Dotouse de redes de moi alta velocidade a 1 empresa
- ◆ Concedidos 1.514 bonos dixitais no ano 2024, dos cales 582 corresponden as solicitudes pendentes de tramitar da convocatoria 2023 e 932 á convocatoria 2024. Total de 1.810 bonos concedidos contando coas tres convocatorias.
- ◆ Realizadas medidas de cobertura móbil dos tres operadores en 150 zonas.
- ◆ Celebráronse en 2024 un total de 5 actividades de formación e difusión sobre conectividade e tecnoloxías sen fíos.

69

Parcelas acadadas para a execución das torres

49

Concellos adheridos ao Convenio de mellora de cobertura móbil.

166

Total de núcleos con cobertura grazas á actuación.

+100

Persoas asistentes aos actos celebrados en 2024.

160

Permisos analizados e axilizados por parte da Comunidade Autónoma.

+139

Permisos desbloqueados por parte da Comunidade Autónoma

27

Peticións de información de concellos resoltas.

+200

Asistentes ás diferentes actividades de difusión no fomento da sociedade da información.

1.213

Solicitudes de bonos dixitais recibidas na convocatoria 2024. Total de 2.434 contando coas tres convocatorias.

+800

Peticións de información resoltas en 2024 procedentes de cidadáns, empresas, entidades locais e outras administracións públicas.

8.200

Cartas enviadas a posibles beneficiarios (perceptores do RISGA e do PNC por discapacidade) para sen fíos.



Observatorio da sociedade da información e modernización en Galicia

Galicia Dixital: Sistema de indicadores, actualización anual (1).



Galicia dixital: A modernización tecnolóxica no rural: 1 informe xeral, 1 informe executivo

Galicia Dixital: O sector TIC de Galicia: 1 enquisa, 1 informe xeral e 1 nota de prensa.



Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia: 1 actualización anual da táboa de indicadores das empresas.

Estatística sobre a Administración dixital na Xunta de Galicia: 1 informe xeral e 1 nota de prensa.




Aumento do número de **subscritores e visitas** á páxina web.

Estatística da Administración dixital nos concellos galegos: traballo campo da enquisa.



Actualización e publicación de **42 informes**.





4.6.5. Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica

4.6.5.1. GaiásTech-D

As actuacións levadas a cabo durante o 2024 no marco desta actividade baseáronse en accións de demostración onde empresas presentan solucións cun fundamento tecnolóxico para o coñecemento, difusión ou comercialización; desenvolvemento de programas de capacitación, de aplicación inmediata no ámbito das pemes e accións de sensibilización que contribúen ao coñecemento de solucións, tendencias tecnolóxicas, ferramentas e aplicacións de interese para a cidadanía, empresas e organizacións.

Tamén se realizaron ciclos de actividades enmarcadas nunha mesma iniciativa, baixo o paraugas #D, co obxectivo de divulgar e formas ás empresas sobre unha temática común nun curto espazo temporal.

4.6.5.2. Evento especializado no impulso á dixitalización de sectores

O GaiásTech encargouse do deseño e posta en marcha do evento: “Xornada Horizontes Dixitais: Innovación en Turismo, Cultura e Deporte”, onde axentes de relevancia de tecnoloxías de dixitalización nestes sectores brindaron a oportunidade ás empresas galegas de coñecer, en base a casos de uso, a aplicabilidade da dixitalización no tecido produtivo. Ademais, xerouse un espazo de networking entre o tecido tic galego.

4.6.5.3. Impulso do talento Xove e feminino

DO Centro GaiásTech promoveu durante o 2024 a xeración do talento xove como xerme para a creación de propostas de maior valor para as nosas empresas. Ademais, neste eixo, promoveuse a necesidade da xeración de perfís femininos en STEAM.

Para acadalo, realizáronse actividades destinadas ao público xuvenil, sesións de demostracións nas que por en práctica os coñecementos sobre as TICs e formacións e xornadas dirixidas ao público feminino.

4.6.5.4. Adaptación do espazo físico do Centro GaiásTech

O Centro GaiásTech puxo en marcha a adaptación do seu espazo físico en base ás necesidades dos usuarios, propoñendo novos planos a executar e adaptando os espazos á innovación aberta.

Para isto creou unha aula de formación para as sesións de capacitación que sirva como punto centralizador das Aulas Cemit e tamén laboratorios tecnolóxicos para a innovación e experimentación.

4.6.5.5. Espazos de encontro do talento e o emprendemento

O Centro GaiásTech realizou actividades prácticas que motivaron a unión entre os profesionais TIC de Galicia e fomentaron o uso das novas tecnoloxías e tecnoloxías de baixo custo. Ademais o Centro serviu como punto de encontro para emprendedores, xerando un espazo de innovación aberto.

4.6.5.6. Mantemento e actualización da web do Centro GaiásTech

Durante o 2024 realizouse a actualización e o desenvolvemento íntegro da web do Centro GaiásTech, desta maneira xestionáronse os usuarios, elimináronse as seccións obsoletas, engadíronse as novas necesidades e mantívose o Mapa de capacidades Dixitais de Galicia.

4.6.5.7. Deseño e lanzamento dunha aplicación móbil do Centro GaiásTech

O Centro GaiásTech deseñou, publicou e difundiu unha aplicación móbil para facilitar ao usuario o acceso rápido aos servizos que ofrece o Centro. A aplicación móbil inclúe tamén un servizo aberto de foros de debate enfocados en tecnoloxías innovadoras.



4.6.6. Plan de Conectividade e cohesión dixital

4.6.6.1. Actuacións para fomentar a mellora da cobertura de redes móbiles nas zonas do rural con carencias de servizo

Esta iniciativa estase a desenvolver de forma paliativa ao Programa UNICO do Goberno de España, e trátase dunha **actuación pioneira e de referencia a nivel europeo**, xa que se tomou coma exemplo nas novas Directrices relativas ás axudas ás redes de banda larga publicadas en 2023.

En 2024 **completouse a execución de 22 novas torres**, que sumadas ás xa executadas suman un total de 59 o que permitirá dotar de cobertura de telefonía móbil a máis de 4.000 habitantes en 166 poboacións rurais que carecían deste servizo.

Así mesmo, leváronse a cabo reunións mensuais para o seguimento de compromisos derivados da subvención para a instalación do equipamento.

Esta iniciativa está financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

4.6.6.2. Actuacións para a mellora da conectividade e o reforzo da mesma en polígonos industriais, centros loxísticos e outras áreas de concentración empresarial

No ano 2024 avanzouse no **despregamento das redes de fibra óptica dotando de cobertura a 66 áreas empresariais**, o cal supón 132 actuacións realizadas neste ano cós 4,8 millóns de euros concedidos a Galicia polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Así mesmo, levouse a cabo o seguimento mensual do despregamento con Telefónica, adxudicataria das axudas en concorrência pública.

4.6.6.3. Actuacións para a mellora da infraestrutura de telecomunicacións en edificios

O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital transferiu a Galicia un total de **4,3 millóns de euros para a posta en marcha da actuación de mellora de infraestruturas en edificios (ICTs)** en 2021, e en 2022 recibíronse un total de dúas solicitudes de subvención, para as cales ditouse **resolución de concesión no 2023**.

Este ano, tras unha modificación do Ministerio, a Xunta de Galicia publicou unha segunda convocatoria de subvencións adaptándose ás modificacións realizadas.

4.6.6.4. Actuacións para facilitar a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida por parte dos colectivos vulnerables

Firmouse o **convenio de colaboración coa Amtega un total de 6 operadores de telecomunicación, das que permanecen 5**: A Túa Xanela, Itegal, Telefónica, DIGI e R Cable. Na convocatoria de 2024 recibíronse un total de 1.213 solicitudes. Ademais, levouse a cabo o seguimento mensual das xustificacións de bonos por parte das entidades colaboradoras.

Esta actuación lévase a cabo a través dos case 1,4 millóns de euros que recibiu Galicia para a posta en marcha de bonos dixitais concedidos polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital no marco das iniciativas do C15, definidas polo Goberno de España.

4.6.6.5. Seguimento continuo da cobertura de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación de Galicia

No relativo á liña de axudas para o despregamento de redes de banda larga ultrarrápida en entidades, en 2021 Galicia dentro das súas iniciativas autonómicas comezou a fase de explotación das redes por parte do operador que se prolongará ata 2031. Nesta fase lévanse a cabo tarefas continuas de **seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico**, a través de reunións semestrais co operador.

Ademais, en 2024 levouse a cabo o **seguimento da cobertura acadada en entidades de poboación galegas no marco do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO)** do Goberno de España co obxecto de coñecer o alcance e avance do despregamento subvencionado polo Ministerio.

4.6.6.6. Seguimento continuo do inventario e cobertura de banda larga ultrarrápida das áreas empresarias de Galicia

En 2018 finalizou o despregamento da rede enmarcada na actuación de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida en polígonos industriais financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

Grazas a esta acción, o operador **despregou redes de 350Mbps de velocidade de baixada e 35Mbps de subida en 81 polígonos industriais que non contaban con cobertura** nin previsión de dispoñer

deste servizo. Acadouse un total de **131 polígonos, nos que se concentra case o 93% da superficie empresarial ocupada con posibilidade de acceso a redes de máis de 100 Mbps**. Deste xeito, superouse o obxectivo inicialmente establecido polo PDBL2020 do 55% de polígonos con cobertura de redes de 100Mbps, acadando xa o 77%.

A finais de 2018 comezou a fase de explotación das redes por parte do operador que se prolongará ata finais de 2028. Nesta fase lévanse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, a través de reunións semestrais co operador.

En 2024 comezou a fase de explotación das redes de banda larga que rematará en 2029. Nesta fase lévanse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos comercial e económico, a través de reunións semestrais co operador.

Ademais, levouse a cabo a **revisión do impacto en polígonos e parques empresariais das actuacións de despregamento de redes ultrarrápidas no territorio galego** enmarcadas no novo Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) do Goberno central.

4.6.6.7. Medidas en campo sobre cobertura de redes móbiles de telefonía e banda larga

En base ao convenio asinado entre a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) e a Amtega, realizáronse en 2024 **verificacións e comprobacións da calidade das redes de tecnoloxía**

radio nun total de 150 zonas distribuídas en 32 concellos cunha densidade de poboación baixa.

Trala realización das medidas elaborouse un informe final de resultados sobre as 150 zonas seleccionadas e recompilouse información sobre o servizo de voz e datos das redes móbiles dos tres principais operadores de móbil.

Como resultado constatouse **que nun 86% dos casos a cobertura pode considerarse boa e que nun 45% dos casos esta boa cobertura acádase con máis dun operador** con rede propia.

4.6.6.8. Nodo 5G – Conectivi.gal

O nodo CONECTIVI.gal está constituído como unha estrutura de gobernanza que promove e dinamiza a cooperación público-privada mediante o establecemento das bases dun ecosistema de entidades especializadas no eido da conectividade.

Entre os **obxectivos específicos do nodo CONECTIVI.gal están os seguintes:**

- ♦ O desenvolvemento de actividades formativas e demostrativas orientadas a perfís tecnolóxicos no eido das Telecomunicacións.
- ♦ A dinamización da implantación de solucións de conectividade para a transformación dixital de entidades privadas.
- ♦ A promoción da dixitalización e innovación das administracións públicas galegas a través da conectividade.

AXENTES PROMOTORES

AMTEGA

Telefónica

UDC

USC

UVigo

IGAPE

RETEGAL

ATIGA

Vodafone

Orange

Leváronse a cabo 5 actividades de formacións

Comunicar dispositivos intelixentes a través da computación na Nube

Aspectos relevantes de **ciberseguridade en 5G**

Analizar datos de consumo con **InfluxDB** e **node-RED**

Creación automática de informes de datos temporais con **Node-Rede, InfluxDB** e **ChatGPT**

Creación dun parte meteorolóxico simple utilizando **ChatGPT, node-RED** con información propia.

4.6.6.9. Medidas de coordinación coa Administración Xeral do Estado para a optimización de recursos destinados á banda larga ultrarrápida

En 2024, como cada ano, **analizouse a consulta aberta pola devandita Secretaría de Estado no proceso de actualización e identificación das zonas brancas de redes de nova xeración**, co obxecto de establecer un listado de zonas de aplicación nas convocatorias de axuda para os despregamentos de redes de banda larga ultrarrápida.

Fíxose tamén o seguimento anual do alcance das actuacións estatais de 2024 enmarcadas no novo Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) do Goberno central.

Analizouse e deuse resposta, sempre coa finalidade de establecer criterios que teñan en conta o carácter rural e a complexidade orográfica de Galicia, á consulta pública do Goberno de España sobre a prestación do servizo universal de telecomunicacións.

Leváronse a cabo medidas de comunicación ao Goberno central e ao operador solicitando a coordinación e difusión do procedemento de apagado do cobre en Galicia, para reducir o impacto nas zonas máis rurais.

E ademais, leváronse a cabo tarefas de seguimento e axilización dos permisos autonómicos precisos para o despregamento de redes de fibra óptica enmarcados no Programa UNICO Banda Ancha do Goberno de España.

4.6.6.10. Apoio nas actuacións de comunicación e difusión no eido das actuacións de redes de banda larga ultrarrápida

No ano 2024 leváronse a cabo as **seguintes accións**:

- ♦ Mantemento das seccións da web Amtega correspondentes ás actuacións de banda larga, actualizando os contidos referentes ao despregamento de redes de fibra óptica (en polígonos e edificios), mellora de cobertura móbil, axudas para empresas illadas e o programa de Bonos Dixitais para colectivos vulnerables.
- ♦ Elaboración de contidos e extracción de datos de avance para as notas de prensa publicadas pola Amtega sobre as distintas actuacións postas en marcha.
- ♦ Elaboración da documentación e xestión da comunicación e difusión dos Bonos dixitais, ICTs e polígonos, incluíndo envío de comunicados a posibles beneficiarios.

4.6.6.11. Colaboración e seguimento de iniciativas con resultados no eido da cobertura de redes de banda larga doutros organismos públicos

Dende o inicio do PDBL2020 realízase unha **tarefa continua de canalización de toda a información** e avances relacionados coa banda larga, que inclúe:

- ♦ Solicitudes de información e actualización de datos para os distintos Plans e Programas globais da Xunta de Galicia nos que se enmarcan as actuacións de conectividade.
- ♦ Colaboración no traspaso de información relacionada coa banda larga con outros organismos interesados (p. ex. OSIMGA).



4.6.6.12. Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo e técnico das telecomunicacións para Entidades Locais

No marco do convenio entre a Amtega e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) **lanzouse o servizo de asesoramento a concellos sobre normativa e solucións técnicas para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación.**

Este equipo de traballo específico, integrado por enxeñeiros de telecomunicación, ofreceu soporte centralizado e permanente ás entidades locais para resolver dúbidas sobre a aplicación da normativa e cuestións técnicas da implantación dos equipamentos de telecomunicación que afectan as actividades das Administracións locais.

Do mesmo xeito, levouse a cabo o **control de nova actualización normativa do sector das telecomunicacións**, así como, a **formación e difusión de boas prácticas e interpretacións da normativa de impacto** nos despregamentos.

4.6.6.13. Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións

Neste senso, durante o ano 2024 continuou funcionando o **servizo prestado pola Oficina do Plan de Banda**

Larga con máis de **800 consultas** respondidas nas seguintes liñas:

- ◆ Resposta á demanda de información referente ás actuacións da Xunta no eido da banda larga por parte de cidadáns, administracións (local, provincial e rexional), empresas e outros axentes implicados.
- ◆ Soporte técnico e asesoramento en temas relacionados coas telecomunicacións a todos os axentes implicados e á propia cidadanía en ámbitos como normativa, solucións técnicas, instalación de redes, etc.
- ◆ Soporte na coordinación, seguimento e control das actuacións postas en marcha.

4.6.6.14. Proxectos Smart Villages

Actuación centrada na definición e posta en marcha de iniciativas Smart Villages. Esta actuación, que conta cun total de 12 millóns de euros de fondos FEADER.

En 2024 continuouse coa **análise e definición de propostas estratéxicas relacionadas coas Aldeas Intelixentes en zonas rurais**, e púxose en marcha unha primeira actuación de **desenvolvemento de infraestruturas públicas como soporte á dixitalización** e desenvolvemento das estratexias de Smart Villages en poboacións rurais.

4.6.7. Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia

4.6.7.1. Analizar a evolución da Sociedade da Información en Galicia

O obxectivo dos traballos neste eido orientáronse a recompilar, seguir e valorar as fontes de información públicas e privadas dispoñibles sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia, así como en España e na UE, para realizar análises comparadas. Neste senso, en 2024, leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- ◆ Desenvolvemento e promoción de **estudos e análises de datos que permitiron determinar as pancas para a dinamización da Sociedade da Información**, e de proxectos que permitan abordar diferentes áreas temáticas de interese.
- ◆ Celebración do Pleno do Observatorio, no que se avalía anualmente a súa xestión e resultados.
- ◆ Análise específica das tecnoloxías disruptivas nas empresas xerais, e no sector TIC de Galicia en particular.

- ◆ Publicación do cadro de mando para a monitorización, filtrado e visualización dos principais indicadores do observatorio.
- ◆ **Publicación dunha nova edición do estudo temático "Seniors dixitais"**, coa explotación dos datos da dixitalización das persoas maiores de 74 anos, con datos facilitados polo IGE e publicación do **novo estudo "O galego nas TiCS"** coa difusión dos datos de uso do galego nas tecnoloxías da información.
- ◆ Presentación da Memoria Anual do 2023, coas actuacións desenvolvidas polo Observatorio.
- ◆ Presentación do Plan de traballo anual para 2024, que definiu a senda das actuacións.
- ◆ Renovación de dous proxectos técnicos integrados no Plan Galego de Estatística 2022- 2026.
- ◆ Elaboración e publicación de 4 vídeos divulgativos mediante pículas informativas en formato de audiovisual e publicación na web e redes sociais.



4.6.7.2. Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da sociedade da información

O Plan Galego de Estatística 2022-2026 desenvólvese a través da **aprobación dos plans estatísticos anuais**. A Amtega ven de realizar as tarefas da súa responsabilidade anual a través do Observatorio.

Actualización, conforme aos correspondentes proxectos técnicos aprobados no plan galego de estatística, das seguintes estatísticas:

4.6.7.3. Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da información en Galicia

No 2024 levouse a cabo a **publicación electrónica dos informes realizados ao abeiro do Plan Galego de Estatística, e difusión aos medios das novidades e tendencias detectadas**. Ademais, fíxose a publicación trimestral de información relevante a subscritores do OSIMGA e consolidouse o novo portal www.osimga.gal xerando novos contidos e atraendo visitas.

Por último, creáronse novas canles de comunicación e difusión mediante a elaboración de vídeos e un cadro de mando interactivo de difusión de estatísticas.



Galicia dixital:
Sistema de
indicadores



Galicia dixital:
O sector TIC de
Galicia



Estatística sobre a
Administración
dixital na Xunta de
Galicia



Estatística da
Administración
dixital nos
concellos galegos

Galicia dixital:
A modernización
tecnolóxica no rural

Observatorio da
sociedade da
información e da
modernización de
Galicia.



